


Nº 182-183 • 30 €
Xaneiro-December 2020

TERRA E TEMPO

Revista galega de
pensamento nacionalista

Manuel Reboiras
Bautista Álvarez
Francisco Carballo
Ramón Muñiz de las Cuevas
Alexandre Martínez Gei
Lita Martínez Rodríguez
Alfredo Suárez Canal
Elvira Souto Presedo
Fernando A. Souto Ginarte
Francisco Luís Rodríguez Guerreiro
Luís Pérez Rivas
Francisco Rodríguez Sánchez
Xoán López Álvarez 'Lito'
Lois Diéguez
Xosé Lois Ríos Paredes
Inácio Hernando Nuevo
Manuel Mera Sánchez
Xosé Manuel Pavón González
Margarita Ledo Andiñón
Manuel Fernández Rodríguez
Marisa Canto Reboredo
Saleta Goi García
Nemésio Barxa Álvarez
Marisa Vázquez Barquero
Marisol García Juárez
Suso Seixo Fernández
Francisco Xabier Alonso Pérez
Xesús Chaves Fandiño
Xosé Lois Ledo Andiñón
Xosé Lois Salvadores Covas
Xosé Moa Cerdeira
Darío Xohán Cabana
X. L. Méndez Ferrín
Manuel María
Tokio



Moncho Reboiras. Das ideas aos feitos



Contén DVD
e fotobiografía



a
memoria
das
mulheres



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

C **PASADO** **PER** **VIR**

ARRASARON COS PROXECTOS. ANIQUILARON AS PERSOAS

O LEGADO SEGUE VIVO

Programa plurianual de Memoria Histórica para recuperar con perspectiva de país, xénero e clase as IDEAS TRANSFORMADORAS paralizadas polo golpe de 1936





Na memoria de Bautista Álvarez

Terra e Tempo

Publicación impresa editada desde 1965

Edita

© Fundación Terra e Tempo
de Estudos Nacionalistas

Clasificada de Interese Cultural pola Xunta de Galiza (DOG 19/10/2004) e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2004/20. Código de Identificación Fiscal (CIF): G15947450

Redacción, publicidade e subscricións

Avenida de Lugo, 219, 1.º
15703 - Compostela - Galiza
Teléfono 981 57 02 65
fundacion@terraetempo.gal
www.terraetempo.gal

ISSN 1575-5509

Depósito Legal C 1361-1995

Deseño da capa
Diego Núñez

Deseño da cabeceira
Xosé Lois Vázquez

Deseño e maquetación
Diego Núñez

Corrección lingüística:
Belén Bouzas

Feche de edición
7 de decembro de 2020

Tiraxe: 1300 exemplares
Impreso na Galiza



Padroado da Fundación

Roberto Vilameá Ponte (Presidente)

Alberte Mera García (Secretario)

Xosé Carlos Solla Lago (Tesoureiro)

Xosé Manuel Casal Sabín

Rubén Cela Díaz

Xoán Xosé Costa Casas

Marta Dacosta Alonso

María do Carme García Negro

María Pilar García Negro

Xoán Carlos Garrido Couceiro

Montserrat Nóvoa Gómez

Mónica Pazos Martínez

Néstor Rego Candamil

Adrián Rodríguez Bravo

Branca Rodríguez Pazos

Consello asesor da revista *Terra e Tempo*

Prof. Dou. Fernando Adolfo de Abel Vilela
(Universidade de Santiago de Compostela)

Prof. Dou. Xosé Manuel Carril Vázquez
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Uxío Breogán Diéguez Cequiel
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. M.^a do Carme García Negro
(Universidade de Santiago de Compostela)

Prof. Dou. M.^a Pilar García Negro
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Robert Neal Baxter
(Universidade de Vigo)

Prof. Dou. M.^a Antonia Pérez Rodríguez
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Francisco Rodríguez Sánchez
(I.E.S. Canido)

Prof. Dou. Xosé Manuel Sánchez Rei
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Manuel Soto Castiñeira
(Universidade da Coruña)

Prof. Bernardo Valdês Paços
(Universidade de Santiago de Compostela)

Presentación

Flores frescas para Xosé Ramón Reboiras Noia

Caderno editado no 30 aniversario do asasinato de Reboiras cun deseño de Xosé Lois Vázquez «Che»



A mesma Fundación que promoveu en 2009 o libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70*, dálle forma, once anos despois, a este volume duplo da revista *Terra e Tempo* seguindo a estela iniciada naquela altura. Diciamos entón que «o camiño aberto [con este libro] seguro terá continuidade». Pois aquí está, afondando na figura do dirixente nacionalista mais tamén na do camarada e do amigo.

O lanzamento do filme documental *Reboiras. Acción e corazón* este ano 2020 foi a espoleta desta nova revisión daquel libro, onde todas e todos os colaboradores daquela tiveron a posibilidade de refacer-se o desexaban- o artigo entregado no seu día ou publicalo tal cal saíra. Tamén se lle ofreceu a todas as persoas que participaron nas entrevistas do filme documental deixar a súa opinión por escrito, pois somos sabedores de que a construción dun filme podía deixar na marxe cuestións que para as e os protagonistas eran esenciais recoller. Temos así un traballo máis amplo e rico que o de hai algo máis dunha década, só lamentar que tres colaboradores daquela xa non poden ver o novo traballo: Bautista Álvarez, Francisco Carballo e Ramón Muñiz de las Cuevas.

45 anos despois do asasinato de Xosé Ramón Reboiras Noia fica aínda un manto de silencio sobre a súa figura tecido con aramio e ferro pola historiografía oficial, a que escriben os vencedores, e polos altos poderes. Fica unha débeda pendente

con Moncho Reboiras e cunha xeración de galegas e galegos nacionalistas que arriscaron todo na súa mocidade –incluíndo a súa propia vida– para enfrontar a ditadura, organizar o povo galego e pelexar pola liberdade con maiúsculas, isto é, a dos dereitos individuais e a dos dereitos colectivos.

De seguro que en calquera outra nación do mundo, libre da erosionada autoestima inoculada na Galiza durante séculos até o presente, Reboiras non só sería símbolo da loita antifascista senón que ademais abundarían prazas e rúas onde nos concellos galegos lucirían con orgullo o seu nome, rendendo xustiza a quen morreu pola liberdade e a democracia. É esta unha materia pendente que agardamos que coa película, este libro e a debida campaña de divulgación, sexamos quen de corraxir.

Moitas persoas tiveron e teñen Reboiras presente nestes 45 anos desde o seu asasinato, persoas con militancia partidaria e outras sen ela mais si cun profundo amor á Galiza. Mais é de recibo recoñecer o esforzo da Unión do Povo Galego, o partido no que militou e que dirixiu, para que desde o primeiro minuto permanecera viva a memoria e o exemplo deste representante xenuíno da nación galega, por certo, enfrontando unha dura represión aos actos promovidos nos primeiros anos da *democracia española*. Nunca a UPG faltou un 12 de agosto. Traemos aquí as palabras do confundador deste partido, Bautista Álvarez, que xa no

século XXI, no cemiterio de Imo en Dodro, nos repetía a quen quixese escoitar «mentres haxa flores frescas ao pé da tumba de Reboiras significará que a súa memoria e os seus ideais están vivos».

Fronte ao silencio cómpre difundir a memoria e manter o testemuño vivo. Por iso materiais como o filme *Reboiras. Acción e corazón* e este volume da revista *Terra e Tempo* pretenden render tributo mais, sobre todo, animar a que cada lectora e cada lector que abra estas páxinas axude tamén co seu gran de area á transmisión da memoria colectiva do povo galego e sexa tecedor da mesma, fronte ao silencio: o poder da memoria e da palabra.

Esta publicación inclúe tamén unha fotobiografía de Moncho Reboiras, a través da que a lectora e o lector se pode achegar á vida daquel rapaz de Imo que con 25 anos xa era alicerce fundamental na dinamización do movemento social, político, cultural, sindical... Lembralo como era, e non coa súa faciana alterada para poder facer actividade política clandestina sen ser detido é tamén de xustiza. Por iso aquí tes esta fotobiografía, con imaxes que ven por primeira vez a luz pública grazas á enorme colaboración de Manuel Reboiras, sen quen estes traballos non serían posíbeis. Para el, a familia e as e os camaradas de loita de Reboiras, para toda esa xeración de valentes galegas e galegos a quen tanto debemos, vai dedicado este volume. A loita continúa!

Alberte Mera García e Roberto Vilameá Ponte
Coordinadores deste volume da revista *Terra e Tempo*

Sumario

- 8 24 horas de agosto de 1975**
Manuel Reboiras
- 12 Moncho Reboiras, mártir e mestre**
Bautista Álvarez
- 18 A década 1970-1980**
Francisco Carballo
- 24 Moncho Reboiras, un militante nacionalista diferente**
Ramón Muñiz de las Cuevas
- 30 Semente de vencer**
Alexandre Martínez Gey
- 34 Pepe no recordo**
Lita Martínez Rodríguez
- 36 O «renacemento» da nación**
Alfredo Suárez Canal
- 42 Os hábitos do monge**
Elvira Souto Presedo
- 44 Moncho Reboiras**
Fernando A. Souto Ginarte
- 48 Nos setenta e nunha vila galega**
Francisco Luís Rodríguez Guerreiro
- 52 Amigo Moncho Reboiras: lembranza dunha amizade e compromiso compartido**
Luís Pérez Rivas
- 58 Moncho Reboiras, galego de nación**
Francisco Rodríguez Sánchez
- 62 O símbolo da rebelión contra o tardofranquismo na Galiza**
Xoán López Álvarez 'Lito'
- 68 Os anos de Reboiras**
Lois Diéguez
- 72 O 12 de agosto de 1975**
Xosé Lois Ríos Paredes
- 78 A minha presença no movimento de libertaçom nacional**
Inácio Hernando Nuevo
- 82 Activismo, coherencia e traballo de masas**
Manuel Mera Sánchez
- 88 Anos de construción e decisión**
Xosé Manuel Pavón González
- 96 Xeración**
Margarita Ledo Andión
- 100 Vida ou morte pola liberación dun pobo**
Manuel Fernández Rodríguez
- 110 Doce de agosto**
Marisa Canto Reboredo
- 112 O meu coñecemento con Reboiras**
Saleta Goi García

- 118 Falsidades e certezas sobre o assassinato de Moncho Reboiras**
Nemésio Barxa Álvarez
- 126 Moncho Reboiras, intelixencia e coraxe do nacionalismo galego**
Marisa Vázquez Barquero
- 130 Vivencias dunha estudante de ensino medio**
Marisol García Juárez
- 134 Xosé Ramón Reboiras Noia fica vivo en cada compañeiro e compañeira do movemento nacionalista galego**
Suso Seixo Fernández
- 140 1974-1977. O nacionalismo na conformación de organizacións de masas: o SOG e a AN-PG**
Francisco Xabier Alonso Pérez
- 146 A solidariedade: a mellor ferramenta de loita**
Xesús Chaves Fandiño
- 156 Dous días de agosto**
Xosé Lois Ledo Andión
- 160 Aqueles anos 70**
Xosé Lois Salvadores Covas
- 172 As miñas lembranzas de Moncho Reboiras**
Xosé Moa Cerdeira
- 180 Moncho Reboiras. Unha fotobiografía**
- 190 Ferrol 75: Xosé Ramón Reboiras Noia**
Darío Xohán Cabana
- 198 Compañeiro Moncho**
Lois Diéguez
- 202 Reclamo a liberdade pró meu pobo**
X. L. Méndez Ferrín
- 206 Poema/homenaxe a Xosé Ramón Reboiras Noia**
Manuel María
- 208 Servir o povo galego**
Tokio
- 212 Reboiras. Acción e corazón**



MANUEL REBOIRAS NOIA

- ▶ Unidades da policía española preparadas para cargar nunha mobilización do Día da Patria Galega de fins dos setenta

24 horas de agosto de 1975*

O que eles non puideron,
nin poderán endexamais,
é arrincar/esmagar a
semente que deixache
esparexida no corazón
do pobo.

Poemas para construír unha Patria
(Manuel María. 1977)

Son as 10 da mañá do 12 de agosto 1975. Día caloroso no barrio de Teis onde comparto cuns alumnos unhas clases de recuperación de matemáticas.

Un veciño, moi nervioso e xesticulante, trae un recado para que urxentemente vaia á casa; algo moi grave pasou ao meu irmán.

MANUEL REBOIRAS NOIA (Imo, 1951). Militou no nacionalismo galego entre os anos 1970 e 1981. Foi detido en setembro de 1975 e xuño de 1976, foi amnistiado no ano 1977. É enxeñeiro técnico industrial e exerceu de profesor de Ensino Secundario e na actualidade está xubilado.

* Versión nova do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Fáltanme palabras para expresar os recordos e os medos que nuns segundos se arremuiñaron na miña cabeza. Había meses que non tiña contactos con Pepe. A última vez que estiveramos xuntos fora nun encontro casual na estación de Atocha en marzo 1975. Eu retornaba para a Galiza e el tiña unha reunión en Madrid. Logo souben que eran os encontros que a nivel de Estado tiñan as organizacións nacionalistas galegas, vascas e cataláns para valoraren a situación política e artellaren unha alternativa conxunta que dese resposta á decadencia da Ditadura e ao proxecto que sectores máis ou menos liberais e as forzas de esquerda española estaban a organizar.

Pasei á súa beira e non o recoñecín. El tampouco falou. Ía ben vestido, con perruca e gafas. O instinto quixo que me virase: ao velo andar de costas, dinme conta e chamei por el. Daquela achegouse e estivemos a falar moito tempo até que saíu o meu tren.

Son as 10:10 horas. Saio do colexio e camiño da casa vou cismando, dándolle voltas ao que podía ter pasado. É entón cando lembro outro suceso

que me fai pensar no peor. No mes de maio do 75 fixera unha viaxe a Cáceres viaxando por Portugal, gozando do ambiente revolucionario que o 25 de abril do 74 creara entre a xente. Ao entregar o meu pasaporte na fronteira cacereña producíronse sospeitosos movementos de persoas e chamadas telefónicas. Fun retido e interrogado. Rexistraron o coche. Despois de comprobar que se trataba dun erro (eu non era Xosé Ramón) deixáronme seguir, e dinme que cando fale co meu irmán lle informe de que a policía tiña moito interese de «conversar»

«Á policía non só lle interesaba a súa significación na loita obreira, senón tamén o seu papel na organización e expansión que ían tomando os distintos fronts do nacionalismo popular»



Mural de papel empregado para divulgar os actos do II aniversario do asasinato de Reboiras

con el. Pensei nas folgas de Barreras e Citroën do ano 72 nas que Pepe, xunto con Camilo e Casal foran expedientados e tiñan un sumario policial aberto pola súa participación activa nas loitas de setembro do 72. Mais tarde comprendín o motivo de tantas «atencións»: á policía non só lle interesaba a súa significación na loita obreira, senón tamén o seu papel na organización e expansión que ían tomando os distintos frontes do nacionalismo popular e a política de alianzas do nacionalismo galego. Pepe participa na reunión política de Madrid de marzo do 75. Alí estaban coma representantes vascos: Pértur e Wilson. Este último tiña como lugartenente un infiltrado da policía, Miquel Legarza Eguís, alias 'O Lobo'. Aí radicaba o interese da policía: «conversar» cos líderes nacionalistas máis significativos para quitálos do medio e deixar o Réxime atado e ben atado.

Ás 10:15 horas chego á casa. A miña nai está a agardar. Dificilmente consegue vestirse para a viaxe. O meu pai está embarcado nun mercante, na soidade absoluta do mar; tarda aínda uns días en saber da traxedia e máis tempo aínda en poder

arribar a porto. O medo e a angustia apodéranse de nós. Ao saír de Vigo na Avenida de Bos Aires, en Teis, teño a lucidez de telefonar ao meu enlace político e darlle a noticia de que algo grave tiña pasado en Ferrol, para que dese o aviso e actuar en consecuencia. Pasamos Padrón e Santiago e iamos xa pola vella estrada, dirección a Ferrol. A radio do coche non dicía nada. As noticias falaban da presenza do Caudillo en Meirás e da botadura dun gran petroleiro nos estaleiros de Astano. A tensión palpábase no ambiente. Miña nai mirábame sen agardar resposta: os dous calabamos. No fondo, desexabamos que Pepe estivese ferido e poder traelo para a casa. No parte das 12, a radio fala dun enfrontamento armado nas rúas de Ferrol e da morte dun mozo de 25 anos, Xosé Ramón Reboiras Noia. Miña nai estremece e sofre en silencio. Eu intento manter a calma, mentres pola miña cabeza volven pasar en poucos segundos os 25 anos da intensa vida compartida. Ao chegarmos á ponte das Pías, a ponte onde caeran asasinados no 72: Amador e Daniel, a tensión faise insoportábel. Nos estaleiros de Astano as autoridades civís, relixiosas e



Foto da camisa que levaba Moncho o 12 de agosto de 1975. Sinálanse os impactos das balas

militares compartían a festa da botadura, mentres a policía secreta e os 'grises' bloqueaban a cidade, rexistrando calquera cousa sospeitosa, buscando activistas e detendo camaradas en Santiago, Vigo, Lugo, Ourense e A Coruña. Sobre a 1 da tarde, un funcionario municipal lévanos ao cemiterio de Catabois, nas aforas de Ferrol. Alí, nun cuarto, enriba dunha rudimentaria e fría mesa de pedra, estaba Pepe, totalmente espido e con 3 impactos de bala nas costas. Na cabeza non hai nada, ningún impacto de bala, como consta no certificado de defunción para xustificar e dar unha coartada ao vil asasinato. A ocultación dos 3 impactos de bala nas costas coinciden coa versión dos 'grises', que declaran: «que al ser requerido para que se detuviera, echó a correr, por lo que los funcionarios actuantes, después de reiterar la voz de alto, trataron de intimidarlo con unos disparos al aire» que curiosamente foron os que o mataron.

Malferido e agonizante –un dos disparos afectoulle unha arteria, producíndolle unha «anemia aguda e fulminante»– só lle deu tempo a chegar ao portal da Rúa Terra, número 27, onde se desangrou.

«Alí, nun cuarto, enriba dunha rudimentaria e fría mesa de pedra, estaba Pepe, totalmente espido e con 3 impactos de bala nas costas»

Tardaron máis de 2 horas en entrar e descubrir o cadáver. Antes cribaron o portal a balazos con máis de cen impactos e, finalmente, despois de entrea-brir a parte superior da porta cuns troncos dunha obra próxima, guindaron dúas bombas de gas lacrimógeno e atoparon o corpo.

Ás 4:45 horas do 12 de agosto 1975 presentouse o xuíz instructor para o levantamento do cadáver e horas máis tarde o médico forense procede a realizar a autopsia, que entre outras cousas di:

La herida descrita en el habito general perfora la arteria sub-clavia, vena pulmonar izquierda y riñón derecho. Las dos primeras lesiones detalladas produjeron una anemia aguda y fulminante que fue la causa de la muerte.

Cando nos deixaron, fixémonos cargo do corpo e á noitiña, cunha escolta discreta e moita vixilancia de paisano, saímos de Ferrol. Pepe foi enterrado ao día seguinte no cemiterio de Imo, acompañado dos seus e de todos os veciños.

Era un mozo enxeñeiro de 25 anos, de mirada tenra e protectora que transmitía seguridade, firmeza, coherencia e entrega a unha causa xusta e liberadora. Deixou todo para contribuír á loita contra unha ditadura fascista de 40 anos e por unha Galiza soberana. Moncho é a vontade militante dun mozo que percorre Galiza nun 600 para organizar ao pobo e soña con outro mundo mellor que, no seu maxín, era ceibe, soberano e democrático. Un mundo vermello, azul e branco.

Pepe morreu asasinado aquel 12 de agosto de 1975, pero Moncho segue vivo na conciencia colectiva deste pobo. ●



BAUTISTA ÁLVAREZ

(San Amaro, 1933-Beariz, 2017)

- ▶ Bautista Álvarez intervindo na homenaxe a Reboiras que a UPG lle tributou en Ferrol o 12 de agosto de 2005

Moncho Reboiras, mártir e mestre*

Había tempo que me viña remoendo a idea de suxerir unha viraxe ao sentido das conmemoracións coas que os nacionalistas vimos honrando a memoria de Moncho Reboiras. A iniciativa da UPG de celebrar o aniversario do presente ano cun ramallo de colaboracións literarias da autoría de quen compartimos con el tribulacións e militancia bríndame a oportunidade de darlle vida ao que era un simple embrión. Agradezo, por tanto, a solicitude da executiva do Partido que contribuíu a fundar por reservar para min unhas páxinas no florilexio que pensa editar.

BAUTISTA ÁLVAREZ. Participa como membro cofundador da Unión do Povo Galego (UPG) o 25 de xullo de 1964, sendo un dos que redactaría os «10 puntos» programáticos. No ano 1965 parte para Madrid, onde fai o servizo militar e inicia estudos de Filosofía e Letras na Complutense. Será membro cofundador do grupo «Brais Pinto» de Madrid. Foi promotor e presidente do Seminario da Cultura Galega do Clube de Amigos da Unesco de Madrid. A principios de 1973 trasládase a Vigo, entrando a traballar nunha empresa do Porriño. Nesa altura pasa a formar parte –dentro da clandestinidade política– do Comité Executivo da UPG e preside a Asociación Cultural de Vigo de 1975 a 1978. No tocante aos temas culturais e literarios, ten colaboracións en varias revistas. Sobre asuntos políticos son innumerábeis os artigos publicados nos últimos 40 anos. A finais de agosto de 1977, durante a celebración do I Congreso da UPG, resulta electo presidente, data desde a que ocupa este cargo até o ano 2008, cando decide non optar á presidencia no XII Congreso. Así mesmo, participa na fundación do Bloque Nacionalista Galego, sendo membro da súa Comisión Permanente desde 1982 até o ano 2002. Nas primeiras eleccións ao Parlamento galego, decorridas o 20 de outubro de 1981, sae electo deputado do BNP-PSG pola circunscrición da Coruña. Volve resultar electo deputado do BNG pola circunscrición de Pontevedra na III, IV, V e VI lexislatura. No ano 2004, cadrando coa celebración do 40 aniversario da constitución da UPG, este Partido promove a formación da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, que preside até 2017.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Xaquín Soliño

Desde aquela fatídica noite na que Moncho caeu abatido polas balas da Ditadura, cada 12 de agosto viñemos incidindo no aspecto execrábel do seu asasinato. Noite macabra a de 1975, pois a nocturnidade foi sempre aliada da toupa e do facinoroso. Por iso Franco, despois de moitos días agonizando, escolleu esas horas para ir ao alén. Asasinato foi, vil e covarde, non cabe dúbida. Inclusive un tribunal reaccionario sentou no banco dos acusados a historia que relata de maneira obxectiva as descargas de fusilaría que agrediron Reboiras polas costas. A reacción, que se agocha aínda nos tribunais (anulación por sospeitas de candidaturas democráticas), sempre foi inimiga da ciencia, desde a Inquisición a Galileo e Copérnico. Algún día aparecerá un Garzón, especialista en procesos a mortos ou moribundos, solicitando un suplicatorio para levantarlle a inmunidade que lle correspondía a Castela como deputado no Congreso da República.

O noso compañeiro –o camarada Moncho– foi algo máis que unha vítima de asasinato. Moitos asasinados baixan ao inferno da man dos seus executores. Esquecemos a vileza dos verdugos.

A mellor vinganza é cubrilos cunha lousa de menosprezo e de silencio. Pero Moncho, máis que vítima, foi un mártir. Quen expón a vida polos ideais que defende, quen está disposto a perdela pola única satisfacción de servir e liberar un pobo –aínda no falso suposto de xulgar trabucadas as súas pretensións– merece o recoñecemento colectivo e subir ao altar dos mártires. Deixemos, por tanto, de choralo como vítima, e comecemos a glorificar a Reboiras como heroe.

El sabía ao que se expuña cando escolleu a primeira liña para combater polos ideais que defendía. Eran tempos nos que os liderados se gañaban, non na tribuna, senón no campo de batalla. Non había laureadas. Só prisión, tortura ou morte. Así era a represión exercida polo españolismo na versión franquista. Represión que martirizaba corpos, pero resultou incapaz para extirpar cerebros. As mentes máis frescas atopeinas eu nas galerías reservadas aos represaliados políticos dentro da gaiola. A «democracia» traballa doutro xeito. Con métodos aparentemente inocuos, compracentes, de resultados altamente corrosivos. Inoculou máis



Bautista Álvarez –de costas, falando– no acto de inauguración da rúa Moncho Reboiras en Corcubión en agosto de 1980. Á dereita de Bautista o alcalde nacionalista da vila, Rafael Mouzo. Entre o público asistente Lois Diéguez, Manolo Reboiras, Lois Obelleiro, Mariano Abalo e Alberte Blanco

auto-odio a burla do profesor no rapaz «que se le *esqueció* hacer la traducción», que as moitas orellas que ese mesmo profesor me deu a min por falar galego. Agora comprendemos mellor o obxectivo oculto da *Galicia Bilingüe* cando pretende eliminar o noso idioma do sistema educativo. Non é porque vexa en perigo o español, senón porque sabe que a presenza da lingua galega na escola vai contribuír a arrincar do cerebro o auto-odio. Para o invasor é máis rendíbel castrar mentes que mutilar corpos.

Reboiras foi unha vítima, claro está, pero sobre todo mártir, e tamén un mestre. Un mestre xa diplomado nos debuxos de Castelao, nas estampas de «Galiza Mártir»: «Non enterran cadavres; enterran semente» ou «A derradeira lección do mestre». Tamén comprendeu o seu maxisterio o poeta que cantou: «Que importa que nos maten se deixamos semente de vencer». As vítimas non xermolan. Os mártires e os mestres deixan froitos dos que nos estamos nutrindo os seus continuadores. Non precisamos importar modelos e modais. Se non queremos ver convertido o nacionalismo nunha cativa, pouco ambiciosa, alternativa

electoral (serio e ameazante perigo), en Rianxo, Pontevedra e Imo é onde temos os puntos cardinais: Castelao, Bóveda e Reboiras. Hai personaxes que pasaron á Historia pola obra científica, artística ou literaria que legaron á posteridade. Hai outros que nos deixaron o seu exemplo e, sobre todo, a derradeira lección da súa morte. Entre os primeiros temos Platón cos seus *Diálogos*, Rodin co *Pensador*, Galileo e Copérnico como revolucionarios que foron no campo da astronomía. Entre os segundos, en Galiza temos Alexandre Bóveda e Moncho Reboiras. Non é unha hipérbole. Se así o considerades, permitídemme por unha vez erguerlle a cabeza a unha Terra que sempre camiñou con ela baixa.

Para comprender mellor o talle político do noso protagonista, escusádeme se boto man dun episodio que hai moitos anos vivín. Non é unha digresión antolladiza. Facía algún tempo que xa deixara eu de ser un rapazolo. Foi a primeiros de xullo. Como era costume nas miñas vacacións fun pasar oito días na casa do primo de Sobrado. Fervía a aldea nos labores da seitura, naquela terra montañesa

«Deixemos, por tanto, de chorar a Reboiras como vítima e comecemos a glorificalo como heroe»

algo máis demorada que nos vales ribeiregos. Despois de xantar e botar unha cabezada na palleira baixei co parente á agra da Portela para continuar a sega comezada pola mañá. O meu curmán axudábase no traballo con tres dos seis irmáns da súa muller. Uns cortaban e outros ataban e emendaban. O sol quentaba a rabiarse, non sei se por vingarse dos rigores cos que o inverno castigara aquelas terras montesías. A brisa que a serra da Madanela deitaba nas chousas de Piñor non era abonda para acalmar a furia da raxeira. Mesmamente parecía que viñera para Galiza un anaco da meseta de Castela. Senteime no comareiro, á sombra do valado de pedra que separaba a leira dun camiño de ferradura. Mentres os fouciños cortaban o centeo a rentes do suco (*ssseg, ssseg, ssseg*), déuseme a min por entreter os segadores contándolles as fazañas irmandiñas. Non pretendía o meu relato exhibir erudición. Ao non andar a nosa historia nos libros oficiais, para o profano as xestas do Roi Xordo tiñan o mesmo valor que o conto da *Carapuchiña vermella*. Facíao, quizais, con certa intención proselitista.

De súpeto, o primo Modesto pousou na gavela unha presa de centeo. Endereitou o carrelo e púxose ergueito. Sacou un pano do peto para enxugar a suor que saía debaixo do chapeu de palla e esvaraba a fío polas sens. Coa punta do fouciño rañou o lombo, perseguindo a argana dunha espiga que se lle metera por debaixo da camisa, que levaba coas mangas refucidas. Un aturuxo agudo puña o ramo ao remate da seitura nas agras veciñas de Torcela. Tirou ao lonxe a súa ollada, sen mirar a ningunha parte, disposición máis propia para un monólogo que para o inicio dun diálogo. Sen máis preámbulos falou, ou reflexionou en alto.

—Vaia galegos barudos os daquel tempo! Que mágoa que desaparecera aquela caste! Que foi deles?

—Foron castrados —respondín—, castrados polos reis que a historia apelidou Católicos.

En realidade, a verdadeira capadora foi Isabel. Fernando era un parveirolo, algo paspán. Aínda que a lenda afirme que os dous montasen por igual, aquí montaba ela e Fernando só montaba en Aragón. Debeu ser esta raíña a que deu orixe a un dito enraizado na linguaxe popular e que fala da «muller que capa os homes». Aos nobres, antes lobos bravos cos vasalos, converteunos en canciños de palleiro e levounos de gardiáns da Corte. Aos vasalos colgounos dos carballos. Aquí comeza a traxedia da nosa estirpe, que transmitiu ás xeracións actuais tres maneiras de vivirmos a personalidade nacional. Infelizmente, abunda moito a familia dos *castrati*, capóns emasculados, capaces de rivalizar con *Farinelli* na escolanía dos larmeiros. Son emuladores de seu amo. Desprendéronse do seu, para aparentar señores, e convertéronse en servos do alleo. Mesmo que non saiban dixerilo engolen todo aquilo que vén de fóra. Fracasados no intento de aclimatalas no país —terra de vacas e de bois— en vexan as corridas de touros dos españois, se cadra por ter saudades das súas mutilacións. Tan ousados, tan ousados, que incluso profanaron o Parlamento galego cunha versión aflamencada do himno nacional. A debilidade polo flamenco é comprensíbel, en primeiro lugar por vir de fóra, pero tamén por irle moi ben aos *jipios* a voz atiplada dos *castrati*.

Moi preto dos *castrati* andan os roncollos. Unha caste moi perigosa pola súa ambigüidade. Anatomicamente son bífidos, pois manexan o bilingüismo con moita habilidade. Teñen unha lingua para

«Non existe proceso liberador que non pase pola permanente confrontación ideolóxica e social. Negar este apriorismo é dar sepultura ao pensamento dialéctico»

a tribuna e outra para as relacións sociais e familiares. O galego –só en actos rituais– dálles xogo. Sérvelles para agochar o oportunismo baixo unha bitola nacionalista. Coidémonos dos bífidos. A bífida serpe utilizou a trampa da mazá para botar en pelotas do paraíso os nosos bisavós. Menos mal que lles deixou un par de follas da maceira para ocultar de olladas impúdicas as súas vergoñas. En verdade, non sei a que viña tanto pudor, vivindo en soidade, sen veciñanza coñecida, se acreditamos no que o Libro conta.

A min, os grelóns que máis me estremecen son os que lograron furar na casa nacionalista e fixeron nela o seu cubil. Pouco a pouco están a converter o noso lar nunha maseira, que non abandonarán mentres teñan na pía algo que manducar. Non serían de temer estando vixiados, impedíndolles saír do seu curral. Entregarlles o leme do navío é suicida. Non é tan só que poidan xirar o rumbo para conducirnos a ningures. A ruta seguida leva dereitiña a embarcación a esnafrarse no acantilado. Observade o ronsel que vai deixando, cotelada a cotelada, até a cotelada do presente ano.

Recoller un descoñecido viaxeiro que está a facer dedo na beira da estrada raramente se pode considerar unha temeridade. Despois de percorrido o primeiro treito, entregarlle o volante do automóbil ao improvisado acompañante, aínda en prácticas para sacar o carné de conducir, é tolemia e non temeridade. É facer do noso auto un coche fúnebre, é unha invitación a chimparse do vehículo antes da parada aos outros viaxeiros. Como o significado da parábola é patente, que non se retruque desviando a responsabilidade do resultado ao ditame democrático, viciado por estar viciado

o censo do que emana. As toupas penetran mellor cando previamente se amoleceu a terra por onde teñen que furar. Aprendamos deles e non repitamos os fracasos. Xa comprobamos que os métodos que algúns ensaiaron como chanzo de subida só serviron como rampla de baixada.

Perdóeme o lector se o apartei un pouco da atención do noso protagonista: o patriota Moncho. As virtudes resaltan máis cando se lles contrapón o seu reverso. Reboiras non vén da liñaxe dos *castrati* nin dos roncollos. Procede da estirpe dos Pardo de Cela, dos que caeron non por baixar a espada senón pola traizón. Souberon vivir e morrer *enteiros*, pois nunca permitiron que os invasores lles fixesen recortes na súa autonomía. Moncho era consciente de que situarse na primeira fila era exporse ao que por desgraza aconteceu na lúgubre noite do 12 de agosto. Asumiu con afouteza a militancia nacionalista na versión máis arriscada. Vede a diferenza entre un liderado que pode servir como xeito de vivir e unha loita cuxo supremo galardón está en morrer con dignidade.

Se a palabra mártir ten a súa raíz etimolóxica no vocábulo grego que significa *testemuño*, no seu martirio está tamén a lección que nos deixou. Por iso é mestre. Por iso é símbolo. Por iso é guía. E por iso debe figurar no santoral nacionalista quen nos deixou en herdanza o seu exemplo heroico. Perdoádeme a brutalidade da metáfora, pero con isto non pretendo alentar á nova militancia a entrar no matadoiro. Trátase sinxelamente de alertar sobre o perigo de substituír o conflito pola conciliación. As primeiras alarmas acendéronse xa. Non se resoven as crises coa revolución dos nomes, senón coa renovación de ideas. Non existe proceso



Bautista Álvarez, Margarita Ledo e Francisco Rodríguez na homenaxe a Reboiras no cemiterio de San Xoán de Laíño (Dodro), o 12 de agosto de 1978

liberador –sexa nacional ou de clase– que non pase pola permanente confrontación ideolóxica e social. Negar este apriorismo é dar sepultura ao pensamento dialéctico. Quen ten como obxectivo eliminar as contradicións sociais está incapacitado para acadalo se ignora a confrontación interna. Só se pode apoñer a falta de sensibilidade crítica nas bases militantes á presenza nas cúpulas partidarias de persoas de recoñecida traxectoria política e social censurábel.

Non quero rematar sen retomar unha idea xa exposta anteriormente por min nalgunha intervención pública. O deber do nacionalismo con Reboiras non se esgota nas celebracións rituais cada 12 de agosto. A forza dun pobo, dun ideario, comeza polo cultivo esmerado dos símbolos que lle pertencen. Que menos, entón, que rescatar a súa memoria cando a presenza nas Institucións públicas permite levar adiante a iniciativa. Esta é a forma de deixar nelas pegada nacionalista. Vender xestión –mercadoría que a miúdo se exhibe como éxito– pode ser o feitizo para seducir unha masa social alienada, a que corre aloucada para bicarlle

as pernas a un ídolo sen máis intelixencia que a que cabe nun balón de coiro de carneiro, a que garda como reliquia un cabelo de Michael Jackson. Pobre Obama, e parecía alguén. Xestión insuficiente para lexitimarse ante os que loitan por romper moldes. Non os moldes da *progresía*, preocupada só por romper os moldes da vestimenta, dos filamentos capilares. Son os moldes das ideas, os que é difícil, pero tamén necesario, romper canto antes.

Levo descubrindo con tristeza que na oratoria política se puxeron de moda dous discursos: o que se utiliza para adentro e o que se transmite cara a fóra. Anos atrás escribín un artigo no que falaba do «viva Cuba» co que Batista remataba as súas intervencións públicas, e o «viva Cuba libre» con que se saudaban os guerrilleiros de Fidel Castro. Vede nun simple adxectivo –libre, ceibe, askatuta, lliure– a abisal diferenza entre unha revolución socialista e unha ditadura ao servizo do imperialismo ianqui. Tamén por aquí hai os que dentro da casa son *castristas* e fóra dela imitadores de Batista. Non merecen estes figurar na estirpe dos *enteiros*. Son roncollos. ●



FRANCISCO CARBALLO

(Maceda, 1925-Salamanca, 2014)

- Fotografía da manifestación polas rúas da Coruña, 1976, en protesta polas expropiacións para facer unha mina nas Encrobas, Cerceda. Esta foto publicouse na revista *Terra e Tempo*, aínda no tempo da ditadura, de aí que os rostros estean riscados. As letras da pancarta remarcáronse para que na edición en multicopista resultaran lexíbeis

A década 1970-1980*

Os anos 60 foron a ‘década prodixiosa’. Maio do 68 dera a voz de alarma: os universitarios –Santiago de Compostela, París etc.– en ‘revolución’ denunciaban a insuficiencia dun capitalismo keynesiano en esclerose. O impulso humanista da revolución de maio ía ficar sufocado e tería que agardar.

A década dos 70 foi a de inestabilidade económica, social e política. Na Galiza tivo un espazo singular: foi creativa, espectacular, saudosa. Cantouna Andrés do Barro, con letra de Xavier Alcalá: «Teño saudade, saudade teño de ti».

FRANCISCO CARBALLO. Historiador e Teólogo. Licenciado en Historia en 1954 pola Universidade de Salamanca. En 1965 foi reitor do Teologado de paúles en Salamanca. En 1973 volta á Galiza, concretamente a Vigo, onde foi profesor e animador cultural, político e relixioso. Foi presidente da Asociación Cultural de Vigo e cofundador e presidente de Promocións Culturais Galegas en 1977, editora d’*A Nosa Terra*. Por subscriber que Moncho Reboiras fora «asasinado» pola policía española no libro colectivo *Historia de Galicia*, editado pola Frente Cultural da AN-PC, foi xulgado e condenado en xuño de 1981 a 6 meses de prisión menor, multa pecuniaria e inhabilitación parcial para desempeñar a súa profesión docente, así mesmo o libro foi secuestrado xudicialmente.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Unha crise do capitalismo

A nivel mundial, os 70 son recordados como o inicio do monetarismo, esa doutrina capitalista impulsada por Margaret Thatcher no Reino Unido e por Reagan nos Estados Unidos. Desde eses centros de poder, a solución á 'crise do petróleo' tomou a forma neoliberal; da soberanía do mercado sen regulación. Esta mudanza sistémica retivo, durante anos, un crecemento económico inferior ao dos anos 45-70, o que garantiu á burguesía rendibilidade, reducindo os salarios reais dos obreiros e rebaixando as rendas agrarias.

En España, á incerteza política engadíase o caos económico. Adolfo Suárez, ao gañar as eleccións á fronte da UCD, atallou a crise cos Pactos da Moncloa (do 9 ao 25 de novembro de 1977), contando co asenso do PSOE, do PC e de CCOO. Unha política económica de 'axuste': topes salariais e a garantía dunha taxa de beneficios para a burguesía.

A Galiza foi un campo sensíbel desta mudanza sistémica coa folga de Bazán, en Ferrol, en marzo 1972, coa morte dos obreiros Amador Rei e Daniel Niebla, seguida en Vigo, enfrontándose nos dous

ao autoritarismo empresarial e á brutal represión do franquismo. Paralelamente, as transformacións agrogandeiras eran danadas por medidas como a cota empresarial agraria en total desvarío do que era o agro galego.

No ano 1975 agoniaba o tardofranquismo. No seu estertor mantiña a represión e a criminalidade: Moncho Reboiras, Xosé Humberto Baena Alonso e Xosé Lois Sánchez-Bravo Solla –os tres comprometidos coa loita obreira de Vigo– foron vítimas de torturas e morte. En novembro faleceu o ditador Francisco Franco, sucedéndoo o rei Xoán Carlos I coa 'reforma política', unha lenta democracia, a Constitución de 1978 e Autonomías xeneralizadas.

O espazo económico galego

O conxunto das mudanzas da época do 'desenvolvemento' non foi globalmente favorábel para os labregos... Os gastos correntes incrementáanse entre 1963 e 1975 moito máis que os prezos dos produtos, de xeito que desde 1976 se produce unha contracción dese crecemento. En xeral, os resultados económicos da agricultura galega non

EIRO

voceiro do
sindicato obreiro galego (s.o.g.)
n.º 1-maio-75

O movemento obreiro galego atopa no seu camiño unha serie de atrancos, resultado tanto das condicións ouxetivas como da inesistencia deica hoxe dun sindicato obreiro que xunquirá a tódolos traballadores na defensa dos seus intereses inmediatos de crás.

Os atrancos ouxetivos que atopa o proletariado galego na súa loita sindical veñen determinados pola colonización que padece Galicia, colonización que abrangue os planos económico, político e cultural e que afeuta de xeito moi directo ao proletariado.

. A colonización económica que padece a nación galega destrúe máis postos de traballo dos que crea, existindo unha gran abundancia de man de obra que permite ao capital pagar salarios de fame aos traballadores.

As industrias que se instalan en Galicia son as máis das veces industrias que rexeitaron noutros lugares industrias contaminantes que están as nosas riquezas naturais, destruíndo deste xeito postos de traballo no agro (Xove, Pontes de García Rodríguez Celulosas, etc.) ou na recollida do marisco.

, industrias que crean poucos postos de traballo en Galicia e que xeneran grandes beneficios económicos ao capital imperialista do Estado Español que logo son invertidos na creación de postos de traballo fora de Galicia.

Por outra banda a inesistencia en Galicia de grandes fábricas obriga ao proletariado a traballar en pequenas empresas onde as condicións pra conseguir a unión e a organización son moito máis difíciles. En toda Gal-

cia soe existen dous núcleos industriais de certa importancia: Ferrol e Vigo.

. A colonización política de Galicia impón institucións e organizacións totalmente alleas ao proletariado galego e aos seus intereses, organizacións fascistas e colonialistas -como a Organización Sindical- cúa única función é a de controlar e reprimir o movemento obreiro.

O proletariado galego non pode hoxe LEGALMENTE crear as súas propias organizacións pra defender os seus intereses de crás.

. A colonización cultural de Galicia impón un idioma e unha cultura alleas ao proletariado galego, oprimindo o seu idioma e a súa cultura propios.

AS RELACIONES COLONIAS A QUE ESTA SOMETIDA A NACIÓN GALEGA POLO ESTADO IMPERIALISTA ESPAÑOL NOS PLANOS ECONOMICO, POLITICO E CULTURAL CONDICIONAN A LOITA DO PROLETARIADO POLOS SEUS INTERESES.

. A falla de postos de traballo, a abundancia de man de obra dispoñible, a pouca concentración do proletariado, a imposición de organizacións fascistas-colonialistas, a imposición dun idioma e dunha cultura alleas fan do galego un proletariado super-esplotado i emigrante.

A super-esplotación na nosa propia terra e na emigración convirtenos en traballadores de segunda ou terceira división; a nosa man de obra é empregada nos traballos máis du-

1

melloraron. Se os vemos desde o punto de vista da renda agraria, atopámonos co seu lado máis negro: mantense estancada entre 1963 e 1975 e cae desde 1976 debido á desfavorábel evolución dos prezos percibidos polos labregos a respecto dos prezos pagados por uns bens consumidos cada vez en maior volume como pensos, maquinaria ou fertilizantes (Lourenzo Fernández Prieto, 2007: 143).

Unha visión tecnócrata ten de resaltar o desprezue da agroindustria cárnica e leiteira que, á súa vez, induciu a de fertilizantes e as comerciais como

Zeltia ou Coren. A reestruturación do sector das conservas achegou Galiza ao terceiro posto mundial.

A industria galega naval e hidroeléctrica prosegue e oriéntase ao mercado internacional. A naval en Vigo e Ferrol, a hidroeléctrica en debate cos propietarios de vales a seren inundados sen compensación local. Houbo un crecemento grande dos estaleiros ferroláns, cos estaleiros galegos chegando a dar emprego a máis de 17 000 operarios en 1975. «A industrialización dos anos setenta, ademais da velocidade do crecemento do valor engadido

«En novembro de 1975 faleceu o ditador Francisco Franco, sucedéndoo o rei Xoán Carlos I coa 'reforma política'»

industrial foi notábel pola diversificación da base produtiva». (*Ibid.*, 161)

A economía galega medrou nesta década. En 1973, a poboación galega representaba 7,8% da do Estado, e o PIB 5,5%, mellorando na converxencia coa media estatal até 1981.

Mais este medre aparente agochaba desharmonía, desequilibrios e perdas irreparábeis de sectores produtivos.

A sociedade galega dos setenta

Desde 1936 o franquismo impuxérase polo medo. Na década dos sesenta aumentan as protestas: en Mazaricos o conflito acabou na morte de dous labregos en 1963; a construción de encoros –33 entre 1949 e 1975– e a repoboación forestal provocaron máis emigración. En 1965, en Castrelo de Miño, estoupa a revolta e aparecen grupos organizados de contestación ao réxime como o PC e a UPG. A partir de 1970 multiplícanse as contestacións: a campaña de 'non pagar' fronte á inxusta 'cota empresarial da seguridade agraria'; 'guerras agrarias' como as do leite; contra expropiacións (As Encrobas, Baldaio) etc. Un mundo rural maltratado e no camiño do exterminio defendeuse nesta década con enerxía e multitudes. Reaparecen organizacións agrarias, orixe dos actuais sindicatos (Sindicato Labrego Galego e outros).

As grandes folgas industriais da década suceden á loita da guerrilla que na Galiza se prolongara até os anos 60. Os devanditos acontecementos mais o turismo, a volta de emigrantes galegos de Europa e de Latinoamérica, a escolarización total etc., están na base da mudanza social: na familia; na urbanización cidadá e rural; no transporte

público e familiar. Muda a vivenda, o xeito de vestir, a alimentación. É unha década inestábel dunha sociedade convulsa: un mundo rural en transformación, o urbano en crecemento, a Universidade a multiplicar o alumnado e a industria e servizos o emprego.

Unha década de aparente mesocratización. Os alumnos do IES Politécnico de Vigo, fillos de obreiros, respondían inquéritos coa afirmación maioritaria de seren da 'clase media', clase que englobaría 42% da sociedade. Os da Xunqueira de Pontevedra víanse máis abaixo. Nos 80 ían coincidir cos rurais en seren de clase en dificultade. En todo caso, os anos 70 distanciaron os estratos sociais e medrou o sector marxinal.

Neses anos setenta, un colectivo de curas e de monxas, atentos ás mutacións do Concilio Vaticano II, deron cobertura aos sindicatos e partidos antifranquistas: en Vigo e Ferrol nas casas reitorais de parroquias e en Santiago á sombra da XEC (Xuventude Estudantil Católica). Un piar do réxime viraba e atrevíase a dar pousada aos colegas de Baena Alonso e Moncho Reboiras.

O bulicio cultural

No medio dun período convulso, todos os sectores da cultura e da política galegas estaban a vibrar. É unha década creativa, experimental, co desencanto ao pé do aventureirismo.

Nas artes plásticas hai un espertar e un encontro co pasado. Ao inicio de 1980, os pintores novos teñen no colectivo Atlántica e na Bienal de Pontevedra un espazo de publicidade e de diálogo. Luís Seoane establece o seu estudio na Coruña; Laxeiro (X. Otero Abeledo), en Vigo; Raimundo Patiño,

«Na década dos sesenta aumentan as protestas: en Mazaricos o conflito acabou na morte de dous labregos en 1963»

Menchu Lamas etc. traen un sentido de nación e de actualidade.

En 1975 os escultores expoñen en Vigo, ao aire libre, todo un mostrario renovador. Disque a arquitectura é a raíña das artes; preparan a Escola superior na Coruña e tanto Manuel Gallego Jorreto como César Portela convértense en referentes dunha arquitectura con raíz popular e tecnoloxía humanizante. Das tres artes plásticas temos álbums representativos e manuais da man de Manuel Camaño, Pedro de Llano etc., que acompañan este momento de creación cultural.

A literatura en galego ábrese a un período doucado. Xa nos 60 bruaban versos e narracións en clava contra o franquismo e a opresión da nosa lingua. Nos anos 70 abundan.

Voces Ceibes sérvese destes poetas da reivindicación patria: Celso Emilio Ferreiro, Manuel María Fernández e dos novísimos que son multitude.

Uxío Novoneyra volta ao Caurel en 1970 e acende paixóns. A lírica entra en novas sensibilidades: *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín (1976) e cos poetas de Cravo Fondo, Alén ou Rompente. Avilés de Taramancos crea a grande arquitectura poética da Galiza. A narrativa conta con Ánxel Fole cos seus *Contos da néboa* (1975), con *Xente ao lonxe* (1972) de Eduardo Blanco Amor e coa presenza de Neira Vilas, que xa fora inmortalizado coas súas *Memorias dun neno labrego* (1961). Hai unha narrativa consolidada dos anos 50-60: *Retorno a Tagen Ata* (1971) e *Crónica de Nós* (1980) de Méndez Ferrín; *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975) de Carlos Casares. E un feixe de autores máis: Paco Martín, Xavier Alcalá, Víctor Freixanes, Xosé Manuel Martínez Oca, Xosé Fernández Ferreiro etc.

Tamén se animan ao teatro e ao ensaio. En 1973, o colectivo Abrente de Ribadavia convoca a I Mostra de Teatro, onde Manuel Lourenzo, Euloxio Rodríguez Ruibal e Roberto Vidal Bolaño suman as súas obras ás *Farsas para títeres* (1973) de Blanco Amor. O ensaio, sinal de madurez literaria, ten presenza: Xosé Manuel Beiras Torrado publica *O atraso económico de Galicia* (1972). Antes, Valentín Paz Andrade xa publicara na editorial Século XXI *La marginación de Galicia* (1970) e, seguidamente, redactou a biografía *Castelao na luz e na sombra* (1982). Nos anos 70 o ensaísmo conta con revistas especializadas para se expresar: *Teima*, *Encrucillada*, *Terra e Tempo*, *Luzes*, *A Nosa Terra*.

O espazo de diálogo e de difusión cultural característico dos anos 1960 e 1970 foron as asociacións culturais: O Galo en Santiago; O Facho na Coruña; a Auriense en Ourense; A Asociación Cultural de Vigo; Abrente de Ribadavia etc. E canda estas os sindicatos ccoo, uxt, sog (logo cic), uso. Unha e outros con obxectivos propios e de cobertura dos movementos antifranquistas.

Como foi posíbel esta eclosión literaria sen escola en lingua galega? Por un esforzo persoal e autodidacta. Desde 1970 entreabriuse unha fiestra á entrada do galego na escola. Profesores houbo que a utilizamos para darmos as clases na lingua propia.

Todo un esforzo a prol da normalización da nosa lingua e unha prema de normativa oficial.

Os dereitos de nación

Nos anos 60, a Galiza volveu mostrar sinais de vida política. En 1963 fundan na Coruña o PSG e en 1964, en Santiago de Compostela, a UPG: o primeiro á sombra dos dirixentes de Galaxia e de orientación



socialdemócrata; a segunda cunha presentación á sociedade dun decálogo de liberación nacional. Só en 1972 houbo relacións entre os dous para fixaren puntos comúns.

Nos 70 o PSG deu pouca razón de ser e a UPG buliu no campo cultural. Os dous callaron como partidos durante esta década sen se libraren do excesivo número de entradas e saídas de militantes. Na primeira metade dos 70, o PSG radicalizouse e optou polo nacionalismo. Mentres tanto, a UPG mergullouse na súa aposta pola liberación nacional, crecendo con ERGA (1972) e mantendo relacións con ETA político-militar e con outros partidos de Catalunya, da Bretaña etc. O ollo policial do franquismo agonizante e dos seus sucesos anotouno.

En 1975, por obra da UPG nace a AN-PG, fronte política que ía configurar o BN-PG para as eleccións sucesivas ao 1977. Tamén en 1975 funcionan organismos unitarios na Galiza: a Xunta Democrática, de inspiración do PCG, logo Táboa Democrática da esquerda na Galiza que reivindica o Estatuto de 1936. A comezos de 1976 creouse o Consello

Cartaz dun acto organizado pola Agrupación Cultural O Galo de Compostela, sobre o procesamento a Francisco Carballo polo libro da *Historia de Galicia* editada pola AN-PG, por ter cualificado no mesmo como «asasinato» a morte de Reboiras en 1975

de Forzas Políticas Galegas que propuxo as *Bases constitucionais para a participación da nación galega nun pacto confederal*.

Aprobada a Lei de reforma política no Nadal de 1976 e unha amnistía que liberou do cárcere compañeiros de Moncho Reboiras, a legalización para a participación nas eleccións do BN-PG adiábase. Nese contexto decorreran eleccións en 1977, obtendo a dereita 24 deputados, dos 27 posíbeis, e o PSOE 3, ficando os nacionalistas sen representación nas Cortes do Estado.

Galiza recibe un réxime preautonómico en marzo de 1978, presidido por Antonio Rosón Pérez. Segundo a Constitución de 1978, Galiza, definida como nacionalidade histórica, ía optar polo artigo 151 no acceso á Autonomía. Un longo camiño de arbitrariedades por parte de UCD e de desacougo político por parte do nacionalismo. O país respondeu con manifestacións multitudinarias, en concreto á aldraxe pola rebaixa do Estatuto en tramitación. Superada esa ameaza, a votación de decembro de 1979 aprobou o Estatuto en curso, cunha abstención de 70%. Os nacionalistas rexeitaran ou votaran en branco esta Autonomía que subordina Galiza, ao lle negar soberanía e o dereito de autodeterminación. As eleccións ao Parlamento autonómico de 1981 deron entrada a 3 deputados do BN-PG-PSG e o triunfo á dereita con AP-UCD. Neste cadro de referencia, o interior sufría cruces de neuronas, firmezas e concesións. Foron anos de experimentación, de fame de país libre, de busca. O nacionalismo galego madureceu, aprendeu e conseguiu en 1982 unha organización satisfactoria e unha orientación cargada de ilusión, digna resposta ao pasado e a un presente de urxencias. ●



RAMÓN MUÑIZ DE LAS CUEVAS

(Ourense, 1942-2018)

► Cartaz de mediados dos noventa
deseñado por Xosé María Torné
para anunciar os actos
de aniversario de Reboiras

Moncho Reboiras, un militante nacionalista diferente*

As miñas lembranzas políticas en relación con Moncho Reboiras, como de tantos outros compañeiros daquela época, móvense nunha nebulosa que dificulta moito fiar un discurso coherente sobre elas. Hai recordos puntuais, anécdotas, mais non hai a posibilidade de me referir a actitudes continuas de forma exhaustiva como os que conviviron máis cotidianamente con el nas diversas fronteiras nas que traballou ou con quen tiña contacto máis directo e seguido. Curiosamente, cando eu o tiven en maior medida foi cando dirixiu a fronte militar, a pesar de que eu non pertencía a esta.

RAMÓN MUÑIZ DE LAS CUEVAS. Membro na clandestinidade do Comité Central da UPG desde 1970, e logo do Comité Executivo desde a súa creación. Foi responsábel da Fronte Labrega.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



MORTO PARA QUE GALIZA VIVA
MONCHO REBOIRAS
12 DE AGOSTO, ANIVERSÁRIO DO SEU ASESINATO
CONCENTRACIÓN ÀS 7 DA TARDE NA RUA DA TERRA EN FERROL




© Fundación Terra e Tempo

É certo que coincidimos no Comité Central e na executiva da UPG. Moncho proviña de Vigo, dos que coñecíamos como o grupo do Padre Seixas, un xesuíta que, coas misas en galego e unha asociación cultural, propiciou a consciencia nacionalista de moitos mozos daquela cidade que logo se integraron na UPG. El foi un deles. Mais nas reunións que tiñamos coa asistencia de varias persoas, despois de máis de 30 anos non se sabe, ou eu polo menos ignóroo, o que dicía cada quen e non se levantaban actas. En tal caso, a súa vida está escrita xa en varios opúsculos para quen queira consultala.

Desde a miña perspectiva, lémbrome del como unha persoa seria, observadora máis que faladora, amosando unha grande seguridade, e na miña experiencia aprendín que quen ten esta calidade achega seguridade a todos os que o rodean. Cando falo de seguridade, estou a referirme sobre todo a esas persoas firmes, moi clarificadas nas súas ideas, con personalidades moi definidas e, polo tanto, nada volúbeis e imprecisas. Reboiras era destas persoas, e iso deulle un prestixio indiscutíbel entre a militancia, tanto que nos albores de

ERGA houbo unha pretensión de escisión pola que unha persoa convencera dirixentes desa organización de separarse da UPG, os intentos de abortala non remataban de callar até que decidimos que fose Moncho quen falase coas cabezas dos estudantes díscolos e, efectivamente, logrou que esta non prosperase. Creo que Moncho, a partir de aí, se converteu nun elemento fundamental na dirección da UPG, porque ao seu prestixio unía a súa predisposición a traballar na tarefa que se lle encomendase. Así, tivo un gran protagonismo

**«Reboiras era desas
persoas firmes, moi
clarificadas nas súas
ideas, con personalidades
moi definidas e, polo
tanto, nada volúbeis
e imprecisas»**



na creación da fronte cultural da AN-PC, na idea da UPG de espallar asociacións culturais polo país adiante como núcleos de concienciación, captación e dinamización nacionalista, para o cal era necesario tamén artellar e comprometer profesionais e intelectuais que desen contido a estas asociacións. Moncho preparou eficientemente a reunión orixinaria desta fronte, que tivo lugar na sancristía da igrexa de San Martiño de Noia, coa concorrida presenza de varias representacións de Asociacións Culturais.

Tamén tivo unha destacada actuación na fronte obreira, onde foi un dos elementos chaves na creación do sindicato nacionalista. Lembro unha crítica, pola súa parte, xunto con Elvira Souto, creo que cando traballaban en Intelsa na Coruña, a un *Canle* da UPG. *Canle* era un voceiro de comunicación interna da dirección da organización cos militantes e que tiña por obxecto, máis ou menos, xerar un intercambio rápido de opinións entre o cumio e os militantes de xeito que estes interviñesen na discusión dos asuntos do Partido á vez que

◀ *Canle* é o nome que recibiu o órgano de información interno da UPG. Este é o número 2, de xullo de 1973

«Bebíamos intelectualmente un pouco de todos. Dos teóricos anticoloniais, do marxismo-leninismo, incluso o maoísmo estaba presente»

recibisen a información precisa. O *Canle* cuestionado, baixo o título *Que as masas nos recoñezan*, trataba, en síntese, da necesidade de que nas fábricas, no campo, nas aulas etc., deberían saír á luz certos militantes. Falar nas asembleas, coller prestixio, liderado, como o único xeito de atraer e mobilizar xente, sen excluír unha parte fundamente clandestina. En fin, creo que houbo un equívoco ao entender o informe, pola súa parte, como crítica ás súas actuacións na fábrica, cousa que non era a intención dos seus autores, entre os que me atopaba, e así se lles fixo saber. O motivo do *Canle* era máis xeral que, por cuestións concretas, o certo era que a *clandestinite* afectaba demasiado a toda a UPG, falando xa dos anos 74-75, cando o PC se daba a coñecer moito máis, con prexudiciais consecuencias para nós. Mais era comprensíbel que unha persoa tan disciplinada e entregada como Moncho se sentise afectado por calquera cousa que puidese interpretar como unha obxección ao seu traballo, aínda que as clarificacións con el tamén eran doadas dada a súa comprensión, outra das súas características.

Por último, a súa consciencia revolucionaria levouno ao campo da loita armada. Quizais foi nesa época cando mellor o coñecín, pois a miña casa compostelá era un punto de referencia para certos dirixentes e tamén serviu, ás veces, de lugar de reunión da dirección. E digo mellor, porque aparecía só ás veces, camuflado baixo un rechamante pelo louro da cor da palla, do que nos ríamos un bocado, para comunicar ou dar algo para a organización, entón a relación era entre os dous, aínda que a conversa sempre xiraba ao redor de cuestións prácticas do Partido, como a necesidade de procurar un

lugar seguro para crear un aparato central de propaganda e cousas así.

Era sobradamente coñecido que a UPG concibía a Galiza como unha nación colonizada e, polo tanto, confluía coas loitas de liberación dos países coloniais. Mais tamén era comunista –esa era a súa meta–, se ben no camiño ao socialismo habería que pasar por unha etapa de democracia popular de alianza de clases explotadas e oprimidas: obreiros, campesiños, mariñeiros etc. Por iso, a estratexia de liberación nacional do Partido formulábase como revolución nacional-popular.

Todo isto significaba que bebíamos intelectualmente un pouco de todos. Dos teóricos anticoloniais, do marxismo-leninismo, incluso o maoísmo estaba presente no noso enfoque nacional-popular pola importancia dada ao campesiñado que na Galiza naquel tempo era maioritario, constituíndo ao redor de 40% da poboación activa nos primeiros anos de 1970.

A UPG propuña unha liña de actuación que empezaría pola axitación, seguiría pola mobilización e remataría no enfrontamento.

O enfrontamento armado era unha conclusión lóxica para a UPG no franquismo, porque se trataba dun réxime fascista, ditatorial, fortemente represivo e, polo tanto, sen posibilidade ningunha de derrocalo se non era pola forza. Un réxime deste tipo, sen válvulas de escape de ningún tipo, leva sen remedio a que unha organización cun compoñente de dirixentes novos, radicalizados, enchidos de esperanzas revolucionarias considerase a loita armada como unha alternativa indiscutíbel.

Deste modo, a fronte militar conformouse dunha maneira natural, sen ningún debate, nin

«O enfrontamento armado era unha conclusión lóxica para a UPG no franquismo, porque se trataba dun réxime fascista, ditatorial»

► Portadas de diversos voceiros obreiros locais ou comarcais de 1974 e 1975 promovidos pola Fronte Obreira da UPG, creada na primavera de 1973

formulación teórica previa: caía polo seu propio peso. Unicamente recordo que houbo un escárceo nunha xuntanza do Comité Central nunha casa da Coruña entre Manuel Mera e Méndez Ferrín sobre o tema. O primeiro, seguindo unha liña maoísta, defendía que a loita armada debería ter o campo como lugar de base operativa, quizais lembrando, tamén, a orixe guerrilleira antifranquista da posguerra, mentres que Ferrín retrucaba que, entón, coa tecnoloxía existente o exército podería colocar con helicópteros milleiros de soldados no monte, acabando cunhas bases illadas da poboación e que, polo tanto, deberían ser os barrios do mundo urbano onde a guerrilla, confundida coa xente, se atoparía máis a cuberta da represión. A divagación ficou aí.

O que sucedeu foi a formulación da cuestión armada seguindo, daquela, os criterios de ETA de separar o político e o militar, aínda que ambas as partes nunha única organización, coa parte militar sometida á dirección política. Moncho Reboiras foi o encargado de organizar e dirixir a fronte militar, que nun primeiro momento o Comité Central da UPG debería coñecer e dar o seu asentimento ás súas accións, incluso saber cando ían ter lugar para establecer as correspondentes citas de seguridade. Porén, esta opción mudouse precisamente por unha cuestión seguridade, e tamén de eficacia, pois eran moitas as persoas que sabían o que ía suceder e, por outra parte, atrasábanse as accións. Así que decidiuse dar liberdade á fronte armada para actuar segundo os seus propios criterios, mais sempre na liña marcada pola dirección, para dar conta posteriormente do feito por Moncho. A lealdade de Moncho Reboiras, como membro da executiva

e, polo tanto, da dirección política, desbotaba calquera desconfianza que puidese haber a accións incontroladas da parte militar.

En principio, a fronte militar concibiuse cunha función de abastecemento, de loxística, para manter a propia vida e necesidades económicas e de propaganda do Partido e da propia fronte militar.

O feito de Moncho Reboiras asumir esta nova responsabilidade dáunos unha idea de que o nivel de militancia desta persoa non era nada común, estando a outra altura de integridade revolucionaria, polo menos que a miña.

Efectivamente, como membro da dirección clandestina dun partido como a UPG, nunha ditadura como a franquista, eu era consciente dos perigos que corría, mais non pasaban de que podía ser detido, levar unhas labazadas, permanecer preso, mais seguiría vivo. A morte non entraba na miña consciencia. Na de Reboiras si. Moncho era totalmente consciente de que a morte formaba parte da súa vida revolucionaria e esperábaa con toda enteiraza.

Ocorreu cando a frustrada acción que ía facer en Escairón. Controlado pola garda civil, tivo que escapar ao monte e houbo un momento no que un membro da brigada se achegou de tal xeito que comezaron un tiroteo entre ambos os dous, do que, por sorte, saíu ileso. Logo, conseguiu fuxir do cerco e agocharse na zona. Despois duns días, cando as augas se calmaran, eu fun o encargado de ir buscalo, sacalo do lugar onde se atopaba e levalo a Vigo desde onde o pasarían a Portugal. Por certo, en Portugal Margarita Ledo organizoulle na súa casa unha entrevista gravada pola televisión portuguesa, un documento histórico que nalgún



sitio estará e sería importante recuperar. Paramos en Santiago na miña casa e alí, mentres facíamos tempo para partir cara a Vigo, contoume os feitos. Mais a min o que máis me interesou foi coñecer o que pensaba cando o tiroteo sabendo que podía morrer. Contestoume que non pensaba nada, que estaba totalmente tranquilo e disposto a dar a vida. Aquilo impresionoume porque por vez primeira fun consciente de que estaba nunha organización na que, máis alá de poder ser torturado ou preso, se podía morrer.

Cando viña cara a Santiago aquel 12 de agosto de 1975 e oín pola radio do coche a impactante noticia da morte de Moncho, viñéronme á memoria aquelas palabras. Sabía, entón, que morrera tranquilo, asumindo o seu final de dar a vida polo que loitaba, porque para el, como dirixente armado, iso sempre foi unha possibilidade; ou ben conseguía os seus obxectivos revolucionarios ou ben entregaba a vida por eles. De todos nós foi o único que o fixo. Foi un militante diferente. Foi o último guerrilleiro galego morto en desigual combate contra Franco, e era nacionalista. ●



- ▶ Suso Martínez (curmán de Moncho Reboiras), Manolo Reboiras (irmán), Lita Martínez (curmán) e Alexandre Martínez (fillo de Suso) en Imo (Dodro)

ALEXANDRE MARTÍNEZ GEY

Semente de vencer

Nacín en Imo en 1983, oito anos despois de que nesta parroquia fose enterrado Moncho Reboiras (Pepe, para a familia) curmán do meu pai, Xesús Martínez Rodríguez. Crieime aprendendo do irmán de Pepe, Manolo, con quen manteño unha gran relación, e gardo tamén un enorme recordo da súa nai, Generosa Noia, tía miña. Sempre mantiña un sorriso no rostro e expresaba unha ledicia continua que alegraba os días por amargos que se puidesen presentar. Por desgraza, Generosa deixounos o 12 de maio de 2019.

ALEXANDRE MARTÍNEZ GEY (Imo, Dodro, 1983). Aínda que non coñeceu en vida Moncho Reboiras, a súa memoria perdurou a través da familia. É fillo de Xesús Martínez Rodríguez, curmán de Moncho. Traballa no sector lácteo e participa no movemento nacionalista como militante do BNG e da CIG.



© José Aragunde

Por idade non puider coñecer Moncho Reboiras. Mais é inmensa a información que recibín da súa persoa, a pesar de que só lle deixasen vivir 25 anos. Comecei a saber del por medio do meu pai. Son moitas as conversas e anécdotas que el garda, algunhas sobre como o acompañaba en coche a moitos recunchos da Galiza para manter encontros a pé de rúa. Impactoume sempre cando conta a historia dun rapaz de Imo que realizaba os seus estudos en Vigo e que, acostumado de neno a falar galego, mudou ao castelán porque llo exixían moitas circunstancias daquela época. Moncho conseguiu facerlle ver a ese rapaz o valor e a importancia do idioma galego, sen ter que sentirse inferior nin avergoñado por usar o idioma da súa terra e que toda a vida empregara. Ese estudante era meu pai, que a día de hoxe segue a lembrar esta historia como unha fazaña, xa que continúa a ser preciso reivindicarmos a lingua galega, un idioma cargado cun valor e uso inimaxinábel dentro e fóra do país, cun futuro moi prometedor.

Cando eu tiña 19 anos, un amigo meu, Gustavo Mariño Silva, membro do Bloque Nacionalista

Galego (BNG), convidoume a asistir a unha asemblea desta organización en Bexo, Dodro. Gostosamente non só acudín, senón que descubrín infinidade de propostas que servían para mellorar o día a día e o futuro da veciñanza, por medio de políticas e ferramentas a prol do idioma, da educación e da sanidade públicas, para conseguir servizos sociais, pola igualdade, a defensa do patrimonio, un urbanismo non especulativo... Vin que o nacionalismo era o lugar desde onde traballar humildemente para o concello e o país enteiro. Quedei moi agradecido

«As loitas do presente para mudar o futuro nacen da dedicación e do empeño de persoas como Moncho Reboiras»



© Paula Cerniño

Público na estrea en primicia para a veciñanza do filme *Reboiras. Acción e corazón* en Imo (Dodro) o 8 de agosto de 2020

con Gustavo por descubrireme o que ansiaba desde había moitos anos: poder colaborar na construción dun país desfeito pola dereita capitalista, e poder axudar as persoas que traballaban demasiado e, acotío, malamente remuneradas. No Bloque coñecín persoas moi intelixentes, traballadoras, perseverantes e, sobre todo, honradas e humildes.

A partir de aí é cando me decato de que as loitas do presente para mudar o futuro nacen da dedicación e do empeño de persoas como Moncho Reboiras, que dedicaron a súa vida ao pobo. Tamén é cando comprobo que o xerme do que hoxe é a Confederación Intersindical Galega (CIG) e a expansión do partido Unión do Povo Galego (UPG) teñen moito que ver con Moncho Reboiras, pola súa intelixencia, dedicación e traballo continuos en prol de autoorganizar o pobo galego. Por iso agradezo que sigan traballando actualmente, porque te decatas de que sen a CIG estaríamos orfos de dereitos laborais, e que a UPG é o berce e a nai que encamiña e coida o nacionalismo galego.

Desde o corazón sinto un grande orgullo de ser familiar de Moncho Reboiras, pois para min el

representa o referente a seguir na vida en todos os eixos. As verbas «que importa que nos maten se deixamos semente de vencer» sempre nos recordan o que realmente importa: se amamos o noso pobo, nunca deixaremos de loitar para conseguir que a nación galega sexa ceibe.

Son moitas as conversas mantidas con compañeiras e compañeiros que, desde distintos postulados, sempre teñen comentarios positivos sobre Moncho, reafirmando a súa capacidade de traballo e honestidade, e coincidindo en que o debemos

«En moitas ocasións falamos de Moncho e témolo como referente, mais por desgraza moito fica en palabras, faltan os feitos»



Bautista Álvarez intervén na homenaxe a Reboiras no cemiterio de San Xoán de Laíño (Dodro) o 12 de agosto de 1978. Detrás del, entre outras persoas, Francisco García Montes, Margarita Ledo, Pedro Luaces e Francisco Rodríguez

ter como un referente, mesmo como un heroe que mirou polo país. A min non me cabe dúbida ningunha de que se seguimos sementado a mesma semente de vencer que herdamos de Moncho Reboiras, conseguiremos construír o país que desexamos, a Galiza que Moncho sempre defendeu. Esa é a folla de ruta. En moitas ocasións falamos de Moncho e témolo como referente, mais por desgraza moito fica en palabras, faltan os feitos, pois as terras sen persoas que as sementen nunca darán froitos.

Sempre me impactan os actos en Imo e Ferrol no aniversario do seu asasinato. Millares de persoas lembran un compañeiro inesquecível. Algunhas coñecérono, outras non, mais todas fan un oco nas súas vidas para recordalo. Estes actos, ademais, son unha oportunidade marabillosa de conversar con persoas que o coñeceron, familiares, veciñanza, amizades... son moitas as persoas que dedican a súa vida, e das que se aprende moito, porque a vida está chea de incógnitas e sempre temos que saber afrontalas con sabedoría, tendo sempre presentes as raíces.

Por iso teño que expresar un grande agradecemento polas persoas que dedicaron a súa vida pola soberanía da Galiza, como as que na actualidade seguen traballando incansabelmente co único afán de conseguir a liberdade da Galiza, sementando a mesma semente que nos procurou Moncho Reboiras. Quero aproveitar para salientar que a cidadanía galega, sen a Galiza ter independencia propia, non poderá ter o privilexio de desfrutar dun país con inmensurábeis recursos. Porque por moito que nos digan que non temos riquezas, si as temos, e acaban sendo roubadas para facer negocios moi lucrativos no estranxeiro, dos cales se benefician moi poucas persoas, mentres nós consumimos do estranxeiro cunha calidade sumamente inferior.

Moncho Reboiras sempre estará no meu corazón, seguireino honrando coa cabeza erguida e sempre será referente e guía do meu camiño. Lembremos a súa loita pola Galiza e non esquezamos a curta vida que lle foi arrebatada, podendo desfrutar tan só de vinte e cinco anos.

Viva Moncho Reboiras! A loita continúa! ●



► Alberte Mera presenta en Imo en agosto de 2019 a campaña de micromecenado «Reboiras. Acción e corazón»

LITA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ

Pepe no recordo

Xosé Ramón Reboiras Noia, para a familia Pepe, era unha persoa moi humilde, sinxela e moi natural. A pesar de marchar de Imo (Dodro) sendo un rapaz, nunca esqueceu a aldea nin os veciños, e viña sempre que podía. Cando non era posíbel, como cando estivo facendo a mili, escribía para interesarse pola xente de aquí e pola familia.

LITA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (Imo, Dodro, 1952). É curmán de Xosé Ramón Reboiras Noia e veciña de Imo (Dodro).



© Roberto Vilameá

Era unha persoa moi familiar e, a pesar de estar en Vigo e de acabar a carreira que estudou, nunca presumiu de nada, sempre foi humilde.

Mentres os demais marchabamos de festa el dedicábase a estudar e a ler. Gustáballes moito conversar cos maiores e interesarse polas cousas de antes. Pepe era moi especial.

Logo, cando medrou, xa empezou a interesarse pola cultura, por Rosalía de Castro e por Castela, comezou a ler e a investigar e situouse en defensa do idioma. El sempre falou galego coma nós.

Pepe prefería escoitar e observar a falar. Si que expresaba sempre a súa opinión, mais aínda que a súa formación era moito maior que a nosa, nunca o quixo demostrar, nunca pretendeu demostrar máis que os demais.

Queríanos moito, mais cando a policía comezou a andar detrás del tivo que romper todos os vínculos coa familia para non nos prexudicar. Tempo despois, cando pasou o que pasou, foi cando soubemos que se apartara de nós por ese motivo, sabendo que lle tivo que custar moito afastarse da familia.

Pepe miraba máis polos seus compañeiros que por si mesmo. Así foi que cando o mataron, a xente implicouse tanto no velorio como no enterro, a pesar de que había moita presión policial. Até o cura, que era un señor xa maior, fixo todo o que tiña que facer.

Que lle diría hoxe a Pepe? Que fixese o que el quixer facer. Aínda que pasou o que pasou, se Pepe volvese vivir, voltaría facer o mesmo porque non paraba até conseguir todo o que se propuña. Tiña moito dentro de si mesmo para dedicar a vida como dedicou. ●

«Pepe miraba máis polos seus compañeiros que por si mesmo. Así foi que cando o mataron, a xente implicouse tanto no velorio como no enterro, a pesar de que había moita presión policial»



ALFREDO SUÁREZ CANAL

- ▶ Emilio López, *Milucho*, intervén na primeira asemblea das Comisións Labregas o 15 de maio de 1977 en Compostela, coa participación de 500 labregos

O «renacemento» da nación*

Co título deste artigo pretendo facer énfase nos logros do nacionalismo e do país nunha época, a década dos 70, e sobre todo a primeira metade da mesma, e facelo ao fío dalgún acontecemento no que coñecemos e tivemos relación orgánica con Moncho Reboiras. Partindo da idea de que unha nación sen Estado constrúese día a día e sobre todo precisa unha articulación de auto-organización aos distintos niveis como columna vertebral de subsistencia.

ALFREDO SUÁREZ CANAL (Allariz, 1951) é licenciado en Matemáticas. Como membro da dirección do sindicato de traballadores do ensino UTEG participou na fundación da ING. En 1979 foi elixido concelleiro do BN-PC en Allariz e deputado provincial. Foi membro do Consello Nacional do BNG. Deputado no Parlamento Galego entre 1993 e 2005 e entre 2009 e 2012. Foi Conselleiro de Medio Rural no período 2005-2009.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

O «renacemento» é un modo de cualificar e realzar, se se quer metaforicamente, o que foi a culminación dun proceso que, despois da guerra civil española e da represión franquista, se produciu no nacionalismo galego a partir do ano 1964, en que se articula política, social e culturalmente o esqueleto de auto-organización do país. Ese proceso que se inicia coa fundación da UPG e do PSC, e que nos primeiros anos ten como obxectivo fundamental aglutinar efectivos, eclosiona con gran vitalidade no proceso organizativo que se produciu nos anos 70. Esa columna vertebral de auto-organización do país e do nacionalismo toma corpo nestes anos da man sobre todo da UPG.

Viron a luz xermes sindicais en distintos ámbitos do mundo do traballo, que logo culminarían nunha central sindical na que se incorporaba tamén o mundo dos mariñeiros. Iniciaron a súa andadura os Comités de Axuda a Loita Labrega e a aparición das Comisións Labregas, que logo rematarían no Sindicato Labrego Galego. Dáselle forma a auto-organización do estudantado galego coa fundación de ERGA. O nacemento dunha importantísima rede


de asociacións culturais e veciñais xorde nos derradeiros anos 60 e nos primeiros da década dos 70. A propia articulación dunha fronte política como referente de todo o movemento, que representou o nacemento da ANPG e que serviría como ancoraxe inicial para o proxecto común de todo o nacionalismo que acabaría sendo o BNG, empeza a cimentarse tamén neses anos. E xunto a este esforzo de construción da auto-organización do país, en definitiva pasos no proceso de autodeterminación nacional, nesta época tamén se dan importantes achegas

**«En non poucas ocasións
suplamos a carencia
de efectivos multiplicando
as nosas presenzas
en distintos ámbitos»**

para dotar dun corpus teórico de interpretación e análise da realidade galega e da estratexia política e auto-organizativa que se precisaba, que nas liñas mestras aínda ten utilidade hoxe. Non perdamos de vista que o importante Texto Conxunto asinado pola UPG e polo PSG é desta época.

Todo este proceso que se fixo de modo autodidacta, sen patrocinios económicos nin mediáticos, representa nesta zona do planeta, unha achega sen precedentes á construción dunha nación sen Estado propio, e que é un bo argumento obxectivo e subxectivo da existencia mesma da nación. Que haxa na Galiza organizacións sociais en case todos os ámbitos do mundo dos traballadores e doutros sectores populares, no ámbito da cultura, nos estudantes, no mundo veciñal, que haxa un proxecto común que aglutina hoxe practicamente todo o nacionalismo, e que haxa ademais un corpus teórico de análise e interpretación da realidade que sustenta esa estratexia política, e cunha configuración como non hai seguramente en ningunha outra nación europea sen Estado, mesmo nas que o nacionalismo ten mellores resultados electorais que na Galiza; ten moito que ver co traballo realizado nos derradeiros anos do franquismo e nos primeiros do novo réxime.

Practicamente de modo definitivo ou como xermes de futuro, todas esas achegas agromaron nos anos 70 da man da UPG e coa contribución de persoas que, en non poucas ocasións, supliamos a carencia de efectivos multiplicando as nosas presenzas en distintos ámbitos. Precisou dun esforzo militante ao servizo dun proxecto colectivo, cunha entrega xenerosa e cunha convicción profunda de servizo a causa nacional galega, que nos permitía




participar na fundación de ERGA, colaborar nos comités de axuda á loita labrega, impulsar a creación de asociacións culturais como primeiras escolas de divulgación, defensa e achegamento a unha cultura e idiomas negados e perseguidos, que nos permitía levantar asociacións veciñais, ou estar na primeira liña da axitación social contra as agresións que sufría o noso país. Aínda lembro hoxe o meu primeiro contacto con Paco Rodríguez, cando me entregaba uns panfletos, contra o encoro de Portas que anegaba o territorio de Campobeceros, que eu despois repartía pola noite debaixo das portas das casas de Allariz.

Precisamente nos primeiros pasos da organización estudantil da UPG en Compostela, ao fío do nacemento de ERGA e para esclarecer as dúbidas que tiñamos, debido a información que recibiamos, tiveron o meu primeiro contacto con Moncho Reboiras. Na articulación e dirección que se estaba a impulsar a todo este proceso de auto-organización por parte do Comité Central, tocounos a outro compañeiro e a min mesmo representar a organización estudantil da UPG de Santiago nunha

Terra e Tempo editado pola Delegación do Exterior da UPG en base a un informe sobre as folgas de 1972 na Galiza

reunión cunha representación do Comité Central, coído que foi no curso 73-74. Esa foi a miña primeira reunión orgánica con Moncho Reboiras, xa que el e outro camarada eran as persoas comisionadas polo Comité Central. Tivera antes un contacto persoal previo no último trimestre do ano 72 onde coincidimos facendo a mili en Figueirido e a organización púxonos en contacto un co outro. Teño que dicir que a esa primeira reunión, que coído que decorreu nun piso de Santiago de Compostela, na rúa Rosalía de Castro que utilizábam para reunións e que sería descuberto na represión que se produciu no ano 75, propiciou que nós impulsáramos outra, na casa de Anselmo López Carreira. Esta xa cunha parte importante das persoas máis relevantes do sector estudantil da UPG á que tamén asistiu Moncho. Na miña percepción e convicción está a relevancia que estes contactos e o propio Moncho tiveron, para que se disipasen todas as dúbidas e se iniciase un camiño definitivo de expansión de ERGA e a consolidación do nacionalismo no estudantado de Compostela, no que a min me tocou xogar, até a primavera do ano

«Do traballo desenvolto nesa época, as características que se me aparecen con maior contundencia son a firmeza, decisión, entrega e convicción»



© Fundación Terra e Tempo

75, o papel de responsábel do sector estudantil no Comité Local de Santiago.

Do traballo desenvolto nesa época, as características que se me aparecen con maior contundencia son a firmeza, decisión, entrega e convicción con que se afrontaba a construción deste proceso de auto-organización nacional, que foron fundamentais para saír adiante nunha situación nada favorable. Ás dificultades de estar construíndo algo novidoso había que engadir a oposición dura, non só do sistema, senón tamén dos movementos organizados de dirección non galega, na maioría dos casos con moita maior experiencia nos seus cadros e dirixentes, que deseñaban unha parte importante das súas estratexias en criticar e descualificar os intentos de auto-organización do país.


Son os últimos anos do franquismo nos que o nacionalismo galego pisa o acelerador para dotar a Galiza de auto-organización en todos os ámbitos. A morte de Franco e a grande expansión organizativa posterior que se produce a nivel político e social chegoulle ao nacionalismo galego nunhas circunstancias particularmente complexas e

**«que importa que nos maten
si deixamos semente de vencer»**

ARQUIVOS
DA UPG

-- SEP. 1975

MONCHO



**militante revolucionario pola liberación nacional
e social do pobo galego, asesinado pola
ditadura terrorista do Estado Imperialista
Espanol. (Ferrol 12 Agosto 1975)**

UPG (UNION DO POBO GALEGO)

◀ Cartaz distribuído dentro e fóra da Galiza
ao mes do asasinato de Reboiras

**«Son os últimos anos
do franquismo nos que
o nacionalismo galego
pisa o acelerador
para dotar a Galiza
de auto-organización
en todos os ámbitos»**

non seguramente as mellores. Con poucos anos de percorrido e construíndose o proceso de auto-organización e, xa que logo, con moitos cadros novos no sentido de ter pouca experiencia. Despois do golpe represivo de agosto de 1975, onde ademais da caída de Moncho Reboiras se produciu a caída de moitos compañeiros e o paso á clandestinidade total dunha parte importante da organización. O que levou aparelado que unha parte das responsabilidades de afrontar os primeiros pasos do nacionalismo na nova situación política se abordase por mozos con pouca experiencia, aínda que si con gran determinación e convicción.

Foi esa determinación e dedicación a que nos permitía, cun reducido número de efectivos en Ourense, participar decisivamente ou ser motor importante das grandes loitas sociais que acabaría articulando o movemento sindical, como as folgas do transporte, da construción, da madeira. Foi tamén a que nos serviu de base para levantar un movemento sindical no campo e impulsar as importantes loitas contra a cota empresarial, pola defensa do sector leiteiro ou contra o *matute* no Ribeiro, que acabaría por convertelo na principal referencia alternativa ao poder caciquil. Logo serviría de base para que nas primeiras eleccións municipais, no ano 1979, o BNPG tivese, por exemplo, no partido xudicial de Ourense un concelleiro máis que o PSOE o que nos permitiu ter un deputado provincial, cousa que non puido ter o PSOE nese ámbito.

Foi esa determinación, convicción e activismo que multiplicaba a presenza do nacionalismo a nivel social, a que nos permitía dar saltos importantes no plano organizativo en pouco tempo. Lembro

como exemplo paradigmático o que se produciu nos traballadores do ensino durante o ano académico 75-76. Ao inicio do curso, coido que en setembro, aínda vivindo Franco, realizáronse as eleccións a decano do Colexio de Doutores e Licenciados de Ourense, eran as plataformas legais que se utilizaban para canalizar as distintas loitas e reivindicacións. A nosa candidatura, propiciada pola UTEG (Unión de Traballadores do Ensino de Galiza), perdeu as eleccións fronte a outra que aglutinaba todas as organización de ámbito non galego por un resultado de 40 votos fronte a 7. Ao final do curso, en maio, produciuse unha moción de censura propiciada por nós para que non se interferise desde o decanato, no traballo que estaba desenvolvendo a Comisión da Lingua do Colexio na que nos estábamos a traballar, e perdemos a votación por 27 fronte a 24. É dicir, un cambio substancial nunha escasa marxe de tempo.

Coa perspectiva que dá o tempo e sabendo que todos os procesos de construción nacional son dinámicos, hoxe podemos acreditar que unha parte importante da estrutura auto-organizativa da nación en todos os ámbitos, e mesmo a formulación teórica que fundamenta no básico o proxecto político do nacionalismo e o seu engarce co que se fixera desde o Partido Galeguista, ten unha importante ancoraxe na achega que se fixo ao redor dos anos 70. Nesa época, a entrega militante ao servizo dun proxecto colectivo e do país, a xenerosidade no compromiso anónimo que chegaba até o sacrificio da propia vida, como no caso de Moncho Reboiras, foi chave para desenvolver unha batalla política que, polas circunstancias nas que se fixo, tivo en ocasións matices case épicos. ●



- Mural de papel anunciando unha concentración no aniversario do asasinato de Reboiras

ELVIRA SOUTO PRESEDO

Os hábitos do monge*

Cabelo escuro, liso e abundante que baixa sobre a testa e cobre têmeoras e orelhas. Raia a um lado. Um bigode que evoca a guerrilha mexicana. Um conjunto de camisa e casaco que fai prever gravata discreta.

ELVIRA SOUTO PRESEDO é activista desde a súa mocidade. Foi nomeada secretaria xeral da Unión do Povo Galego (UPG) en marzo de 1977. Durante 27 anos traballou como profesora de Didáctica da Lingua e a Literatura na Universidade da Coruña. É integrante de varias asociacións, nomeadamente de defensa da lingua, os dereitos civís e as liberdades públicas.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Estranha imaxe a deste militante nacionalista em tempos de pana desluzida e camisa a quadros.

Tam estranha que permite audacias. Interrogar, por exemplo, os vizinhos de um edifício da Corunha para conhecer o destino de um saco cheio de propaganda caído ao pátio de luzes desde o sexto andar (apartamento franco). Nos dous activistas que os interrogam (Moncho e um companheiro com idéntica indumentária) os vizinhos vem dous sociais (policia política). E a negativa é contundente: nom sabem nada, nom vírom nada, nom caiu nada. Moncho e o companheiro podem marchar tranquilos. O saco foi retirado e o seu contido convenientemente posto a resguardo. Terno, gravata e peruca obram milagres.

Mas antes deste hábito protector houvo máscaras menos seguras. Celhas e cabelo decolorados, quase albinos. Artificio complicado e no entanto pouco fiável.

O dia em que sobe a um autocarro ategado de labregos de Dodro caminho da feira, Moncho decide mudar o hábito.

«Pepe, que che passou!», pasma-se o que vai na primeira fila. A porta das traseiras, e a calma

«O dia em que sobe a um autocarro ategado de labregos de Dodro caminho da feira, Moncho decide mudar o hábito»

proverbial do militante, permite ignorar o reconhecimento. Nom é momento de parar a ver o espanto dos outros.

Loiro ou moreno, para os seus, Moncho nom deixara de ser Pepe. Um moço de cabelo crecho, olhar intenso e vestir modesto. De bigode, nem rasto. ●

► Asemblea de traballadores da
construción en folga, na Avenida
de Ramón Ferreiro en Lugo, 1977

FERNANDO A. SOUTO GINARTE

Moncho Reboiras*

Co título deste artigo pretendo facer énfase nos logros do nacionalismo e do país nunha época, a década dos 70, e sobre todo a primeira metade da mesma, e facelo ao fío dalgún acontecemento no que coñecemos e tivemos relación orgánica con Moncho Reboiras. Partindo da idea de que unha nación sen Estado constrúese día a día e sobre todo precisa unha articulación de auto-organización aos distintos niveis como columna vertebral de subsistencia.

FERNANDO A. SOUTO GINARTE (Bos Aires, 1952). Há muito tempo que nom estou na trincheira. Conservo, apesar da derrota, um certo sentimento de orgulho por ter dado quase tudo na luta por umha Galiza mais livre e solidaria. Teve a honra e o privilegio de compartir essa luta com o Moncho e outros camaradas.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

*Tutte le genti che passeranno
Mi diranno «che bel fior!»
E questo è il fiore del partigiano
Morto per la Libertà.*

(«Bella Ciao», canção guerrilheira)

«Alto a la ley! Guardia Civil!» Berrou o agente da «brigadilha» acochado detrás de um muradoiro e com a pistola a apontar. Moncho, que baixava do monte por um caminho, ficou surpreendido. Quando um pouco antes enxergara o guarda civil, fixo-se a ideia de o agente ser um mais de um grupo de labregos que estava a trabalhar numha daquelas leiras. Agora fitou para ele e as suas miradas cruzárom-se. «Levante las manos!» ordenou o polícia. Moncho ergueu levemente as maos e sorriu. Sem abandonar o sorriso, foi movendo umha mao cara ao peto interior do seu casaco na procura da Browning. «Las manos quietas!» voltou a berrar o número. A tranquilidade e o aspecto amável do apontado confundia o agente, a angústia marcava-lhe o rosto porque

a situação começava a se pôr brava. O iminente capturado conclui o movimento e botou a mao á sua arma ante a surpresa do guarda. O polícia disparou e Moncho, botando-se ao chao de costas descarregou também a sua Browning. Nengum dos dous resultou ferido. O «brigadilha» também se tirou ao chao detrás do valado. Entretanto, Moncho erguia-se, pistola em mao, e já em pé foi recuando sem deixar de fitar para o valado. O guarda ficou imóvel. O perseguido, sempre alerta, afastou-se do lugar até perder de vista o muradoiro.

O tiroteio com o guarda civil naquelas circunstâncias nom estava previsto no seu magim. Porém, informou-no de que andavam trás dele, previam a rota que seguia e, como cachorros perdigueiros, cheiravam e percorriam as suas pegadas. Mentres punha á distância o sitio onde se produziu o encontro, nom deixava de cismar no ocorrido. Como é que estava ali o agente, se ele mesmo, antes de começar a viagem, nom sabia nem do caminho nem que ia passar por ele. Só havia umhas horas que abandonara o carro quando percebeu que era seguido pola Guardia Civil, e isso acontecera a uns



© Anna Turbau

poucos quilómetros daquele lugar, obrigando-o a se tirar ao monte na procura de abeiro. Naquele momento, escolheu com bom tino evitar o enfrentamento, questão que agora era inevitável.

Serva este episódio para ilustrar quem era Moncho. Tinha um valor sem limites. E isso foi o que em breves instantes percebeu o «brigadilha». Pátria ou morte, matar ou morrer, como se quiser chamar, foi a mensagem que recebeu e deveu pensar. Pelejo só há um, e pelo salário do Regime de Franco nom pagava a pena morrer.

Essa determinação que Moncho punha em todo o seu fazer, era o que nos engaiolava dele. Nom era um destemido, mas era um homem de coragem, de vontade, de magnanimidade. Dos imprescindíveis de Brecht. Dos bons e generosos que canta o nosso hino.

Essa vontade foi a que estivo detrás da criação de umha organização obreira e revolucionária de fundo enraizamento no País e nas classes trabalhadoras. Essa árvore novinha que ele plantou hoje floresce viçosa como carvalheira mesta nas novas

◀ Fotografia tomada na Praza da Quintana, o Día da Patria Galega de 1978 na que están as 3 xeracións dunha familia, avó, pai e fillo, do Carballiño. A foto foi empregada para o cartaz que convocou os actos do BN-PG do 25 de xullo de 1979

**«Só desejamos
que os nossos filhos,
e os filhos dos nossos
filhos, saibam
quem foi Moncho»**

devesas mais livres do mundo operário. Ele tivo a intuição genial de fazer gravitar o trabalho da UPG desde aspectos mais culturais e conspirativos para o mundo dos trabalhadores, da reivindicação obreira. O que com muita pompa chamávamos «proletarização», e hoje chamariam ‘pôr-se a trabalhar’, permitiu-nos olhar a Galiza de mais perto e mudar a nossa prática política.

O seu quefazer diário estava cheio de contactos com trabalhadores, informação, organização, estudo e análise de conflitos. Ele chefiou um grupo de camaradas que centraram os seus esforços na actividade sindical. O fruto de todo aquele trabalho e de muitos outros que o seguiram é a actual CIG. Foi um grande organizador e a sua pegada segue viva, quando menos nessa casa. Prova manifesta desta afirmação é a presença fulcral das organizações operárias nacionalistas na actual greve do metal em Vigo.

Naqueles primeiros anos 70 a UPG na que militava Moncho enfrentava umha situação de precariedade organizativa desalentadora. Somente uns poucos militantes sem experiência e quase sem formação política, nem contactos com os nacionalistas sobreviventes da desfeita fascista. E sobre o povo galego pesavam décadas de políticas de terrorismo de Estado sobre as suas costas. Ausência de umha educação que se pudesse considerar tal, só umha mínima instrução clerical e repressora conformadora de um imaginário colectivo castrador de toda liberdade de pensamento. Nom parecia possível recuperar em curto prazo um movimento nacionalista para orientar e dar sentido á luta fraccionada que naqueles anos começava a agromar na gente nova do país. Porém, o trabalho constante,

duro e calado de alguns, nom muitos, e principalmente de Moncho em todas as frentes partidárias construírom o milagre de ir artelhando alternativas políticas e organizações ao redor de um atraente projecto para a Galiza, a sua emancipação como povo e classe. É que ele tirava o melhor de toda a gente. O seu exemplo, a sua atenção constante ao trabalho dos companheiros, e a sua grande determinação fazia que todos os objectivos parecessem possíveis e reais. Assim, todos tentávamos realizar muito mais do que pensávamos que era a nossa capacidade. É preciso dizer que a realidade cativa e cainha daqueles anos nos colocou quase sempre no nosso lugar. Apesar disso, as derrotas eram apenas pequenos atrancos e as vitórias eram sempre grandes triunfos. Nom houve capitam como o Moncho. Com ele á frente, o assalto ao Palácio de Inverno parecia cousa de amanhã mesmo, e nom havia dúvidas nos companheiros. A sua liderança era incontestável.

Hoje, por essas cousas da Lei da Memória, o Moncho vai virar –definitivamente– com umha placa de bronze em ruas e praças, e nessas ruas e praças haverá meninhos a brincar e cada um deles será, para nós, umha promessa de outro homem como ele. Por isso, só desejamos que os nossos filhos, e os filhos dos nossos filhos, saibam quem foi Moncho, porque temos a certeza de que este povo, que tem a história mais antiga da Europa e umha das mais duras, seguirá a estar vivo em quanto der homens como ele. ●



► Marcha antinuclear de Viveiro
a Xove o 10 de abril de 1977

FRANCISCO LUÍS RODRÍGUEZ GUERREIRO

Nos setenta e nunha vila galega*

A maioría da mocidade que na década dos anos setenta se achegou ao nacionalismo organizado fíxoo desde o movemento estudantil. É o meu caso. Poderíansenos encadrar no que se deu en chamar ‘Xeración ERGA’ (Estudantes Revolucionarios Galegos), xa que os meus primeiros contactos coa militancia da UPG foron no curso 72-73, na cidade de Lugo. Como calquera outro mozo residente nunha vila galega –Viveiro, no meu caso– vinme obrigado a me desprazar até Lugo para iniciar os estudos universitarios. E foi nesta cidade onde permanecín durante catro cursos, agás nas vacacións, e onde alí me enrolei no barco nacionalista.

FRANCISCO LUÍS RODRÍGUEZ GUERREIRO (Viveiro, 1953). Traballou no ensino público desde 1983 e actualmente está xubilado. Desenvolveu un intenso traballo cultural na Agrupación Cultural Sementeira. En 2006 impulsou, como Concelleiro de Cultura, a homenaxe nacional a Lois Tobío. Formou parte da Corporación Municipal de Viveiro, primeiro como representante do BN-PG (1979) e despois como portavoz do Grupo Municipal do BNG, sendo 1º tenente de alcalde durante o mandato 2003-2007.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Pablo Viz

Na miña vila fundárase, en abril 1972, a Agrupación Cultural Sementeira. Aínda que no momento da constitución desta asociación a maioría das persoas que a promoveron nada tiñan que ver co nacionalismo organizado, axiña foi virando este colectivo cara á defensa da lingua e da cultura da Galiza –ao igual que ocorría con outras asociacións noutras vilas e cidades do país– ao entrar na súa Xunta Rexedora xente vinculada xa ao nacionalismo: axentes de Extensión Agraria como Pencha Santasmarinas ou África Leira; ensinantes como Manuel Sendón ou Pilar Delgado; traballadores como Ignacio Hernando ou César Naval; e estudantes que poñiamos en práctica a formación recibida nos seminarios impartidos na clandestinidade. E foi esta agrupación cultural a que levou adiante, entre os anos 74 e 79, unha intensa actividade informativa cando se anunciou o proxecto da construción dunha Central Nuclear en Xove.

Cando este estudante vilego chegou a Lugo, había ben poucas persoas na cidade militando no nacionalismo. Precisamente hai poucos días, lembramos estes anos nun acto de homenaxe a Lois

Diéguez, que foi unha das tres persoas –esa debía ser daquela toda a militancia da UPG na cidade das murallas– que, no curso 72-73, traballaron entre o estudantado para o atraer cara ás organizacións nacionalistas. Un estudantado organizado, despois, en ERGA, que defendía o uso do noso idioma nas aulas e nas asembleas, que popularizou na rúa a nosa bandeira... En fronte tiñamos os militantes do PC, nada partidarios da normalización do idioma e sempre seguidistas das consignas chegadas de fóra. Ademais de asistiren aos seminarios de formación

«En novembro de 1973, a prensa publicou a nova de que a primeira central nuclear da Galiza ía ser construída en Xove»



Portada e contraportada do libro –deseñado por Pepe Barro– que recolle as charlas organizadas para alertar á poboación das consecuencias dunha instalación nuclear en Xove

impartidos nos lugares máis estraños dos arredores da cidade –supoño que para escapar do control policial– os mozos tiñamos a oportunidade de formarnos ao asistirmos ás conferencias que, no caso de Lugo, estaban convocadas polo Clube Cultural Valle Inclán. Foi neste Clube onde Lois Diéguez organizaba conferencias ou Carlos Varela Veiga, deseñador, fotógrafo e cineasta, programaba uns ciclos de cine que contaban con moitísimos espectadores.

No mes de novembro de 1973, a prensa publicou a nova de que a primeira central nuclear da Galiza ía ser construída en Regodela, no concello de Xove. Este anuncio obrigou, durante uns cantos anos, a desenvolver unha intensa campaña informativa que se iniciou precisamente cunha Mesa Redonda realizada na cidade de Lugo, convocada polo Valle Inclán. Despois foi, como xa se dixo, a Agrupación Cultural Sementeira a que levou o peso desta campaña na Mariña. Da man de Ramón Muñiz, responsábel da organización no agro cos Comités de Axuda á Loita Labrega, as xentes da Agrupación Cultural organizamos varias mesas informativas. O tratado nunha delas, a decorrida

no mes de novembro de 1974 nunha sala de festas de Viveiro, foi recollido posteriormente no libro *A contaminación na Galicia*. Houbo máis actos informativos e as mobilizacións en contra da instalación da Central nuclear de Xove foron varias, destacando pola súa importancia as convocadas pola AN-PC en abril de 1977 e a de maio de 1979. Apoian-do esta actividade estabamos ensinantes, axentes de Extensión Agraria, traballadores e estudantes.

Daqueles anos, e xa no campo sindical, cómpre destacar o traballo que fixeron os compañeiros


«En agosto de 1976 comezan as festas en Viveiro, o pregoeiro, o escritor Manuel María, dedicou o seu discurso a Xosé Ramón Reboiras Noia»

Cartaz contra a instalación en Xove da central nuclear prevista

estudantes que abandonaron os seus cursos universitarios para entraren a traballar en empresas da construción e, ao mesmo tempo, afiliaren os obreiros no Sindicato Obreiro Galego (sog). Mozos como Xosé Manuel Díaz ou Suso Arrizado, estudantes en Lugo, que, con Miguel Campuzano, procedente da Coruña, foron figuras clave nos inicios da loita obreira na Mariña.

En representación da fronte estudantil participei, en abril 1975, na constitución da Asemblea Nacional-Popular Galega. Lembro a reunión que tivo lugar nunha residencia de monxas da cidade de Lugo. E xa nas vacacións deste curso, os estudantes dedicámonos a establecer contactos para dar a coñecer nas nosas vilas de orixe a nova organización interclasista. Moi poucos meses despois, no verán deste mesmo ano, produciuse o asasinato do compañeiro Moncho Reboiras e a detención de varios militantes, entre os que se atopaba Xoán Manuel López, 'Lito', que eu coñecía por sermos da mesma parroquia, mais non o relacionaba – cousas da clandestinidade – co nacionalismo. Fuxindo da forte represión, Elvira Souto chegou a Viveiro onde ía ficar agochada nos días posteriores ao 12 de agosto. Se cadra Ignacio Hernando podería relatarnos polo miúdo esta historia. Aquí prestamos apoio a Elvira unhas poucas persoas e tamén – todo hai que dicilo – esta experiencia serviunos para comprobar como algúns recuaban ante esta difícil situación e poñían terra por medio.

O meu relatorio non pretende descubrir nada novo. É só un testemuño máis arredor da loita nacionalista na década dos 70 desde unha vila galega. É un recoñecemento do labor de moitas persoas – coñecidas unhas, anónimas as máis – que



estiveron embarcadas neste proxecto colectivo, como Moncho Reboiras, nas organizacións estudantís, na Fronte Cultural ou nos inicios do sindicalismo nacionalista.

O 12 de agosto 1976, no primeiro aniversario do asasinato de Moncho Reboiras, uns poucos militantes viaxamos nun auto prestado desde Viveiro até o cemiterio de Imo, respondendo á convocatoria da upg. Ese mesmo día comezaban en Viveiro as Festas Patronais e de Verán. A organización corría por conta de Sementeira e a vila estaba chea de bandeiras galegas. Nunca tal se vira! O pregoeiro, o escritor Manuel María, dedicou o seu discurso a Xosé Ramón Reboiras Noia.

Así, como fixo nese acto público o noso poeta, recoñecendo a entrega dos nosos militantes, traballamos daquela os nacionalistas. Así, lembrando esta loita colectiva, quero eu facelo hoxe. ●



► Mobilización agraria en Lugo
contra a cota empresarial
en decembro de 1977

LUÍS PÉREZ RIVAS

Amigo Moncho Reboiras: lembranza dunha amizade e compromiso compartido

Nalgún momento de finais de 1969 ou principios de 1970 coñecín a Moncho Reboiras. Tantos anos despois aínda gardamos, a miña muller e mais eu, no campo da memoria o eido sementado coa súa amizade. Por teren pasados tantos anos, e tantas voltas dadas á figura de Moncho, unhas facéndolle honra ecuánime e verdadeira e outras non tanto, non podo máis que intentar dar a miña honesta visión de quen foi, ante todo, un compañeiro de militancia, un amigo e sempre un exemplo de honestidade e integridade.

LUÍS PÉREZ RIVAS (Moaña, 1948). Profesor especialista en Pedagogía terapéutica, vinculado profesionalmente ao autismo. Foi o primeiro responsábel da Fronte Cultural da Unión do Povo Galego, partido en que militou até 1975, continuando despois coa súa actividade cultural no campo do galeguismo.



© Fundación Terra e Tempo

Pídeseme que achegue a miña testemuña acerca do Moncho persoa, do Moncho amigo, do Moncho na curta distancia dos afectos, naquilo que partillamos no plano das relación persoais: como era Moncho?


Creo que non pode haber resposta cabal a esta pregunta sen amosar, inda que só sexa moi esquematicamente, o contexto en que cómpre enmarcar o seu percorrido vital e como militante do nacionalismo: Moncho era un mozo do seu tempo e soamente coñecendo este contexto poderemos achegarnos a el.

Moncho viviu toda a súa vida dentro da ditadura franquista. A súa familia vén de Imo para Vigo asentándose no barrio de Teis. Coñecéndoos podemos dicir que trouxo consigo as súas raíces, as súas vivencias e os seus sentimentos de pertenza: nunca deixou de ser de Imo, da aldea, daquelas xentes que eran as súas. A Moncho doíanlle as duras condicións de vida, a escaseza de horizontes, as penurias dos seus paisanos. Ese sentimento, chamado a ser racionalizado, sempre o acompañou e, sosteño para min, que explica en boa medida a súa biografía posterior.

En Vigo, Moncho olla e descobre as xentes do común do seu barrio, os operarios de Teis, coa paisaxe dos estaleiros ao fondo; reflexiona sobre as condicións laborais e de vida daqueles traballadores, da humilde veciñanza da que é testemuña. Esa é a súa xente.

Xa perante o bacharelato e, mais tarde, na época de estudante na escola de peritos, achégase aos círculos da resistencia cultural e política, frecuenta círculos da resistencia antifranquista, como a Asociación Cultural de Vigo, os grupos do Pai Seixas, círculos de formación alternativa nunha forzada clandestinidade por mor das tremendas restricións de liberdade e dereitos impostas polo Réxime. Aí comeza o labor de racionalización da súa traxectoria vital, a súa toma de conciencia e un compromiso cargado pola rabia de sentir en si e nos demais os efectos dunha ditadura que cercea todo principio de liberdade, de xustiza. Non teoriza asepticamente, sempre o fai desde a vivencia da identificación cos máis desfavorecidos.

Nese tempo, no territorio interior, o nacionalismo galego xa tiña realizado unha dobre fenda: por



unha banda, véñse da ruptura co nacionalismo e coas institucións do exterior (galeguistas e nacionalistas superviventes da República e das súas institucións, con Castelao como figura simbólica primordial), baixo o obxectivo fundamental de manter viva a identidade sociocultural de Galicia en perigo de ser diluída polas condicións nas que o país se desenvolvía (ditadura franquista): eis a alternativa de Ramón Piñeiro, do chamado Grupo de Galaxia etc. Por outra banda, dáse unha nova ruptura do galeguismo-nacionalismo no interior, coa fundación en

1964 da UPG, organización que sostén teses diferentes ás de Piñeiro sobor do país, postulando unha vía diferente e oposta á piñeirista: parte da tese de que Galicia é unha nación, xa que logo, suxeito político con dereito a autodeterminación; de que, tendo en conta a función política e económica que lle impón o Estado español é a de ser unha colonia interior, a primeira e principal necesidade de Galicia é a súa liberación e emancipación social, política e económica verbo do Estado e de que a vía para logralo partiría da construción dunha fronte patriótica de

◀ Cartaz de convocatoria do aniversario de Moncho Reboiras en Ferrol na década dos oitenta. Durante varios anos o deseño gráfico non mudou, só a hora de convocatoria de cada ano e o papel de fondo co que se imprimía. A imaxe icónica de Reboiras fixouse paseniñamente

«Non era posíbel discriminar nel quen era a persoa, quen o militante e quen o activista»

liberación nacional. E, a diferenza do piñeirismo, apóstase por pórse mans á obra xa.

Moncho entra na UPG a finais dos anos 60, cando aínda está todo por facer: a estrutura organizativa, a dinamización dun modelo frontista de loita anti-franquista e de clase, vale dicir impulsar a creación de sindicatos galegos de clase, dunha organización política de clase obreira, campesiña e mariñeira, dunha fronte cultural etc. Achegarse e chegar ao mundo do traballo, do campo, do mar e darlle máis concreción ao modelo ideolóxico e pragmático que guiará a súa práctica achegándose ao marxismo leninismo e ao maoísmo; collendo como guieiros a seguir os movementos de liberación nacional próximos: Arxelia, Vietnam, Corea, Angola, Mozambique, Cuba, Irlanda. E o procedemento vai ser o «foquismo», modelo tomado dos líderes dos MLN en activo como Ho Chi Minh, o Che Guevara en América do Sur; África, entre outros. Todo isto está por facer e aí xa está Moncho, sendo case un adolescente, guiado polas súas ansias de liberdade, de xustiza, de igualdade que o Réxime impedía.

Ao tempo ten noticias dos movementos máis radicais de liberación nacional e, ou, antiimperialista dos anos 70: ETA en Euskadi, IRA en Irlanda, Baader-Meinhof en Alemaña, Brigadas Rojas en Italia, a guerrilla do Che en América do Sur etc., e de maneira e especial os acontecementos de 1972, cando o PCE español de Carrillo, sen medir a correlación de forzas que no momento se daban, decide realizar un *tour de force* ao franquismo promovendo unha folga xeral revolucionaria chamada a derrubar o Réxime. As mobilizacións e a resposta obreira foron masivas, igual que de contundente foi a resposta represiva dada polo Goberno: o resultado final

foron mortos (en Galicia, dous líderes obreiros en Ferrol, Amador e Daniel), presos, represaliados, e o movemento sindical descabezado e orfo de líderes. Só quedaron as feridas e volta a comezar.

Moncho segue atentamente os sucesos de Portugal de 1974, a Revolución dos Cravos na que cae a ditadura sen resistencia significativa, derrúbase un dos últimos vestixios do Imperialismo, as colonias africanas de Portugal embárcanse na súa propia loita de liberación nacional e para todos os galegos aí estaba, no país veciño, un espello e un modelo a seguir.

Naquel ambiente efervescente, percibido como un clamor, como unha chamada ao cambio, á ruptura e á revolución que semellan estar ao alcance da man, un Moncho xuvenil xa é un destacado dirixente da UPG, participando no proceso de atopar a lectura histórica e crear as condicións obxectivas e subxectivas para perfilar os seus postulados programáticos e a súa práctica.

É nese ambiente onde o mozo Moncho Reboiras, atopa e integra os trazos que van configurar a súa identidade persoal como galego, fráguese ideoloxicamente como revolucionario sen fisuras e entrégase á causa da liberación nacional de Galicia sen límites, con tal fondura que acabou por fundir en si mesmo, na súa vida persoal, o seu compromiso como galego de nación e a súa militancia. Até o punto de que non era posíbel discriminar nel quen era a persoa, quen o militante e quen o activista, pois púxose, até a trágica fin dos seus días, ao servizo da causa pola que loitaba sen límites, negándose a si mesmo.

Sen el non se podería chegar a onde se chegou na estratexia da UPG, de ir abrindo fronte,



Panfletos do Sindicato Obreiro Galego

verdadeiros actos fundacionais naqueles campos ermos: o sindicalismo obreiro, labrego e mariñeiro, a fronte cultural etc., así como a consolidación de organizacións frontistas, a axitación, a propaganda, a concienciación, e chegado a un punto, á creación dunha fronte armada segundo os modelos antes mencionados, todos eles iniciados e sostidos co seu activismo por Moncho.

Este foi o Moncho que eu coñecín e co cal, mais aló do que compartíamos ideoloxicamente, máis aló da militancia tamén compartida, sostiñamos, a miña muller, el mais eu, unha profunda amizade sendo a miña casa e a miña familia un espazo compartido fraternalmente.

Moncho era firme de carácter, moi próximo, sempre respectuoso e afectivo. Tiña unha grande empatía e tivo con nós algúns detalles que ilustran a súa bonhomía: máis dunha vez, en tempos económicos difíciles para a miña familia, despois de estarmos xuntos, acababa por aparecer nalgún curruncho da casa unha pequena posta de diñeiro. Sempre se amosou cun gran calado afectivo nas relacións persoais e teño para min que, este fondo de

fraternidade, de identificación cos outros, de empatía, era un dos alicerces que sostiveron, desde moi cedo, a súa vida e a súa militancia.

Este foi o Moncho que chegou á nosa casa de Vigo, nun día de mediados de 1974 que non podemos precisar: viña fuxindo da policía tras un encontro coa Garda Civil logo de desprenderse do seu coche a placa da matrícula trucada, nunha paraxe preto de Escairón. Segundo o seu relato «as balas pasáronme a rentes». Logrou escapar monte arriba.

Nestas circunstancias, Moncho culmina a toma dunha decisión transcendental para a súa vida: pasar á clandestinidade definitivamente para entregarse, sen fisuras, á causa da liberación nacional de Galicia como dirixente destacado da UPG, da súa dirección e da fronte armada.

Dado que estaba fichado e era coñecido pola brigada político social, era necesario cambiar o seu aspecto físico para non ser identificado. A miña muller foi a encargada desta transformación: tinguiulle o pelo de rubio, depiloulle o poboado cello, cambioulle o peiteado e o debuxo do bigote até parecer realmente outro: esa é a fotografía que despois da súa morte foi difundida. Vestiuse coa miña roupa: xersei de colo subido, chaqueta verde de corte cruzado con botón dourados, pantalón gris así foi como saíu da nosa casa, cun pequeno coxín baixo o brazo que lle facía ás veces de cartucheira.

No derradeiro trimestre de 1974 trasladeime coa miña familia a vivir a Santiago. Alí seguimos vén-donos por mor de compartirmos militancia e amizade; e seguía achegándose á nosa casa cando podía.

Na madrugada do 11 para o 12 de agosto de 1975, despois de rematar un seminario clandestino de formación que eu impartía nun monte preto



de Santiago, un mozo participante no mesmo, de nome de guerra «Mechón», escoitando un pequeno aparello de radio ao tempo que camiñaba ao meu carón, díxome: «Acaban de dicir que en Ferrol houbo un tiroteo da policía con ETA; seica hai un morto». Non se trataba de ETA, pero souben no instante de quen falaban.

Tan só uns días antes tivera unha cita con Moncho en Ferrol e logo inda estivemos os tres, Moncho, Maribel e eu, tomando algo (deste detalle lémbrese ben a miña muller e achégao a este relato). Ao despedirmonos marcamos unha nova cita, segundo creo recordar para a terza ou cuarta feira da semana seguinte, segundo me fora a min o traballo na Coruña. Había tempo que nos decatamos de que no seo dos órganos máximos da organización ían tomando corpo prácticas pouco democráticas e pouco transparentes e dedicimos abordar o problema; ese era o tema do noso programado encontro. Foi a derradeira vez que nos vimos: na terza feira 12 de agosto de 1975 asasinárono.

Moitas veces me teñen preguntado como era Moncho e como quedou para a historia da súa

«Somente coñecendo ben o contexto onde se fraguou vital, social e politicamente, así como a súa biografía, poderemos achegarnos a Reboiras»

causa. Agardo ter contribuído en algo con estas lembranzas. Para min Moncho é o Moncho daquel tempo e daquelas circunstancias, un mozo idealista, absolutamente honesto comprometido e pragmático, coforxador eficiente da UPC e da creación das diversas organización políticas, sindicais, culturais, de corte nacionalista das que Galicia estaba orfa naquel momento: sen o seu labor nin se poderían explicar e, quizais, nin existir. Identificouse coa Galicia e a súa causa, tal como el as concibía, vivía e entendía, facéndose cargo e responsábel, sen medir os límites nin as consecuencias, do que consideraba o seu deber como militante da UPC e dirixente do movemento de liberación nacional.

Somente coñecendo ben o contexto onde se fraguou vital, social e politicamente, así como a súa biografía, poderemos achegarnos a el honrando a súa memoria que toma pleno sentido tendo en conta o tempo que lle tocou vivir.

Creo que a mellor homenaxe que se lle pode render a Moncho é facer a súa biografía cos métodos e co rigor dos que a historiografía profesional dispón: non me cabe que achegarse á mesma sería unha boa contribución para quen queira coñecer Moncho Reboiras, a súa vida e compromiso coa súa xente e o seu país nunha nunha época, o tardo-franquismo en Galicia, na que lle tocou vivir.

Desde o contexto actual e coa perspectiva que dá o tempo, cremos que a Galicia nacionalista non podería ser o que é. Moitos inda seguimos laiándonos do tráxico e innecesario final que sufriu Moncho, unha das últimas vítimas dun réxime que, até o derradeiro momento, non afrouxou na súa práctica de exterminio coa que comezou. ●



► Mobilización de mediados da década do 70

FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

Moncho Reboiras, galego de nación*

As sociedades necesitan, en certa maneira, mitos. Non é negativa a mitificación de persoas ou movementos que se esforzaron por cumpriren un papel histórico consciente ao servizo dunha causa humana xusta. Moitas veces, a mitificación acadada aspectos de fábula ou lenda falsificadora. É entón cando resulta negativa ou simplemente embaucadora. Digo isto porque a historia do nacionalismo galego non é unha historia de fábula ou lenda, senón unha historia real, con fundamentación popular e, en todo caso, con algo de alegoría nalgúns dos seus personaxes senlleiros. Cando se fala de que Rosalía é un mito ou de que está mitificada, non alcanzo a saber cal é o sentido desta expresión. Verdadeiramente a figura de Rosalía non acadou o nivel lendario ou de fábula grandiosa. Parece querer indicarse que se fixo unha imaxe ideal, elevada, superior da súa persoa e obra por parte do pobo galego. Tamén que pode ter algo de alegoría ou símbolo do país. Na Galiza normalmente non se deu a mitificación no sentido de elevar o real ao nivel da lenda. Son as condicións dunha historia de opresión e dunha historia censurada ou ignorada para gran parte do pobo galego.

FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ (Ferrol, 1945). Entra formalmente na UPG no ano 1969, formación da que foi secretario xeral entre 1981 e 1983 e, de novo, entre 2005 e 2012. É autor, entre outros moitos traballos de historia, crítica literaria e sociolingüística, de *A evolución ideolóxica de Manuel Curros Enríquez*, *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*, *Eduardo Blanco Amor, o desacougo da nación negada* e *Rosalía de Castro, extranxeira na súa patria*.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Ramón Reboiras Noia non acadou o nivel de mitificación limitada ou caseira dalgúns galegos ilustres. No seu caso predomina unha certa visión heroica, enigmática e algo simbólica. Cómpre configurarmos os aspectos positivos, pedagóxicos e sintomáticos que a propia realidade, sen desfiguracións, nos ofrece neste caso. Estamos perante un mozo de orixe popular, que descobre a realidade da Galiza, do seu país, entón como agora, censurada na súa traxectoria histórica e negada como espazo social, económico e cultural no que vivimos. Isto é, nada menos que un mozo que descobre que é galego de nación, o que é toda unha revolución nun contexto como o da Galiza de entón e tamén de agora. A maiores, este descubrimento elévao ao compromiso político, como é lóxico, co nacionalismo. El é un dos que axudaron a conformar unha estrutura orgánica da UPG á altura das necesidades no inicio da década dos 70. Porén, esta axuda converteuse nun compromiso tan radical que o levou non só a traballar, como enxeñeiro técnico, na fábrica facendo proselitismo, senón a dar o paso á clandestinidade total, dedicando o 100% do seu labor social á causa nacionalista. Foi así como se

produciu un salto cualitativo no proxecto político que a UPG intentaba desenvolver.

Sempre tiven a impresión de que o ano 1972 foi chave nesta mudanza cualitativa. Entón, mozos e mozas como Reboiras sentiron que o nacionalismo debía estar máis presente e actuante na sociedade galega se aspirábamos a pintar algo no seo das clases populares de onde proviñamos e a quen ía destinada a nosa alternativa. O principal foco de atención foron os labregos, entón aínda a clase traballadora cuantitativamente máis importante do país; o proletariado,

«Reboiras é un dos que axudaron a conformar unha estrutura orgánica da UPG á altura das necesidades no inicio da década dos 70»

«Reboiras asasinado e os compañeiros en prisión foron un revulsivo que obrigou a UPG a se reanimar, malia as limitacións derivadas da represión»

► Cartaz a multicopista chamando á mobilización o 25 de xullo de 1975, Día da Patria Galega, organizada pola Unión do Povo Galego

con todo o potencial de futuro que lle atribuíamos; e os estudantes e traballadores intelectuais. A expansión, a base dun traballo tenaz como o de Ramón, foi progresiva e constante, de xeito que non ficaron estas clases sociais exclusivamente en mans da esquerda española, representada entón polo Partido Comunista de España. Nin fai falta dicir que o confrontación máis radical e a desigualdade inicial máis angustiosa estaba no seo da clase obreira, onde a tradición comunista española viña de antes. Foi xustamente neste medio onde Reboiras tivo un activismo especial. Porque debe ficar claro que o obxectivo da UPG era organizar un sindicalismo clandestino, mais con presenza práctica na fábrica para dotar o nacionalismo de autoorganización e incidencia no seo da clase obreira. Para levar adiante esta tarefa, había que ter moita convicción e tamén unha formación marxista que asumise o problema nacional galego como a forma en que se daba obxectivamente a loita de clases na Galiza. Había que facer que se expresase subxectivamente, no plano ideolóxico tamén, na consciencia das clases traballadoras.

Reboiras, para min, representaba este obxectivo tan acariñado polo noso Partido, en primeiro lugar. Sorprendeume ver, nas súas fugaces aparicións, cun medio sorriso sempre nos beizos, que ía acompañando de boletíns ou documentación referida a temas de carácter cultural ou lingüístico. Seguramente axudaba a erguer en todos os lugares polos que pasaba organizacións culturais e participaba no debate ideolóxico a prol da importancia do noso idioma e coas persoas coas que tiña contactos. A fronte cultural nacionalista tivo nel, a bon seguro, unha axuda esencial. Foron precisamente as necesidades de financiamento do movemento nacionalista galego

as que levaron a que se conformase un grupo moi específico, loxicamente clandestino, destinado a conseguir fondos para a causa. Nós non dependíamos de ningunha internacional, isto é, non tiñamos ningunha axuda externa e internamente só contabamos con nós mesmos e coas escasas posibilidades económicas do grupo social no que nós sustentabamos. Non teño consciencia, tampouco nunca preguntei, de que se aspirase a empregar métodos propios da loita armada. En todo caso, nunca se desvinculou este grupo clandestino da actividade social que o nacionalismo necesitaba nin da contribución á articulación de infraestrutura en todo o país.

Cando Reboiras é asasinado o 12 de agosto en Ferrol pola policía franquista, as consecuencias para o aparato orgánico da UPG foron moi destrutivas. Este aparato ficou debilitado, espaxado e con persoas moi relevantes no exilio, nun retiro clandestino inactivo ou no cárcere. Lembro como, após ter noticias de cal era a situación das persoas que conformaban o grupo con Reboiras ou con el en conexión máis íntima, Ramón López Suevos e mais eu fomos avisados de que era necesario sacar Elvira Souto de Ferrol. Grazas a algúns cregos nacionalistas, puido agacharse á espera de que a recollésemos nun piñeirál próximo á praia de Valdoviño. Estes cregos actuaron sen prexuízos, coa consciencia de que se cometera un asasinato premeditado e dispostos a colaborar cunha causa patriótica incipiente. Só o paso do tempo torna moi evidente a ausencia hoxe na igrexa galega dun sector aberto, democrático e galego como aquel. Entón eu estaba, após un expediente administrativo, condenado ao desterro en Puerto Real (Cádiz), polo que a primeiros de setembro debería presentarme no meu posto



de traballo en Andalucía. Vivín unha certa desmoralización e tamén a sensación dun certo beco de saída incerta. Parecía como se unha barreira viñese a dificultar a traxectoria iniciada no ano 72, tan axitada e de froitos tan valiosos para a expansión social do nacionalismo. Mais tamén comezamos a sentir que o proceso de transición do réxime a un novo formalmente democrático se estaba a acelerar. Nada ía ser xa igual, especialmente desde 1976.

Reboiras asasinado e os compañeiros en prisión foron un revulsivo que obrigou a UPG a se reanimar, malia as limitacións derivadas da represión. A primeira tarefa foi manter viva a memoria de Reboiras e a loita pola liberación dos nosos presos. A vontade tiña de novo un papel crucial para a subsistencia da UPG. Non deixamos nin un só ano de lembrar o noso compañeiro en Imo e en Ferrol. O réxime democrático intentou destruír esta memoria, tratando de impedir pola forza, inicialmente, os actos de homenaxe. A nosa perseveranza impediuno. A verdade dos feitos pasou á historia escrita da Galiza, en primeiro lugar a través da crónica de Francisco Carballo, o noso historiador, que padeceu a persecución

da xustiza española por plasmar os feitos e catalogalos de asasinato. Tamén na letra escrita deixamos constancia da verdade, grazas á valentía de persoas que estaban dispostas a que a censura non anulase máis unha vez para o futuro a historia do noso país. Reboiras foi un personaxe real. Mais o seu afervoado patriotismo, a súa consciencia popular, o seu espírito de compromiso e a súa entrega á causa resultan unha alegoría ou un símbolo senlleiro dun esforzo colectivo nun momento determinado da historia da Galiza. O espírito que movía mozos e mozas como Reboiras significaba a eclosión práctica, contra toda a represión e a censura soportada polo pobo galego, da consciencia de sermos galegos de nación. Esta dialéctica é a que marca aínda hoxe a viabilidade do nacionalismo no mundo da globalización imperialista. Neste aspecto, a figura de Reboiras debe ser realmente analizada. Ela expresa o mellor do esforzo colectivo, popular, que moitas xeracións, após os anos 60, fixeron con vontade de restaurar un movemento político tan importante para o pobo galego e tan incisivo para contribuír ao cambio á escala mundial, desde posicións conscientemente nosas. ●



XOÁN LÓPEZ ÁLVAREZ 'LITO'


- ▶ Manuel Fernández, Xosé María Brañas e Xan López Álvarez «Lito» fotografados no cárcere da Coruña. Detidos en agosto de 1975 serán postos en liberdade –xunto con Marisa Vázquez Barquero– tras a amnistía decretada en 1977

O símbolo da rebelión contra o tardofranquismo na Galiza*

Xa van moitos anos, e neste tempo pasaron moitas cousas no desenvolvemento político. O noso país, como proxecto, tía moi complicado nun contexto do primeiro mundo, e nestes casos sempre se necesitan esforzos extraordinarios para avanzar o que outros conseguen como consecuencia mesma da evolución para mellor da situación ou como resultado lóxico das cousas boas que ten a globalización.

XOÁN LÓPEZ ÁLVAREZ 'LITO' (Viveiro, 1948). Na data do 12 de agosto de 1975 era estudante de Biolóxicas e, na actualidade, xubilado, ex secretario xeral da Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

* Versión nova do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Do que se trata, en definitiva, é de que nos momentos clave se teña a capacidade de estar á altura das circunstancias. As circunstancias de 1975 eran ben complicadas. Se ben acababamos de saír da ola do 68, tamén era certo que o imperialismo tomara boa nota e tiña plans para ir parcheando nas distintas fronteiras: Vietnam, América Latina, África e as 3 ditaduras europeas máis folclóricas (Portugal, Grecia e o Estado español). E dábanos a impresión de daquela o que na Galiza representábamos para os que facían o deseño da estratexia global era coma a merda de cabalo: nada. De todo isto creo que non todos eramos conscientes e as posicións ían desde un galeguismo melindreiro e sen nada que dicir a un esquerdismo radical máis práctico no sentido de que as contradicións principais estaban situadas na loita antifranquista centralizada, é dicir, na práctica do españolismo realista de esquerdas.

Tamén hai que dicilo: antes de 1975 o nacionalismo galego non podía ser a alternativa a moitas cousas que acontecían na Universidade, nas fábricas, nos barrios, na emigración. Nin tiña programa, nin capacidade para estar á altura das circunstancias.

Alguns, ademais, tampouco tiñan moita gana de iren alén do ámbito culturalista, cuestión que, sendo importante, por si soa conduce a ningures e, o que é peor, resta forzas para estar nos sitios que resultan imprescindíbeis: nos centros de traballo, no ensino, no agro, no mar, nos barrios, nas vilas.

Centrar todo isto non foi fácil, non. Á parte das convulsións internas que á fin e ao cabo son normais nestes procesos de mudanza, creo que o que resultou clave foi a aparición dunha nova xeración que viu as cousas dunha forma clara e radicalmente

«(...) as posicións ían desde un galeguismo melindreiro e sen nada que dicir a un esquerdismo radical máis práctico no sentido de que as contradicións principais estaban situadas na loita antifranquista centralizada»

DECLARACION do CUMIO EXECUTIVO da UPG: A CLASE OBREIRA, AOS TRABALLADORES, AOS PATRIOTAS GALEGOS

O Imperialismo fascista do Estado Español vén de protagonizar un dos máis espectaculares intentos de aniquilación da nosa Organización, non tanto por sermos unha organización revolucionaria coma por representar os lexítimos intereses dos traballadores galegos e por responder fidelmente ás esixencias da liberación da nosa Patria, da emancipación do noso Pobo.

O Imperialismo fascista do Estado Español, vencellando a represión física coa ideolóxica, movilizou todo o seu aparello terrorista de cara a confundir e atemorizar a un pobo disposto a conquistar o que lle pertence por lei e por historia: A SUA LIBERTADE.

Eisí, a detención de compañeiros vascos e galegos, a localización de diverso material para a loita revolucionaria (voceiros, propaganda, esplosivos, armamento, etc.), as torturas, as prisións, o asesiñato do camarada José Ramón Reboiras -Moncho- foron acompañadas pola mentira oficial dende diferentes medios informativos, recubrindo de especial intensidade a acusación de "terrorismo" contra a UPG.

Diante distes feitos, e como organización que asume as responsabilidades máximas no proceso revolucionario galego, a UPG denuncia ao gran capital colonialista da utilización constante do terror sobre o pobo ao traveso do Estado Imperialista Español, non soio asesinando obreiros (Vi

Anverso e reverso dun panfleto editado polo Comité Executivo da UPG ao mes seguinte do asasinato de Reboiras

distinta ás perspectivas anteriores. Agora vemos que era toda xente moi nova para toda aquela responsabilidade que asumiron e sentimos máis admiración se cabe, porque a madurez demostrada para interpretar a situación nese momento dunha forma tan correcta e nun período tan curto de tempo é onde reside realmente o mérito mirado con perspectiva.

O ano 1975 foi un ano perigoso para todos os que nos moviamos en determinados ambientes. Alguén pode dicir que se respiraba un ambiente prerrevolucionario, mais iso sería vendo os touros desde a barreira, dentro do rodo non che daba tempo nin para mirar o touro. En calquera sitio onde te atopases, estabas a xogar algo máis que a carreira ou o posto de traballo (que tamén algún xogou iso): no servizo militar onde estábamos moitos, na emigración, o exilio etc. Nas asembleas ou mini manifestacións, nas pintadas ou na distribución de panfletos en Astano, onde a aristocracia obreira nos insultaba, ou o españolismo eurocomunista nos botaba sen contemplacións. Os últimos estertores do fascismo eran os do animal acosado e débil, mais potencialmente perigoso. E nós sabíámolo, porque detrás dos poucos

anormais que aínda eran fieis ao Réxime, estaban os outros, os que pensaban sacar tallada política no tereiro democrático da mudanza. Certamente era todo un deseño de transición no que a Galiza non tiña moito que facer, para alén do papel de sempre.

Nestas circunstancias, o nacionalismo tiña moitos asuntos pendentes, sendo o principal deles a de carencia de organización capaz de levar adiante un programa de alternativas para os distintos sectores. O modelo teórico que se quería non era o complicado: estaba nos libros. Iso, para min, ten o mérito que lle corresponde no sentido que ten que ser coherente e posible. O complicado era levar isto adiante: é dicir, facer traballo sindical onde levaban xa moitos anos implantados outros cos seus guetos obreiristas excluíntes; facer traballo nun agro en descomposición demográfica; levar o traballo nunha universidade españolizada e nas asociacións de veciños, nas vilas mariñeiras.

Moncho Reboiras representa para min o símbolo desa rebelión necesaria do nacionalismo, tal e como eu interpreto agora todo aquilo no sentido de que no fondo é do que se trataba: de dar un salto cualitativo

go, Ferrol, etc.), encadeando e torturando, como institucionalizando a violencia da emigración, do roubo dos medios de vida e de traballo á poboación labrega e marifeira, da sobreexplotación da clase obreira, da máis crudel opresión sobre Galicia: O COLONIALISMO.

A UPG afirma que o armamento que poseían os seus militantes está ao servizo da loita e a defensa das clases traballadoras galegas contra o terrorismo fascista do Estado Imperialista Español entendendo que fronte á cotidiana violencia sobre o pobo a resposta das clases traballadoras organizadas pasa, necesariamente, pola violencia revolucionaria.

A UPG proclama que A LOITA CONTINUA, que non se pode aniquilar o que o pobo non quér. E foi o pobo galego, axudándonos en todo intre sin medo e con entusiasmo, o que impediu que a UPG fora eliminada porque nela reside a súa vangarda revolucionaria.

A UPG reafirmase na loita de Liberación Nacional e Social galega contra a ditadura terrorista do gran capital sin importarlle os sacrificios que esixa a Vitoria final.

POR UNHA GALICIA CEIBE E SOCIALISTA!!!

C.E. da Unión do Pobo Galego, UPG
Galicia, setembro do 1.975




na loita do nacionalismo coa consciencia de que había que facelo todo ao mesmo tempo. Non se trataba, pois, do home orquestra que, aínda que o parece, non o era en absoluto. O problema no fondo era que «eramos catro gatos» no país. Nos momentos perigosos, mirabas para os lados ou para atrás e decaíabaste da debilidade e, contra toda indicación dos manuais, non había tempo para a especialización.

Os acontecementos que derivaron no 12 de agosto non deixaron de ser unha serie de feitos previsíbeis dada a dinámica nova do nacionalismo.

«Había que dar un salto cualitativo na loita do nacionalismo coa consciencia de que había que facelo todo ao mesmo tempo»

O que quería o Réxime e os que agardaban o seu «momento democrático» era que todo o que estaba a facer de novo o nacionalismo rematase como un xogo de catro rapaces que se limitaban a romper un caixeiro bancario e a correr diante dos grises o 25 de xullo. O esforzo, pois, foi titánico non só na práctica, senón na teoría, cun esquema correcto posto en funcionamento sen vacilacións. Porque cando un sabe que se xoga as cousas importantes da vida (e o pelexo éo) desaparecen normalmente os fervores revolucionarios ou ideolóxicos. Esta foi unha lección aprendida nos anos de militancia. Aquilo era moi serio e a profesionalidade (agora chámase así) de Moncho é o que nos ten a todos asombrados.

Moitas das cousas que se fixeron entón non sei se valen agora de lección. Mais, sen dúbida, hai unha que permanece sempre: a forza que poden traer a un movemento as novas xeracións cando é convenientemente liderada por unha vangarda centrada e con ganas de traballar e, fundamentalmente, con todas as improvisacións que obrigaba a falta de medios e referencias. Aquilo foi o mellor traballo que se puido facer naquel contexto.



Cando o 13 de agosto apareceron nos medios de comunicación os acontecementos do día anterior, causaron un impacto dunha magnitude tal, que todo o mundo tivo que reflexionar sobre o nacionalismo galego. Todo aquilo que aparecía non era un feito illado; simplemente se intuía que detrás había algo que non se podía ignorar no proceso de mudanza que se estaba a xestar. Agora faime certa graza lembrar como apertaron na comisaría para «cantar» o proxecto de atentar na Capela de Chamorro de Ferrol contra o *Generalísimo*. Tal e como

se empregaron a fondo toda unha noite, eu mesmo cheguei a crer que nalgún momento puidésemos chegar, polo menos, a facer un plan minimamente serio, á parte de comentarios máis ou menos circunstanciais para nos animar de vez en cando.

E que ninguén pense que aquilo foi un xogo. Despois do 23-F, Paco Vázquez na Coruña montou un desfile do Día das Forzas Armadas por todo o alto e o nacionalismo respondeu cunha manifestación, que intentaron prohibir desde o Goberno Civil, contra aquela exhibición de matóns. Na campaña

◀ Cartaz da UPG anunciando a mobilización o 25 de decembro de 1976 diante do cárcere da Coruña

«Cando fas dano ao sistema, non é debido aos métodos que empregas, que tamén contan, senón a que o teu traballo está a ser eficaz»

pacifista contra o militarismo que se fixo daquela, apareceron polas asembleas unha serie de individuos sospeitosos que incluso andaban detrás dun nos coches, vixiando pisos. Nese momento, volvíñ sentir na pel aqueles tempos perigosos. E mira que xa estabamos noutro contexto ben diferente! A cuestión é que, cando fas dano ao sistema, non é debido aos métodos que empregas, que tamén contan, senón a que o teu traballo está a ser eficaz.

O labor feito por Moncho Reboiras foi un dos máis eficaces que se teñen levado a cabo no nacionalismo. Foi o símbolo da rebelión para reconducir naquel momento a situación na que se atopaba o noso movemento.

Nota para a segunda edición

Estiven pensando algo sobre se modificar, refacer ou escribir de novo o texto para o libro de Moncho da Fundación Terra e Tempo. En principio, o que enviei hai uns 12 anos pode valer, aínda que semella algo pretencioso, desde o título até certas partes demasiado político-teórico circunstanciais, reflexa bastante ben a parte que ten que ver co destino histórico que correspondeu a aquela xeración naquel momento, cuestión moi importante pero non a única, pero hai outra cuestión que considero fundamental e que agora semella non estar clara: «nesa rebelión, da que falo, contra o tardofranquismo se tiña a firme intención de constituír unha fronte armada, xa o era de feito, o foi», e non foi a represión quen a frustrou senón os propios acontecementos, políticos sobre todo, tal coma se desenrolaron con posterioridade ao 12 de agosto de 1975 e a imperiosa e urxente necesidade que tiña o nacionalismo de se conformar en todas as fronteas. Non é que Moncho e os que formabamos o

comando, andivésemos armados ou nos limitásemos a facer expropiacións para aprovisionar de infraestrutura ao resto das organizacións nacionalistas, coma ás veces se podería interpretar o que sucedeu no 75.

Existía xente que servía de apoio ao comando con información, cobertura ou infraestrutura e non tiña nada que ver con ese tipo de loita máis complexa e cun nivel de risco máis elevado. Todo era importante, pero para as dificultades de organización que todo aquilo tiña, estaba bastante ben compartimentado; de feito, só dous militantes foron para a cadea por estaren directamente relacionados co que era o comando activo entre os que estaba o seu responsable, Moncho Reboiras. Outros militantes foron tamén detidos ou pasaron por Comisaría por estaren indirectamente relacionados.

Non sei para que pode server esta aclaración pero pareceríame un erro que, desde o nacionalismo, confundiramos todo e non saibamos o que realmente sucedeu ou para que serviron as loitas que fixemos en correspondencia co que pretendiamos facer. Volvo a repetir que os acontecementos políticos logo do 75 precipitaron tamén as respostas que se vía obrigado a dar o nacionalismo. Se o proceso de disolución do fascismo, que foi inmediato e feito con presas para colarnos unha monarquía e falsas autonomías, se houbese retrasado por 4 ou 5 anos máis (sen a morte de Franco, por exemplo) e tal e como estaban as cousas, o comando e a súa estratexia non tería máis remedio que ter unha continuidade no tempo. Ninguén dos que formamos parte de aquilo pensabamos que o que facíamos era cousa duns meses e logo teríamos que disolvernos, a alianza cos vascos era conxuntural pero enmarcada nun contexto moi claro. ●



LOIS DIÉGUEZ

- Manifestación labrega en Lugo o 9 de setembro de 1979, na pancarta, entre outros, de esquerda a dereita: Xesús Trigo, Emilio López, Fiz Castro, Santiago Seco Pertega, Valentín da Pastoriza, David Souto Alba, Xesús Méndez e Vázquez Rivas

Os anos de Reboiras*

12 de agosto do 1975, quizabes 13. Fuxía eu de Lugo para Monforte, temeroso da represión que comezaba fera nese día. Acababan de asasinar Moncho Reboiras en Ferrol, no portal ante o que cada ano, agora, lembramos o feito. Furado a balazos desde a rúa, a través da porta. A nós pasáranos a noticia os compañeiros de alí, escuramente, sen datos claros, pois eran tempos de dura clandestinidade. Pero xa nos decatábamos dos movementos da policía en Lugo, e acordamos que eu marchara. Así que pillei o coche e fun para Monforte. Aparquei fronte á gasoleira do Moure, e mesmo cando fechaba a porta, dous homes descoñecidos mostráronme as súas placas e leváronme para a comisaría.

Lois DIÉGUEZ VÁZQUEZ (Monforte de Lemos, 1944) é poeta e narrador. Foi deputado polo BNG-PSG na primeira lexislatura do Parlamento galego. Activo conferenciante e organizador, é colaborador habitual en revistas e xornais galegos e ten participado en importantes proxectos socioculturais a prol da normalización lingüística e cultural da Galiza, como: Clube Cultural Valle Inclán de Lugo, programa «Galiza Sempre», en Radio Lugo, na etapa fascista, creación do Grupo de escritoras e escritores, «Círculos Líticos», ou na loita polo noso patrimonio en LugoPatrimonio

* Versión nova do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.




© Fundación Terra e Tempo

A miña preocupación, case obsesión, era o decatarme de que ninguén ía caer na conta de que me prenderan, como así resultou. Até o día seguinte ninguén o soubo. Manuel María e Saleta, os meus irmáns, algún amigo, saíron axiña para a comisaría de Lugo a onde me trasladaran pouco despois de determe. Foron tres días duros, con homes de fóra a torturarme; torturarnos, pois xa había outras compañeiras e compañeiros na mesma situación, en Lugo: os que realmente levabamos a UPG naquel momento, entre outros, Marisa Canto e Pedro Luaces. Os dous homes realizaban quendas, facendo un de bo, e outro de malo. «Exercicios» dolorosos, encrequenado, imitando o parrulo, recibindo as pancadas das toallas retorcidas e molladas para que non deixasen marca. E sempre a mesma pregunta, cantos eramos e quen, e deseguido, como se xa andasen cansos e aburridos, os homes repetían, «a ver se morre dunha vez o vello».

19 de xuño de 2005: o BNG e mais o PSOE logran a maioría para gobernar na Xunta. Pasaran, por tanto, desde aquel 1975, 30 anos. Era a primeira vez que o nacionalismo, xurdido en gran medida naqueles

anos da ditadura, pasaba a dirixir o Goberno autónomo. A ilusión foi grande en sectores importantes da nosa poboación. Era unha proba, indubidablemente, e un feito amasado naqueles duros anos nos que Moncho Reboiras acabou dando a vida pola nosa idea. Sen el, sen os inicios da loita, sen a entrega de tanta xente, non sería posíbel dar o paso dese orgulloso obxectivo de gobernar a nación. Convén lembralo nestes momentos nos que se esquece o máis elemental da historia, cando o *embiguismo* anda a desnortar praxe e teoría e intenta enterrar os

«Foron tres días duros, con homes de fóra a torturarme; torturarnos, pois xa había outras compañeiras e compañeiros na mesma situación en Lugo»



© Fundación Terra e Tempo



© Fundación Terra e Tempo

símbolos das súas únicas armas. E hoxe, 2009, xuño, xullo, andamos a ver como se poden corrixir erros, animar acertos, pero lúcidos e firmes nos cambios axeitados para mover as cousas que teimosamente se queren instalar no máis reaccionario que os fillos de Franco asumiron. Entre estas dúas datas, 1975 e 2009, a historia de Moncho Reboiras foi curta e intensa. Porque a morte e o asasinato adoitan potenciar, afirmar máis aínda o legado. Non se acaba un, unha, coa morte; transcéndese cando a actividade creada se fai colectiva.

Uns anos antes de 1975, os e as que traballabamos no campo cultural, xa eramos moitos na Galiza, quizabes os máis activos, pois as entidades culturais espalladas por todo o país actuaban tamén como centro de formación e debate, verdadeira universidade do nacionalismo que andaba a mover este adormecido país. Antes de 1975, pois, fomos citados a unha xunta clandestina en Noia, nunha igrexa, con recomendacións de extremar as precaucións en todo momento. Un acto perfectamente planificado. O medo a ser detidos deixábanos

◀ Acto da AN-PG en Sarria a fins da década dos setenta, na mesa, de esquerda a dereita, Xosé Valcárcel, Manuel María e Lois Diéguez

**«Non se acaba un,
unha, coa morte;
transcéndese cando
a actividade creada
se fai colectiva»**

mudos. Pero andabamos. E alí apareceu Moncho cunha consigna clara: hai que traballar por unha cultura nacional, científica e popular. El era un mozo humilde, moi dinámico, didáctico e animoso. Estabamos alí xente moi diferente que abranguía os distintos campos das nosas artes. Había tamén unha insistencia en integrar neste campo cultural unha música galega e moderna que se iniciara xa nun movemento inspirado na Nova Canción Catalá. De alí, daquela asemblea, pois, partiu unha dinámica cultural da que aínda hoxe somos debedores.

Entre 1970 e 1975 existía nas organizacións nacionalistas un debate a respecto de utilizar un apoio armado á loita de masas. Moncho Reboiras desapareceu daqueles actos que tiñan unha presenza pública. Eu era consciente de que estaban a ensaiarse outros tipos de acción, pero tampouco sabía, non sabíamos, en que se baseaba e cales eran os criterios. Obviamente, a loita clandestina, para ser efectiva e segura, tiña que ser o máis secreta posíbel. Pero estiven con Moncho en varias ocasións, mesmo no meu piso, pois non andabamos sobrados de infraestruturas nen de cartos, para formalo nos métodos de interpretación cartográfica, ou para pasar envurulllos, cartas e paquetes cuxo contido descoñecía. Nacían, paralelamente, a esa outra acción, os gromos dos que despois serían as organizacións e sindicatos de operarias e operarios, labregas ou estudantes, baixo a idea, loxicamente, de crear un tecelán social que fose asumindo a conciencia de nación e de clase. O que existía, ferreño, era o do franquismo que herdou o que hoxe se chama Partido Popular (e como o move, meu deus!). Nós, en Lugo, tiñamos xa un apoio social importante, parte del, nacido de mulleres e homes cristiás

que apoiaban a teoría da liberación. Nese campo operaba un experto, que creou unha base forte por todo o país e na provincia de Lugo: Ramón Muñiz. Canto convenceu e organizou, e formou o Ramón Muñiz. Militante chave daquela etapa.

É necesario, hoxe, cando as institucións públicas realmente democráticas andan a romper a historia fascista que enlamou ou agachou os nosos heroes, escribir o que pasou durante eses importantísimos anos na Galiza. Para que a mentira ou a manipulación non se consoliden; para que o oportunismo ou o embiguismo non deformen os datos; para que as novas xeracións non sexan analfabetas na súa propia historia; para que o nacionalismo tome conciencia da súa raíz e dos capítulos que masivamente ignora; para que as cousas volvan á racionalidade dos cambios firmes, das loitas sólidas, e da formación e consciencia sen a cal é imposible batallar con altruísmo e con amor, pois o amor, como dicía o Che, é o que explica a entrega que facemos aos demais. Moncho Reboiras dedicou a súa vida a loitar por unha Galiza soberana, e por iso morreu, baleado covardemente no portal dunha rúa de Ferrol por policías do fascismo. Era hora xa de que puidésemos contar con aval legal o que pasou e por que pasou, e entregarlles así aos mozos e ás mozas da nación, ás xentes todas, unha biografía de dignidade e heroísmo que no clixé controlado da noticia ou formación do momento pode pasar por algo *demodé*. E para iso tamén é necesario que as testemuñas da época que lle tocou vivir contén e deixen memoria dos sucesos importantes aos que eles e elas mesmas asistiron.

Así que repetiremos a frase que consolidou durante estes anos a súa memoria: Moncho Reboiras, a loita continúa. ●



XOSÉ LOIS RÍOS PAREDES

O 12 de agosto de 1975*

Once de agosto de mil novecentos setenta e cinco. Nun piso alugado en Ferrol, o tempo transcorre para dous mozos que debaten proxectos, redactan escritos e deseñan sistemas para que, no amencer seguinte, as rúas aparezan sementadas de proclamas contra o franquismo; para que sexa a UPG quen, de novo, espalle a alternativa precisa e amose obxectivos e camiños a seguir, distintos dos que traza a esquerda españolista, totalmente incapaz e claudicante aos ollos daqueles dous mozos novos que habitan no primeiro andar dun pequeno edificio sito nunha rúa próxima ao barrio do Canido, singularizado cun número engulido hai tempo pola desmemoria.

XOSÉ LOIS RÍOS PAREDES (Moaña, 1953). Participou na creación do Sindicato Obreiro Galego (sog) e da Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos (INTG). Traballou en Laboratorios Europa, Cervexas San Martín e Astano. Tamén como avogado, como letrado na Consellaría de Traballo e como ensinante.

* Versión nova do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Cabeceira da mobilización nacional convocada pola Intersindical Nacional Galega o 1º de Maio de 1978 polas rúas de Vigo. De esquerda a dereita, entre outros, Carlos Casal, Xosé da Rosa, Elvira Souto, Bautista Álvarez, Xan Carballo, Lois Diéguez, Lois Obelleiro, Teresa Conde Pumpido, Alfredo Suárez Canal, Xabier Alonso, Eladio Pérez, Francisco García Montes e Carlos Alonso

A noite anterior fora de sono escaso. Como se fosen dous obreiros da térmica das Pontes, con buzo, casco e mochila confundíranse cos máis madrugadores da masa proletaria anónima que accedía ao complexo na quenda da mañá, ante os ollos dos vixiantes e do retén da policía. Alí agardábanos outros camaradas.

Na base da cheminea, daquela en construción, quedaban gravadas, por vez primeira, as consignas coa marca de espirais da «U» e o chan ficaba semeados de panfletos, cando ambos saíron, cos últimos

operarios da quenda de noite. O resto do traballo, o proselitismo directo, ficaba para os compañeiros que traballaban na mina, na fábrica e en Enfersa.

O piso partillábano ambos os dous. Mais, ao mediodía, chegara outro camarada, coñecido por eles por nomes diferentes. Non era outro que Ramón Reboiras Noia. O coñecemento que del tiñan viña de atrás e por distintas vías. Nun caso, por loitas compartidas en Compostela e na Coruña. No outro, quen unira os pasos militantes fora o traballo desenvolvido a prol da Fronte Cultural da UPG e, nomeadamente, a coincidencia na Asociación Cultural de Vigo, en actividades organizadas arredor do Pai Seixas e na edición do *Terra e Tempo* e outras publicacións que imprimían nunha excelente multicopista industrial, nas fins de semana, cando non había ninguén dentro da empresa onde el traballaba. Até que tivo que deixar aquel emprego.

Cada quen estaba agora nunha fronte distinta, mais puxando todos a prol do mesmo fin. E se para un deles o contacto era máis recente, o outro había meses que lle perdera a pista, se ben sospeitaba que podía formar parte dun pequeno grupo operativo

que tiña como obxectivo fornecer de materiais a «U» e dotar de mínimas infraestruturas as organizacións de base do nacionalismo. Tanto pola súa propia seguranza como pola dos demais, ninguén preguntaba nin comentaba nada. Á fin, todo era parte da mesma loita, da mesma idea, dos mesmos obxectivos que os unían.

A eles dous a «U» encargáralles a organización dos xermes sindicais nacionalistas da Fronte Obreira en Ferrol que, xunto cos outros que agromaban no resto do país, darían lugar ao Sindicato Obreiro Galego. Esa era a razón da estadia naquel piso, desde o que procuraban incrementar os contactos a través dos militantes e simpatizantes nacionalistas da zona e desenvolver as tarefas de consolidación e proselitismo.

Despois do xantar, Moncho incorporouse ao traballo que eles estaban a facer, amosando interese polas angueiras de concienciación e de achegamento ás masas, ao pobo, condición sen a que calquera outra tarefa revolucionaria estaba condenada a non ser máis que unha aventura baldía.

Pouco antes das cinco saíu, voltando axiña. Despois dunha hora volveu facelo. O sol caía a plan e as rúas ferrolás ficaban desertas. Ao regreso, alertou os outros dous de que podía haber problemas, sen que ninguén procurase maior aclaración. Na terceira saída infrutuosa deu por sentado que algo anormal acontecía ao teren fallado as citas de seguridade. Non tiña outro lugar a onde ir. Eles tampouco. Carecían de medios privados de transporte e valoraron que as estacións e paradas dos públicos habían estar controladas. Decidiron que o mellor era agardar.

Preparándose para o peor, nunha ola sobre a coñiza dispuxeron a queima de documentos e datos

que podían pór en perigo a estrutura da «U» e os seus membros. Aínda non remataran de destruír os máis relevantes cando comezaron a verse caras sospeitosas pola rúa. Xentes de paisano, de pantalón escuro, camisa branca e pelo curto que identificaron axiña como axentes da policía política, a temida BPS. Semellaban non posuír o dato concreto do piso que buscaban.

Agochados detrás das cortinas, eles esculcaban os movementos. Ao pouco, comezaron a aparecer os de uniforme e a discreción anterior deu paso a unha gritaría de ordes. Estaban a rodear toda a barriada. Dar coa vivenda e con eles era cuestión de pouco tempo, de preguntar aos veciños, de vixiar que ninguén saíse.

Ante a crítica situación, resolveron escapar a través dos tellados, diversificando a fuxida, de xeito que o Moncho iría por un lado e eles polo outro. Porén, non resultando fácil gabear pola caneta, os outros dous acordaron, no último momento, tentalo a través dunha casa coa que estremaban.

Sobre as dez ficaba todo cercado. Na rúa, só moreas de policía. Pasada a media noite, os sitiadores

«O Moncho levou canda el toda a policía, circunstancia vital para a fuxida dos outros dous»



Cartaz do Sindicato Obreiro Galego, organización que se constituíu formalmente o 1.º de Maio de 1975

chegaban ante o portal e decidían o asalto. Nin un aviso previo nin unha cominación á entrega. Desde o patio común dos edificios, Moncho foi quen de acceder á parte superior da vivenda e iniciar a fuxida polos tellados.

Eles dous lograban alcanzar a fiestra situada no alto da morada contigua, valéndose dunha cadeira e gabeando un sobre os ombros do outro, sen máis nada nas mans. Abriron a ventá e mentres tranquilizaban a veciña, presa dun ataque de nervios, ocul-taron dentro o asento, borrando os sinais da fuxida.

Cantos buscaban? Ao Moncho, seguro. Os demais non tiñan por que os supor alí. As sombras da noite enchéronse de berros, de carreiras e de ordes. A presenza de restos de comida delatou que podía haber varias persoas no piso. Os da BPS estaban enrabeados porque se lles foran antes deles entraren e lles fracasara a cazaría.

De repente, sentiuse un estrondo de cristais rotos seguido de berros de auxilio e de alí a pouco varias salvas de metralladora. Máis tarde, saberíase que foran provocados pola rotura dunha claraboia ou bufarda pola que o Moncho penetrara e polo

susto dos moradores ao toparse con el. Seguiron tronando as metralletas, acompañadas de ordes e de berros.

O Moncho levou canda el toda a policía, circunstancia vital para a fuxida dos outros dous que, aínda que o cerco persistía, comezaron a albiscar unha raiola de esperanza. Sabían cal sería o fin, para o Moncho e para eles, se os ventos se torcían de todo, pois aquela mesnada nin daba o alto nin parecía dar cuartel.

A veciña serenouse un pouco. Tomou unha pí-lula para a tensión e, a pesar das palabras de sosego, veulle un salouco estrondoso que non a abandonou en toda a noite. Mais, xusto é dicir que xamais semellou sentirse ameazada. Pola contra, despois de que lle dixeran que eran nacionalistas e que os buscaba a policía política, malia o susto que tiña, até parecía sentir certo orgullo.

Esgotados e indefensos, cando as salvas calaban, intuían que el lograra escapar. Ou o peor, que todo tiña rematado. Cando os tiros volvían, renacía a confianza en que seguía no intento e a imaxinación forxaba fuxidas que alcanzaban as Pías e Fene

e que avantaba e avantaba, quizais ferido, alasando como un cabalo ceibe a través da Galiza, para organizar de novo a loita en Vigo.

—¿Quién vive en esta casa?— sentiuse claramente, desde onde estaban, como un mando preguntaba, diante da mesma porta.

—Una señora muy mayor que vive sola. Es sorda. No se entera de nada, la pobre. É moi maior —responderon varias voces cunha seguridade tallante.

O mando dubidou. Achegouse á porta, empurrou lixeiramente, comprobou que estaba pechada e decidiu abandonar as pescudas por aquel lado. Polo buraco dun cristal fendido da ventá pola que entraran, puideron observar como continuaba o rexistro e ouvir como a policía política maldicía ante a ola onde queimaran os documentos. Revolvían canto había e ata rompían partes do lousado do patio interior.

Un dos xefes da BPS berraba como un tolo e mesmo barruntou se a fuxida non tería sido pola xanela, desbotándoo os demais sociais porque estaba demasiado alta e resultaba imposíbel. A pouco e pouco, as voces foron esvaecendo. Sobre as doce da

«Era unha fuxida imposíbel para calquera, mesmo para aquel mozo que tiña dentro de si toda a forza dun pobo»

mañá levantaron o cerco. O balbordo anterior deu paso a un silencio total. Un bocado despois decidiron saír. Un despois do outro. E así foron gañando a rúa e perdéndose na masa do cotiá.

Era o 12 de agosto, un día luminoso de verán. Cada un encetou o seu rumbo de supervivencia. Uns pasos encamiñáronse ao feirón que se celebraba nas casas de Bazán e, pola tarde, a Astano. Estaba prevista a botadura dun macro petroleiro. O maior buque do mundo construído sobre grada. Había unha enorme expectación e, na afluencia, cabía a posibilidade de establecer algunha conexión e asegurar onde pasar a noite. Tamén a detención era fácil, pois a policía tiña os puntos neuráxicos controlados.

Pola estrada de Caranza, centos de persoas camiñaban rumbo ao estaleiro. Puido escoitar que falaban dun mozo que fuxira desde o Canido até un baixo na rúa da Terra, moi preto do Concello. Dicían que o portal quedara feito un coador e, os que aseguraban telo visto, referían buratos de centos de proxectís. Mais tarde, soubo que estaba tamén o corpo *acribillado* do Moncho. Era unha fuxida imposíbel para calquera, mesmo para aquel mozo que tiña dentro de si toda a forza dun pobo.

Prensa, radio e televisión daquel día apenas relataban nada. Ao día seguinte os titulares poñían o que quería o Réxime. O nacionalismo galego sufrira un duro golpe nas súas estruturas. Porén, saía politicamente fortalecido e coa vontade firme de estar en canta loita houbese pola Galiza.

De alí a pouco morreu o Ditador, abríronse as cadeas para os presos políticos, promulgouse a lei da amnistía e comezou o camiño democrático que tanto custara conquistar. ●



Deseños gráficos de Felipe Senén para homenaxear Moncho Reboiras. O da parte inferior empégouse para difundir a convocatoria do aniversario de 2012 organizado pola UPG



INÁCIO HERNANDO NUEVO

A minha presença no movimento de libertação nacional*

Na presente exposição tento recuperar a experiência da minha participação no Movimento de Libertação Nacional. Trás lembrar os primeiros contactos com a agrupação Sementeira e com o activismo contra a central nuclear, abordarei a incorporação à UPG e, posteriormente, à frente armada. Após comentar as diversas acções em que participei, finalizarei com umhas reflexons particulares.

INÁCIO HERNANDO NUEVO (Viveiro, 1953). A minha família procedia de Castela, vinheram para Viveiro depois da guerra da Espanha. Comecei a trabalhar aos 15 anos. Primeiro fum para a emigração em Euskadi. Depois regresei e comecei a ir ao mar, logo fiquei em terra a trabalhar. Como tentavam meter-nos a nuclear de Regodela, um grupo de rapazes montamos un colectivo de activistas. Além de termos discusons a nível político, começamos a fazer pintadas em contra da nuclear, até que decidimos meter-nos na AC Sementeira. Depois dum tempo vim que a açom pola que eu deveria ir era marxista-leninista e galega. Assim foi. Desde aquela militei no MLNG em todos os frentes até que chegou a expulsom, primeiro exclusom da UPG e depois do BNG junto com outros companheiros do PCLN. Nom milito em nada, a meu pesar. Nas eleiçons voto polo independentismo, mas encontro em falta un partido –ou frente– independentista, forte e unido. Na actualidade estou retirado. Vivo no meu povo, que tanto quero, un povo que desgraciárom uns e outros. Em Viveiro comparto a vida com a companheira Tallón e com Brandán, o nosso filho. Agradecer a todas e todos os companheiros que ao longo do passo dos anos me ajudárom a reafirmar-me mais no povo e nos ideais de luta. Para mim todos os métodos seguem sendo válidos enquanto continue havendo oprimidos e opressores, colonizados e colonizadores.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Da AC Sementeira à luta contra a central nuclear

As minhas primeiras relaçons com o MLNG tiveram-as em Viveiro, concretamente com a frente cultural através da Agrupación Cultural Sementeira.

Naquela altura, queriam instalar umha Central Nuclear em Regodela (Jove) e Sementeira era o estandarte local contra o projecto. Por este e por outra série de motivos, falei com Pencha para me facilitar o contacto com a UFG. Logo de um tempo, combináron comigo na estación de serviços Os Craveis em Lugo. Ali estive eu, um domingo, com umha revista na mao (nom lembro qual). A umha hora pre-determinada apresentou-se o companheiro Ramóm Munhiz e falamos. Após essa entrevista, combinamos em que se poria de novo em contacto comigo.

A Corunha

Com o passo do tempo, chegou-me por meio do Pencha umha nota: em tal dia e a tal hora teria de estar na cafetaria X da Corunha com tal revista. Conforme ao previsto, apareceu o companheiro Moncho, que me levou para um andar dum bairro

Fotografía da mobilización do 25 de Xullo, Día da Patria Galega, do ano 1976 polas rúas de Compostela, aínda na ditadura. A foto, empregada para a portada do *Terra e Tempo* de xullo-agosto de 1976, aparece cos ollos das persoas tachados por seguridade para non ser identificados

próximo à Torre de Hércules. Incorporava-me assim à frente armada, sob a identidade de 'Cholo'.

Algun tempo depois, nesse mesmo dia, chegou um companheiro que meu foi apresentado como 'Fernando' e ali passamos boa parte da noite falando. No dia seguinte, erguemo-nos cedo, pois era norma de Moncho fazermos a jornada como se estivéssemos trabalhando numha empresa. Para além de nom levantarmos suspeitas, deduzo que pretendia que nom nos desarraigássemos da nossa identidade operária.

Durante a segunda jornada, pateamos todos os polígonos industriais da Corunha. Eu nom dava andado, porque o Moncho ia rapidíssimo, mas ainda assim foi capaz de me ensinar as fábricas mais emblemáticas (Repsol, Alúminia, Boner Burger...). Acabei rendido.

Aos poucos dias de estar na vivenda de Hércules, incorporou-se a companheira 'Xela' e, de novo, voltáron as apresentaçons. Um dia encontrei-na na estación de autocarros da Corunha, carregada com duas sacas de desportos cheínhas de propaganda. Nom a podem ajudar, porque nom nos podíamos relacionar na rua.

Moncho dixo-me que buscasse trabalho e assim figem. Fum trabalhar a Talheres Hércules da Ponte Passagem. Fazia chaves de passo para a água da Corunha. Num dia de verao, estavam fundindo e a chaminé do atelier botava muito fumo. Apareceu umha parelha da Guarda Civil. Vaia susto! Resultou que vinha 'a Sua Excelência' e o fumo ia cara à ponte por onde passaria toda a comitiva. Dixérom que acabássemos aginha. Só isso.

Nom sei se botei um ou dous meses a trabalhar, pois já me incorporei ao MLNG durante as vinte e quatro horas do dia. Cada dous ou três dias, Moncho



I Congreso da Intersindical Nacional Galega que decorreu en Patos, Nigrán, o 8 e 9 de outubro de 1977. Diante do micro Xabier Alonso, a maiores del formarán parte do Secretariado García Montes (Secretario Xeral), Lois Ríos, Carme P. Carballo, Arias Curto, Xan Carballo e Miguel Campuzano

aparecia polo andar e planificávamos umha série de açõs para fazer. Enchemos toda a Corunha de pintadas. Muitas delas fõrom feitas por mim, enquanto el nos cobria com o ferro. Também me recomendou que conseguisse o carné de conducir, que aprendesse a escrever à máquina e que lesse umha série de livros que tínhamos na vivenda.

Ferrol

Numha ocasiom fomos conhecer bem Ferrol e a comarca. Viajamos no carro que tinha Moncho. Naquela cidade apresentou-me a compañeira Elvira e fomos para o andar no que depois caeria.

Estando na vivenda de Ferrol, reparei em que na morada de abaixo havia umhas raparigas de Viveiro. Comentei-lho ao Moncho, que me tranqüilizou. Dixo-me que nom passava nada. As moças tampouco me conheciam. Em Ferrol lembrou-me outra vez a necessidade de eu aprender a escrever à máquina e sugeriu que me ensinasse Elvira, porque ela sabia escrever muito bem. Com efeito, era certo: escrevia muito bem e com muita rapidez; nom lhe dava visto os dedos a se mover polo teclado.

De Ferrol a Lugo e percurso pola Galiza. Primeiras açõs

Quando Moncho o considerou pertinente, marchamos os dous cara a Lugo. Ali estivemos vendo andares e à noite fomos para Monforte. Dormimos na casa do compañeiro Antom. Realmente, nom lembro se o Moncho dormiu ou se só durmim eu. Sim lembro que de manhã cedinho tiramos cara a Vigo, onde estivemos na morada do compañeiro Sanjoás.

Em Vigo, onde me apresentãrom o compañeiro Brañas, estivemos umha semana, mais ou

menos. Seguindo o modelo da Corunha, pola manhã cedo saímos da casa e percorremos a pé toda a cidade para inspeccionarmos polígonos industriais e estaleiros. Nos montes próximos estivemos em práticas de tiro e na vivenda preparamos umha açom. O Moncho expropriaria um carro na cave dum hotel. De facto, assim foi. Ainda lembro que saiu como um lóstrego da garagem. Tenho que dizer que era um grande condutor; manejava o carro com umha destreza fora do normal.

Com o novo automóvel, faríamos o assalto a um cobrador de Fenosa, do que sabíamos que levava uns milhons das antigas pesetas. Preparamos como fazer para nos apoderarmos da mala com o dinheiro. Umha vez analisadas todas as hipóteses, combinãramos para as sete da manhã para ir ao encontro do paisano, que passava entre as oito e as oito e meia. Fomos Brañas e eu, cobertos com perucas. O Moncho estava de apoio no carro. Por volta das oito apareceu o homem polos jardins próximos ao mar. Brañas e eu saímos ao seu encontro e pedimos-lhe a mala, mas o indivíduo botou-se ao chao e começou a dar-nos patadas e a berrar. Por nom lhe darmos um tiro, desistimos.

De Vigo fomos cara a Santiago. Ali tínhamos outro andar, mas nom morava ninguém. Estivemos só nós os dous; eu permante e ele indo e vindo. Em Compostela passamos umha longa tempada. Também pateamos a cidade e figemos várias saídas ao monte. O Moncho conhecia muito bem os sítios por onde fazer as práticas de tiro.

De novo na Corunha

Após o percurso pola Galiza urbana, retornamos de novo à Corunha e fomos para um outro andar,

«Pola manhã cedo saímos da casa e percorremos a pé toda a cidade para inspeccionarmos polígonos industriais e estaleiros»

neste caso no bairro dos Malhos. Ali recebemos os companheiros do Movimiento de Liberación Nacional Vasco / Euskal Nazio Askapenerako Mugimendua (ETA). Moncho repartiu-nos entre os Malhos e o andar da companheira Marisa.

Todos juntos, preparamos umha série de açõs em colaboraçom com a ETA. A primeira foi a expropriaçom do Banco Santander na Corunha e mais tarde a expropriaçom de carnés e passaportes na comissaria de Lugo. Nesta açom estivemos Moncho, Lito, Brañas e os dous companheiros da ETA.

Descobertos

Chegou a descoberta. Os companheiros da ETA nom avisaram de eles também estarem em contacto com os comandos de Madrid, que –como consequência da infiltraçom do *Lobo*– caíram uns dias antes. As forças de ocupaçom da nosa naçom (Guarda Civil e Polícia) conhecêrom os dados dos activistas da ETA; pugêrom-se à procura, dêrom com eles e, ao mesmo tempo, com nos.

De viagem

Nos dias anteriores à localizaçom, falei com o Moncho de que ia casar em Madrid umha das minhas irmás que estava na emigraçom suíça. Perguntei-lhe se para essas datas havia algo relevante para fazer ou se poderia viajar a Espanha. Dixo que fosse e que nom me preocupasse.

Quando voltei, ocorrêrom as detençõs. Eu já fiquei em Viveiro. Comentei com a companheira Pencha o que me passava. Pedim-lhe ajuda, porque nom tinha com quem contactar. No dia seguinte trouxe-me um mapa-cróquis com pontos da raia para passar para Portugal. Ali tinha-me que pôr em

contacto com alguém (nom lembro quem). No caso de cair nas maos dos *guardinhas*, deveria pedir contacto com o comandante Rosa Coutinho, responsável do Norte depois da Revoluçom dos Cravos.

Este plano nom o via claro para mim e decidim refugiar-me nos montes da comarca da Mariña, que conhecia como a palma da maõ. Depois passaram-me as chaves dumha escola rural e ali botei umha semana.

Logo dum tempo prudencial, e visto que de mim nom tinham rasto, decidim voltar para a casa. Uns dias mais tarde apareceu Elvira e estivemos um tempo na minha casa até que se pujo em contacto com alguém e decidiu marchar. Eu fiquei à espera a ver o que fazíamos.

Reflexõs finais

Estas fõrom algumas das minhas vivências no frente armado do MLNG. No seio deste colectivo humano recolhimos um grande amor pola nosa naçom: aprendimos a respeitá-la e descobrimos o pouco que a conhecemos; cheguei sem ter conhecimentos da língua, soubemos como nos foram separando dela e como tentaram introduzir espanholismos por um lado e por outro.

Paulatinamente, os nossos pressupostos ideológicos fõrom engolidos em nome da democracia, sem deixar-nos sair um pelo do caminho que nos tinham traçado. Neste sentido, encontro muito em falta o companheiro Moncho. Sei que se ele estivesse presente, esta *vendetta* nom se faria. Lembro agora como um dia, fazendo supostos, Moncho dixerá que, em caso de enfrentamento com o inimigo, ou saía airoso e fugia ou bem morreria. Depois assim foi. ●



MANUEL MERA SÁNCHEZ

- ▶ Asemblea en Vigo en 1977, de carácter nacional, da Intersindical Nacional Galega preparatoria do posterior congreso do mes de outubro. De esquerda a dereita: Xabier Alonso, Xosé Ramos, Luís Obelleiro, Alfredo Suárez Canal e Eladio Pérez

Activismo, coherencia e traballo de masas*

«Mozo morto percorreu na súa fuxida 250 metros; ferido, nun primeiro intre, foi deixando un regueiro de sangue até o portal». Así subtitulaba un xornal da Coruña o asasinato de Ramón Reboiras Noia pola policía franquista, na noite do 12 de agosto 1975 na rúa Terra (daquela José Antonio) número 27 en Ferrol. Engadía algún dato máis, como que era enxeñeiro técnico industrial. Nos días seguintes caían dous pisos francos en Vigo e outros tres foron rexistrados na Coruña, sendo arrestados militantes nacionalistas en Corcubión e Compostela. Foron detidas unhas vinte persoas, outros agocháronse ou pasaron a Portugal, que se consideraba un país seguro despois da Revolución do 25 de abril 1974.

MANUEL MERA SÁNCHEZ (Allariz, 1946). Foi Secretario da Irmandade Galega de Bos Aires (1969-1972). Participou da fundación de ERGA e da fronte obreira da UPG. Desde 1977 ocupou diversos cargos de dirección na ING, INTG e CIG, particularmente foi Secretario Xeral da INTG e Presidente da CIG.

* Versión nova do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Moncho Reboiras, dirixente da Unión do Povo Galego (UPG) tiña 25 anos cando foi asasinado pola policía franquista. Sendo rapaz trasladouse dende Imo, no concello de Dodro, ao barrio obreiro de Teis en Vigo, moi preto do estaleiro Vulcano. De mozo achegouse á problemática nacional galega, ligándose ao quefacer cultural que, como é sabido, servía de tapadeira a todos/as aqueles que se opuñan ao réxime. A súa perspectiva política fortaleceuse, como a de moitos outros mozos e mozas da época, como consecuencia das loitas obreiras, e moi especialmente polas folgas de marzo en Ferrol e de setembro dese ano en Vigo, que representaron un salto cualitativo e cuantitativo nas loitas laborais e democráticas na Galiza. En Vigo o paro xeral durou dúas semanas, participaron 30 000 traballadores e traballadoras da industria e da construción de toda a comarca. Reboiras entrou en contacto cos militantes sindicais máis activos, sobre todo de Organización Obreira (oo), e axudou a que se establecesen unhas boas relacións entre a UPG e oo, sindicato que xurdira un ano antes produto dunha escisión das xuventudes do PCG.

A conxuntura

Era aquel un período no que houbo un endurecemento da ditadura, como resposta aos temores diante dun movemento obreiro que pelexaba na rúa e nas empresas por dereitos democráticos e condicións laborais dignas, e ademais pola preocupación que espertaba o exemplo da Revolución dos Cravos en Portugal. O Goberno de Carrero Blanco foi expoñente deste liña (entre xuño e decembro 1973, cando faleceu nun atentado de ETA). O seu substituto, Arias Navarro (decembro 1973-xullo

«En Vigo o paro xeral de 1972 durou dúas semanas, participaron 30 000 traballadores da industria e da construción de toda a comarca»

«Moncho estaba sempre activo, uns días tiña reunións con obreiros na Coruña, outros con mariñeiros en Lira»

1976), amagou nas palabras de presentación unha morna apertura, mais na práctica actuou coa máxima brutalidade. Así, en marzo 1974, sería executado con garrote vil o anarquista Puig Antich e, en setembro de 1975, foron fusilados tres militantes do FRAP e dous de ETA. De pouco valeu que varios países europeos retirasen os embaixadores e o mesmo Papa pedise clemencia.

No ano 1975 na Galiza, malia o aumento da represión, a loita social e democrática fora collendo pulo, como amosa o feito de que o día 29 de abril 1975 foron detidos quince estudantes en Compostela, e tras seren revisados tres pisos a policía atopou propaganda ilegal de Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA) e da UPG, así como unha multicopista. No ámbito laboral destacan as protestas dos operarios que construían a central de enerxía eléctrica das Pontes. O día 11 de agosto os xornais facían referencia ao paro que duraría varios días na térmica por mor do despedimento de 1.250 dos 4.000 traballadores das auxiliares que construían a central. Ademais da presenza de Comisións Obreiras, e en menor medida a uso, foise reforzando a participación do sindicalismo nacionalista desde os paros e a dura represión de 1972. Na primavera de 1973 naceu a Fronte Obreira da UPG, en 1974 xurdiron os xermolos sindicais e a UTEG, e en maio de 1975 constituíuse o Sindicato Obreiro Galego (SOG).

Vivencias persoais

Coñecín Reboiras aos poucos meses de retornar da Arxentina (o 14 de novembro 1972). Emigrei a ese país coa miña nai e irmá no ano 1951, nel xa estaba meu pai dende 1948. Mantiña con antelación

a este segundo retorno (o primeiro foi en 1962) correspondencia co seu irmán Manuel Reboiras, e mesmo enviei un documento por medio del sobre nacionalismo e marxismo para unha asemblea da UPG, coido que realizada en 1970 ou 1971. Integreime na UPG no ano 1968. A primeira vez que vin a Moncho Reboiras foi a principios de 1973, na casa de Manuel Fernández Rodríguez (Manolo de Remesar) en Compostela, na rúa Rosalía de Castro, na que el saía dunha reunión con Xosé González (Pepiño). Ou sexa, sería meses despois da fundación de ERGA, que foi en decembro de 1972. Daquela non fomos presentados e non falamos entre nós (por seguridade).

Logo da primeira reunión da Fronte Obreira, na primavera de 1973, o partido falou comigo para que repetise no ámbito laboral a experiencia organizativa de ERGA. Daquela eu traballaba nunha empresa da construción en Compostela, polo que decidín trasladarme a Ferrol en maio de 1973. Ali comecei a traballar na Watt, primeiro na Bazán na construción do Paloma del Mar e logo en Astano no petroleiro Buitrón. Participei de diversas reunións con traballadores na bisbarra, a situación era moi represiva, tamén dentro das empresas. No mes de agosto trasladeime á Coruña conseguindo emprego en Emesa, empresa do siderometal. Nesta cidade xa estaba vivindo Reboiras, que traballaba en Isolux; os dous eramos técnicos electricistas.

Ao pouco tempo, fomos vivir ambos, canda Manolo de Remesar, a unha casa que ficaba por detrás da cadea, coido que xa non existe. Esta casa estaba ateigada de cartaces feitos artesanalmente que Reboiras repartía por todo o país, cunha banda deseñada realizada por Pepe Barro e un texto



Presentación de Estudiantes Revolucionarios Galegos (ERGA) no instituto de Coia (Vigo), abril de 1977

de Darío Xohán Cabana. Pouco despois marchei de Emesa. A mediados do mes de setembro xa estaba traballando en Finsa en Compostela. Reboiras seguiu na Coruña e mudouse ao Burgo (no concello de Culleredo). Neste piso fariamos varias reunións do partido, entre elas a primeira do que sería o Cumio Executivo da UPG. Coa miña marcha da Coruña el asumiu a responsabilidade política dun grupo de persoas coas que fixera relación por medio de Xosé Paz (o brasileiro). Entre elas estaban Elvira Souto, Manola Casal, Areosa, Bernardo Valiño...

Activista exemplar e dialogante

Moncho estaba sempre activo, uns días tiña reunións con obreiros na Coruña, outros con mariñeiros en Lira, ou contactos nunha aldea preto de Caldas de Reis, ou en Melide, Viveiro... Acompañeiño en varias destas viaxes, a estes lugares, logo el ía ás reunións e eu ficaba a dar unha volta polo lugar, evitando así coñecer os contactos (por seguridade). Non foi así nunha xuntanza que fixo con Moncho Varcarse en Sésamo, xa que ambos participamos na conversa. Pareceume unha persoa formada, de

fácil trato e moita relación coa veciñanza. Tamén faciamos pintadas, con todos os problemas que isto orixinaba: conseguir o spray, buscar o lugar axeitado, evitarmos ser vistos pola policía ou algún chivato do réxime. O seu medio de transporte era un Seat 600, polo que as viaxes non resultaban unha ledicia, tendo en conta como eran daquela as estradas. Con este coche percorría toda Galiza.

A miña mudanza a Compostela fixo que as relacións se volvesen moi esporádicas. Aínda que non tardei moito en volvelo ver, xa que o 20 de setembro indo no coche con Manolo de Remesar para a Coruña, tivemos un accidente á altura do Burgo. Chovía e o coche deu varias voltas nunha curva, eu lesionei dúas vértebras da columna. Chegou Reboiras co seu Seat 600, recolleu o material político que levabamos no maletreiro e achegoume a un sanatorio onde me puxeron unha escaiola.

No tempo que vivimos xuntos e posteriormente nas reunións dos organismos, e nalgunha xuntanza persoal que tivemos, conversamos moito da cuestión nacional, así como dos problemas sociais, culturais e democráticos. Con Reboiras era doado falar,



Recibimento da e dos presos da UPG na facultade de Económicas (Santiago de Compostela) no ano 1977. Detrás da mesa, de esquerda a dereita, están a e os catro presos liberados: Xosé María Brañas, Manuel Fernández («Manolo de Remesar»), Marisa Vázquez e Xan López Álvarez («Lito»). Á súa dereita, un avogado vasco, Teresa Conde Pumpido e Carlos Méixome; por diante unha serie de compañeiros de ERGA. Fotografía cortesía de Carlos Méixome

xa que se trataba dunha persoa aberta ao diálogo, con argumentos e pensamento propio. Tiña, asemade, unha longa práctica de traballo social malia súa mocidade, e a soportar unha situación obxectiva e subxectiva condicionada por décadas de ditadura. Tamén falabamos e debatíamos sobre a situación da UPG, de como dar un novo pulo, se convertela ou non nun Partido Comunista (como eu propuña), das relacións co movemento de liberación en Euskadi e coa oposición marxista en Portugal.

Hoxe, valorando o que representou aquela etapa para o soberanismo galego, coído que Moncho Reboiras tivo unha achega sobranceira na construción do sindicalismo nacionalista, sen esquecer que ademais realizou un labor importante no eido cultural. Lembremos que a FO (Fronte Obreira) e os xermolos sindicais foron alicerce do Sindicato Obreiro Galego, e sobre esta base e a doutros sindicatos sectoriais (UTEG, SGTM, UTSG, UTB) construíuse a central sindical (a ING), orixe do que hoxe é a CIG, a primeira central sindical na Galiza en afiliación, capacidade mobilizadora e número de delegados e delegadas.

A finais de 1973 perdín contacto con el por mor das diferenzas que a esta altura eu mantiña coa UPG, que se evidenciaron nunha reunión do Comité Executivo (coído que no mes de decembro dese ano). Estas diverxencias afastaríanme durante varios anos desta organización política, ao que se engadiu a miña serodia incorporación ao servizo militar obrigatorio. Coído que foi a principios de 1975 cando o vin por última vez, nun bar preto da Porta do Camiño, en Compostela; levaba unha perruca e bigote, custoume recoñecelo, mesmo dubidei que fose el. Reboiras xa estaba na clandestinidade, e, por suposto, por seguridade evitou saudarme... pareceume lóxico.

O día do seu asasinato eu estaba en Lugo para manter un encontro político. Á mañá seguinte collín o autobús para Santiago de Compostela. Na parada de Pallas de Rei había algúns gardas civís e policía secretas. Un deles subiu ao bus e dirixiuse directamente a min (que estaba nunha fila do medio) e pedíume a documentación. Levouna, e un longo cuarto de hora despois devolveuma e díxolle ao condutor que podía continuar. Todos ollaron

«De Reboiras quero salientar que colocaba a práctica social como central no seu traballo político»

para min de esguello o resto da viaxe. Cando pouco despois souben do asasinato de Moncho e das detencións en Guntín pensei que nos tiñan a todos e todas fichados, mesmo debían saber que eu estaba afastado naquela altura da UPG, senón non se entende o que aconteceu no bus.

Construíndo co povo

De Reboiras quero salientar que colocaba a práctica social como central no seu traballo político. Non son poucos os intentos de dar unha imaxe distinta e parcial del, facendo unha interpretación que considero incorrecta do seu asasinato e dalgunhas accións realizadas previamente. Moncho tampouco foi unha persoa enfocada no culturalismo e na análise teórica. Era, como moitos e moitas militantes do momento, un estudoso da situación social co obxectivo de utilizar eses coñecementos para mudar coa praxe a longa noite de pedra que padecía o noso povo. Tampouco era un activista que contestase a violencia do réxime con medidas de loita que superasen o nivel de consciencia da vangarda política do povo. Aínda que naquel contexto e co medre da represión do Réxime, como a maioría das organizacións de liberación e da esquerda, coidase que a violencia revolucionaria podía ser unha vía máis para derrotar a Ditadura. Agora ben, tanto pola situación obxectiva do país, como por carecer dun suxeito político con capacidade para cumprir unha tarefa desa envergadura, non había condicións para que o nacionalismo galego se propuxese esta tarefa naquel intre.

Coido que foi esta comprensión do momento político a que, para alén de accións que tiñan como

obxectivo conseguir recursos para fortalecer a organización, polo que rexeitou unha postura vangardista, militarista. Daquela que a UPG adicase un esforzo especial en todos os períodos tanto previo como posterior ao asasinato de Reboiras, tanto ao fortalecemento do partido como á construción de asociacións e «tendencias» primeiro, xermes despois, e sindicatos e organizacións logo. Un esforzo que se verificou coa construción do SOG e doutros sindicatos sectoriais e coa integración de todos eles na ING; así como cos primeiros núcleos das Comisións Labregas (CCLL) en 1973, e a constitución da Asemblea Nacional Popular Galega (ANPG) en Portugal, no exilio, en abril de 1975.

Para o movemento nacional, democrático e popular galego tanto hoxe, como no seu nacemento (ou renacemento, se consideramos as etapas previas á ditadura), e durante o período que estamos a considerar, era fundamental a participación da xente na construción dunha patria ceibe con xustiza social. Quer dicir, non debería nen podería ser obra dunha vangarda esclarecida, por máis activista e teimosa que fose. E neste sentido, Reboiras foi un actor destacado, principal, durante aquel período na tarefa de construción dende abaixo, tanto da UPG como dun movemento nacional popular consciente, organizado e atrevido. Outras tarefas que realizou, que polo seu risco amosaron seu nivel de entrega e coherencia, foron accesorias ou complementares respecto da construción do suxeito político e das organizacións de masas, e da loita a prol dun povo galego dono do seu futuro. Esa foi súa maior, duradeira e exemplar contribución, naquela decisiva conxuntura histórica; e por suposto tamén da UPG como forza motriz. ●



XOSÉ MANUEL PAVÓN GONZÁLEZ

► Xosé Manuel Pavón, no centro da faixa con barbas, nunha manifestación con motivo da xornada de loita de xuño de 1978 en Monforte de Lemos. Na foto están (entre outros) Raimundo Fernández, Jaime Vázquez e Xosé Lois Soutelo

Anos de construción e decisión

Incorpórome á UPG no ano 1966, cando estudaba Mestría en Lugo, a través de Reimundo Patiño. O que atopo é unha organización que naquela altura aínda tiña case máis militantes en Madrid que na Galiza. Tiña 17 anos e, por ser dos máis novos, contábase comigo para calquera actividade axitativa.

XOSÉ MANUEL PAVÓN GONZÁLEZ (Abuime, O Saviñao, 1949) foi traballador de Obras Públicas, onde se xubilou. Incorporouse á Unión do Povo Galego (UPG) no ano 1966, cando estudaba Mestría en Lugo, a través de Reimundo Patiño. Cando se converteu en partido comunista fixo parte do primeiro Comité Central. Foi un dos impulsores do sindicalismo nacionalista e participou na fundación do Sindicato Obreiro Galego (SOG). Nas primeiras eleccións estatais, en 1977, fixo parte da candidatura por Lugo ao Congreso e foi concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) en Monforte de Lemos de 2003 a 2014.



© Xosé Manuel Pavón

A Moncho coñézoos cando se produce a escisión liderada por Pepe Torres. Decátome no servizo militar, en Madrid, cando me contactan para participar nesa operación que quería diluírnos no Movemento Comunista de España e que supuxo a maior crise até ese momento e o roubo de parte do noso arquivo. Grazas a iso podemos adiantarnos e evitar un dano maior. Tras varias reunións constituíuse o noso primeiro Comité Central, e é nese contexto de reorganización que mo presentaron en Vigo, penso que en 1971.

A pesar da escisión, a UPG mantivo un medre importante e debatíase a necesidade de impulsar as diferentes fronteiras e organizacións de masas. Na altura de 1973 existía unha enorme precariedade de medios para a expansión organizativa, a propaganda ou os gastos da represión e a clandestinidade. Ademais, víamos que o réxime non ía desaparecer pacificamente e cumpría estar preparados.

Varios militantes elaboramos daquela unha proposta para dotar o Partido dun grupo operativo que conseguise medios económicos e a infraestrutura necesaria, e que tamén tivese unha función

defensiva, nunha primeira fase. Acordouse a constitución da Frente Armada, da que Moncho Reboiras sería o responsábel político e o que mantería a relación co Comité Central, no que eu xa non estaba.

Ao pouco tiñamos fundado un núcleo de cinco persoas que nos reuniamos regularmente, para acordar as diferentes zonas nas que se irían asentando os grupos. As accións eran definidas na dirección, pero ese funcionamento non era áxil e era moi pouco seguro, polo que axiña se pasou a que desde a «Frente» propoñíamos e o Comité Central

«Moncho Reboiras sería o responsábel político da Frente Armada e o que mantería a relación co Comité Central»

A HISTORIA DO POBO GALEGO É A HISTORIA DA OPRISION E DOMINACION DOS DE ARRIBA SOBRE DAS CLASES TRABALLADORAS E DAS CONSTANTES LOITAS DOS OPRIMIDOS POR ACADAR A LIBERACION DELES MESMOS E DA SUA PATRIA ...



NO SEC. XIII EFREIA A REBELION LABREGA CONTRA OS FEUDÁS. NO XV, ORGAIZADOS EN "IRMANDADES" DESTRUIRON O PODER DOS SEÑORES ...




...PERO OS FEUDÁS, AXUDADOS POLA BIREXA E POLOS REIXES CASTELÁS VENCEN AO POBO E VENDEN GALICIA AO PODER CENTRAL.



NO 1936 O GRAN CAPITAL COMENZA UNHA GUERRA ASSESIÑA ATE IMPOR A DITADURA IMPERIALISTA. O POBO GALEGO ORGAIZA A RESISTENCIA NOS MONTES



O ESTADO IMPERIALISTA ESPAÑOL MANDA AS SUAS FORZAS TERRORISTAS CONTRA OS GUERRILLEIROS. PROHIBE E REPRIME TODO O GALEGO, INCLUSO NOSO IDIOMA E NOSA BANDEIRA.



A NOSA TERRA ASOBALLADA, DENDE ENTON EMPORRECE MAIS E MAIS. OS NOSOS FILLOS EMIGRAN NA PROCURA DO PAN QUE LLES KHA BOUVRADO.



MENTRAS, O GRAN CAPITAL MEDRA A CONTA DOS BRAZOS EMIGRADOS E DA EXPLOTACION DOS TRABALLADORES:ZUGA E ZUGA, INVERTINDO OS CARTOS FORA DE GALICIA.



FRENTE A INXUSTICIA MEDRA A UNION E ORGAIZACION DOS TRABALLADORES. INICIAS A LOITA CLANDESTINA



NO ANO 72 A CLASE OBRERA GALGA PROTAGONIZA GRANDES MOVILIZACIONES ANTICAPITALISTAS EN VIGO E FERROL ONDE CAEN ASSEÑADOS DOUS COMPANEROS.



OS LABREGOS TAMÉN LOITAN CONTRA O ESTADO IMPERIALISTA ESPAÑOL MOSTRANDO A SUA CAPACIDADES REVOLUCIONARIA.



A BIREXA CO SEU OPORTUNISMO -SALVO HONROSAS RESERVACIONES- ADAPTA SE A SITUACION PRA NEUTRALIZAR A LOITA DE LIBERACION DO POBO GALEGO.



DEICA XENTES DO MAR CHEGA A FORZA DA REBELION CONTRA O ROUBO DAS PRALAS E A CONTAMINACION RUIÑOSA QUE CONVIRTE NOSAS RIAS NO RASUREIRO DA PENINSULA



VELEIQUÍ OS CULPABLES DA SITUACION GALEGA: O DITADOR CUMPLINDO AS ORDENES DO GRAN CAPITAL COLONIALISTA ESPAÑOL.



PERO COA UNIDADE AS CLASES POPULARES VENCERAN A EXPLOTACION COLONIAL QUE SOFREN. ACADARAN A LIBERACION, LEVANDO ADIANTE EN GALICIA A



revolucion nacional popular!

◀ «Acordeón» da AN-PG. Folleto de varios corpos doblado, con banda deseñada feita por Xan Casabella, impreso en Portugal en 1975 e introducido clandestinamente na Galiza por Bautista Álvarez

«Cumprían estruturas en todos os ámbitos, que convertesen o nacionalismo galego nun movemento de masas con introdución social»

decidía. Finalmente, era máis autónomo, coñeciamos as necesidades e organizabamos todo no grupo de coordinación. Só algunhas decisións de máis calado debían de ser aprobadas antes.

Xunto con Moncho participei nunha reunión cun representante vasco que era cura. Foi no vagón dun tren en Medina del Campo, aparentando unha viaxe. Coñecérao a través de Alfonso Sastre, o que nos permitira que nos imprimiran un *Terra e Tempo* que fora recoller con Fernando Campos. Acordamos a colaboración e despediuse dicíndolle a Moncho: «a un soldado por una traición se le castiga y se le aparta, pero a un general no se le perdona», frase coa que quedamos impresionados. Uns anos despois ocuparía un importante cargo na igrexa vasca.

Mantivemos outra reunión en Lugo, nun bar da Rúa da Raíña, con quen resultou ser o 'Lobo', infiltrado dos servizos secretos españois. Hoxe parece doado dicilo, pero sorprendeunos o interese por coñecer datos sobre a nosa organización que non se preguntan na clandestinidade, polo que foi unha reunión tensa. De feito, non lle facilitamos un piso para durmir e quedou nunha pensión. Cónstanme outras reunións con dirixentes de ETA nas que participou Moncho, pero eu non estiven en máis. En Portugal, onde Margarita Ledo tiña unha rede de contactos, tivo varios encontros con membros de LUAR (Liga de União e Acção Revolucionária) e atopeime con el alí, pero por seguridade decidimos que eu non participase.

Nese marco de clandestinidade, Moncho pasou tempadas en Monforte, onde existía unha das mellores organizacións da UPG, con pisos e casas seguras, moita militancia, colaboradores e algunha estrutura en todos os concellos da comarca. En parte porque un bo número de enlaces e contactos do

PCE que viviran os tempos da guerrilla pasaran ao noso partido. Acostumados á clandestinidade, era xente extremadamente disciplinada, que realizaba importantes funcións de retagarda. Tamén escondían cousas e a moita xente, entre eles Reboiras.

Tiñamos unha casa no lugar de Guisande que xogou un papel moi importante. Estaba abandonada pero en perfectas condicións e illada nun alto, polo que permitía facer traballos vixiando quen subía. Moncho era dos poucos que coñecía a situación da casa e temos pasado noites enteiras elaborando propaganda. Levabamos militantes cos ollos tapados para que non soubesen dela e puidesen contalo nun interrogatorio, pola importancia que tiña. O mesmo se imprimían centos de folletos, que logo Ramón Muñiz, Xesús Sanxoás ou Moncho levaban para onde se fosen repartir, que se gardaba algunha cousa que tivese que «enfriar» até que se puidese trasladar para outra parte do país, ou equipamento do grupo.

En abril de 1974, Moncho viña pola estrada de Lugo e, ao pasar Bóveda, viu un control da Garda Civil nun paso a nivel. Puiden saber despois pola propia gardaagullas que fora unha situación casual, pero el pensou que o buscaban, porque xa era liberado, ao estar fichado. Saíu do coche, disparou ao aire e escapou cara ao monte. Por ser un punto considerado de risco, xa tiñamos prevista esa posibilidade e sabía dunha horta onde se podía esconder nun pozo e agardar. Contra a noite fun por el para levalo a unha casa segura no Saviñao. Esa noite fun por el para levalo á miña casa natal, no Saviñao, xa deshabitada e na que aínda había gando. Tivemos que ir camiñando toda a noite polo monte, porque dous dos meus irmáns, tamén militantes, nos saíron ao



Acto electoral do Bloque Nacional-Popular Galego (AN-PG e UPG) en San Clodio, Rivas de Sil en xuño de 1977. De esquerda a dereita: Vicente Arias, Manuel María, Xosé Manuel Pavón, Lois Diéguez e Xosé Manuel Rodríguez Martínez

camiño para avisar de que había controis nos cruces. Chegamos tan enchoupados e estarecidos que durmimos abrazados un ao outro. Nos seguintes días sacámolo para outro lugar máis seguro a cargo de alguén ben considerado polo réxime en Monforte e cando baixou a presión policial veuno buscar Muñiz.

Como é sabido, tamén participou na expropiación do Banco Pastor de Escairón. En canto saíron da sucursal marcharon en dous coches, Moncho foi escondido en Monforte e os outros dous, que non estaban fichados, puideron desaparecer con normalidade.

Na acción da oficina da Policía Nacional de Lugo participou directamente xunto con outros compañeiros. Alí conseguimos millares de documentos de identidade sen marcar e outro material fundamental para a clandestinidade. Nós quedamos coa maior parte e outros ían para o País Vasco, pero caeron nos días seguintes en Cantabria. Os nosos foron divididos e distribuídos polo país en pequenos lotes.

Pasabamos moito tempo na planificación, procurando información, definindo as accións e preparando unha saída segura. Pero como militantes políticos que eramos, botabamos días enteiros nos

debates do momento, preparando o futuro que viña. Necesitabamos impulsar os núcleos obreiros e unha central sindical galega. E tamén unha organización de masas para defender a soberanía nacional, que esixise un compromiso menor para quen non fose necesariamente comunista e independentista: o que logo cristalizou na AN-PG. Debémolle a Moncho, en boa medida, a súa formulación. El elaboraba textos internos ou para o *Terra e Tempo*, que corríamos entre os dous. Tamén existía moita preocupación polo estudo e a formación e pola extensión de asociacións culturais por todo o país que permitisen fomentar un debate público achegado ás nosas posicións ideolóxicas.

Cumprían estruturas en todos os ámbitos, que convertesen o nacionalismo galego nun movemento de masas con introdución social. Un espazo político propio e orixinal, que respondese ás nosas necesidades e especificidades e co que houbera que contar tras o colapso do réxime para unha eventual ruptura democrática que abrise a porta á autodeterminación.

Os responsábeis do grupo compartiamos tamén a preocupación de que o Partido continuase

II Marcha a Xove, o 20 de maio de 1979, contra a construción da central nuclear convocada pola Asemblea Nacional-Popular Galega. En primeiro plano, Xosé Manuel Pavón, no servizo de orde

funcionando nunha caída da dirección, polo que existían moitos cortalumes para garantir esa continuidade. Mesmo tiñamos unha posición formada sobre algúns membros do Comité Central e pensamos que a nosa organización non sería inmune aos intentos de infiltración. Morto Moncho, eu era o responsábel dunha operación de liberación dos nosos presos da cadea da Coruña que, aínda que xa estaba avanzada, decidín abortar cando souben que algún membro da dirección manexaba detalles que só teríamos que coñecer nós.

Aínda que algunhas veces se tentou presentar como tal, Moncho non era un aventureiro nin moito menos unha persoa violenta. Falabamos de todo: das vidas, das familias e tamén do moito medo que pasabamos. Co decorrer do tempo parece que naquel momento todo acontecía heroicamente, mais o certo é que o medo era unha constante. Ademais dun militante entregado, Moncho era unha persoa tremendamente humana e cariñosa, e cos pés na terra.

Se cadra discutíamos porque a súa enorme vontade levábo a ser demasiado confiado e eu estaba obsesionado coa seguridade. Dous días antes de ir

«Aínda que algunhas veces se tentou presentar como tal, Moncho non era un aventureiro nin moito menos unha persoa violenta»



© Xan Carballa

a Ferrol falamos de que os membros de ETA que estaban no noso país non soubesen máis que do piso onde estaban e que só saísen para as accións, que coñecesen o imprescindible e que, en canto rematasen a súa función, terían que marchar. Nós estábamos dando os primeiros pasos e eles ían moi por diante. Tiñamos que queimar as nosas propias fases e eramos moito máis vulnerábeis.

A última imaxe que teño de Moncho é xogando cos meus fillos, cos que era tan agarimoso e cos que sempre pasaba tempo cando estaba na casa. Souben do que ocorrera no traballo, por un compañeiro que veu correndo a contarmo. Era un colaborador noso que axudara a fuxir o Mario de Langullo a Francia. Quede impactado, sentín a perda dun camarada e dun irmán porque a nosa relación era como moitas na clandestinidade, onde poñíamos a nosa vida nas mans doutros, onde inconscientemente se vai adquirindo un sexto sentido para saber en quen confiar, labrando lazos moi fortes.

Despois daquilo houbo detencións. Algúns militantes pasaron á clandestinidade un tempo e aumentamos as medidas de seguridade. Mais mantívose

¿ POR QUE NASCEU O SOG ?

O SOG naseu atendendo o derei
to, i en respoite á necesidade
que temos os traballadores de
Galicia de organizarmos por nós
mesmos pra loitar contra da es
plotación que sufrimos, en ba
se a unha estratexia e oxetivos
que nos señan propios.

O SOG naseu porque as outras
organizaciós sindicais eisis
tentes na Nosa Terra están in
capacitadas pra defender conse
cuentemente os intereses dos
traballadores galegos pola súa
dependencia de estratexias e
oxetivos alleos.

UNIDADE SINDICAL

O SOG é unha ferramenta pra
construcción da Central Sindi
cal Unica e Galega.

Entendemos que a Central Sindi
cal Unica nacerá a traveso
dun proceso de loita contra do
pluralismo, que rematará na e
lección de delegados dos traba
lladores, elexidos en asambleas
a tódolos niveis, de xeito mai
oritario e revocable pra un Co
ngreso Sindical Constituinte.

a filiate ó

sindicato obreiro galego

COMPAÑEIRO:

!UNETE A NOS!

Loitamos por:

- . Salarios e condicións de traballo dignas.
- . Tódalas decisións as asembleas.
- . Unha Central Sindical, Unica e Galega.

Por:

- . Rematar coa emigración forzada.
- . Industrialización racional da Nosa Terra.
- . Asistencia sanitaria digna
- . Educación pra todo o pobo e o servizo de Galicia.
- . Inversión dos nosos esforzos na Nosa Terra.
- . Construcción de vivendas dignas praos traballadores.
- . Un plan de ordeación territorial que teña en conta os intereses dos traballadores.

**POR UNHA PATRIA
CEIBE
!SIN ESPLORACION!**

Folleto explicativo sobre o SOG

unha importante rede, xa que a maioría dos pisos que caeron eran do aparato de propaganda, e o noso equipamento quedou case intacto. Tiñamos un paso seguro a Portugal pola raia seca, en Riós, que montamos con contactos facilitados por Bautista Álvarez. Operativamente, agás no grupo da Coruña e a pesar das detencións, mantívose a capacidade, o que tamén lles hai que agradecer a quen pasaron polas comisariás, que provocaron o menor dano posible, en condicións seguramente moi duras.


Eu fun detido pola Garda Civil en Tomiño no ano 1976, con Lois Ríos e Xosé Manuel Rodríguez 'o Neno', na expropiación dun aparato de propaganda nunha casa reitoral onde a PIDE tiña material para organizar a contrarrevolución en Portugal. Un cuarto compañeiro conseguiu fuxir. Torturáronos salvaxemente e entramos na cadea de Pontevedra en prisión preventiva. Estivemos uns meses alí e o xuízo non se celebrou debido á Lei de Amnistía, que tiña como obxectivo real liberar os franquistas de calquera responsabilidade no cambio de réxime.

Naquela altura, coa morte de Franco e co novo contexto, o Partido decidiu conxelar a actividade

da Fronte Armada para centrarse na expansión das organizacións de masas. De aí que moitos cadros fagan parte da fundación do SOG, cuxo primeiro local abriu en Monforte con máis de 800 afiliados e afiliadas, nun piso que fora alugado para o noso grupo anos atrás.

Na miña opinión, a de Moncho non foi só a perda dun valioso militante. Era unha das persoas máis preclaras e decididas, ademais de ter unha enorme preparación política. O seu asasinato deixounos sen un cadro chamado a ser un referente do nacionalismo galego. E non se trata de loar as bondades do camarada caído, porque, neste caso, o mito non lle fai xustiza.

A pesar de sentir que non conseguimos os nosos obxectivos e que a realidade actual non é moito máis do que o franquismo adaptado aos tempos, menos evidente pero onde se conservan intactas as estruturas de poder e económicas que manteñen o noso país na dependencia, quero unir a esta lembranza de Moncho Reboiras o meu recoñecemento a todos aqueles e aquelas que tanto arriscaron para nos dotar como pobo de ferramentas propias. ●



Gravado numerado dedicado a Moncho Reboiras do artista Xosé Blanco, editado pola Unión da Mocidade Galega, no ano 2000



MARGARITA LEDO ANDIÓN


- ▶ Pancarta colocada pola UPG nas semanas inmediatamente posteriores ao triunfo da *Revolução dos Cravos* en Portugal, o 25 de Abril de 1974. As pancartas –colocadas no norte de Portugal– formaron parte da campaña de solidariedade –tamén con pintadas na Galiza– que a UPG desenvolveu en apoio á revolución portuguesa

Xeración*

«Cando a ditadura é un feito, a revolución é un dereito», lin, pasado o tempo, no Cemiterio dos Praceres de Lisboa e no túmulo do capitán Henrique Galvão. E lembrei os anos do exilio (1974-1976), a estrutura clandestina e os contactos no Porto, a derradeira viaxe de Moncho e a peripecia que acompañara aquela viaxe na que Reboiras mantivera reunións coas BR (Brigadas Revolucionárias, ligadas politicamente ao Partido Revolucionário do Proletariado) para tornar máis operativos e seguros os grupos de acción que el articulara e comandaba.

MARGARITA LEDO ANDIÓN (Terra Chá, 1951). Escritora e catedrática de comunicación audiovisual da Universidade de Santiago de Compostela, foi directora-fundadora do periódico semanal *A Nosa Terra* (1977-1980). Guionista e directora da longametraxe *Santa Liberdade* (2004); da mediometraxe, *Manuel María: fala e terra desta miña terra* (2005); e das longametraxes *Liste, pronunciado Lister*, (2007), *A cicatriz branca* (2012) e *Nación* (2020). Presidiu a Federación Lusófona de Ciencias da Comunicación (Lusocom) e a Asociación Galega de Investigación en Comunicación (Agacom); e foi vice-presidenta primeira da Asociación Española de Investigación en Comunicación (AE-IC) e da Associação Iberoamericana de Comunicação, Assibercom.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Desde os comezos dos setenta, a UPG fixérase visíbel entre as clases populares, singularmente a través de dúas batallas prolongadas que tamén atraeron a simpatía de amplas camadas profesionais: «Nós non somos empresarios, fóra a cota empresarial»; «Xove nuclear non» –dicían as consignas– para alén doutra idea fixa, «Galicia ceibe sen emigración», que resoaba até nas agrupacións de Xenebra, Londres, Barcelona ou Zurich. E desde as folgas de 1972 a UPG acadara o respecto e a credibilidade daquela clase que tiña vontade de se representar: a clase obreira. A UPG fixérase visíbel e o fascismo situouna no seu punto preferente de mira.

A consciencia de que ía ser necesario radicalizar posicións trouxo, a nivel interno, a remodelación dos organismos de dirección coa presenza decisiva de persoas como Moncho que virían substituír a vella garda de escritores-axitadores, e cara ao exterior a posta en escena de novas formas de loita que exemplificaban a decisión de botar o resto e dar un paso máis na estratexia de confrontación. E foi esta saída á tona xunto cun programa ao redor da construción de organizacións sectoriais (no ensino, na banca, no

comercio, na sanidade, na cultura...) das que o sog sería o buque insignia, e a posta en marcha dunha nova política de alianzas (co PSG, *Texto Conxunto*, 1973; coas organizacións de liberación nacional e social da Europa occidental, *Carta de Brest*, 1974) o que tamén prefigurou unha plataforma ideoloxicamente plural como a AN-PG e o primixenio BN-PG.

No ronsel desta situación, e da man de Manuel María e Saleta Goi, nos meus anos de estudante de xornalismo en Barcelona entrei na UPG, e por unha década, até 1980, militei nesa organización. O meu

«Reboiras foi o contacto e a persoa que me acompañou a un encontro con traballadores de Astano para unha crónica, "Las contratas inflasalarios"»

Cartaz do mitin-coloquio que decorreu o 4 de xaneiro de 1976 no Porto promovido por 5 organizacións políticas portuguesas, entre as entidades que enviaron mensaxes, o SOG e a AN-PG

primeiro traballo profesional foi na Coruña na redacción de *El Ideal Gallego*, cun magnífico director, Rafael González, ligado a Cristiáns polo Socialismo. Coñecín Reboiras durante a realización dun dos meus traballos de xornalismo político. El foi o contacto e a persoa que me acompañou a un encontro con traballadores de Astano para unha crónica, «Las contratas inflasalarios», que publica a revista *Cambio16* a comezos do ano 1974. Desde aquel momento, Reboiras pasa a ser o meu responsábel, lévame para o Comité Central e pídeme que me una ao primeiro grupo que articula para accións especiais. Utilizo, co seu significado orixinal, a palabra ‘pedir’. Porque cando Reboiras ollaba para ti, ti mirabas para alguén que cría profundamente na necesidade de todo o que che estaba a propor e sentías que non era o momento de o deixar só. Talvez merecese a pena pasar pola experiencia do que aínda non fora probado e analizar despois a atmosfera que os novos xeitos de actuación irían xerar entre a militancia e nas esferas de influencia do nacionalismo popular.

Ao pouco tempo, Moncho ten que trasladarse á clandestinidade, pasando a ser o primeiro liberado da UPG. O 25 de xullo do 1974, a resultas dunha acción de propaganda –a aplicación dun simple mecanismo de relojería ao lanzamento de panfletos á hora desexada e no lugar preciso– eu mesma teño que desaparecer. Reboiras condúceme a un piso franco na Avenida dos Maios (A Coruña), e desde ese momento toda a miña actividade, os meus movementos, as persoas coas que me relaciono e os lugares onde morei van depender del, como del depende marcar as regras de seguridade: atender unha chamada de teléfono a unha determinada hora do



© Fundación Terra e Tempo

día ou utilizar e deixar a chave do piso compostelán de Marisa e Manolo de Remesar tapada con unha pedriña, no oco dun muro etc. E a el correspondíalle argallar modos de despistar o aparello represivo do Estado franquista. Nunca pediu nada que el propio non estivese disposto a facer. Nunca te deixaba na estacada. E o seu riso cando explicaba como reaccionou ao escoitar: «¡Alto a la autoridad!», despois dunha acción frustrada na que tivo que abandonar un coche e fuxir monte arriba preto de Monforte, conseguindo salvar o pelexo. Era unha desas expresións espontáneas coas que ridiculizaba a policía.

En setembro de 1974, a UPG decide que eu me instale no Porto cunha tripla tarefa entre as mans: a reorganización do aparello de propaganda; as relacións internacionais; e a responsabilidade do ‘exterior’, mais a estabilización de infraestruturas de apoio aos grupos de acción. Calquera que consulte os arquivos pode localizar, para alén do cambio formal das publicacións, novos obxectos –insignias, chaveiros, calendarios, cómics etc.– e mesmo o anuncio dun programa de radio desde o Radio Clube Portugués.

Cartaz das Xornadas da Cultura Galega en xuño de 1975. As Xornadas foron impulsadas pola Unión do Povo Galego. Margarita Ledo, lectora de galego da Facultade de Letras daquela cidade durante ese ano e o seguinte, foi a encargada da súa organización

Oficialmente estiven no Porto dous anos. Unha noite de xullo recibo a orde de agardar unha chamada na sede da LUAR (Liga de União e Acção Revolucionária), situada na Praza Marqués de Pombal. Dous camaradas van pasar a fronteira. Cando soa o teléfono quen me fala é un axente da GNR (Guarda Nacional Republicana, o equivalente á Garda Civil) para me dicir que ten alí dous individuos que din ser parentes meus. Moncho e Manolo foran detidos. Eu, por toda resposta, digo ao garda que vai recibir unha chamada do QG (Quartel Geral). Póño-me en contacto co Tenente Coronel Corvacho. Esa mesma noite, un *jeep* militar traslada Manolo e Moncho para o Porto. Eu recóolloos no propio QG pola mañá. Manolo regresa para o interior e Reboiras fica uns días en Portugal. Ás dúas semanas chega desde o seu exilio en París Carme Graña Penedo. E eu paso clandestinamente o río, porque teño morriña e porque a organización accede a que visite os meus e traballe uns meses na Galiza. En setembro teríame que incorporar ao meu posto na Facultade de Letras da Universidade do Porto.

«Reboiras nunca pediu nada que el propio non estivese disposto a facer. Nunca te deixaba na estacada»



Estou aloxada en Vigo na casa familiar do *Tupa* á espera de instrucións. Estamos mirando a tele. Oio a noticia dun tiroteo no Ferrol. Vírome cara a Paula, a muller do Villaverde, e dígolle: «Tedes que mudarme de lugar, seguramente esta casa estea localizada». Doulle o nome dunha posíbel persoa da que botar man: Silva, que presentara na sede do Movemento Democrático Portugués no Porto o programa da AN-PG. E a través de Silva acóllenme na casa Darío Álvarez Gándara e Gisela. Desde o chalé de verán de Coruxo preparo o meu novo retorno a Portugal. Non cheguei a ver os meus e xa non volverei ver Reboiras. Disparáranlle polas costas. E eu, que son moi chorona, pasei anos sen soltar unha bágoa.

En 1982, xa fóra da UPG, estou en Lisboa cunha bolsa de estudos da Fundação Gulbenkian. Escribo o relato «Rematado a man» (premiado no concurso Modesto R. Figueiredo). En Madrid actúan os Rolling Stones. Nunca quixeran vir mentres Franco vivía. Para min é a fin de dúas utopías: a da *acid generation* e a dun estilo de militancia que a xeración Reboiras practicou. ●



► Mural nas inmediacións de Imo,
a finais da década dos setenta

MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

Vida ou morte pola liberación dun pobo*

As miñas primeiras aproximacións ao nacionalismo danse por razóns de estudo, cando me desprazo a Monforte. Alí, na academia, asisto ás clases de Manuel María, que tiña un círculo de introdución ao galego onde a constante era a denuncia sobre a represión do idioma. Alí había un grupo de persoas xa cunha clara conciencia sobre o galego, onde primaban en número os sectores da pequena burguesía. Logo coñecerei unha persoa que traballa xa no movemento obreiro, e achégome ao libro *O capital*, que leo tres ou catro veces, e do que non chego a entender practicamente nada.

MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ «Manolo de Remesar» (Bóveda, 1952). Detido en agosto de 1975, ingresou no cárcere da Coruña e permaneceu alí até a amnistia do ano 1977. Foi un dos fundadores, a nivel legal, da Intersindical Nacional Galega (ING) e dinamizador da mesma na zona de Lugo. Este artigo está feito a partir da transcripción dunha entrevista realizada en xullo de 2009.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Xan Carballa


Nese momento comezo a ter unha conciencia clara do que supoñía a represión lingüística. Todo comezou polo idioma, desde os cursos, e, fundamentalmente, desde o que se vivía a diario. Eu vivín esa emigración a Europa, na que marchaban os pais, e, os nenos, chorando, quedabamos cos avós nunha aldea, onde de 31 casas quedaban 5 ou 6 con actividade, mentres que as demais quedaban cos avós e cos nenos; onde vías que mandaban o diñeiro que logo os bancos investían en Madrid. Non se progresaba nada, non se investía nada. O progreso das aldeas era grazas á pouca xente que quedaba. Isto véxoo na provincia de Lugo, nas contornas de Monforte, en Remesar, Saviñao, Paradela... A estes lugares a luz chega no ano 1962, tamén a auga, e todo foi feito comunalmente, feito polo propio pobo.

En Monforte, como dixeran, coñezo Manuel María e tamén Pavón, que era o responsábel político naquel momento na zona. El é quen me fala da UPC. Galiza é un elo feble, o franquismo non vai durar sempre. Asimilo, sobre todo, a conciencia nacional, que naquel intre non había, estaba moi reprimida e gañábanse moitos adeptos e rápido a través do

idioma. A min chégame a información do que pasara no nacionalismo de preguerra, cando entro a organizarme; datos sobre Castela, Bóveda etc., o que nos explicaba Manuel María. Hai que ter en conta que a xente non podía falar o idioma que mamaran na casa e que segundo estatísticas do Banco Bilbao-Vizcaya 74% era poboación rural, en relación ao ano 1969, máis ou menos.

As miñas primeiras actividades son nun grupo de teatro, participando en varias festas. Nestes momentos a miña actividade céntrase en cuestións

«Eu vivín esa emigración a Europa, na que marchaban os pais, e, os nenos, chorando, quedabamos cos avós nunha aldea»



Adhesivo editado pola Unión da Mocidade Galega no ano 2008, en base a un deseño de Marcelino V. Cagao do ano 1995, usado na revista *Guieiro*, onde se funden nunha mesma imaxe por primeira vez Reboiras e Bóveda

moi culturais. Eu tiña daquela 18 anos e empezo a organizarme a partir das lecturas que fago, nada máis. Estudo os clásicos galegos e marxistas: Castelao, Marx, Engels e comezo a introducirme un pouco no que era a organización. Naquela época remato mestría, vou á Coruña para terminar as prácticas e decido marchar cara a Barcelona e logo a outros países de Europa; quería coñecer esas sociedades. Neses intres, a través de Pavón coñezo Campos, quen me dá contactos en Barcelona. Un deles é Basilio Losada; outro, un tal Manolo, que era o secretario do Centro Galego. Nesta entidade os letreiros estaban en español e toda a actividade realizábase en español, falábase galego só entre nós. A xente no Centro Galego tiña pánico a unha organización de carácter nacionalista. En Barcelona ofértnome un traballo e ao tempo atópome cun grupo nacionalista catalán, xente do PSAN (Partido Socialista de Liberación Nacional) con quen aprendo moitas cousas, e que, a pesar de ser da pequena burguesía, tiñan un concepto moi claro do que era ser nacionalista.

Cando marcho para Barcelona quedaban grupos culturais e de cinema. Créanse por toda a Galiza.

E moi importante, comezan a circular unha serie de persoas dispostas a dar conferencias en galego, cousa que na época era moi importante. Iso é o que queda cando me vou da Galiza.

Regreso a finais do ano 1971, coa folga de Vigo, e xa me introduzo dunha maneira total. Volto para loitar politicamente e entendo que hai que organizarse. Regreso a Galiza a militar a vida ou morte. Naqueles momentos as comunidades nacionalistas eran as que máis dano lle podían facer ao franquismo. Ao chegar a Vigo, entro en contacto con Pepe de Teis e, a través del, coñezo Moncho Reboiras. Moncho encoméndame ser un correo de propaganda do aparato central radicado no Morrazo, do que se ocupaba Carmiña Graña, e facer entregas en Vigo, Santiago e na Coruña. Recoller propaganda e entregala, iso é o que facía nun primeiro momento. A infraestrutura era nula, había algunha vietnamita, que tiñan nalgunha zona determinada, pero pouco máis.

Nesa altura participo en seminarios con Moncho e é cando decidimos vivir en Santiago, por estar mellor conectado con toda a Galiza. Véñome

**«Moncho encoméndame
ser un correo de
propaganda do aparato
central radicado no
Morrazo, do que se
ocupaba Carmiña Graña»**

e fago un curso de materiais explosivos e entro a traballar de xefe de minas en Fornas (Río Tinto). Aí tiña moitas oportunidades; podía levar legalmente unha arma, podía manexar e ter explosivos, até unha cantidade de 4 ou 5 quilos, dun día para outro, no coche da empresa. Para nada pensabamos, Moncho incluído, que daquela vivía comigo e con Marisa Vázquez, en realizar accións armadas nese intre, senón en facer outras cousas.

Nunha xunta da dirección política, da que eu non formo parte, e onde estaba Pepe de Teis, Moncho, Mariano Abalo e un compañeiro máis do que non me vén á memoria o seu nome (sei isto porque a reunión faise na miña casa, na rúa Rosalía de Castro, en Santiago), decídese apostar nas organizacións de masas. Moi logo editaremos os primeiros panfletos. Ao non contar con persoas nas zonas para ir a tiralos, iamos Moncho mais eu. Lémbrome de ir a Astano, Finsa e outros lugares; puñamos unha funda e na hora de entrada tirabamos os panfletos. A consigna era crear organizacións de masas, cantas máis, mellor.

Moncho tiña unha cousa clarísima que moita xente non sabe, había que gañar núcleos de apoio na burguesía. El, ademais, tiña relación con Otero Pedrayo. Eu teño ido varias veces con el á casa de Otero Pedrayo. Moncho tiña moita admiración por Otero e á inversa. Otero era unha biblioteca ambulante, que contestaba calquera pregunta sobre os clásicos galegos e tamén sobre os clásicos do marxismo, ou sobre calquera escritor. Con Otero imos recoller Luís Soto a primeira vez que vén de México á misa de Rosalía no ano 1972. Recollémo-lo Otero mais eu e, no mesmo aeroporto, a Policía deteno e mándao nun avión para Suíza.

As reunións con Otero eran a título particular e servíannos para buscar argumentos e coñecementos, mesmamente citas literarias, para defender as nosas ideas e posicións. Con Otero falamos de moitas cousas, a min foi a persoa que máis me impresionou na vida. Era moi sinxelo, non como outros.

Na miña relación con Reboiras puíden observar que era unha persoa culta que lía moito. Hai que darse conta que era enxeñeiro. Tiña un don de xentes especial. El tanto pasaba por executivo como por obreiro. E actuaba como tal en cada sitio. As súas cualidades políticas eran as dun líder nato e un gran comunicador. Sempre axudando a todo o mundo.

Naqueles días, ao pouco tempo de chegar Manuel Mera de Arxentina, xa comeza a colaborar con nós. E decidimos entre os tres, que eramos os que tiñamos máis facilidade, entrar nas grandes empresas e deixar un núcleo do sindicato. Falamos do ano 1973 máis ou menos. Logramos un traballo os tres en Finsa e, ao día seguinte, só queda un, os outros dous marchamos. Ficou Moncho. En Tablicia tamén entramos os tres e marchamos. En Gestener, quedei eu, pois era un lugar moi bo para controlar onde estaban as multicopistas, xa que tiñan un ficheiro de todas as multicopistas de Galiza. Unha das nosas preocupacións e traballos era, precisamente, buscar infraestrutura para as organizacións de masas.

Ademais, o noso labor tamén consistía en nuclear persoas que tivesen simpatías polo nacionalismo e cultivalas, logo iamos darlles seminarios. Era bastante fácil achegar xente, xa que falabas da represión, da emigración, dos cartos que non chegaban a Galiza etc. e non había ninguén que non tivese un familiar emigrado. Iso entendíao todo o mundo, ademais hai que pensar que toda a xente



Adiante núm. 1. Voceiro obreiro da bisbarra de Vigo. Setembro de 1974

[Páxina seguinte] Galego núm. 0. Voceiro obreiro de Santiago e bisbarra. Nadal de 1974

afluencia de persoas que se incorporan a elas, pois non contamos coa infraestrutura suficiente, nin para ofrecerlles charlas nin para imprimir documentos nin para atendelas. O voluntarismo noso era total, mais non era suficiente. Chégasenos a acusar dese voluntarismo, pero sen esa forte actividade e entrega total non contaríamos coas organizacións de masas que hai hoxe.

No ano 1973 eramos un grupo pequeno, pero moi activo. Persoas con capacidade de mobilización e de dirección, a nivel de masas. Nesta etapa nace un núcleo en Vigo que eu non coñezo. Temos introdución en Santiago, en Lugo, en Ferrol e nas Pontes. No mesmo sog empezamos a criar as diferentes ramas, logo aparece a UTEG, o sindicato da Banca. Eu estou encargado da zona de Muros, Rianxo e As Pontes; tamén había un núcleo pequeno en Viveiro. Levaba catro núcleos e non me daba apartado deles, xa que non había xente para repor. Cando falo de levar un núcleo estoume referindo a levar unha célula. Nun principio comezamos con células de 4 persoas e, co tempo, convertíamolas en 8 ou 10 na actividade sindical. Na política eran de 4 ou 5 persoas. A información que se daba nas células sindicais era a que se permitía na legalidade, non faciamos outras cousas ao principio. Os primeiros panfletos do sog son copiados da legislación española co obxecto de dicirle aos traballadores os dereitos que tiñan, xa que o sindicato vertical non daba ningunha información. Na célula ofrecíase formación, información e prestábase moita atención á captación de persoas, e, dentro delas, facíase unha selección das que consideramos que se podían meter no Partido, aquelas persoas que considerabamos máis concienciadas.

que estaba nestas empresas procedía do campo. Precisamente, o que máis difícil nos resultou foi entrar en Astano; estaba moi introducida Comisiones Obreiras e había moita xente que non era galega; faltaba pois ese sentimento que si atopabamos nas novas empresas.

A formación e información era moi idealista, até o diñeiro era común. Todo o soldo que gañabamos Moncho, Mera mais eu, ao principio, ía para unha caixa. Pensade que entón, nas organizacións, non había liberados, eses eramos nós, os únicos que traballabamos como tales. Nós eramos empregados nas empresas que xa mencionei e logo pasabamos 15 días sen traballar para realizar o labor organizativo e social de introducirmos noutra zona, empresa ou sector. Mantiñámonos a conta do noso salario, mais algo que achegaba a organización, os simpatizantes e militantes, que era mínimo. Todo se dedicaba a comer e a crear infraestrutura, pois había unha necesidade aguda de ter infraestrutura. Aí, penso eu, nace a idea de crear un xerme armado. Nun momento dado sentímonos totalmente desbordados nas organizacións de masas, pola



Fomos moi idealistas e moi voluntaristas pero non estou nada arrepentido do que fixemos. O aparato de propaganda era de suma importancia para nós nese contexto. Lembro que estaba Carmiña no Morrazo. En Rianxo levábo a unha rapaza que traballaba na conserva. Na Coruña estaba Conchita Fernández. Estes eran os máis importantes. Tiñamos contacto co crego Valcárcel, que nos deixou a igrexa para durmir en Ferrol. Rivera, o ex alcalde de Fene, Lois Diéguez, Pavón, Campos, Pepe de Teis, Bautista, que era o meu contacto en Portugal, e lembro unha persoa que tiña unha axencia de viaxes, que foi importante en toda a engrenaxe.

Na discusión política, agudizada polas carencias palpábeis de falta de infraestrutura, dáse un debate sobre a triloxía acción-represión-concienciación. Unha plasmación do que viña sucedendo en Euskadi. Moitos compañeiros non viamos isto, non estábamos de acordo, xa que considerabamos que ía ser un fracaso total, pois en Euskadi había moito movemento obreiro e conciencia nacional. Aquí non acontecía, no que se refire ao movemento obreiro, a excepción de Ferrol e Vigo. Aí si que a represión

«O noso labor tamén consistía en nuclear persoas que tivesen simpatías polo nacionalismo e culturais, logo iamos darlles seminarios»

podería facer medrar a toma de conciencia, polo menos de clase, pero outros defendíamos ter máis presente a concienciación nacional e, particularmente, o idioma como elemento central. O paradoxo foi que os que defendían a triloxía logo non participan na fronte armada; fuxiron, desaparecieron do mapa. O debate dura dous ou máis anos, aproximadamente, e a decisión, ao final, é crear algo para fortalecer os movementos de masas, a infraestrutura, non para crear un clima de acción-represión.

O grupo que se forma compóñeno entre 7 e 8 persoas activas. É unha aposta para cubrir e abastecer o movemento de infraestrutura, e en ningún intre quedamos á marxe da actividade política. Moncho estaba no Executivo, todo ficaba supeditado a decisións políticas, sobre todo á secretaría política.

Chegamos a ter 17 pisos alugados, sen facer grandes accións, parte destes eran utilizados para as actividades e infraestruturas políticas. En 1975 cae o piso de Ferrol, mais tiñamos moitos outros, no Burgo, en Monforte, Rianxo, Vilagarcía etc., contando tamén con casas, e unha infraestrutura en Portugal. Moitos non caeron, nin apareceron nos rexistros. O que se facía moitas veces era deixar a casa a un activista político da zona. Por exemplo, a Elvira Souto deixáselle o piso do Burgo, a Lois Ríos o de Ferrol.

En 1974 ten lugar a revolución dos cravos e eu vou a Portugal, xa que hai un momento en que o aparato de propaganda se traslada ao país veciño. A revolución en Portugal foi impresionante e tamén as nosas esperanzas de que se poida dar un importante cambio político en Galiza. É cando contactamos coa UMD (Unión Militar Democrática). Eu tiña amigos alí, e había persoas dispostas a realizar un

cambio no exército, xente española, mais disposta a provocar mudanzas desde dentro da institución militar. Había un xerme no interior do exército, un estado de opinión a favor dun cambio, sobre todo na aviación. De boa fe, pensabamos que se podía producir unha mudanza revolucionaria no Estado español e, canto mellor situados estivésemos, máis oportunidades teriamos de lograr cousas.

É aquí, coa revolución do cravos, cando trasladamos parte do aparato de propaganda a Portugal. A Portugal vai Margarita por unha incidente en Santiago cuns petardos que lanzaban panfletos ao ar. Alí créase unha emisora, Radio Clube, e ela consegue traballo na Universidade de Porto. A Margarita pasámola Reboiras mais eu, Reboiras polo lado de aló do río, e eu polo de aquí, nun flotador, atada nunha corda. Reboiras cae preso, mais sóltano logo grazas aos contactos que temos con LUAR.

Aí é cando se dá un gran salto, créase a AN-PG e potencianse todos os sindicatos de rama. O noso obxectivo é configurar un extenso movemento nacional galego, con amplas bases sociais e organizacións até no sector empresarial. Esa é unha das cousas que Moncho tiña claras, outros non. Canta máis xente estea no proceso nacionalista, moito mellor.

No debate sobre o agro estaba Milucho ao carón doutros compañeiros máis vinculados ao agro, Ramón Muñiz e Arturo. No sector funcionábase a través doutras persoas que eran colaboradoras, que tiñan don de xente e funcionaban ben. Neste senso creouse un xerme importante. As persoas que conectaban con eles eran Ledo e Xosé Manuel.


Moncho participa en reunións con organizacións de Euskadi, en concreto na miña casa ten unha xuntanza con Pértur xusto oito días antes de

caer. Que eu saiba, non estivo con outros que se movían daquela por Galiza. Chega a algún acordo con Pértur, pero na súa organización hai certos problemas. Pértur era unhas das persoas, segundo me contaba Moncho, que cría na loita de masas, sendo necesario saír das accións armadas no momento que houbese un proceso revolucionario, quer dicir, baseaba todo no apoio ás loitas de masas. Os feitos foron que Pértur desaparece, a Moncho mántano, e nós caemos presos.

O 10 e o 11 de agosto estou con Moncho en Remesar. Estivemos facendo prácticas no monte. O día que cae Moncho saía eu de Remesar. Tiñamos unha cita de seguridade na miña casa en Santiago, que só sabía dela Brañas mais os compañeiros da actividade política, que tamén caen. A miña casa era un centro de reunión máis política que militar. Eu xa apenas ía por alí, pero alí me deteñen, e decátome da morte de Moncho Reboiras, por que un ex colega meu de estudos foi un dos que me detivo.

Nos primeiros días de cadea as noticias que temos é que nos piden desde pena de morte até 24 ou 40 anos de prisión. Pero sabiamos que Franco

«O noso obxectivo é configurar un extenso movemento nacional galego, con amplas bases sociais e organizacións até no sector empresarial»



Adhesivo editado pola UPG –aínda na ilegalidade– en xullo de 1976

ía morrer, e nós non tiñamos delito de sangue, polo que máis tarde ou cedo íamos saír.

Na prisión, Villanueva mais eu cavamos un túnel de 19 metros. Sacamos dunha cela unhas baldosas e selámolo cando non realizabamos traballo, facíamolo á hora da sesta. Quedábannos 3 metros cando fomos descubertos. Era un bo túnel, até tiña luz. A causa da descuberta foi o mafioso do xefe do economato, con quen tiñamos o acordo de que nos deixara a súa cela para facer o túnel, a condición de que nós lle pagabamos e saíría con nós. O noso pago era en viño, daquela era un ben moi prezado na cadea.

Temos información do que sucede fóra dunha maneira moi distorsionada pola prensa. Somos coñecedores de movementos fortes en Euskadi, do movemento obreiro español e algo en Cataluña, polo que aparece na prensa. Na Galiza, chéganos información cando se decide facer a campaña pola amnistía, acertadamente, ao meu ver. Alí podemos comprobar directamente a mobilización social, porque desde as fiestras da prisión conseguimos observala, onde se vían centos de persoas. Iso fíxonos moita ilusión, quizais a maior ilusión que lembro.

As decisións que vai tomando a UPG non a todos nós parecen ben. No meu caso, xa era partidario con anterioridade das organizacións de masas; outros non, eran máis radicais. Na cadea había que convivir, e eu cando saí dedícome de cheo ás organizacións de masas, participando nunha das maiores mobilizacións que houbo en Galiza, a folga do transporte de Lugo e o conflito en Alúmina, axudado por Montes, sobre todo no da Alúmina.

Á saída da prisión, Xosé Manuel, que é o responsable do sindicato, vaise á mili e eu fágome cargo do mesmo. Nestes intreos atópanse máis facilidades para organizar e máis receptividade. A explotación é forte; a xente, cando morre o caudillo e ve que hai unhas posibilidades determinadas, toma conciencia. Por exemplo, pódese facer pensar a un obreiro que gaña nove mil pesetas en nómina o motivo de que en Barcelona gaña vinte e nove mil. Que pasa logo?

Obsérvase que naqueles anos, en 1977 e 1978, prodúcense grandes mobilizacións de masas, mais no plano político non temos a necesaria plasmación electoral. Ben, houbo algo que non se soubo aproveitar. Na ditadura, a cuestión chave de concienciación estaba no idioma. No ano 1979 é tan importante o salario como o idioma, e non se soubo chegar a un certo sector social. As directrices políticas non son as correctas e non se alcanza unha porcentaxe de voto significativo. Houbo moitas contradicións, mesmo dentro da UPG, para ir ou non ás eleccións, para participar na legalidade ou non. Se xa estaban as organizacións de masas participando na legalidade, a UPG tamén o tiña que facer. Había moito radicalismo, moito teoricismo marxista-leninista e iso pagouse naquel intre, por ser tan elitista.



As accións que realizamos entre os anos 1973 e 1975 foron arriscadas. Somos ben conscientes do que nos podía pasar. É unha loita a vida ou morte. Coido que os colaboradores non o sabían. Claro, non llo dicíamos, pero as persoas que estabamos na fronte sabíamos que nos ariscabamos a morte. Sabíamos que, se morriamos, habería máis xente xa disposta a continuar, sobre todo ao principio, logo houbo xente que se aparta, caso do Arxentino e o Brasileiro.

Unha das primeiras accións é o banco Pastor de Escairón, onde directamente participa Moncho e

outro compañeiro e, indirectamente, Marisa e eu, é dicir, uns sacaron o diñeiro do banco e outros recollémolo e transportámolo. Cada un deles vaise nun coche e nós noutro. O contacto aquí foi Campos. Unha cantidade deixámola, pois ao estar en moedas, o compañeiro que a transportaba non podía co saco e case cae na rúa. Mais isto que conto foi o segundo intento. A primeira vez que tratamos de levalo a cabo, fomos Moncho e eu nun seiscentos da súa propiedade. O que fixemos foi pegar con cinta adhesiva outra matrícula sobre a orixinal que tiña o coche.

◀ Cartaz da década dos oitenta
cos actos de homenaxe
a Moncho Reboiras

**«A acción máis sonada
foi a dos carnés en
Lugo, onde participamos
arredor de 12 persoas.
Entre portugueses,
vascos mais nós»**

Indo para Escairón comezou a chover e soltúsenos a placa. A Garda Civil danos o alto e Moncho dime que tire para diante mentres que, para asustalos, facemos uns tiros ao aire, o que fai que os gardas civís corran a agocharse detrás dunhas pedras entrementes nós pasamos sen máis. Fomos agocharnos a unha casa de Bóveda. Alí quedamos un día, pois tivemos que desfacernos do coche, e é cando Moncho pasa á clandestinidade porque controlaron a matrícula real e o coche estaba ao seu nome. Pasados 15 días voltamos ao banco, esta vez con éxito.

A segunda acción foi con multicopistas, en Urdilde, Lousame. Fixémonos con catro ou cinco. Pero non eran suficientes. Entón decidimos entrar nun almacén de Gestener e collemos 17 multicopistas. Eu neste acto non participo, dou todos os detalles sobre a operación e a acción realizaa Moncho con outros dous compañeiros. Logo faise unha contra Fenosa, en Vigo, onde se logran 4 millóns de pesetas.

A acción máis sonada foi a dos carnés en Lugo, onde participamos arredor de 12 persoas. Entre portugueses, vascos mais nós. Esa foi unha acción que saíu ben, pero o risco foi inmenso e, se chega a saír mal, con seguridade que tería sido unha operación con mortos. O armamento que se utiliza é importante, tanto pola nosa parte como polo feito de atracar unha comisaría. A miña opinión é que con esta operación, sectores alleos a nós, de Euskadi, o que pretendían é causar mortos, cousa da que eu falei con Moncho en máis dunha ocasión. A proposta viña deles. Na operación apropiámonos de 60.000 carnés en branco, 10.000 usados, máquinas de plastificar e selo coa sinatura do Comisario, repártense entre ETA, LUAR e UPG, e outros 20 000 entrégoos eu no ano 1992 ao Goberno.

A nosa relación coa xente de Euskadi non foi nada boa, estivo chea de problemas. Hai cuestións descaradas. Así, no atraco que se fai a unha caixa e onde participan dúas persoas de Euskadi, é sospeitoso; van a cara descuberta dúas persoas máis buscadas que deus. Non empregan nin pasamontañas nin medias. Aí si que lle comentei a Moncho que eu non quería saber nada desas persoas. Nós tivemos moitos problemas por iso. Quizais, se non fose por esta xente, non teríamos caído e as nosas accións seguirían o camiño de dotación de infraestrutura e pouco máis. Nesa época hai unha forte división nas organizacións de Euskadi, as infiltracións tamén están aí. O 'Chino' é un dos infiltrados. Gorka chega aquí, cando cae en Madrid o comando ao que pertence. Villanueva, vén de Francia. Nós, Moncho e eu, falabamos moito disto porque non o víamos claro. Moncho, un día e ante unha actitude *chulesca* deles, cabrease moitísimo e mándaos para un piso da Coruña, onde están encerrados até o tema da Caixa de Aforros.

As primeiras armas son facilitadas por un compañeiro e son da guerra civil española. Logo chégnanos a través da xente de LUAR, de Portugal, e da xente de Euskadi. E é importante, desmentindo o que din os informes policiais, sinalar que Moncho tiña unha pistola checoslovaca, pois o que tiña, igual que eu, era unha pistola checa da guerra civil. Pistolas clandestinas que permaneceran no rural. Eran pequenas, moi boas ao ser do 9 corto. E, para rematar, quixera confirmar as explicacións que se dan no primeiro Congreso da UPG, decorrido en Arcade no ano 1977, e onde eu son electo para o Comité Central, de que a finalidade do grupo era dotarse de medios para apoiar as organizacións de masas, iso é totalmente certo. ●



MARISA CANTO REBOLEDO

Doce de agosto*

Fíxosenos un nó na gorxa e unha ferida no corazón cando aquela mañá de agosto de 1975 soubemos da morte certa do compañeiro Moncho. Din que foi un día moi soleado, pero eu lémbroo gris, pesado, como se fose do máis avanzado outono.

MARISA CANTO REBOLEDO (Lugo, 1948) é arquivista. Entrou na UPG no ano 1973, onde foi responsábel do aparato técnico na zona de Lugo durante os anos 1974 e 1975.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Manuel Miranda

Só tres días antes o compañeiro Xosé Lois e mais eu estivemos facendo de cobertura para poder desprazalo de Lugo a Lalín no marco dunha operación do partido. Polo que eu lembro, a operación propiamente dita trataba de encontrar un piso franco onde poderse agochar até o día sinalado. Recollémolo en coche na zona que previamente nos dixeran polas canles da organización, estaba á hora sinalada e fomos cara a Lalín. Chegados ao destino desenvolvémonos tal e como se tiña previsto, encontrando un piso que máis tarde non serviría de nada, dado o tráxico final que se nos revelaría ás poucas horas. De todos os modos, estes datos veñen ben reflectidos nun artigo de Xosé Lois Ledo.

O día anterior a estes feitos tivemos unha cea na casa do compañeiro Lois Diéguez, asistimos cinco ou seis persoas, tendo como tarefa aclarar certos aspectos do traslado do compañeiro Moncho así como unha serie de directrices políticas a tomar.

No marco dun ambiente social na Galiza de represión cun réxime que estaba a esmorecer, a

Mural de papel elaborado pola UPG solicitando a amnistía política nos setenta

situación levábanos a ser máis combatentes, máis persistentes na defensa do noso pobo. A min chamóuseme a esta reunión porque faría de enlace coas persoas que nos proporcionarían o piso, eu coñecíaas.

Alí estaba tamén Moncho, a pesar do ambiente xeral, tivemos unha cea relativamente agradábel, falouse dos temas dos que nos tiñamos que ocupar. Moncho amosaba un carácter cordial e amábel, transmitindo unha forte sensación de tranquilidade que se reforzaba na seguridade do seu falar.

Cando penso nel, non podo esquecer a inxenuidade da que estabamos todos prendidos, aínda sendo conscientes dos perigos que nos ameazaban, estes, polo menos eu así o sinto mentres repaso estes anos, desenvolvíanse máis como ameaza que como feito real, non críamos que se podían converter en algo tan arrepiante como a mesma morte.

Cando se trata de lembrar feitos como estes, que habitan nunha parte da memoria que foi sometida a estrés, medo e dor, resulta que o que unha obtén, cando o comparte e o fala cos outros compañeiros que tamén estiveran presentes naqueles días, parece un recordo roto, aboiado, con partes que, dependendo de cada persoa, collen máis relevancia, e deixando outras sen ela, pero a impresión de sensacións que quedan na alma non se esquecen, non se esvaen e aínda irrompen de súpeto no momento menos esperado.

Xa pasaron anos deste fatídico 12 de agosto, mais a lembranza da nosa xuventude combativa queda para sempre prendida da imaxe do noso benquerido compañeiro. ●



SALETA GOI GARCÍA

► Detalle do acto de inauguración da rúa Moncho Reboiras en Corcubión en agosto de 1980

O meu coñecemento con Reboiras*

A miña chegada á realidade galega está relacionada co feito de ser filla dun republicano: cando era cativa, para facerme calar, dicíanme «Meniña, cala que veñen os falanxistas!». Xa tiña unha semente, e no ano 1956 relateime con Manuel María.

SALETA GOI GARCÍA (*A Pastoriza*, 1932) foi libreira. Presidenta da Fundación Manuel María.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Xan Carballa

Manuel María é unha persoa xa con consciencia, máis ou menos, do seu país e das necesidades de ter unha dirección propia e unhas políticas propias. Todo está recollido na súa obra. Así que eu, nesa relación con el, achégome prontamente a unha consciencia do país que vai máis alá dun simple asociacionismo; é unha consciencia política.

Aínda sendo unha etapa dura e cun ambiente social nada favorecedor para as nosas ideas, Manuel María realizaba xa a súa obra en galego; aí están os seus libros no tempo do franquismo. El era un inadaptado a todo o contexto social xa desde noviño. Pénsese que daquela a Igrexa tiña un gran poder. Era sobriño dun cura moi importante en Lugo, don José Fernández Núñez, cura de San Froilán. A súa casa era tamén moi relixiosa. El saíu diferente, aínda que tamén ten os seus antecedentes dun parente republicano, non galeguista, que foi Fernández Mato.

Ben, os primeiros pasos de organizar máis ou menos algo non é doado delimitalos. Ti pertencías a aquilo, non tiñas un carné como tes hoxe, que chegas e tes que identificarte como se facía

daquela ante a policía. Cando houbo esa escisión en 1963, no Consello da Mocidade, creouse o PSG e a UPG.

Antes diso, había unha relacións con Ferrín para organizar algo. Nós non fomos a esa reunión das mocidades; ía de Lugo Arcadio López Casanova, e por outro lado estaba o Ferrín. Entón, nós tiñamos relacións cun e co outro. Con Arcadio houbo un arrefriamento gordo, porque parece que naquel momento –ao mellor isto non é verdade– lle demos de palabra a autorización para nos incorporarmos ao seu grupo. Nós xuntámonos ao colectivo de Ferrín, é dicir, o que daría pé á UPG. Nós o que estabamos a agardar é que se aclarasen os grupos. Daquela, viviamos en Monforte, desde fins de maio do ano 1959, cando casamos.

As nosas actividades eran culturais e contestatarias, sen unha organización perfilada, porque iso foi en 1964. Foron uns anos nos que te agrupabas, que protestabas por unha serie de cousas, sen estar totalmente estruturado. Creo que cando realmente se empezou a engrenar foi cando comezaron a existir as primeiras organizacións, cando se creou

«Non te podías reunir porque che prohibían facer unha xuntanza, mais se tiñas legalizada unha Asociación Cultural, si podías ter alí as túas reunións»

o soc, as Comisións Labregas, cando empezou a haber unha formalización orgánica.

Coido que en 1972 xa empezou o bulebule, porque iso non se crea da noite para a mañá. Entón empezaran a haber contactos, xurdindo as organizacións con gran presenza nos anos 73-75.

Manuel María daba clases na Academia Balmes e concienciaba o máis que podía os alumnos da Historia e da Literatura da Galiza. O Lois Diéguez foi alumno del, e cando foi a Madrid púxoo en contacto con Raimundo Patiño, e logo el conectou con Bautista Álvarez e alí organizouse.

Os primeiros grupos, nos que destaca o activismo cultural, xorden pola concienciación. Créanse, polo tanto, asociacións por todo o país, en Monforte, en Vigo etc. En Monforte clausurouse a Asociación Castela, que era unha asociación cultural que fechou a policía; a social andaba detrás. Lémbrome dunha conferencia de Francisco Rodríguez nunha asociación que había de carácter popular. Estaba a falar o Paco, nunha destas mesas pequenas de mármore, onde se tomaba o café, e o policía de quenda sentando ao seu carón e Paco tratando de impedirlo; aquilo valeu para que fechasen a Asociación.

O grupo, alí en Monforte, era diverso e contaba con xente do agro, da pequena industria e traballadores que se achegaban ao nacionalismo. Sectores non só intelectuais. Nun principio achegábanse os sectores máis intelectuais, que eran acotío os máis concienciados. Estas persoas transmitían a outras as súas ideas, facían proselitismo.

Nos anos 70 abrimos a Librería Xistral, que funcionaba como unha Casa da Cultura. Para algúns non era só unha referencia cultural, senón tamén política. Na nosa librería, para empacquetar, había

unha cinta adhesiva coa bandeira galega e a estrela. Entón viñan clientes e dicían «Dese non», e púñalle doutro.

Coñecemos Reboiras na Asociación Cultural de Vigo, que contaba con moitos rapaces daquela, e Manuel ía falar moitas veces alí. Andou por toda a Galiza, falando nas asociacións, nos institutos e onde o chamaban. Coido que o coñecemos logo do suceso de Ferrol, do ano 72. Comezou o seu labor como activista neses anos, tras as mortes de Ferrol, e tamén empezou a traballar en Vigo, aínda que xa debía estar a traballar en 1972.

Alí en Vigo tratámolo. A min parecíame un rapaz estupendo, un rapaz cunhas ganas de saber de todo. Logo viña á nosa casa, de vez en cando, a traballar por alí. Nunca ficou a durmir, saíndo de noite para estar con outras persoas, con outros contactos. Paraba na casa, non durmía, mais si comía e descansaba. Daquela era un rapaz, porque o mataron aos 25 anos. Un rapaz moi cariñoso, moi bo, cunha capacidade organizativa tremenda. E por iso parécese que o mataron. Por que senón? Por que? El non fixo nada malo.

Tivemos relación con el na constitución da Fronte Cultural, nesa necesidade de se preocupar pola formación e información culturais. Esa idea de cultura nacional, que hoxe esta un pouco de lado e que sería necesario prestar –o que non sei é como– moita atención ao traballo cultural. Como tamén daquela era fundamental. Fundamental para coñecer o país, a súa cultura e os movementos sociais. Naquel momento todo o mundo tiña claro que era fundamental, e, ademais diso, tamén valía para unha tapadeira para a política máis activa. É dicir, non te podías reunir porque che prohibían facer unha

xuntanza, mais se tiñas legalizada unha Asociación Cultural, si podías ter alí as túas reunións.

E nós, Manuel e eu, participamos na xuntanza de Noia, unha reunión que tivo a finalidade de dar ao traballo cultural unha extensión nacional. Ben, nesa reunión eramos pouca xente pero moi unida e que se multiplicaba. Cando hai unha gran cohesión non vas buscar nada e dálo todo. Está claro, creo, que se hai entrega faise moito máis. Nós pagamos as nosas comidas, as viaxes, todo. Cotizaba todo o mundo para o que fose. Cando foi o de Noia, chamounos Reboiras. Entón moi secreto, moi secreto, citáronnos na cafetaría Derby, en Santiago. Alí recolleunos Reboiras. A min fíxome moita graza porque non sabíamos a onde nos levaban. Pois ben, fomos a Noia, a unha igrexa, que non sei se se chama San Martiño ou algo así; era unha igrexa que non tiña culto. Alí estaba moita xente coñecida; eu coñecía todo o mundo, menos Antonio Fernández Oca; eu púxenlle ‘Ojos verdes’, pois ten uns ollos moi bonitos. Aínda hoxe o chamo así. Logo ría con Reboiras. Pois claro, montades tal número, mais claro, a clandestinidade, que tiña que habela, e a presión psicolóxica que tamén funcionaba. Lémbrome dos de Ribadeo, os de Vigo, os da Coruña, os de Lugo; xente de moitas partes da Galiza estaba na reunión. Alí deuse un impulso definitivo á creación de moitas Asociacións Culturais e, sobre todo, á súa coordinación.

Moncho era o que levaba a reunión. Era unha reunión da Fronte Cultural, non da UPC; cada cousa tiña o seu lugar. Podíase ser da Fronte Cultural e non ser da UPC, e logo igual coa AN-PG; son movementos que se crean, xa que hai unha necesidades deles. Reboiras tiña moi claro a organización dos obreiros, das labregas, do mundo da cultura, el era un grande amante

da cultura. Viña das mans do Padre Seixas, que fixo un labor de galeguización con bastante xente.

Eu participei con Manuel María nesta reunión e en moitas outras cuestións. Acompañaba Manuel todas as veces que podía. Agora ben, nese momento –falamos dos anos 70– tiñamos xa a librería e entón cando tivemos unha rapaza na librería eu podía saír, mais cando estaba soa non era posíbel.

A actividade cultural agromaba: a Asociación Cultural de Vigo; na Coruña O Facho e Alexandre Bóveda; en Viveiro; en Ribadeo; en Ourense coa Auriense, O Galo –é das primeiras– en Santiago, moi vinculada co mundo universitario.

Nos acontecementos do 12 de agosto de 1975, co asasinato de Reboiras, lémbroo dun xeito especial. Manuel María estaba na cama. Aquilo tivo un impacto tremendo; ligábanos cos vascos, era un problema gordo. Pensade que Reboiras, como xa dixeran, viña pola casa e a librería, que lle encantaba, pois alí había libros que lle interesaban moito. Tiña unha maneira de ler moi curiosa; lía deitado sobre a alfombra. Lía no chan. Nós traballabamos na librería e logo iamos á casa, merendabamos e, despois, de noite, ía facer os seus traballos, no sindicato, cos contactos que tiña.

Era un home moi humano, moi preocupado polo saber. Da Galiza interesáballe todo. Eu non teño esa idea de home só de acción e militarista. O que pasa é que, daquela, a policía era moi fina. Que tamén o é hoxe. Eu teño visto informes que fan un retrato da xente á perfección, e de Reboiras seguro que o tiñan, e seguramente pensaron que, coa capacidade e sentido da organización que tiña, unha vez eliminado el, remataría todo. Imaxino. Porque non sei como fixeron esa barbaridade.



© Fundación Terra e Tempo

Coido que hai un erro, a xente que non viviu isto; o franquismo non cae en 1975, moito antes ten o seu desgaste e a xente está farta. Entón creo que a xente cando máis atendía as cousas culturais, e políticas, era naquela época. Hoxe parece difícil lograr a asistencia de xente a actos culturais tal e como acontecía naquela época. Mira que daquela estaba o comisario de quenda na mesa, mais a xente acudía igualmente. É dicir, había unha concienciación e unha necesidade de saber do teu país.

Hoxe non o percibo. Agora hai tal barullo, tal confusión... Eu sigo militando, vou a reunións e algunhas veces teño a impresión dun cacao tan horrible, aínda que xa sei que non lle pasa a toda a xente. Non sei como se vai amañar isto. Esta é a impresión que me dá a min. Porque se nos está a dicir unha cousas desde certos poderes e líderes políticos e logo lemos outra. Necesitamos un novo dicionario para decatarnos das cousas. Daquela eramos poucos, mais para avanzar hai que ter masas; non se pode avanzar só con esqueleto.

◀ Cartaz editado pola Agrupación Cultural O Galo, de Compostela, e deseñado por Pepe Barro en xaneiro de 1973

**«Daquela eramos poucos,
mais para avanzar
hai que ter masas;
non se pode avanzar
só con esqueleto»**

Logo da represión que sufrimos no 75, hai unha baixada no activismo cultural. Hai persoas que teñen que exiliarse. Este feito lémbreme as primeiras eleccións ‘democráticas’ de Monforte, onde detiveron Arias Curto, que militaba daquela na UPG, Manuel María e a min. Cando chegamos ao cárcere de Lugo, oímos de varias celas o noso nome. Na cadea estaba media organización nosa detida. E aí pensamos que se ía haber un Golpe de Estado, estabamos mellor na cadea. Querían implicarnos na loita armada, mais como non andabamos con armas dixemos que esto non tiña sentido. Só era un truco para nos debilitaren de cara á campaña electoral.

Polos anos 75-76 participo na primeira dirección nacional da AN-PC. Esta era unha estrutura eficaz que daba bastante resposta aos conflitos e agresión que sufría o país, e que ía dar paso ao BNG. Lembro que en Monforte tivemos unha boa estrutura e un importante número de persoas afiliadas. Nas primeiras eleccións municipais de 1979 sacáronse 3 concelleiros, e fíxose unha das primeiras manifestacións nacionais: o pobo estaba asustado ao ver tanta xente de fóra con motivo do recibimento na estación de tren á xente que saíra da cadea en 1977. Recordo unha ledicia tremenda, pois tratábase con Manolo de Remesar, con Reboiras, con Brañas, aínda que menos, e algo con Lito.

Cando alguén nos visitaba, facíao porque tiña un contacto; non recibiamos ninguén sen contacto. Como ías recibir alguén sen saber? Unha vez mandáronos un cun recado. O enlace chegou á librería, mais a librería tamén viñan policías, que de vez en cando revisaban o que tiñamos. Entón veu un rapaz, moi serio, cunha cara moi seria. Nós

pensabamos «Este ten que ser o policía de quenda», até que despois, pasado o tempo e ao ficarmos sós, tampouco se ía. Resultaba que viña cun contacto e díxenlle; «Home, toda a tarde así... Non puidiches falar antes?». O rapaz traía cousas do Partido, da UPG, que tiña a súa estrutura. Non sei o que achegaba. Nós tivemos un garda, na beirarrúa de enfronte da porta da casa. O home, ao que o facían ir, pasábaas moi mal. Até debía ser boa persoa aquel señor. Lémbrome que viña o Muñiz e sempre o facía de noite. Viña á casa, que, por certo, enchía de fume. Fumaba uns puros tremendos, e claro, estaba esperando a ver se o señor se ía. E o señor non marchaba, botaba alí horas. Daquela tiñas coidado co teléfono, que tamén se debe ter hoxe, dependendo do que digas. Sigo pensando –sen ter medo a aqueles tempos–, que eran por un lado desagradábeis, mais por outro, cun compañeirismo da xente tremendo. As persoas eran unha marabilla; humanas, entregando todo polos compañeiros. E iso tamén ten un gran valor. Eu, como son dos valores de antes, a iso doulle moita importancia.

O nacionalismo actual é o resultado daqueles pequenos traballos, dos antecedentes como do século XIX, como Rosalía, Pondal, Curros e a Xeración Nós. A gran vantaxe é a organización e a estrutura de masas. O que pensa que o nacionalismo sae da nada comete un grave erro. O país existe desde hai séculos, e os problemas que temos tamén. E, sobre todo, eu penso que hai que ser o máis obxectivos posíbeis, aínda que non nos guste, xa que iso trae unha credibilidade maior. Eu son unha gran defensora da verdade. «A verdade é revolucionaria», dixo o Che. A verdade pode nun momento causar problemas, mais a longo prazo resólveos. ●



► Cartaz editado pola UPG
no V aniversario do
asasinato de Reboiras

NEMÉSIO BARXA ÁLVAREZ

Falsidades e certezaas sobre o assassinato de Moncho Reboiras*

Há uns dez anos a Fundación Bautista Álvarez distinguiu-me com a encomenda de un comentario para un libro sobre Moncho Reboiras. Já daquela dizia que eu não cheguei a ter trato pessoal con Reboiras, mas sim coñecemento por referencias de camaradas comuns, incluso de un amigo seu que naquela altura traballava no meu escritorio de Vigo, Xesús Sanxoas, e por coincidir nos mesmos objetivos. A colaboración a que me refiro versou, por tanto, não sobre a figura de Reboiras, senão sobre a situación do nacionalismo na década dos 70 e nos sucesos contemporâneos e posteriores ao assassinato de Moncho. Penso que rematava con o dado anedótico de que, havendo sido eu o defensor de todos os militantes detidos e presos, chegado o momento da súa liberación, por aplicación da lei de amnistia, no acto de recebimento en Compostela a organización apresentou como seu advogado outro profesional que não interviria no proceso (que milita na esquerda espanholista), prescindindo de mim e sem que a estas alturas tivesse explicación.

NEMÉSIO BARXA (Viana do Bolo, 1935). Licenciado en Dereito pola Universidade de Salamanca e Graduado Social pola de Santiago de Compostela. Intervém activamente na luita política e social desde a oposición ao encoro de Castelo de Minho até a actualidade. Activista da lingua, apresentou comunicacións en diversos Congressos para o emprego do galego nos procesos judiciais. Exerce a súa profesión na Galiza e Norte de Portugal, con escritórios en Ourense, Vigo e Porto. Assumiu a defensa de nacionalistas galegos nos Julgados, no Tribunal da Orde Pública, na Audiencia Nacional e no Tribunal Supremo.

* Versión nova do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Os presos na cadeia da Corunha, aos que visitei todos os fins de semana durante os dois anos de estadia, chegaram a ser para mim amigos e como família, tanto polo trato continuado como polas arelas em comum, a relación com suas familias e suas confidências em ocasiões; Brañas e Manolo de Remesar, sua mulher Marisa Vázquez (estes três últimos detidos em Guntín) e Marisol García, muito novinha e que eu tratei de tranquilizar seus pais telefonicamente, pois com o resto das familias tinha trato directo. Em cada visita levava información, noticias, consignas, mensagens familiares, vinho. Passei com eles momentos de preocupação pola situación familiar, polo futuro e, especialmente, quando decidiram aceitar as instrucións da Dirección de intentar a fuga mediante a construción de um túnel, no que chegaron até poucos metros do final antes de ser descubertos; fui denunciado como suposto fornecedor do instrumental utilizado na escavação da passagem.

Do contido de aquele texto penso que não merece a pena acrescentar nem retirar nada. Todo é melhorável, mas o escrito clarifica o ambiente social

e das actividades nacionalistas nos primeiros cinco anos da década dos 70.

Agora que a Fundación renova a sua confianza encarregando-me outro comentario sobre aqueles sucessos, não hei voltar sobre o já relatado, senão que tratarei revelações posteriores que botaram luz sobre feitos desconhecidos no seu momento.

Polos próprios protagonistas tivemos conhecimento, com posterioridade, de que o dia 11 de agosto de 1975 Moncho Reboiras e os meus particulares amigos Elvira Souto e Xosé Lois

«Aquele amanhecer do 12 de agosto é de total confusão na militância nacionalista, que tem incluso dificultades para comunicar-se com os camaradas e para tomar decisões»

Rios, reunidos em Ferrol por atividades de propaganda, ocupavam um andar no bairro de Canido; ao parecer, Reboiras, recém chegado, teve o pressentimento de um perigo imediato e, passada a média tarde, os três puderam aperceber-se de movimentos suspeitosos de gente de paisano e mais tarde de uniformados, diante da vivenda e nos arredores, pelo que tomaram a decisão de fugir, indo Reboiras por um lado e Rios e Elvira por outro. Do que tivemos notícia ao dia seguinte, pelos jornais e rádios, foi da morte (não sabíamos em que circunstâncias) de Reboiras; as notícias eram confusas e contraditórias; a única coincidência era o falecimento de Moncho, apontando um possível suicídio ou um enfrentamento armado com as forças da polícia; a mãe e o irmão foram contactados pela Polícia o dia 12 para que se deslocassem até Ferrol a recolher o corpo, e tivemos os primeiros testemunhos da causa da morte, pelos impactos de bala no corpo, mas nada mais se pode saber do desenvolvimento dos feitos; não tivemos acesso às diligências policiais nem às judiciais, pois teoricamente era caso de terrorismo e a tramitação na jurisdição militar ficava sujeita a secreto do sumário.

Aquele amanhecer do 12 de agosto é de total confusão na militância nacionalista, que tem inclusive dificuldades para comunicar-se com os camaradas e para tomar decisões de se ficar ou desaparecer. Telefonicamente alertam-me da situação e, para que tome conta do que acontece, do que se comenta em âmbitos judiciais e atenda possíveis detidos. A primeira notícia é uma confidência do Colégio de Advogados de que existe uma ordem de registo no meu escritório, que não se chegou

a praticar porque fechei o despacho e agachei-me noutra vivenda. Ao pouco, outra notícia com mensagem de Paco Rodríguez (agachado em Pontevedra na casa de Pilar Allegue) para entrevistarmos e que atenda a situação judicial dos detidos e sirva de contacto com a Direcção, como assim faço até que a situação se foi controlando.

Mas do ocorrido na perseguição de Reboiras e até a sua morte o único que sabíamos era a través de informes confusos de imprensa. As informações de imprensa achega-nos a ideia de que, suspeitando a polícia da presença numa vivenda do bairro de Canido de pessoas ligadas à luta nacionalista, montaram um operativo para cerca-los e dete-los, considerando-os armados e perigosos, intervindo forças da Brigada Político-social, Policia Armada e Policia Municipal, segundo as fontes da época, mais de 200 agentes (algumas falaram de 300; *Mundiario*, *Wikipedia*, *La Voz*), com tal grado de incompetência que foram incapazes de evitar que dois dos cercados fugissem definitivamente e que o outro, Moncho, igualmente pelos telhados os despista-se por mais de duas horas, até que foi

«Despois veio o tiroteio no portal 17 da rua Terra, no que se produziu a morte sem sentido e totalmente desnecessária de Moncho»



Inauguración da rúa Moncho Reboiras en Corcubión en agosto de 1980

descoberto e asediado no portal de casa n.º 17 da que se chama atualmente rua Terra. Inicialmente houve un requerimento de entrega aos sitiados por parte da policía e produziu-se un tiroteio imputado no principio a un enfrentamento, mas que posteriormente pudemos comprobar que non houve tal enfrentamento, senón da única responsabilidade dos agentes que, por nervosismo ou medo, comezaron a disparar indiscriminadamente; despois veio o tiroteio no portal 17 da rua Terra, no que se produziu a morte sem sentido e totalmente desnecesaria de Moncho, consecuencia do temor e da incompetencia da policía franquista. Do que daremos noticia fidedigna seguidamente.

Entre os que podemos denominar efectos colaterais do assassinato de Reboiras fica o proceso e condena do pai Paul Francisco Carballo (destacado intelectual nacionalista, que renunciou a una brillante carreira eclesiástica por manter suas posicións verbo do nacionalismo galego), autor do capítulo referente aos feitos contemporaneos da *Historia de Galicia* (livro coletivo editado pola AN-PG), no que referido á morte de Reboiras

escreveu que «a Policía española asesinou a Xosé Ramón Reboiras, un dos dirixentes da UPG» (*sic*), trecho utilizado pola policía para denuncia-lo por calunias, incoando-se sumario que foi arquivado, arquivo que revogou a Audiencia provincial da Coruña e no que assumi a defensa do processado; dentro da linha de defensa e com o fim de demostrar a verdade do feito imputado, solicitei como prova que se requeri-se ao Julgado Militar cópia das actuacións judiciais de que se tratava e das que non tivéramos coñecemento ao ser arquivadas porque o culpábel, o suposto terrorista, havia morto e os policías intervinientes non foram investigados senón premiados por abater un perigoso terrorista que tinha em carteira novos atentados. A prova solicitada foi admitida pola Audiencia e, a partir da sua entrega, tivemos noticia bastante aproximada da realidade dos feitos na persecução e assassinato de Reboiras. Bem é certo que non foi estimada como prova de descargo no procedemento que se seguia contra Francisco Carballo, que foi condenado e seu recurso inadmitido polo ts (Tribunal Supremo).

O Ministro de Xusticia do Goberno de España

Quedando acreditado que **D. XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOYA**, en defensa do movemento sindical e da súa militancia política nacionalista, padeceu ilexítimamente persecución e violencia que motivaron a súa morte en Ferrol (A Coruña), o once de agosto de 1975, e

VISTO que **D. XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOYA** ten dereito a obter a reparación moral que contempla a Lei 52/2007, do 26 de decembro, mediante a que a Democracia española honra aos que padeceron inxustamente persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura,

EXPIDE no seu favor a presente **DECLARACIÓN DE REPARACIÓN E RECOÑECIMENTO PERSOAL**, en virtude do disposto no parágrafo 1 do artigo 4 da citada Lei

Madrid a dezaseis de xullo de 2009



Francisco Caamaño Domínguez

Obtida cópia do sumario remetido polo Julgado Militar resultou aínda máis evidente que a morte de Reboiras foi un verdadeiro assassinato e que tanto o declarado pola policía no proceso de Carballo como nos comunicados de prensa no tempo de ocorrencia dos feitos fora un cúmulo de falsidades.

Da dita cópia do sumario, desaparecida do meu escritório com o expediente do proceso de Carballo, obtive outra cópia que me forneceu Manuel Reboiras, irmán de Moncho, e que agora me serve para retomar o tema da súa morte.

Da lectura do sumario resulta evidente que Moncho Reboiras nem se suicidou nem morreu num enfrontamento com a policía. Moncho Reboiras foi assassinado polas costas. A Diligencia estendida pola Policía dá conta que por manifestacións de dous membros de ETA detidos na Corunha chega-se ao coñecimento de dous pisos francos em Ferrol, um deles ocupado por Elvira Souto; com a chave facilitada polo membro de ETA entram e inspeccionam um dos pisos; localizado o outro piso na rua Concepción Arenal o Comisario

- ◀ O 12 de agosto de 2009 –34 anos despois do seu asasinato– o delegado do Goberno de España na Galiza, Antón Louro, fixo entrega na Coruña á familia de Reboiras –representada polo seu irmán Manuel– da declaración de reparación e recoñecemento como vítima do franquismo de Moncho Reboiras, asinada polo ministro de Xustiza, Francisco Caamaño. O acto, na sede da Delegación do Goberno, rematou coa lectura dun poema de Manuel María e o canto do Himno galego. Reproducimos a declaración.

de Policía dispõe que sete funcionarios da Brigada Político Social «provistos de mandamiento judicial y acompañados por fuerzas de la Policía Armada se trasladen al piso de referencia, efectuen un minucioso registro y procedan a la detención de las personas que en él se encuentren». O dos 200 ou 300 policías de que falam algúns rotativos da época parece-me algo exagerado, mas o certo é que na Comparecencia que asinan os comisionados às 6 horas do día 12 manifestam que «hallándose parte de los funcionarios actuantes y Fuerzas de Policía Armada rodeando la manzana a fin de adoptar las precauciones debidas» (para rodear uma maça de vivendas precisa bastante gente), e continua que viram una pessoa que andava polos telhados, que saiu de um portal seguindo cara o centro da cidade

[...] Que al ser requerido para que se detuviera echó a correr por lo que los funcionarios actuantes, despues de reiterar la voz de alto, trataron de intimidarlo con unos disparos al aire. Que a unos cien metros mas abajo se encontraban los Policías Armados conductores de servicio, los que al ver que el individuo huia esgrimiendo una pistola, despues de darle nuevamente la voz de alto, dispararon varias veces al aire, al mismo tiempo que lo perseguian calle abajo... que desapareció de su vista...


que localizaram o portal onde se introduziu e

durante mucho tiempo, más de una hora, se le requirió de viva voz para que saliese y se entregase; que a este requerimiento no solo hizo caso omiso

«Da lectura do sumário resulta evidente que Reboiras nem se suicidou nem morreu num enfrentamento com a policía, foi assassinado polas costas»

sino que se enfrentó, disparando contra la Fuerza actuante, la que se vió obligada a repeler la agresión con sus armas, cerrando el individuo el portal por lo que hubo necesidad, con gran peligro para los actuantes, de forzar la puerta... Que una vez entreabierta la puerta se le requirió de nuevo para que se entregase y como no contestase, se procedió a lanzar una granada de gases lacrimógenos. En el momento de ser entreabierta la puerta dicho individuo volvió a disparar y al producirse la explosión de gases en el interior del portal se oyó un disparo aislado [este supuesto disparo foi utilizado para a tese do suicidio]. Que como no surtió efecto la granada lanzada al no salir del portal y creer que el individuo pudiera haberse protegido del efecto de los gases subiendo las escaleras del inmueble, se lanzó otra granada; que pasados unos momento, con las debidas precauciones, los actuantes se acercaron al umbral del portal observando que en el interior yacia el cuerpo de un hombre... en posición decúbito prono..., al parecer ya cadáver y cuya mano derecha estaba inmediata a una pistola... cuya arma contenía una bala en la recámara y siete proyectiles en el cargador...

O atestado policial continua com dados da fugida polos telhados de Reboiras, declarações de outros policiaes intervintes, ratificando as dos comisionados, e outra do habitante do domicilio onde Reboiras caiu a través de uma claraboia. No folio 3 há outra declaração na que se insiste no requerimento de «alto», na fugida, nos disparos ao ar, da invitación reiterada para que saísse do portal no que se agachara, com os braços em alto e garantindo-lhe sua integridade pessoal «a cuyo



Plano da fuxida de Reboiras –reproducido literalmente da prensa da época– onde se mostra o percorrido desde o piso onde son localizados até onde é finalmente atopado asasinado. Fronte a este portal é onde se lle rende tributo todos os anos o 12 de agosto, vía que agora se denomina Rúa da Terra

requerimiento contestó con unos disparos», enquanto se utilizava um madeiro de una obra próxima para abrir o portal «... al mismo tiempo que por los actuantes se disparaba a intervalos sobre la parte baja de los laterales de la puerta, con el fin de proteger la actuación del personal que trataba de abrir la puerta con un madero...» e que quando lançaram a granada de gases lacrimogéneos conseguir «percibir el declarante acto seguido que el huído tosia e inmediatamente se oyó un disparo no pudiendo el declarante precisar de dónde partió el mismo, por lo que decidió se lanzase otra granada...» finalizando a declaração facendo constar que «sobre las cuatro horas se personó en la calle José Antonio (atualmente «Terra») con más refuerzos el Capitán Jefe de la Compañía de Policía Armada...»; outro policía relata que «se arrojó una granada lacrimógena al interior del portal, oyéndose seguidamente un ruido como de un estornudo y acto un disparo», outro disse que ao lançar a primeira granada de gases lacrimogéneos «en cuyo momento se oyó un disparo efectuado por el fugitivo».

Ás cinco trinta practica-se a Diligencia de Constituição do Julgado e levantamento do cadáver. Destacamos que observam

[...] el cuerpo de un hombre en posición decúbito supino, con la parte anterior del cuerpo dentro del portal y la parte inferior fuera, en la acera de la calle, y a la altura de la mano izquierda, cuyo brazo aparece extendido, existe una pistola... con una bala en la recámara y el cargador que contenía siete proyectiles... que la causa inmediata a la muerte es por impacto de bala en la cabeza.

Uma Diligencia de inspeção ocular que descreve o edifício, o portal, seu interior e a porta que se diz que «en dicha puerta existen numerosos impactos de balas» e que «al fondo del portal existe otra puerta que comunica dicho portal con las escaleras del edificio, en el tambien se aprecian impactos de bala». Bom, na realidade não sabemos como foi encontrado Moncho, pois o Julgado já o vê quando foi sacado parcialmente do portal pola policía, «com uma pistola à altura da mão

«A Polícia aquela noite teve uma orgia de disparos, medo e incompetência que remataram com a morte de um moço de 25 anos»

esquerda» (quando no informe policial disse-se que era a mão direita). Tanto no informe da Polícia como na Diligência do Julgado resulta que a pistola que portava Reboiras não fora disparada, pelo que são falsas as reiteradas manifestações sobre enfrentamento armado e disparos por parte de Reboiras.

O informe pericial da autopsia, realizada o 13 de agosto, é revelador. Ainda que a cópia que tenho não é muito clara, pode-se precisar que:

[...] en la cabeza, región frontal, lado izquierdo, una herida [...] probablemente producida por un proyectil, que no atraviesa [...]. En la región anterior del tórax, región infraclavicular, se aprecia un orificio de entrada de un proyectil [...] Cavidades. El reconocimiento detallado de la masa encefálica no produjo el hallazgo de ningún proyectil. Torácica. La herida descrita en el hábito general perfora la [...] clavia, vena pulmonar izquierda y riñón derecho. Las dos lesiones detalladas produjeron una anemia aguda y fulminante, que fué la causa de la muerte. Conclusiones. Primera. Como ya queda indicado, la muerte fue producida por anemia aguda.

As conclusões são do agudo ou curioso leitor. Vou dar as minhas: durante duas horas Reboiras elude a perseguição policial, se bem com o alto número de efetivos no operativo acaba sendo descoberto saindo de um portal e os BPS efetuam vários disparos dos que se zafa Moncho, mas no seu caminho saem uns Policias Armados, condutores, que igualmente disparam ao ar mas com tão mala pontaria que lhe metem três tiros polas costas; Moncho refugia-se num portal e fecha a

porta, já vai ferido de morte perdendo sangue e morrendo no interior; se os polícias tivessem valor e entrassem no portal é provável que ainda pudessem salvar a vida de Moncho; mas aquela multidão de polícias, que já haviam provocado um tiroteio anterior sem causa, devida ao nervosismo e ao medo, tampouco tiveram valor para entrar no portal e assim passaram várias horas inúteis que justificaram com um suposto e inexistente enfrentamento armado por parte de Moncho (sua arma não foi disparada), o lançamento de gases lacrimogéneos, o espirro, o tiroilhado no interior o intento de abertura do portal «con grave peligro para los actuantes». Fabulou a Polícia pois Reboiras, já morto, nem podia enfrentar-se a tiros com a polícia nem tossia nem disparava aos que tentavam abrir a porta do portal. Reboiras havia sido já assassinado covardemente polas costas polos polícias que o seguiam. A polícia igualmente faz crer ao Juiz que morreu por um impacto de bala na cabeça, quando a realidade da autopsia é que na massa encefálica não se topam vestígios de nenhum proyectil (só de uma ferida que poderia ser produzida por um proyectil, não orificio). E o Forense só fala de um orificio de entrada de um proyectil no tórax, causa da morte, quando em fotografias em jornais da época vem-se claramente três impactos de bala nas costas. A Polícia aquela noite teve uma orgia de disparos, medo e incompetência que remataram com a morte de um moço de 25 anos e com uma descrição falsa para justificar sua brutalidade e incapacidade, obtendo uma recompensa quando em realidade deveriam ter sido sancionados.

Quinta do limoeiro, junho do 2020. ●



► Carteis do SOG-ING de fins da década dos setenta

MARISA VÁZQUEZ BARQUERO

Moncho Reboiras, intelixencia e coraxe do nacionalismo galego*

Intento neste pequeno artigo traer á memoria unha etapa da historia do partido que, aínda que curta en anos, foi intensa e decisiva polo moito que contribuíu a un novo modo de impulsar o noso proxecto nacionalista. Estou a falar dos anos que van desde 1972 até 1975, os derradeiros da ditadura franquista.

MARISA VÁZQUEZ BARQUERO (Ourense, 1948) é mestra. Participou no traballo político con Moncho Reboiras entre os anos 1973 e 1975, compaxinándoo nesa altura co traballo de administrativa. Detida o 13 de agosto do 1975, ingresou na prisión da Coruña dous días despois, permanecendo alí até a amnistía do ano 1977.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Estas son datas nas que unha gran parte da sociedade amosa fartura e rexeitamento a tantos anos de represión. Moitos galegos e galegas rachan co silencio e buscan contactar con persoas organizadas que apostan por un cambio. É aquí cando comeza a miña andaina nacionalista. A UPG, da man dos seus dirixentes, emprende unha nova estratexia; o momento histórico é minuciosamente analizado e iso provoca que parte da dirección e da militancia se impliquen nunha loita moito máis activa. A conxuntura política a nivel de Estado é moi singular e hai que aproveitala ao máximo e con rapidez. Entre estas persoas que impulsan esta nova fase é obrigado salientar Moncho Reboiras, referente indiscutíbel, que o partido, máis unha vez, considera necesario reivindicar por medio do noso testemuño como unha vítima máis da ditadura franquista.

Coñecín Moncho en Vigo. A casa onde eu moraba empregábase para xuntas, encontros e para acollidas puntuais dalgunhas persoas. Tamén era un lugar de intercambio de materiais. Por ela pasaban persoas das que eu nada sabía, agás que dedicaban moitas horas do seu tempo a «tarefas moi

especiais». Todo se facía con moita discreción, ás veces até eu mesma esquecía que permanecían dentro da casa. O meu vencello co nacionalismo non ía máis alá do que daquela se consideraba como «simpatizante». Fun observando a coincidencia cos obxectivos que se perseguían e as conversas que mantiña con algúns militantes, como fun prestándome a cuestións de maior compromiso. Os meus coñecementos sobre o nacionalismo, como os da maioría das persoas da miña xeración, eran escasos. A miña chegada a Santiago arredor do ano 1973

«Tocoume traballar con el na zona do Barbanza, comarca que el tan ben coñecía. Alí chegamos a ter unha estrutura con certa consolidación»



deume a oportunidade de coincidir máis co camarada Moncho, quen me puxo en contacto co mundo universitario comprometido co nacionalismo, pois naqueles tempos comezaba a posta en marcha de Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA). É nesa cidade –e da súa man– onde comezou a miña militancia, coincidindo exactamente coa posta en funcionamento das «células armadas». Foi este compañeiro quen me fixo ver con clareza a situación real da Galiza: a situación de infravaloración da nosa cultura; a situación de prostración do seu idioma; a situación da clase obreira; a explotación empresarial etc. Moncho tiña un modo moi especial de saber chegar ás persoas. Sabía escoitar e sabía transmitir. Daba igual a idade ou a profesión e tamén até onde podería cada quen implicarse; era tan ambiciosa a tarefa a desenvolver e tan escasos os medios que todos e todo era necesario. O control tan brutal do sistema e todos os recursos empregados pola ditadura non foron quen de restar coraxe e valentía ao noso compañeiro, que sempre tiña argumentos para deitar clareza nas tarefas a desenvolver. A loita armada, como ben argumentaba el, non


Informe espallado na Galiza sobre os acontecementos de marzo de 1972, documento redactado coa colaboración de Moncho Reboiras e publicado na Galiza en abril de 1972. A partir do mesmo, a UPG do exterior elaboraría un *Terra e Tempo* (número especial) do que se reproduce a portada na páxina 39 deste volume, e que se distribuiría fundamentalmente no exterior da Galiza

[Páxina seguinte] Documento editado pola UPG en nadal de 1972 e redactado por Xaquín López Facal tras ser detido e torturado

era máis que unha estratexia imprescindible para superar os atrancos. A estrutura clandestina era o único xeito de poder moverse naqueles tempos.

Tocoume traballar con el na zona do Barbanza, especialmente en Rianxo, comarca que el tan ben coñecía. Alí chegamos a ter unha estrutura con certa consolidación. O noso traballo ía desde actos culturais até outras actividades moito máis arriscadas: alí realizamos a primeira conferencia dedicada a Castelao, recorrendo ás achegas musicais de Romaní –unha maneira de disfrazar as conferencias– para conseguirmos o permiso. Mais iso non evitou que, ao saírmos do acto, nos atopásemos coa presenza dos *picoletos* flanqueando os primeiros metros da rúa. Coido que ese día foi moi importante para a irmán de Castelao, alí presente, e tamén para outras persoas fartas xa de tanta fraude e tanto silencio por resposta. *O Barbeiro Municipal* foi o voceiro que empregamos alí como soporte das denuncias ás condicións laborais das mulleres nas fábricas de conservas, da divulgación da historia do noso país, dos seus escritores e escritoras, daquela falsificadas ou silenciadas. A noite servía para repartirmos nas caixas de correo en todo ese contorno a maiores de todas as entregas que se facían en man.

Compostela tamén foi o escenario do noso activismo, sen esquecer o labor e a actividade dos estudantes, principalmente na Universidade. É sorprendente, visto desde hoxe, o esforzo que supuña naqueles tempos transportar material desde, por exemplo, Vigo até A Coruña, ou o complicado que era contactar ou comunicar os atrasos ou imprevistos que tanto complicaban as citas. Moncho non paraba, o seu activismo estaba por toda a Galiza. Lembro que até as noites que pasaba en



Compostela por ser un punto de paso e de encontros políticos as aproveitaba para espallar propaganda por zonas que se sabían de paso e que non estaban excesivamente vixiadas.

Era consciente de que o seu compromiso e responsabilidade lle exixían actuar con prudencia, que caer na sospeita era pór en risco moitas persoas e o mesmo partido. Mais as máis das veces trataba de evitar os ocos, consecuencia dos escasísimos medios: expropiacións de maquinaria, de coches, de documentación, de papel para as multicopistas (ben tan prezado naquela altura) e xa non digamos de cartos, pois era a única forma de poder logramos os obxectivos prioritarios.

Os contactos que se iniciaron con outras forzas políticas foron valorados pola organización como de apoio e de relacións necesarias. Acoller estas persoas na propia «estrutura militar», como lle chamabamos daquela, quizais con certo exceso por carecer de medios económicos, resultou ser unha tarefa arriscada e de grandes consecuencias. Ninguén dubidou disto. Moncho foi o encargado de darnos as consignas precisas para remediar no posíbel esta

«A noite servía para repartirmos nas caixas de correo en todo ese contorno a maiores de todas as entregas que se facían en man»

situación. O control policial intenso que houbo nos últimos anos do franquismo dificultou moito o alugueiro de vivendas en determinadas zonas, o que provocou termos que recorrer a pisos de amigos e familiares até para «accións de alto risco». Mais Moncho Reboiras, ao igual que outras compañeiras e compañeiros, estaba na primeira liña nestas accións a pesar da súa responsabilidade política. A súa entrega non tivo límites e a súa actitude sempre foi disciplinada, mais iso non impediu que, ás veces, deixase ver os seus desacougos e decepcións, chegando inclusive nalgúns momentos a repercutirle no seu aspecto físico. As situacións provocadas por accións falladas ou complicadas provocaron a necesidade de ter que mudar o seu aspecto físico, desaparecer tempadas e incluso residir en Portugal, onde contabamos con bos contactos e onde tamén estaban a traballar persoas da nosa organización.

Ao analizar esta etapa do partido, non podemos esquecer as persoas que na Galiza sempre tiveron as portas abertas ás nosas demandas e peticións. Poderíamos nomear cada un de nós moitas delas, mais agora vénseme ao recordo Carlos, o dentista de Rianxo, e a súa viúva Nati, mestra daquela tamén nesa vila. Canta axuda houbo naquela casa! Moncho, o mesmo que moitos de nós, achamos alí atención médica, económica e incluso alimentaria. Sabían ben da nosa situación e do risco da nosa actividade. Ambos os dous empatizaron dun xeito moi especial co noso camarada e moito se esmeraban para lle ofrecerem a mellor das estadias como recompensa a tantas privacións e esforzos que eles intuían e que incluso lles custaba entender e xustificar.

Moncho estará sempre connosco, ao igual que moitos outros patriotas. ●



- Mobilización de Estudiantes Revolucionarios Galegos (ERGA) de fins da década dos setenta

MARISOL GARCÍA JUÁREZ

Vivencias dunha estudante de ensino medio*

Entrei na actividade política a través do ‘Camiño Francés’, pois aló polo ano 1974, Elvira Souto, compañeira de traballo do meu pai, dábame clases de francés. Foi ela quen procurou que a UPG tomase contacto co grupo de xente co que eu me relacionaba.

MARISOL GARCÍA JUÁREZ (A Coruña, 1958). No ano 1975 era estudante de COU no IES Agra do Orzán. Na actualidade é mestra de primaria no Colexio Público José Cornide Saavedra da Coruña.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

No verán de 1974 comezamos a ter xuntas coa persoa que, por aquel entón, era o noso responsábel e contacto na UPG, Fernando Souto. Ao inicio do curso 74/75, no que eu facía COU no IES do Agra do Orzán, na Coruña, montouse unha célula de estudantes, con tres membros e un responsábel; esa persoa era Moncho Reboiras.

Tiñamos unha xunta semanal que, recordo, estaba condicionada pola situación de clandestinidade; non debiamos chegar nin marchar xuntos. Os nomes que utilizabamos, por suposto, non eran os propios e, curiosamente, non lembro cal era o meu; sei, iso si, que cando nas xuntas da UPG se referían a min, chamábanme 'a nena', cousa bastante lóxica se pensamos que cumprín dezaseis anos no mes de decembro do 74.

Naquelas xuntas de célula planificabamos pintadas, a distribución de panfletos, comentabamos o *Terra e Tempo* que, con moita precariedade técnica, se publicaba regularmente como voceiro da UPG.

Recordo aquelas reunións como as dun seminario de formación permanente, nas que Moncho

sempre viña propondo un tema para discutir. A elaboración dun panfleto firmado por ERGA durou varias xuntas, perfilando o contido, a expresión e posteriormente a distribución. Da impresión non nos encargamos nós, mais aquilo deu pé para que Moncho explicase o modo de facer unha vietnamita, ferramenta necesaria nos tempos nos que acceder a unha multicopista era moi difícil.

Lembro saír para facermos pintadas nas proximidades dos centros de ensino, reclamando un «Ensinso nacional, científico, popular e democrático».

«Recordo aquelas reunións como as dun seminario de formación permanente, nas que Moncho sempre viña propondo un tema para discutir»

«Despois de pasar tres días na comisaría, ingresei no cárcere da Coruña. Seguía tendo dezaseis anos e era a presa política máis nova de todas»

Para estas saídas utilizabamos aqueles días de festa nos que podíamos chegar máis tarde á casa, ou madrugabamos para as facermos á primeira hora da mañá...

No mes de febreiro de 1975, ao redor do Entroido, a policía detivo o meu pai e a miña tía. Foron buscalos a Genosa, a empresa na que traballaban. O motivo foi que sabían que as máquinas que se colleran na empresa Somega estaban gardadas na casa que a familia usaba no verán en Oleiros, ao lado, por certo, da estrada que conduce ao Pazo de Meirás, no que, naquel intre, estaba Franco de veraneo.

Desde a empresa desprazáronse de inmediato até a casa, e, desde Genosa, alguén avisou a miña nai do que estaba a acontecer. Eu non tiña relación ningunha co feito, e descoñecía por completo que se estaba a utilizar a casa de Santa Cruz.

Miña nai colocou o meu irmán no portal da casa dos Mallos onde viviamos para que me avisase nada máis entrar que ía vir a policía rexistrar o piso e que sacase canto antes todos aqueles papeis que puidesen comprometer nos dalgún xeito.

Recollín, a toda présa, canto puideron. Metino nunha bolsa e larguei correndo da casa para o piso no que tiña as xuntas, cambiando tres veces de autobús, para me asegurar de que non me seguía ninguén. Cando veu a policía rexistrar, eu xa non andaba por alí. Atoparon algúns panfletos que non tiveron tempo de recoller e os que rexistraban dixeron ao meu pai que controlase onde andaba metida eu, que podía levar un bo susto.

Pasei aviso das detencións, que hoxe cualificáramos de ‘danos colaterais’, pois nin meu pai nin a súa irmá tiñan máis relación coa UPG que a amizade

persoal con Elvira, que aínda hoxe mantén a miña tía (meu pai morreu hai dezasete anos).

Aquela tarde concertáronme unha cita con Moncho no Ventorrillo. Lémbrome que viña nervioso e preocupado e pedíume que lle contase todo canto eu sabía da actuación da policía, recomendándome como actuar perante aquel contexto. Recordo que me deu cincocentas pesetas para que puidera desprazarme en taxi se o consideraba necesario. Tamén lembro que estaba interesado en coñecer o meu estado de ánimo, se tiña moito medo e de que modo podería reaccionar a miña familia ante esa situación.


Aquela foi a última vez que falei con Moncho. Despois volvíñ velo na portada da prensa o día 13 de agosto.

Meu pai e a súa irmán saíron dos calabozos da comisaría sen cargos en setenta e dúas horas.

Rematou o curso, fixéron a selectividade (era o primeiro ano que existía esta proba) e seguín coa miña actividade política até agosto. Unha semana despois da morte de Moncho, a policía veu buscarme na mesma casa que rexistraran no mes de febreiro. Despois de pasar tres días na comisaría, ingresei no cárcere da Coruña. Seguía tendo dezaseis anos e era a presa política máis nova de todas as que alí estábamos. A estadía non foi longa, mais a experiencia foi inesquecible.

Aplicáronme o indulto despois da morte de Franco e xa non tiven que afrontar o pagamento dunha multa gobernativa de cincuenta mil pesetas que me impuxera o gobernador civil.

Aquel ano 1975 remateino retomando a actividade política o día 31 de decembro. Nesa data, logo de ter xa formalizados novos contactos, fomos distribuír panfletos polo barrio de Monte Alto. ●



Cartaz dunha mobilización convocada por ERGA en novembro de 1977



SUSO SEIXO FERNÁNDEZ

Aos meus queridos amigos Xosé Manuel Rodríguez e Dolores Nieves (o Xosé e a Dolores de Escairón), por estar aí desde os primeiros momentos, nos inicios dos anos setenta do século pasado, contribuíndo a sentar as bases do nacionalismo galego actual, e por seguir na actualidade facendo Patria. Militantes exemplares. Galego e galega bos e xenerosos. O meu cariño, recoñecemento e agradecemento.

► Homenaxe a Reboiras no cemiterio de Imo (Dodro) en 1977

Xosé Ramón Reboiras Noia fica vivo en cada compañeiro e compañeira do movemento nacionalista galego

E saiban que só morro,
se vostedes van afrouxando,
porque o que morreu pelexando,
vive en cada compañeiro

(CARLOS M.^a GUTIÉRREZ, Uruguai, 1967)

A figura de Moncho Reboiras, a pesar de morrer moi novo (con 25 anos), ten unha gran relevancia histórica no ámbito do nacionalismo galego, engrandecida sen dúbida polas tráxicas circunstancias en que perdeu a vida (asasinado pola policía española en 1975), debido ao importante papel e protagonismo que tivo na definición ideolóxica e, sobre todo, na conformación práctica e organizativa do que ía ser o movemento nacionalista galego, nun momento chave como o foi a primeira metade da década dos anos 70 do século pasado.

SUSO SEIXO FERNÁNDEZ (Curtis, 1952). Estudou bioloxía na Universidade de Santiago de Compostela. A súa forte vinculación co mundo sindical comezou en 1978, como un dos membros fundadores da Intersindical Nacional de Traballadores Galegos (INTG). Militou nesta organización até 1994, cando o sindicato se fusionou coa Confederación Xeral de Traballadores Galegos-Intersindical Nacional (CXTG-IN), dando lugar á Confederación Intersindical Galega (CIG), da que foi secretario xeral de 2001 a 2017. Na actualidade preside a Fundación Moncho Reboiras e é membro do secretariado político da UPG.



© Fundación Terra e Tempo

O nacionalismo galego que se estaba a conformar na década dos sesenta, após o tempo do Partido Galeguista (PG), tomou a decisión, da man da UPG, de promover a autoorganización do pobo galego, en todos os ámbitos, como garante de visibilización e efectivización da loita pola transformación da realidade colonial galega, convertendo as clases populares galegas nas verdadeiras e únicas protagonistas da loita pola defensa dos seus intereses, nacionais e de clase, creando ao tempo as condicións que permitisen facer factíbel o exercicio do dereito de autodeterminación e a plena soberanía de Galiza.

Esta decisión, que tiña como base o recoñecemento da Galiza como nación e unha análise marxista da realidade socioeconómica galega e do papel colonial que xogaba no contexto do Estado español, o que convertía a loita de liberación nacional e social nunha mesma loita, deu orixe ao nacemento da Fronte Obreira da UPG e a posterior conformación dos primeiros xermolos sindicais nacionalistas no mundo obreiro, no sector agrario á conformación dos Comités de Axuda a

Loita Labrega e, posteriormente, ao nacemento das Comisións Labregas (CCLL), no ámbito estudantil a formación de ERGA, no campo da cultura á formación da Fronte Cultural e no terreo político ao nacemento da Asemblea Nacional Popular Galega (AN-PG), e todo iso nos primeiros anos da década dos anos setenta.

Na conformación de todo este tecido organizativo, dun movemento nacional popular galego que estaba a nacer e con ansias de gañar protagonismo na defensa dos intereses da Galiza e na

«Para o nacionalismo galego, era primordial visibilizar a Galiza como suxeito político e conformar unha correlación de forzas favorábel ás clases traballadoras»



Panfleto do SOG mobilizando para a celebración do Día da Patria Galega

loita contra a ditadura franquista, tivo un papel relevante o compañeiro Moncho Reboiras, o que, xunto coa súa pertenza á unha fronte armada da UPG en fase de creación, facía da súa persoa un obxectivo importante dos aparellos de represión franquistas.

A reorganización do nacionalismo galego nun momento chave

Estamos a falar, pois, dun momento histórico chave, cunha ditadura franquista debilitada e golpeada pola mobilización social que respondía con dureza e crueldade contra os movementos revolucionarios existentes no Estado español. Todo isto coincidía cunha crise económica importante vinculada á escaseza e ao incremento dos prezos do petróleo, cunha inflación galopante (por riba do 30%) e unha forte destrución de emprego. Neste contexto político e económico, no que era inminente a caída do réxime ditatorial, no que estaba todo por ver en canto a como se ía dar ese proceso, que papel ía xogar a esquerda española, cal ía ser o nivel de recoñecemento dos dereitos das

nacións do Estado e, polo tanto, o modelo xurídico político do mesmo, cal ía ser o modelo económico etcétera, para o nacionalismo galego, era primordial visibilizar a Galiza como suxeito político, conformar unha correlación de forzas favorábel ás clases traballadoras, confrontar alternativas e disputar espazos ao españolismo, tanto no ámbito social como no institucional. Para este inmenso labor era e foi chave a autoorganización das clases populares galegas.

Neste escenario rapidamente se puxo de manifesto a existencia de dúas estratexias contrapostas de cara a enfrontar a caída do réxime franquista e á conformación dun novo réxime político e dun novo modelo de Estado. As forzas políticas e sociais españolas, da esquerda e da dereita (estas últimas procedían de «el movimiento nacional» franquista), conformaron un bloque que aceptou a transición do réxime ditatorial franquista a unha monarquía parlamentar e o nomeamento, por Franco, do rei Juan Carlos como o seu sucesor na xefatura do Estado español. En definitiva, nada de ruptura co réxime anterior, garantía aos responsábeis políticos,

«O bloque rupturista deu lugar ao nacemento do Consello de Forzas Políticas Galegas, integrado por UPG, PSG, PGSD, MCG... e á edición das Bases Constitucionais Galegas»



Manifestación en Lugo pola xornada de loita de 27 de xuño de 1978. De dereita a esquerda: Darío Xohán Cabana, Ánxel Castro, Pernas, Manuel Fernández («Manolo de Remesar»), (...), (...), Xosé Ramos, (...), Xosé Manuel Díaz e Lois Ledo Andión

daquel réxime criminal, de que non serían xulgados e ían seguir a manter o seu poder a través do aparato do Estado (forzas armadas, xudicatura, empresas públicas, Administración,...) e garantía tamén á oligarquía española de que os seus intereses económicos quedaban salvagardados. Todo isto quedou plasmado nos Pactos da Moncloa de 1977 e na Constitución española de 1978.

Fronte a este bloque económico-político e pro réxime monárquico, constituíuse outro bloque conformado por forzas políticas e sociais partidarias da ruptura co réxime anterior, da democratización do aparato do Estado, do recoñecemento do carácter plurinacional do Estado español e a conformación dun Estado supranacional que asumiría aquelas funcións que as nacións por mutuo acordo lle delegasen. Na Galiza, este bloque rupturista deu lugar ao nacemento do Consello de Forzas Políticas Galegas, integrado por UPG, PSG, PGSD, MCG... e á edición das Bases Constitucionais da Nación Galega, nas que se definía cal ía ser o modelo xurídico político do Estado galego e as relacións co Estado supranacional español.

A forte conflictividade social e as numerosas loitas levadas adiante polas clases populares galegas nos primeiros anos da década dos setenta ían permitirle ao nacionalismo gañar protagonismo e prestixio, reforzarse organizativamente incorporando moita mocidade, ofrecer alternativas específicas aos problemas da sociedade galega en todos os ámbitos e definir unha estratexia propia, diferenciada do españolismo, en canto á praxe política e as alternativas fronte á explotación colonial. Exemplos de loitas significativas desta época foron: contra a instalación da central nuclear en Xove ou contra as expropiacións de terras nas Encrobas ou en Baldaio; de oposición ao pago da cota empresarial agraria polos labregos e labregas galegas; de indignación e repulsa diante do asasinato de Daniel e Amador, traballadores da empresa Bazán de Ferrol; en defensa dos postos de traballo, ante o peche de numerosas empresas e polo mantemento do poder adquisitivo dos salarios, perdido polos altos índices de inflación existentes; fronte a represión da ditadura franquista en esixencia de liberdades públicas e democracia...

"que importa que nos maten si deixamos semente de vencer"



"QUE IMPORTA QUE NOS MATEN SI DEIXAMOS SEMENTE DE VENCER"

"QUE IMPORTA QUE NOS MATEN SI DEIXAMOS SEMENTE DE VENCER"

QUE IMPORTA QUE NOS MATEN SI DEIXAMOS SEMENTE DE VENCER

QUE IMPORTA QUE NOS MATEN SI DEIXAMOS SEMENTE DE VENCER

Moncho

MONCHO : militante revolucionario asesinado pola guardia civil 12/6/74

◀ Orixinal espresamente deseñado por Xan Casabella en 1975 no exilio, en Porto, para ser utilizado no cartaz dedicado a Moncho Reboiras. A imaxe do seu rostro converterase nunha icona. Reprodución fotográfica de Xan Muras

«O sindicalismo nacionalista foi gañando introdución especialmente entre o que López Suevos definiu como proletariado simbiótico»

Especial relevancia tivo nestes anos o nacemento e desenvolvemento do sindicalismo nacionalista. Estamos a falar, por primeira vez na historia do nacionalismo galego, da introdución das súas ideas e alternativas, de forma masiva e organizada, no seo da clase obreira galega, é dicir, na clase social produtora de valor, plusvalía e riqueza, sostén por tanto do sistema capitalista e ao mesmo tempo peza chave no combate e superación do mesmo. A clase social chamada a protagonizar a loita de clases na Galiza e a dirixir o proceso de liberación nacional e social da nosa terra.

A xeración de Reboiras no nacionalismo galego

Cando a inicios da década dos anos setenta do século pasado houbo compañeiros e compañeiras que se puxeron á faena de organizar o proletariado galego en sindicatos propios, foi porque as organizacións sindicais de ámbito estatal non asumían, nin ofrecían alternativas acaídas á realidade socio-laboral, económica, cultural e política da Galiza e da súa clase traballadora, vítima dunha dupla explotación, a explotación directa de clase e a explotación derivada do papel colonial que cumpre Galiza, no Estado Español e na Unión Europea, como subministradora de materias primas, enerxía, man de obra barata e capital. Esta dupla explotación foi algo que o sindicalismo español nunca quixo aceptar, sendo esa sobreexplotación a que xera as especificidades das condicións laborais e económicas da clase traballadora galega e, polo tanto, das alternativas para a transformación radical das mesmas.

A práctica sindical daqueles primeiros anos, combativa, participativa, de oposición ao Pacto Social, de confronto co poder, de rexeitamento do

sistema capitalista e defensa da soberanía nacional, escenificaba diante da clase traballadora galega unha alternativa sindical claramente diferenciada e confrontada co modelo sindical que representaba o sindicalismo españolista de CCOO e da UGT. O sindicalismo nacionalista foi gañando introdución especialmente entre o que López Suevos definiu como proletariado simbiótico, en sectores obreiros máis precarizados, da pequena e mediana empresa, e en sectores máis ideoloxizados como o do ensino, saúde e banca, e tivo máis dificultades para introducirse na grande empresa, onde era maioritaria a presenza do sindicalismo español.

A coherencia con esta liña sindical propia, de clase e nacionalista, marcada nos primeiros anos da súa conformación, xunto cun inmenso traballo e compromiso militante de centos de compañeiras e compañeiros, permitiulle ao sindicalismo nacionalista ir gañando peso, introdución e prestixio entre a clase traballadora galega, até se converter na principal forza dinamizadora da conflictividade laboral da Galiza, rachando coa hexemonía do sindicalismo españolista e situándose como a primeira forza sindical na nosa nación, como é o caso da CIG actualmente.

O que hoxe representa na sociedade galega o movemento nacionalista, o seu peso no mundo do traballo, ou nos campos institucional, cultural, labrego, estudantil e veciñal, é a mellor proba de que Moncho Reboiras non morreu, de que segue vivo en todos os centos de compañeiros e compañeiras que cada día seguen a traballar para facer realidade os ideais e a sociedade galega, libre e soberana, pola que Moncho Reboiras loitou e deu a súa vida. A loita continúa. ●



► Manifestación en Vigo en 1977
contra o pacto da Moncloa

FRANCISCO XABIER ALONSO PÉREZ

1974-1977. O nacionalismo na conformación de organizacións de masas: o SOG e a AN-PG*

A algúns mozos da miña xeración marcounos o feito de estudarmos nas universidades laborais; no meu caso, marchei primeiro á de Zamora no ano 65 e o ano seguinte á de Tarragona. Nos primeiros días tomei consciencia por contraste, cultural e lingüístico, de pertencer a unha nación diferente. O que nese momento foi intuitivo pasou a ser consciente a través das lecturas de Rosalía, Castelao, Celso Emilio etc., que compartín coa miña moza, ademais da nosa asistencia nas vacacións en Vigo ás charlas da Asociación Cultural. Recordo con curiosidade unha conferencia dun xeógrafo falando por vez primeira do quecemento global da terra e a posíbel desertización de grandes extensións da Península, incluída Galiza.

FRANCISCO XABIER ALONSO PÉREZ (Vigo, 1950). Membro do Comité Central da UPG desde o II Congreso, formou parte do secretariado político do Comité Central. Participou, desde o seu inicio, na formación do SOG, formando parte da primeira Dirección Nacional. No I Congreso da ING pasa a formar parte da Dirección Nacional. Foi nomeado secretario comarcal en Vigo. Colaborador na formación da AN-PG, foi candidato polo BN-PG e polo BNG en varias ocasións.

* Versión nova do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

No ano 1968, coas mobilizacións da Universidade de Santiago de Compostela, que a través da correspondencia seguía con interese, recibín o poemario do recital da Nova Canción Galega que tivo lugar o 26 de abril na Facultade de Medicina. Por esas datas a miña moza mais eu decidimos empregar o galego como lingua normalizada.

No ano 1971, e unha vez rematados os estudos en Tarragona, experimentei as primeiras experiencias de consciencia obreira en Barcelona, pois traballaba daquela nunha empresa auxiliar da SEAT

«O SOG, creado inicialmente como fronte obreira da ANPG, tivo como primeira acción importante o boicot ás eleccións sindicais do ano 1975»

(Crepsa) e vivín as mobilizacións onde a policía asasinou Antonio Ruíz Villalba.

No ano 1974, despois de cumprir o servizo militar, instálome de xeito definitivo en Vigo. Entro a traballar en Cablerías Conductoras no Camiño do Caramuxo e contacto cun membro do Comité Central da UPG, coñecido meu da época do Instituto e tamén ex alumno das Universidades Laborais, Francisco García Montes. Daquela iniciaba a UPG un proceso político de creación de organizacións de masas e decido sumarme a colaborar na creación da AN-PG (Asemblea Nacional Popular Galega) e do SOG (Sindicato Obreiro Galego).

As primeiras xuntanzas (primavera do ano 1975) nas que creamos un grupo da AN-PG en Vigo, celebrámolas na casa de Anselmo na Travesía do Pino. Entre as persoas que participaron estaban (entre outras) Margarita Vázquez Vera, Sabina, Fachal, Benito etc.

Entre as primeiras loitas dos militantes da AN-PG podemos sinalar, polo seu contido e polo seu éxito, a defensa do mercado do Calvario como un espazo público. O avogado Viana tiña acordado a compra

do Mercado para transformalo nun supermercado privado, co Goberno municipal presidido polo alcalde Joaquín García Picher. Coñecida a inminente venda, os grupos assemblearios da AN-PG do Calvario, Lavadores e Teis, decidiron organizar a oposición á venda e á privatización do Mercado. Despois de varias reunións cos homes e mulleres, sobre todo mulleres, que tiñan postos de venda de froitas, hortalizas, peixe, carne etc., acordouse con eles acudir á presentación do acto de venda na Asociación Cultural do Calvario. Neste acto, de maneira organizada interviñeron membros da ANPG, dos comerciantes do Calvario e vendedores, ante a insistencia da numerosa oposición á privatización do Mercado, o comprador Sr. Viana e o Alcalde desistiron do obxectivo. Hoxe, o Mercado do Calvario continúa a ser público. Esta e outras moitas mobilizacións na cidade na defensa dos intereses dos veciños xa contaron sempre coa presenza do nacionalismo.

Primeira loita sindical do sog:

«Boicot ás Eleccións Sindicais»



O sog, creado inicialmente como fronte obreira da ANPG, tivo como primeira acción importante o boicot ás eleccións sindicais do ano 1975. Os sindicatos españois (en especial ccoo) deciden participar no proceso para se faceren co control do aparello do sindicato franquista, tendo o Réxime un interese en conseguir unha participación masiva dos traballadores e traballadoras para avalar o Sindicato Vertical. Desde o sindicalismo nacionalista, fixemos unha campaña de clarificación sobre a necesidade dun movemento obreiro de dirección galega e da autoorganización, pedindo tamén aos traballadores que non avalasen o proceso non participando

nas eleccións. Entre as xuntanzas preparatorias recordo unha no monte Alba onde Lores Santacelia coordinaba as distintas accións nas empresas. No Camiño do Caramuxo iniciamos contactos para crearmos unha acción sindical coordinada: «Este foi o inicio, a nivel público, do enfrontamento na práctica entre as dúas correntes do sindicalismo na Galiza. O sindicalismo nacional galego e o sindicalismo españolista», como recolle o informe da Dirección Nacional para o I Congreso da ING.

A orixe da creación do sog radica nunha decisión política da UPG. A súa expansión débese ao esforzo colectivo dalgúns compañeiros e compañeiras con nomes e apelidos, mais tamén ao traballo anónimo de moitos que contribuíron co seu labor á súa consolidación.

Recordo nunha viaxe co compañeiro Pavón a Marín, onde tiñamos algúns contactos para afiliarse, o comentario seguinte dun traballador: «a idea de ter un sindicato nacionalista é boa, mais os galegos non somos quen de crear algo colectivo, propio. Se foran os cataláns ou os vascos...». A CIG hoxe evidencia o errado que estaba aquel traballador.

**«A finais de 1976
arranca o proceso de
presentación pública e
legalización do SOG»**



O traballo foi duro, mais tivo o seu froito. En Vigo, realizamos xuntanzas no baixo da Casa de Hixinia en Teis (fronte aos bombeiros) no que participaban, entre outros, «Felipe», Ramón e Manolo Dosantos (os dous de Barreras), Casal, Eladio, Loureiro, Lima etc. Alí discutimos, por exemplo, a estratexia a seguir nas mobilizacións de Barreras. Tamén nos citabamos na rúa Cantabria como punto de partida cara ao Monte da Madroa onde nos xuntabamos con compañeiros que se incorporaban. Íamos até alí no R8 verde de Manolo Reboiras e Elvira Souto.

Segunda loita sindical: «Por unha Central Sindical Única e Galega»

O lanzamento da tese dunha central sindical única e galega tiña como obxectivo clarificar que as centrais sindicais españolas querían perpetuarse na Galiza como sucursais do sindicalismo español, sabendo que estas últimas non aceptarían unha única central sindical onde a toma de decisión fose de ámbito galego.

No documento de debate Como entendemos o Sindicato Único ponse en destaque a importancia

dunha estratexia: «diferencial na loita obreira, tendo en conta, por conseguinte, as contradicións particulares que arrodean o proletariado galego, o sindicato como órgano de canalización das aspiracións dos e das traballadoras debe ser galego».

Esta tese serviu para enfrontar, desde a óptica nacionalista, o debate coa corrente sindical española maioritaria. Un sector do propio nacionalismo non acreditaba na necesidade de crear un sindicato propio, porque pensaban que contribuía á división sindical, cando a realidade é que xa existía tal fragmentación e xa había un sindicalismo español organizado e medrando.

A presentación pública da tese Por unha Central Sindical Única e Galega foi no monte Alba, onde asistiron integrantes da csur (Central Sindical Unitaria de Traballadores) e polo soc falou Elvira Souto. Participamos neste encontro sobre 35 persoas.

No ano 1976, sucédense as mobilizacións obreiras, onde participamos membros do soc, como, por exemplo, nos peches da Igrexa dos Xesuítas de Velázquez Moreno en Vigo.



Autocolantes e cartaz (páxina seguinte) da Intersindical Nacional Galega (ING)

A nivel político, tamén neste ano, nace o Consello de Forzas Políticas Galegas, inicialmente constituído polo PGSD (Partido Galego Social Demócrata) o PSG (Partido Socialista Galego) e a UPG (Unión do Povo Galego). Preséntase en Vigo no Cine Disol das Travesas e falan Xaquín Acosta polo PGSD, Brañas pola UPG e mais eu pola AN-PG.

Proceso de legalización do sog

A finais de 1976 arranca o proceso de presentación pública e legalización do sog. Na Facultade de Económicas de Compostela preséntanse os sindicatos de rama, intervindo polo sog Elvira Souto, Lois Ríos e mais eu, pola UTBG (Banca) Fernanda Padín e pola UTSG (Sanidade) Xan Carballo, entre outros.

Nesta etapa xorde un novo debate. Por un lado, había quen pretendía manter a inacción nos sectores nacional-populares a nivel organizativo sindical, protestaban ante a formalización e legalización da nosa alternativa sindical porque, segundo eles, estabamos a contribuír ao pluralismo. Fronte a esta corrente de opinión dentro do sog e outros

«Os anos 1977 e 1978, son os anos das mobilizacións contra o Pacto da Moncloa, e o debate sobre o significado da constitución española»

sindicatos patrióticos (UTEG, UTSG) tivemos que manter un duro combate para desmascaramos o falso radicalismo. A Casa Parroquial do Barrio das Flores en Teis (Vigo) foi o escenario destas Asembleas de debate.

Asemade, esta fase caracterízase porque o sog empeza a experimentar un avance cuantitativo importante nas mobilizacións obreiras de 1976.

1977. Ano de Congresos

A principios do 1977 créase a ING. As varias loitas con participación de membros do sog viñan a demostrar a nosa presenza real na conformación da consciencia obreira en Vigo: na Metalúrxica coa participación de Elvira Souto, Óscar Duarte etc.; en Cablerías Conductoras, de onde fomos despedidos pola nosa loita sindical Fernando Acuña, Francisco García Montes e mais eu; no transporte coa participación de «Clavelitos» (Ismael Otero) e Lores. A nosa actividade foi determinante nos convenios do metal, onde alcanzamos representación para a comisión negociadora mediante voto secreto, sendo eu a persoa con maiores apoios. Mais foron moitos os compañeiros que contribuíron a consolidar o sog no sector, por exemplo a experiencia de Chaves foi moi importante.

En xuño de 1977 faise pública a Dirección Nacional do sog. O domingo 25 de setembro 1977 decorre en Vigo unha Asemblea moi convulsa na que asistín como responsábel moderador. Aí aprobamos por ampla maioría os Estatutos de integración do sog na ING. Daquela, un sector apostaba por seguir mantendo sindicatos gremiais e corporativos (por exemplo, no ensino e na sanidade) e retardar o nacemento da central sindical. Afortunadamente,



gañou a tese na que se apostaba pola creación «dunha central sindical que aglutina os seguintes sindicatos de rama de actividade: UTBG (Unión de Traballadores da Banca de Galicia); UTEG (Unión de Traballadores do Ensino de Galicia); UTSG (Unión de Traballadores da Sanidade de Galicia); SGTM (Sindicato Galego de Traballadores do Mar); SOC (Sindicatos Obreiros Galegos) das distintas ramas», como así se recolle nos Estatutos do I Congreso da ING realizado en Patos (Nigrán) os días 8 e 9 de outubro no mesmo ano nos que tamén participei como moderador.

Co I Congreso da UPG decorrido en agosto e co I Congreso da ING en outono pechábase un ciclo político onde o nacionalismo galego se consolida para iniciar novos retos.

1977-1978. Mobilizacións contra os Pactos da Moncloa

Os anos 1977 e 1978, son os anos das mobilizacións contra o Pacto da Moncloa, e o debate sobre o que significaba a aprobación dunha constitución española que negaba os dereitos da Galiza.

Un dos obxectivos que perseguíu o poder político no proceso que se deu no Estado Español, despois da morte de Franco, foi darlle saída á situación crítica da economía, facéndolle pagar os custes da crise ás clases populares, para iso asinaron o Pacto da Moncloa, todos os partidos políticos españois. UCD, PSOE, AP, PC, que ademais contaron co apoio das centrais sindicais españolas CCOO e UGT, para contribuír a que se cumprise o pacto, pola súa aplicación os traballadores perderon até un 13% do poder adquisitivo.

A filosofía do pacto era clara: saír dunha situación crítica da economía sen custe para as clases dominantes, banca, gran capital e burguesía, e que a saída recaese nas clases populares e nos traballadores.

Estes pactos asináronse o 25 de outubro de 1977. En realidade foron dous documentos: «Acuerdo sobre el programa de saneamiento y reforma de la economía y, acuerdo sobre el programa de actuación jurídica y política».

Vigo foi unha das cidades do Estado onde se deu unha maior contestación ao pacto social en defensa dos traballadores con mobilizacións, folgas nos convenios, xornadas de loita etc.

A primeira gran manifestación reuniu a máis de 5000 traballadores contra o pacto, foi o 11 de novembro de 1977, onde ademais da ING (na que recaeu o peso da organización) convocaron CNT e USO. ●



XESÚS CHAVES FANDIÑO

A solidariedade: a mellor ferramenta de loita

12 de agosto de 1975: morre, asasinado a tiros, nunha rúa de Ferrol, o militante nacionalista da UPG, Xosé Ramón Reboiras Noia. A súa morte non é casualidade, o Capital Imperialista sabía ben a quen tiña que eliminar, molestáballe a súa integridade, combatividade e lealdade ao seu pobo, Galiza, e a súa clase traballadora; mais equivocáronse os nosos inimigos: o sangue de Moncho fíxose «semente de vencer» e a súa lembranza permanece entre nós para sempre.

XESÚS CHAVES FANDIÑO (Cabral, Lavadores, Vigo, 1945). Traballador desde neno no sector do metal. Comezou a militar en 1966 nunha célula de Comisións Obreiras (CCOO) na fábrica de Citroën. A finais de 1971 colaborou na formación de Organización Obreira (OO). Foi despedido o 23 de setembro de 1972 de Citroën, após a histórica folga dese ano en Vigo. Formou parte no ano 1974-1975 do xermolo do Sindicato Obreiro Galego (SOG), e en 1976 integrouse na Unión do Povo Galego (UPG) e na Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG).



© Fundación Terra e Tempo

Asemblea local preparatoria do congreso constituínte da Intersindical Nacional Galega no antigo local do sindicato vertical, Vigo, marzo de 1977. De esquerda a dereita, na primeira fila, Casal (Citroën), «Clavelitos» (Transporte), Eladio Pérez (Comercio), Lima (Citroën), Xabier Alonso (Metal, Secretario Local), Xan Cancela (Banca), Maite Caramés (Ensino) e Ester Cabanelas (Sanidade). Detrás na segunda fila, tamén de esquerda a dereita: Xesús Chaves (Metal), Cándido (Mar), Felisa García (Ensino), Lores Santacecilia (Citroën)

Asociamos a súa figura (como di a canción do Che: «desde a súa mítica altura») a outros que, nesa época, foron represaliados polo franquismo e posfranquismo, como son as de Xosé Humberto Baena, fusilado o 27 de setembro de 1975, e Abelardo Collazo Araúxo, morto a tiros o 29 de agosto de 1980.

Todos tiñan o mesmo denominador común: amor e lealdade á Galiza, xenerosidade e combatividade a prol da súa liberación nacional, coma vanguarda da clase traballadora.

Tiven a sorte e a honra de coñecelos e participar con eles na loita pola liberación da nosa terra e pola emancipación da nosa clase traballadora.

No ano 1968, militando desde 1966 nas Comisións Obreiras da época, relacionabámonos nos poucos ambientes progresistas que o réxime franquista, con moita vixilancia, toleraba. Isto é: cineclubes, teleclubes (teño boas lembranzas do Teleclub Coruxo), así coma centros culturais, en Vigo, a Asociación Cultural, de «tendencia galleguista» segundo a policía. Alí coñecemos Reboiras, quen,

«Nestes anos, finais dos 60, a conciencia de clase e a solidariedade entre os traballadores era moi alta»

«Na Galiza, a finais de 1971, despois de moito debate interno, no seo do PCG, XXCC e CCOO, nace unha organización: Organización Obreira»

xunto con Pepiño de Teis e o 'Rubio' de Ourense, rapaces de 18 anos, eran asiduos desta asociación onde se reunían para debater sobre marxismo e nacionalismo.

Tamén, na igrexa dos Xesuítas, entre as rúas Marqués de Valadares e Velázquez Moreno, en Vigo, tiñan o seu paradiro, xunto con moitos obreiros e militantes de esquerdas; relacionándose co pai Seixas, galeguista. Xunto a el, o pai Villamil, animador do Cineclub Cíes, con local propio no mesmo edificio, onde se atopaba a Escola de Graduado Social, así como aulas de ensino gratis de matemáticas, tecnoloxía, debuxo industrial... co fin de prepararnos, aos traballadores, para a promoción interna nas empresas. Estas aulas eran impartidas, de forma altruísta, por persoal técnico de empresas coma Citroën, Barreras, Vulcano... Entre os que impartían clase estaba Moncho Reboiras, non lembro se aínda como estudante na Escola de Peritos ou xa coa carreira rematada, eran os anos 1969, 1970, 1971...

Estas instalacións foron protagonistas, no ano 1968, de eventos coma o concerto de Voces Ceibes, da Nova Canción Galega, que non rematou pois a policía dixo «no ajustarse a lo convenido y realizar cantos subversivos y contra la unidad nacional».

Así mesmo, permitiron os Xesuítas un peche dos traballadores en apoio aos compañeiros detidos o 30 de abril de 1969, cando íamos pacificamente, polo seto central da Gran Vía. Foron á cadea unha tempada acusados de manifestación ilegal. Máis tarde, absoltos, menos un.

Neste peche, desde as 8 da tarde do 30 de abril até as 10 da mañá do Primeiro de maio, coas portas pechadas e rodeados pola policía, participaron

traballadoras e traballadores de distintas factorías, e familias comprometidas coa causa galeguista: a dona de Camilo Nogueira e os seus irmáns, traballadoras de Álvarez, Mara, Margarita, Lili..., de Citroën, Barreras etc. Mantivéronse toda a noite pechados até a mañá, rodeados pola BPS (Brigada Político Social). Foron identificados algúns sen máis consecuencias.

Nestes anos, finais dos 60, a conciencia de clase e a solidariedade entre os traballadores era moi alta. Aínda que as estratexias emanaban desde o Estado, París ou Moscú, da man do PCE, e a súa sucursal na Galiza, o PCG, aínda que, é certo, levou o peso do combate contra a ditadura franquista desde 1939.

Mais o cambio de estratexia do PCE, a partir da sinatura do Pacto pola Liberdade e a Reconciliación Nacional coa burguesía «moderada» franquista, que, de facto, desactivaba a loita obreira revolucionaria, non só en contra do réxime franquista senón, tamén, contra a explotación do capital, deixando nas mans da burguesía o futuro da clase traballadora coa complicidade da «esquerda» do momento (as consecuencias vémolos hoxe en día).

Foron moitos os traballadores, algún da dirección, que non entendían este cambio de postura na loita contra o capital, o que demostrou dúas cousas:

—ou ben a dirección do partido non coñecía as súas bases, o seu carácter combativo militante, anticapitalista e antiimperialista,

—ou, pola contra, o cambio fixérono ás costas dos militantes e sen contar coa súa opinión, algo que nos tempos da clandestinidade era doado, baseándose no, daquela, «centralismo democrático».

Aquí, na Galiza, a finais de 1971, despois de moito debate interno, no seo do PCG, Xuventudes



Adhesivo do Sindicato
Obreiro Galego

Comunistas e ccoo, nace unha organización: Organización Obreira (oo), con implantación nos talleres, estaleiros e grandes factorías, sobre todo, en Vigo e Ferrol, mais tamén na Coruña. E con pouca presenza en Lugo e Ourense. Remataría definitivamente rompendo os vínculos co PCE na Asemblea Xeral en xaneiro do 1972. Recibindo xa nestes primeiros intres o apoio da UPG, con Moncho Reboiras e Carmiña, que nos ofrecen e traen desde Cangas unha multicopista que nós recolleremos no peirao do náutico de Vigo. De seguido, houbo xuntanzas para a «unidade de acción», UPG-oo, para unir forzas para as loitas próximas.

Inténtase, aínda, por parte dos responsábeis do PCC, neutralizar esta escisión ou, cando menos, de amortecela, e comezan os contactos con algúns dos militantes disidentes para facer que cambien de opinión e volvelos a «traer ao rego».

Neste contexto argallan unha xuntanza, coma a de xaneiro de 1972, nun alpendre en Vilar de Infesta, onde se xuntan varios militantes do PCC (Waldino, Benavides, Isidro, Andrade, Xaniño...) con tres militantes da nova oo: Moncho 'Valentín', de Barreras; Xosé Anxo 'Óscar', de Asteleiros Freire; e Chaves, 'Castelao', de Citroën. O motivo principal era convencer estes militantes para que non abandonasen a influencia do partido; mais a tensión no interior do alpendre, case a escuras, alumeado con só unha vela, era grande e estoupou cando un membro do PCC acusou Xosé Anxo (daquela un dos máis destacados da liña nacionalista en oo) de «divisionista»; este respondeu chamándolles «traidores» á clase obreira. Das verbas pasouse aos empuxóns e labazadas, polo que a xuntanza rachou e cada parte marchou pola súa banda.

Comeza, a partir de aquí, a campaña por parte do PCC e ccoo de desprestixio e ataques persoais, incluso, aos militantes e a nova organización, oo.

oo estruturábase a partir das células-base dos talleres e fábricas, que conformaban os comités de zona, con tres en Vigo, e estes nunha dirección ou comité central. O aparello de propaganda, cun responsábel no Comité Central, tiña dúas seccións: fabricación e distribución. Así mesmo, un Comité especial¹, superclandestino, só coñecido e activado polo Comité Central (a militancia de oo tiña nomes falsos na clandestinidade, e desconfiábase, axiña, daquel que facía preguntas persoais). Este comité especial tiña misións específicas de seguridade e vixilancia nas xuntanzas do Comité Central con outras organizacións (caso do PCE-i, Colectivo José Díaz, PCE-ml), OMLE etc).

Tamén actuaba no castigo de esquiros e machistas (solidariedade coa nosa compañeira Pili de Pressman acosada polo xefe, así como con outras compañeiras que sufriron casos parecidos. Despois das «advertencias», estes individuos deixaron de molestalas). Outra das actividades era a expropiación de materiais para a organización.

Persoalmente, sempre sentín admiración non polos grandes persoeiros públicos, senón polas compañeiras e compañeiros militantes, cheos de xenerosidade e combatividade.

Mais se algúns merecen o título de «bos e xenerosos», eses eran os «chóferes» de oo: Moncho, Pardo e Ismael 'Clavelitos', de características moi semellantes: coraxe, entrega, xenerosidade... Uns

¹ Moncho Reboiras, na xuntanza de xaneiro de 1972, no parque de Castrelos, quedou impresionado polo bo funcionamento dese Comité Especial.



© Fundación Terra e Tempo

exemplos para a xuventude obreira. Os tres achegaban os seus coches e o seu tempo, sobre todo, polas noites; os tres estaban casados e con fillos, dicían «os problemas temos que arranxalos agora para que os rapaces non os teñan no futuro»; e os tres eran obreiros especialistas na factoría de Citroën.

O ano 1972 foi un intenso ano de folgas, mobilizacións e, así mesmo, unha explosión de solidariedade a todos os niveis:

—Xaneiro, mobilizacións por convenios nos estaleiros e polo LOC (Laudo de Obrigado Cumprimento) en Citroën, con mobilizacións e accións (as negociacións do convenio colectivo racharan o 27 de decembro de 1971).

—Febreiro, intensa campaña de difusión de propaganda. É detido Xosé Anxo 'Óscar', na Porta do Sol en Vigo. Caéronlle dous anos de cadea.

—Marzo, paros e mobilizacións en solidariedade con Ferrol e polo asasinato de Amador e Daniel. En Vigo, na Porta do Sol, gran concentración. Os militantes de oo e outros saltaron á rúa enfrontándose aos «grises especiais». Foron detidos moitos manifestantes e multados 14 deles con 50 000 (4),

10 000 (6) e con 5000 (outros 4) pesetas da época. Un compañeiro de oo detido na comisaría pediu ir ao baño (caeu na conta de que levaba enriba unha axenda comprometida) e alí tirouna ao retrete, do que se decatou un policía que lle fixo meter a man para recollela, cousa que aceptou, mais só as tapas, polo que recibiu «caricias» e patadas que lle valeron o seu ingreso no hospital, tamén, co nariz roto.

—Abril, talleres Kober. A loita de 15 días neste taller por unhas condicións de traballo dignas saldouse coa vitoria dos traballadores, todos eles de oo.

—Maio, folga xeral en Vigo en solidariedade con Barreras, polo *lock-out* patronal. En Citroën estivo dous días a fábrica pechada. O primeiro día da folga un piquete de obreiros que percorría a fábrica, á altura da ponte entre a nave A e a B, atopou un grupo no que estaba a plana maior da factoría: director, xefe de persoal, xefe de produción, enxeñeiros..., rodeados, protexéndoos, por un fato de lambecús pertencentes ao, aínda, nos comezos do SIT (Sindicato «amarelo» dos Traballadores). O piquete dos traballadores en folga deulle un pequeno prazo para que se retiraran as súas guaridas, se

- ◀ Unidades da Garda Civil entran na empresa Vidrios La Florida, en folga en Vigo, avanzada a década dos setenta

non botariámoslos nós. Revolvéronse algúns dos lambecús do SIT e tivemos que «calmalos», polo que axiña se retiraron. Pouco despois daban a orde de desaloxar a factoría. Despois de 15 días de folga, Barreras logrou as súas reivindicacións, conseguindo a clase traballadora unha soada vitoria sen sancións nin despedidos.

—Setembro, folga xeral en Vigo e comarca en solidariedade cos traballadores de Citroën despedidos o 9 de setembro. As principais empresas da comarca pararon e miles de traballadores saíron á rúa os 15 días de folga (entre o 9 e o 25 de setembro).

Nos momentos de loita en OO organizábanse distintos comités para facerlle fronte aos conflitos: Comités de Masas, con compañeiros liderando as asembleas e manifestacións, cousa que non ían permitir as forzas policiais, que tentaban disolver as concentracións pola brava, polo que os traballadores reaccionamos formando Comités de Acción, encargados de fustrigar e entreter a estas forzas e, así, facilitarlles as cousas aos compañeiros. As accións foron variadas e de distintas consecuencias: paro do transporte público, ferroviario e,

«O activo e conflitivo no ano 1972 tiña superocupada a militancia de OO e evitou que agromaran e saíran á luz as tendencias internas»

tamén, amagos co transporte aéreo, o que levou a distraer as forzas represivas até o aeroporto.

Foron moitísimos os casos de entrega e combatividade das e dos militantes obreiros: o 18 de setembro, por exemplo, ás cinco da mañá, na estación do tranvía na Florida, tres compañeiros, armados con lastros, foron quen de parar unha columna de vinte vehículos da policía que se dirixía a Citroën, entreténdooos máis dunha hora pola Florida e a Fraga da Bouza en Coia.

Tamén a anécdota dos «peixes voadores»: vindo de volta desde Teis, Ríos, unha manifestación de obreiros foi interceptada á altura do Mercado de Teis, no Toural; presionados polos grises os traballadores refuxiámonos no interior do Mercado, ategado de xente, sobre todo, mulleres, facendo a compra. Entran os grises *a porrazo limpo* con todo o mundo, feito que provocou medo, mais tamén, carraxe no persoal que reaccionou guindándolles todo tipo de obxectos. O mesmo fixeron as compañeiras peixeiras co produto que tiñan máis á man e que era o seu sustento diario: o peixe. Armouse un barullo tremendo: voaban verduras, tomates... e, como non, os protagonistas, os «peixes voadores» que aterraban por riba dos grises.

O activo e conflitivo no ano 1972 tiña superocupada a militancia de OO e evitou que agromaran e saíran á luz as tendencias internas que coexistían na organización. Nos meses de xuño e xullo tivera a dirección de OO xuntanzas con outras organizacións que aspiraban a controlalo, sobre todo, a OMLE.

Parte da militancia e da dirección de OO decantábase coa unión coa Organización de Marxistas-Leninistas de España (OMLE) (até agora era OO o aparato político sindical, e a Organización de

«En OO e a UPG cunha visión distinta, buscábase chegar ao final do conflito coa correlación de forzas favorábel aos traballadores»

Marxistas-Leninistas de Galicia (OMLG), o partido), de ámbito e funcionamento galego, co idioma galego oficial nas súas relacións e nos seus aparatos de difusión: panfletos, revistas etc., tanto a nivel local coma nacional).

Tamén había unha parte importante da militancia, de tendencia galeguista/nacionalista, que non quería a integración en OMLE, existindo gran malestar pola masiva introdución de propaganda dentro da organización: minilibros de Mao, Bandera Roja..., cun contido e prosa ideolóxica estatal, triunfalista, lonxe da realidade, adxudicándose o liderado da loita na Galiza.

As formas de actuar e de rematar co conflito tiñan un xeito diferente: a dirección do PCE e as CCOO dirixían os seus esforzos ás conversas nos despachos do sindicato vertical, a delegación de traballo, gobernador civil, entrevista co bispo da diocese, buscando un pacto para rematar axiña co conflito (actuación de pirómano-bombeiro: prendes o lume para demostrar forza ante a burguesía e logo tratas de apagalo de calquera xeito). Sen ter en conta que debilitaban a autoorganización dos traballadores, o que permitiu ao capital, facer un «escarmento exemplar» coa persecución, detencións, despidos e represión da militancia máis combativa e comprometida no conflito.


Mención á parte merece a actitude das bases obreiras do PCE e as CCOO que, a pesar das chamadas das súas direccións á «calma» e á «responsabilidade», isto é, ao acuartelamento nas institucións oficiais, pero, a maioría dos traballadores seguiron, cóbado con cóbado, a loita nos estaleiros, fábricas e nas rúas, nunha unidade solidaria que cuestionou as formas da ditadura e do capital. E,

tamén, a forma de enfrontar e rematar o conflito polo PCE e as CCOO.

Pola contra, en OO, UPG (cun papel protagonista de Moncho Reboiras e outros) cunha visión distinta, buscábase chegar ao final do conflito coa correlación de forzas favorábel aos traballadores, o que permitiría acadar, nunha futura negociación, non ter, sobre todo, sancións, despidos ou detencións.

O 18 de setembro chégame, como responsábel da célula de OO en Citroën, unha cita para acudir a unha xuntanza: ás 10 da noite, na porta sur do estaleiro Vulcano. Alí espérame un compañeiro descoñecido, mais non eu para el. Dime: «ti es Castelao?», asinto e faime un aceno de que o siga. Lévame a un barrio obreiro preto de Vulcano e, despois de dar unhas voltas, dime que pete dúas veces nunha porta. Ábrenme e, nada máis entrar, xa sei que estou nunha xuntanza da dirección. Tamén saco a conclusión de que algúns compañeiros pasaban a noite alí: Abelardo e Moncho estaban con papeis na man, e en calzóns! Pregúntanme pola situación actual, infórmolles do incremento das forzas represivas, cousa que xa sabían, e de que aínda controlábamos os obreiros a situación. Quedamos en que volvería a informar nos vindeiros días, mais un suceso inesperado muda todos os plans.

Na noite do 19 ao 20 de setembro, de forma casual, o compañeiro que gardaba o aparato de propaganda, descoñecido por todos nós, excepto por Abelardo, é detido na rúa e, ao non levar enriba documentación, acompañano a casa preto de alí, descubriendo así o aparato. Tómanse medidas na organización para mitigar os efectos, o que ocasionou momentos de confusión e perda de contactos.



Cambia a situación a partir do día 20. Vigo e arredores son tomados polas forzas policiais que non deixaban circular polas rúas a grupos de máis de dúas persoas. Polas noites só circulaba a policía e tamén, con moitas precaucións, os militantes clandestinos facendo o seu traballo.

O 22 de setembro foi o último día de combate na rúa, xa que a correlación de forzas estaba a favor do réxime aínda cos traballadores fóra; facíase difícil manifestármolos pola masiva presenza das forzas policiais tomando as principais rúas da cidade. Factor importante foi o recuamento das direccións do PCE e as CCOO.

Esa mesma tarde-noite, logo de sermos frustrados pola policía, acabamos un fato de traballadores, dous deles rapaces de 15 e 16 anos, en Cabral, preto do río Lagares: Alberte de oo, un rapaz de Sampaio de Lavadores, outro da Espedrigada, os dous rapaces e eu. Despois de falar decidimos facer un panfleto e espallalo dentro de Citroën, orixe do conflito. Contábamos para facelo cunha «vietnamita», propiedade do PCG que me deixara, tempo atrás, o compañeiro «Pontevedra», así

Programa da Intersindical Nacional Galega para as primeiras eleccións sindicais que decorreran en 1978. Sumou 722 delegados e delegadas en toda Galiza, o 13,5% dos representantes sindicais

como clichés, tinta e unha pequena e fermosa máquina de escribir, todo propiedade do PCG e que tiña agochada nunha cova no monte da Penís (que, en 1936, fora refuxio dos compañeiros guerrilleiros); o malo é que contábamos con pouco papel, só para 220/250 panfletos.

Redactamos e fabricamos na vietnamita o panfleto nun lavadoiro de Cabral, preto do río Lagares, mentres os rapaces vixiaban, un na vía do tranvía de Porriño e o outro sobre a ponte de Cabral.

Cos papeis impresos, dirixímonos, xa só catro de nós, polos camiños e corredoiras (a estrada principal estaba moi vixiada) até a Citroën, a onde chegamos sobre as dúas da mañá. Polo camiño quedou o compañeiro de Sampaio, que foi para a súa casa. Saltamos o valo, Alberte máis eu, por detrás do cemiterio de Pereiró e, xa dentro, quedamos abraidos polo movemento e actividade de xente que tiñan nas naves, sobre todo, a nave A, de montaxe e pintura; non traballaban en produción, máis ben facendo mantemento e preparación como para ir traballar en pouco tempo. Espallamos os panfletos por onde puidemos, saltamos o muro e despedímonos o Alberte máis eu. Non volví ver a este compañeiro.

En 1973, desfaiase oo e a militancia espállase: algúns, poucos, retornarían ao PCE; outros, poucos, á Liga e ao FRAP; o grupo maioritario ficaría na OMLE e seguirían o proceso que os levaría ao PCE(r) e aos Grapo.

O último grupo, entre os que estaba Xosé Anxo, despois de saír da cadea, Ismael, Oscar Duarte, Chaves etc., en contacto con Reboiras e outras compañeiras, achegarían, xunto a xente da UPG e Galiza Socialista (Casal, Lores, Lima, Lois Ríos, Elvira etc.),

o seu gran de area para a construción de organizacións políticas e sindicais netamente galegas, coma o SOG, a ANPG e, máis tarde o BNG, participando en todas as loitas en defensa da clase traballadora e das clases populares da Galiza: Baldaio, As Encrobas, Xove, a loita contra a inxusta cota da seguridade social agraria, en solidariedade coas Comisións Labregas... Decatándonos os militantes da gran desprotección que tiñan as traballadoras galegas e a necesidade de organizacións propias para nos defender, xa que o sindicalismo estatal só se preocupaba das grandes empresas e, tamén, do funcionariado, nalgúns casos, esquecéndose dos miles de traballadores descontinuos, eventuais, pequenas empresas e talleres, dos que se encargou o sindicalismo nacionalista galego de autoorganizar para loitar en contra da sobreexplotación que padecía.

Pode parecer, se o miramos cos ollos de 2020, que no ano 1972 moitas actuacións dos traballadores foron violentas, mais o contexto daquela era dunha represión brutal, tanto por parte da patronal coma das forzas policiais. A represión de certos persoeiros do capital precisaba dunha resposta axeitada. Na empresa Citroën déronse casos de resposta obreira a estas actuacións represivas: queima de coches, desfeitas con cargas explosivas, mais a empresa «premiou» estes individuos regalándolles coches novos, polo menos, catro, que lembremos. A pesar disto, os militantes comprobamos que a mellor arma para enfrontar co capital era a unidade e a solidariedade conseguida após un proceso de concienciación, e o ano 1972 foi unha explosión de solidariedade e unidade!

En 1975, aínda cun soc, Sindicato Obreiro Galego, en desenvolvemento, o sindicalismo estatal,

ccoo, tiña un gran potencial no sector do metal e en Vigo nos grandes e medianos estaleiros, sobre todo Vulcano, Barreras, Santodomingo, Ascón..., que tiñan, así mesmo, unha tecnoloxía e métodos de traballo máis avanzados. Pola contra, os estaleiros da parte de Bouzas: Armada, Cardama, Freire etc., seguían ancorados nun método de traballo máis artesanal e de reparación, así como carpintaría de ribeira, madeira etc. Porén, esta situación ía cambiar coa remuda xeracional na dirección destes estaleiros. En Construcciones Navales P. Freire, a entrada dunha compañía auxiliar (Fayrena) con socios que proviñan de Ascón, todos profesionais cualificados na montaxe moderna de barcos e con persoal contratado que proviña de estaleiros e compañías auxiliares (contratas) con boa experiencia e cualificación persoal. Encárgaselles a fabricación e montaxe en bloques do 80% da carga de traballo do estaleiro.

O persoal desta compañía (Fayrena), caldeireiros, montadores, soldadores, profesionais experimentados, tiña a sorte de contar cun cadro de persoal de rapaces, axudantes, oficiais de terceira, moi activos, cunha boa relación cos compañeiros que formaban o, aínda, primeiro soc, e que, en pouco tempo, acadou neste estaleiro un alto nivel de unidade e solidariedade nas loitas de 1975 (xuño e xullo) e 1976 (febreiro), vencendo dificultades internas coma a desunión (os de carpintaría non se falaban coas outras seccións de aceiros e mecánica ou á inversa). Ademais, algunhas seccións estaban influídas por elementos do sindicato vertical, falanxistas. Tamén existía unha sección sindical de ccoo, responsábel Manolo 'O Brasil', compañeiro e amigo de moitos de nós, pero sen gran poder de

«Pode parecer, se o miramos cos ollos de 2020, que en 1972 moitas actuacións dos traballadores foron violentas, mais o contexto daquela era dunha represión brutal»

decisión no estaleiro. Ao pouco tempo, co medre da influencia do sog, a dirección de ccoo enviou ao dirixente Manel Fernández (daquela presidente da ETI do Metal no sindicato vertical, copado por ccoo) para tratar de corrixir a deriva; tivo algunha xuntanza e con algúns operarios, mais fracasou estrepitosamente.

O primeiro conflito en Freire foi o dos vestiarios (era moi común que, nos estaleiros, as contratas estiveran separadas, nunhas condicións pésimas en moitos casos, dos operarios do cadro fixo, en estaleiros dominados por ccoo). En Freire as contratas cambiabámonos de roupa nun alpendre onde tiñan unhas tablas con puntas para colgar a roupa e lavabámonos, ao rematar de traballar, nunha pía grande ao aire libre. Encarámolo problema axiña con asembleas, dentro e fóra do estaleiro, e comezamos de seguido acción de protesta: plante de veladas, paros parciais etc., que coas xuntanzas fóra do traballo crearon un bo ambiente para asumir a loita.

En contacto coa xente do sog, para a axuda na loxística: panfletos, pancartas, sprays..., axiña acudiron dous compañeiros co material. Un, Xosé Anxo, daquela chamábanlle xa 'Felipe', na UPG, que fora traballador de Freire até o seu despedido en 1972; outro, nun principio descoñecido, con bigote e lentes, era Moncho Reboiras, disfrazado para pasar desapercibido na clandestinidade, moi animado, ollando o ambiente que existía en Freire; comentaba máis tarde, cando acadamos as nosas reivindicacións: «este é o espírito do 72».

A derradeira vez que vimos a Moncho, viñera varias veces con Xosé Anxo, foi pouco antes do 25 de xullo de 1975, arredor do 18 ou 20 de xullo, para traernos folletos e *Terra e Tempo*. Logo recibimos

a noticia da súa morte con moito sentimento por parte dos traballadores.

Continuamos organizando e loitando, coas reivindicacións lideradas polos militantes do sog da compañía auxiliar: conseguiuase unir todo un estaleiro en asembleas comúns, e cando se fixeron mobilizacións ou folgas, coma a de febreiro de 1976, cando o estaleiro respondeu coma se dun só home se tratase, en solidariedade cos compañeiros de Barreras, nun conflito que durou 15 días de febreiro de 1976 asumido pola masiva asemblea do estaleiro, contando incluso con membros da BPS presentes e vixiando.

A represión chegou o 20 de febreiro, ficando despedidos cinco compañeiros que levabamos a dirección do conflito, entre eles, tamén, Adolfo 'Valadares', militante aínda hoxe en día do BNG.

A pesar do despido a semente quedou no estaleiro. Seguímonos relacionando e levándolle sempre información sindical do sog e tendo coa maioría dos traballadores unha boa relación. Así, nos anos seguintes, 1977, 1978, 1979, íamos ás portas do estaleiro a venderlles o *Terra e Tempo* que tiña boa acollida. Proba disto é que se deixaban tantas publicacións destas coma no resto da Galiza, mágoa que Moncho non o puidese ver!

Foi a de febreiro de 1976 a derradeira folga solidaria da Galiza. Logo virían os pactos da Moncloa e, co Estatuto dos Traballadores, rematarían as folgas de solidariedade entre os traballadores e os sindicatos estatais converteríanse en simples «xestores laborais».

O sindicalismo nacionalista, SOG, ING, ..., e, actualmente, a CIG, continuaron o soño de Moncho Reboiras do xeito que el definiu do «espírito do 72». ●



► Cartaz editado pola Unión do Povo Galego co gallo do III aniversario do asasinato de Moncho Reboiras

XOSÉ LOIS LEDO ANDIÓN

Dous días de agosto*


De súpeto ollo no retrovisor que un garda civil bota a correr detrás do coche, o compañeiro 'Rianxo' vai deitado no asento traseiro. Acelero un pouco, tomo unha rúa lateral na dereita para perder de vista o perseguidor. Freo. 'Rianxo' tírase do coche e desaparece noutra rúa. Miro para o retrovisor para ver que o garda civil vén de entrar na rúa onde estamos (non sabedes como estoura o peito co corazón ao galope), fago a manobra de aparcamento mentres vou dicindo a Marisa, no asento dianteiro, que imos baixar a tomar algo na cafetería que hai na beirarrúa do outro lado e que me deixe facer. Apeamos do coche, pásolle o brazo polo cinto e achégome forte, tentando simular unha tensión sexual que disimule a do temor a sermos descubertos co conseguente fracaso da acción militante que se estaba a desenvolver.

XOSÉ LOIS LEDO ANDIÓN (Castro de Rei, 1947), licenciado en xornalismo. Na actualidade é o director da produtora «Nós, produtora cinematográfica galega» e dirixiu cinco filmes documentais e unha serie documental para a televisión. A produtora que dirixe foi a que propiciou, xunto coa Fundación Bautista Álvarez, a realización do filme documental *CCCV - Cine Clube Carlos Varela*, con parte das imaxes gravadas no seu día polo cineasta Carlos Varela Veiga. Organizouse no nacionalismo galego en 1972 e, como militante na UPG, participou no nacemento da ANPG, facendo a súa presentación pública, xunto con outros membros fundadores, nunha conferencia de prensa no Porto en 1975. Formou parte do Comité Central da UPG e do seu Comité Executivo, como responsábel do sector labrego e dos CALL, desde o primeiro congreso até 1980. Nese ano vai residir en Corcubión, onde o Concello do que era secretario dedica unha rúa, por vez primeira, a Moncho Reboiras. En 1982 deixa a militancia, mais sempre seguiu ligado ao nacionalismo.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.

**Que importa que nos maten
si deixamos semente de vencer
12/8/75 • 12/8/78**

*...decídeme que a morte
do noso camarada
foi pedra de futuro,
cemento de alborada,
roxa estrela, martelo,
fouce, bandeira, cántiga,
decídeme que o vento
traí as súas palabras,
que o seu corpo baril
pervive nas montañas,
que non morreu Reboiras,
que está sempre na patria...*



© Fundación Terra e Tempo

Van aló trinta e catro anos e, para o relato xornalístico dun acontecemento, o anterior sería o *lead* que, de seguido, terá que narrar non só todo o acontecido, senón as diferentes cuestións que o fagan veraz. Permitídemme que deixe sen aclarar o motivo real da acción desenvolvida, porque cando se estaba a levar a cabo eu non sabía, pola lóxica da clandestinidade, cal era o destino final do que estabamos a facer. As informacións recibidas con posterioridade puideron ser interesadas ou, de se publicaren, tendentes a situala nun contexto que daquela, cando a situación estaba nun proceso de mudanza, e o Partido se definira pola actuación política e sindical na procura do espazo no que afianzar o nacionalismo como alternativa de poder, podería non parecer adecuado.

Vai calor en Lugo. É a tarde do 8 de agosto de 1975, quedei coa compañeira Marisa porque hai consignas do Partido que me ten que comunicar. Son as tres e media e entra no Café Central, puntual como corresponde á seguridade das citas. Senta ao meu carón despois de pedir un té ao camarero. Adianta a súa cara para poder falar baixiño: «Temos que recoller ás catro e cuarto, na saída da

ponte nova da estrada de Santiago, un compañeiro. Leva vaqueiros azuis e unha camisa branca. Estará arrimado á varanda no remate da ponte. Nós paramos e preguntámoslle se vai para Rianxo; ese será o nome polo que o trataremos e el contestará que pensaba ir a Ribadeo. Díciñolles que quedan preto, porque os dous comezan por erre e entón el subirá no coche. Diranos a onde temos que ir e mentres dure a viaxe o que imos facer».

O percorrido até Lalín é longo, non tanto en quilómetros como pola estrada, chea de curvas, e pola atención permanente tentando anticipar algún control. A conversa ao comezo é difícil. Non vai máis aló da indicación do lugar de destino e do que imos facer; contactar cuns labregos para poder agochar na súa casa unha persoa os vindeiros días. Logo vaise soltando para falar da situación que estamos a pasar, cunha represión feroz que anuncia que a fin do ditador está chegando.

E falamos, e entendémonos, porque é o momento de que a loita pola liberación nacional e social da Galiza adiante un paso, para que o Partido apareza diante do pobo como a vangarda nos métodos de


**«Non podemos ficar
quietos cando as forzas
represivas utilizan unha
forza desmedida; temos
que ter unha resposta»**

organización, resistencia e avanza. Non podemos ficar quietos cando as forzas represivas utilizan unha forza desmedida; temos que ter unha resposta. Necesitamos acadar recursos para facer chegar as nosas alternativas a todas as fronteiras. Non podemos permanecer só no cultural; hai que chegar aos obreiros, aos labregos, aos mariñeiros, a todas as clases populares galegas. Temos que crear un bloque nacional popular no que teñan acollida todas as forzas políticas para rematar co réxime ditatorial. Mais ese bloque e as clases populares teñen que se sentir protexidos nas súas loitas polo que o Partido, como vangarda, ten que artellar formas máis avanzadas de loita, dotándose dun grupo que faga que todos os que participen nas loitas populares sintan que sempre teñen unha organización que os defende e que sexa o actor da expropiación e incautación de material e medios para poder avanzar na loita contra a ditadura e polo triunfo do nacionalismo galego; un grupo que supoña un importante reforzo na loita como complemento das fronteiras obreira, cultural e política. É o momento das alianzas con outros partidos e organizacións que camiñen na mesma dirección, da alianza e das accións conxuntas, porque no tempo que se avexina, no facer político, teremos que crear o noso propio espazo que nos identifique e diferencie do resto das opcións.

Entramos en Lalín. Chegamos ao cruce onde a estrada parte para Compostela, Ourense e Chantada. O compañeiro 'Rianxo' indícanos que collamos á dereita, en dirección a Compostela. Seguimos un quilómetro escaso e metémonos por un camiño que hai na dereita por entre fincas e carballos. Andamos preto doutro quilómetro e mándanos parar. «Agardade aquí, vou a aquela casa do fondo a falar e non

deben identificar o coche nin vós debedes coñecelos». A casa é grande, cunha currada e dous alpendres ao carón. 'Rianxo' camiña os trescentos metros que faltan. Podemos ver como fala brevemente cunha muller e volta apurando o paso. «Imos dar unha volta. Nunha hora volvemos porque o contacto non está agora na casa». Dirixímonos outra vez a Lalín, ao mesmo cruce. Nunha beirarrúa hai un grupo de persoas entre as que hai un garda civil. «Se pasa algo, eu tírome do coche e recollédesme nunha hora na entrada do camiño que leva á casa do contacto». Pasamos o cruce, esta vez en dirección a Chantada.

De súpeto ollo no retrovisor que un garda civil bota a correr detrás do coche, o compañeiro 'Rianxo' vai deitado no asento traseiro. Acelero un pouco, tomo unha rúa lateral na dereita para perder de vista o perseguidor. Freo. 'Rianxo' tírase do coche e desaparece noutra rúa. Miro para o retrovisor para ver que o garda civil vén de entrar na rúa onde estamos (non sabedes como estoura o peito co corazón ao galope), fago a manobra de aparcamento mentres vou dicindo a Marisa, no asento dianteiro, que imos baixar a tomar algo na cafetería que hai na beirarrúa do outro lado e que me deixe facer. Apeamos do coche, pásolle o brazo polo cinto e achégome forte, tentando simular unha tensión sexual que disimule a do temor a sermos descubertos co conseguinte fracaso da acción militante que se estaba a desenvolver. Xa imos entrar na cafetería e sinto unha man premer no meu ombro. Viro a cabeza. O garda civil estame a mirar fixamente, e dime: «Pero esta rubia non é a túa moza». Empuro Marisa para dentro do local e vólvoe. Hostia! O sarxento Severino: «Non, é unha amiga, xa ves...». Lanza un sorriso de complicidade: «Vamos



dentro! Convido a unha cervexa». «Preséntoche a unha amiga, imos camiño de Lugo, mais paramos a tomar algo». Miro o reloxo. Hai que facer tempo como sexa para chegarmos na hora prevista a recoller 'Rianxo'. O sarxento vai falando da súa estadia no cuartel de Castro de Rei, da miña familia, deixando caer de cando en vez que hai que ter coidado comigo porque son un pouco golfo, e forzamos o riso e tentamos aparentar que o noso desacougo é polo que non é. Xa vai aló case unha hora. Finxo a présa que teño. Despedímonos, montamos no coche a arrincamos rápidos para non dar tempo ao sarxento a ver que camiño tomabamos na volta.

Na entrada do camiño está 'Rianxo'. Métese no coche e no camiño até a casa dicímoslle que todo se arranxou, mais o camiño de Lugo teremos que facelo sen pasar por Lalín. Agora xa estaba o contacto, e coas indicacións que lle deu ao compañeiro fomos por camiños e estradas locais até Agolada e na volta rimos coa situación vivida.

Na tarde do 12 de agosto de 1975 hai moita policía no enterro da miña irmá, Amparo, en Castro de Rei e eu supoño que será porque vixían por se

Cartaz –tamén se editou un autocolante– demandando a Amnistía e divulgado pola Unión do Povo Galego. En setembro de 1976 a UPG promoveu en Vigo dúas mobilizacións –a primeira ilegal– pedindo a liberdade dos militantes nacionalistas galegos presos. En decembro de 1975 en Santiago, a AN-PG e a UPG convocaran xa outra mobilización demandando a amnistía

Margarita aparece, pero non lles vai dar ese gusto. Leva fuxida desde hai un ano e, aínda sabendo da morte da súa irmá, non vai aparecer. E menos aínda despois das noticias que dera a radio nos diferentes partes da mañá na que falaban da morte do militante de UPG, Xosé Ramón Reboiras Noia, na noite do 11 ao 12 nun enfrontamento coa policía en Ferrol, que facía que as forzas represivas estivesen alporizadas e convencidas de que pegasen un forte golpe á organización do nacionalismo galego.

Hai días que se alongan interminablemente, para despois na memoria mesturar feitos que non ocorren nesa data, mais cando os interiorizamos pertencen todos á mesma xornada. O Partido faime chegar a convocatoria para unha xuntanza en Lugo, onde se me informa de que Moncho Reboiras era o compañeiro co que fixeramos a viaxe a Lalín uns días antes e foi asasinado nun enfrontamento coa policía que cercara a casa onde se atopaba, xunto con outros dous militantes, o 11 de agosto. Moncho, para centrar a atención nel e, dese xeito facilitar a fuxida dos outros dous, pasa a outro edificio polo tellado, no que, ao pé do portal, e cribado a tiros e rematado dun tiro na caluga, segundo o informe médico.

E na memoria fáiseme un bucle coas imaxes da tensión pasada en Lalín, e o sorriso de Moncho na viaxe de volta a Lugo que sempre gardarei como a imaxe do compañeiro asasinado, xunto coa conversa que tivemos e que marcou a miña militancia nos anos que viñeron, e outra vez volta ao interminábel día 12 de agosto con moita policía no enterro da miña irmá, supoñía que por se aparecía Margarita, e o tiro na caluga rememorando aos milleiros de galegos que noutros anos aparecían polas mañás nas cunetas das estradas. ●



XOSÉ LOIS SALVADORES COVAS, O SOLDADO

- Recibimento na estación de Monforte en 1977, tras a saída do cárcere da Coruña desde 1975 de Marisa Vázquez e Manolo Fernández. Entre outros, Manolo Fernández, Xosé Manuel Pavón González, o pai de Manolo Fernández coa boina, Xurxo Fernández, Marisa Vázquez, Saleta Goi, Masé, Geni Barbagelata

Aqueles anos 70*

Teño a certeza de que para unha persoa nova non é doado situarse na sociedade dos 70 despois dos grandes cambios que desde aquela se produciron. Foron tan profundas as transformacións a nivel económico, social, cultural ou político que a aínda a min, que vivín aquelas circunstancias, resúltame difícil volver a aqueles anos, tenebrosos, con represión a esgalla, últimos alentos da ditadura.

XOSÉ LOIS SALVADORES COVAS 'O SOLDADO' (Lugo, 1953) é enxeñeiro Técnico Agrícola. Presidiu entre 1980 e 1990 a Asociación Cultural Lumieira de Carballo. Foi membro da Xestora de Nunca Máis. Desde finais dos anos 80 até hoxe está vencellado ao movemento ecoloxista.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

A nivel económico estabamos no momento do «desarrollismo» salvaxe. As cidades cambiaban de aspecto en moi pouco tempo e, onde antes pacían ovellas ou vacas, aparecían, en caos perfecto, edificios con varias alturas de gusto lamentábel, propio da miseria cultural e económica. Daquel tempo é o barrio da Milagrosa en Lugo, o Ensanche en Santiago ou a rúa Barcelona na Coruña. Empezan as concentracións parcelarias e aparecen novas casas ciscadas por todo o territorio; a eucalíptizació xeneralízase e iníciase a mecanización do campo: ao antiquísimo carro do país, que non tiña nin radios nas rodas, quédanlle os días contados, e con el desaparecerá a vida tradicional do rural. Cada vez son máis numerosos os autos privados, principalmente os «seiscentos». A emigración segue facendo estragos entre a xente máis preparada do país.

No aspecto social, toda iniciativa estaba prohibida, controlada pola policía político-social; a non ser as do Movemento Nacional-Sindicalista, as actividades deportivas e as promovidas pola Igrexa.

De sindicatos, só estaba permitido o sindicato vertical –con patróns e obreiros–, que era o do

Goberno. Non existía o dereito á reunión, de modo que podía ser disolta calquera que lles resultase sospeitosa.

A nivel político imperaba a propaganda do Goberno, xa sen demasiada forza, que insistía nunha ideoloxía de clara defensa do capitalismo, oposición ao comunismo e proclamación da España católica, «una, grande y libre». A doutrina que se impartía nas aulas de «Formación del Espíritu Nacional» (materia incluída no sistema educativo) e a que se difundía nos medios de propaganda do

«Como se podía soportar aquela ditadura? A explicación hai que buscala no traballo a conciencia que fixeran durante a guerra»

«Todo o que lles parecía que podía ter detrás a UPG foi estigmatizado e non quedou adxectivo descualificador e agresivo que non utilizasen»

Réxime reiteraba que a culpa da guerra fora dos partidos políticos, polo que estaban todos prohibidos e demonizados (a excepción da Falange). Naturalmente, observando con lupa, podemos atopar, en elites ben reducidas, resistencias e excepcións a todo isto, pero a poboación en xeral movíase nestes parámetros. Eu fun, como moitos mozos, da OJE (Organización Juvenil Española), para ir aos campamentos, e da Confraría da Borriquita, que desfílabala na Semana Santa.

No campo cultural, todo estaba ermo: a censura era esmagadora. Só existía parte do «mundo clásico» e, por exemplo, a historia era un conto onde, deturpando ou ocultando os feitos, contábase só aquilo que servía para engrandecer España. A nivel sexual todo era pecado e estaba perseguido e censurado. O corpo espido só quedaba para as obras de arte e isto con reparos; ver unha teta nunha película era un acontecemento de grande expectación, e sobre todo, de excitación (a primeira que, excepcionalmente, nos deixaron entrever legalmente foi nunha película da Celestina, entrados xa os anos 70, cando eu tiña 17 ou 18 anos). Un bico na rúa dunha parella era sancionábel (isto aplicáronllo en Lugo a un compañeiro, non sei se tamén porque lles resultaba politicamente sospeitoso).


O galego falábase unicamente a nivel coloquial; nas escolas castigábase o seu uso *manu militari* e, como moito, discutíase sobre que tipo de dialecto era aquilo que falaban os da aldea e os traballadores máis incultos. Os que pasaron polo seminario, que foron moitos das clases populares, poderían contar como se reprimía o idioma naqueles antros. De «empregados» para arriba na escala social, utilizábase só o español. Eu, da «clase

media» de Lugo, non me decatei de que existía un idioma propio até chegar, con 14 anos, á Universidade Laboral.

O folclore era un baile rexional para miróns, promovido desde a Sección Feminina da Falange, para o que disfrazaban as nenas co cutre traxe que tamén servía de uniforme para as vendedoras de abelorios na illa da Toxa.

A nivel político, o que se entendía por nacionalismo era o nacional-sindicalismo ou o nacional-catolicismo, cos seus defensores: «os nacionales». O comunismo, ideoloxía que non se podía ocultar (daquela o mundo estaba dividido en dous grandes bloques enfrontados con moita dureza) era, simplemente, perverso. O separatismo era... o demo maior. Todo o que cheirara a unha cousa ou á outra era reprimido coa máxima dureza. E naquel contexto á UPG non se lle ocorre mellor cousa que reunir nunha soa organización as dúas ideoloxías: fomos a Besta Negra, o inimigo a bater; desde a dereita máis reaccionaria até os pseudo-progresistas, todos dirixiron contra nós as súas armas (e aínda hoxe continúan!). Fomos calumniados, vilipendiados, perseguidos, negóusenos o pan e o sal. Todo o que lles parecía que podía ter detrás a UPG foi estigmatizado e non quedou adxectivo descualificador e agresivo que non utilizasen. Terroristas, incendiarios de montes,... e cando xa non lles quedaban insultos, chamáronnos peludos e até ciclistas (?) (como exemplo, ver o «liberal» *La Voz de Galicia* e os artigos que semanalmente nos dedicaba Augusto Assía).

A verdade é que estou seguro de que os comunistas son os que teñen máis mártires en toda a historia da humanidade, torturados e asasinados polo delito de pelexar por un mundo máis xusto



Cartaz das primeiras xornadas do ensino de Galiza en 1976

sen esperar recompensa ningunha (o de «os cristiáns aos leóns» é unha simple anécdota se o comparamos coa dimensión mundial do comunismo e a cantidade de poboación a que afectou). En canto ao nacionalismo dos pobos oprimidos, a súa loita sempre foi en defensa propia, e, no caso deste Estado, os únicos que non teñen as mans manchadas de sangue da última guerra. En que gran mentira vivimos!

Como se podía soportar aquela ditadura? A explicación hai que buscala no traballo a conciencia que fixeran durante a guerra, eliminando os mellores homes e mulleres e sementando o terror nas cunetas, nas comisarias e nos cuarteis. E despois volveu a válvula de escape da emigración. O silencio foi o efecto conseguido con grande eficacia.

A Igrexa como institución, furibunda antigalega e anticomunista, situada, como sempre co poder, estaba encantada naquel medio e bendecía todo o que proviña do Goberno. Predicaba ao pobo paciencia e amor fraternal para todos, incluídos fascistas, caciques, explotadores, pederastas, maltratadores e demais caterva de «amigos».

Naquela sociedade corrupta, na que a lei que imperaba era a «lei da selva» (o grande come o pequeno), uns poucos foron colaboracionistas do réxime e a maioría, submisa, aceptaba como natural aquela ditadura, que chegaba a extremos cómicos vista desde a perspectiva de hoxe. E entre os que non moveron nin un só dedo por cambiar o status (habería que repasar a historia dos políticos e ver que méritos teñen na loita pola democracia), hainos que agora, eles ou os seus cachorros, reconvertidos en demócratas, seguen defendendo a orde establecida con igual entusiasmo, disimulado anticomunismo e odio ao galego, reivindicando en esencia o mesmo que antes: España unida, aínda que sexa pola forza; grande, cunha boa selección e no grupo do G-20, e libre, onde cada un poida contar as mentiras que lle pareza sempre que teña os medios económicos e de comunicación adecuados.

Non obstante, a espiral que move a historia e o mundo co motor da dialéctica é imparábel: xeracións novas que non estaban suficientemente condicionadas pola salvaxe represión empezaron a cuestionar aquela sociedade.

A toma de conciencia

Xente moza, coma o meu compañeiro Ruza, que sen ter outra cultura que a que mamara da súa familia en Guimarei (A Estrada), cunha intuición e intelixencia propia do pobo, defendía con orgullo o galego dos seus antepasados contra a ideoloxía e opinións dominantes. Unha actitude digna e meritória, que outros, incluso progresistas, perante as humillacións que lles fixeron pasar por falar galego, en vez de rebelarse, renegaron del para sempre buscando xustificacións perralleiras.



Presentación pública da *Declaración conxunta* entre Eukadi Ta Askatasuna, Partit Socialista d'Alliberament Nacional-Provisional e Unión do Povo Galego –nun acto en Catalunya Norte– en 1976. Asináronse tres declaracións conxuntas: o 1º de Maio de 1975, en novembro de 1975 e en novembro de 1976

Ruzo estaba, coma min, interno na Universidade Laboral da Coruña, onde os fillos dos proletarios e dos labregos de toda a península estudábamnos unha formación profesional. O capitalismo precisaba xa de xente preparada para a incipiente industria e recrutábaa entre as clases populares. Alí chegaban galegos que non tiñan moitos coñecementos e con dificultades entendían o español; eu tentaba axudar, porque o «fino castrapo» de Lugo era a miña a lingua materna e ademais tiña uns anos de bacharelato nos reaccionarios Hermanos Maristas.

Foi na pomposamente chamada Universidade Laboral onde me inocularon o virus da conciencia social. A responsabilidade correu a cargo, fundamentalmente, de dúas persoas: o Padre Barreiro, crego na Laboral, e o pasionista Padre Leopoldo. Aqueles dous homes, hoxe ex crego e ex frade, como era de esperar, foron os causantes de que desde aquela ande eu metido en fregados contra os abusos cometidos polos poderosos. Co frade Leopoldo, ao que tanto lle debe o nacionalismo galego, topáriame máis tarde en diferentes loitas polo país.

Penso que estes dous relixiosos tiñan contactos co PCE, única oposición en serio ao réxime naquel tempo, como tamén tiña que ver con este partido o cineclub que tiñamos montado no Centro e que servía de tapadeira para cuestionar o prohibido. Mesmo, posibelmente, fose o propio PCE o alentador da folga que fixemos o último curso (70-71) que estiven naquel internado, cando as folgas eran algo totalmente inaudito.

No curso seguinte fun estudar a Vigo. Era o ano 72, o ano das primeiras grandes folgas da nosa clase obreira que se ergue contra a ditadura. O PCE e o seu sindicato ccoo tiveron moito que ver con aquel levantamento. Non sei se os dous homes que caeron asasinados en Ferrol eran do sindicato ou non; naquel momento púxose en dúbida, pero o certo é que eles reivindicárono e que non houbo quen o desmentira categoricamente. Aquelas folgas tiveron resposta en todo o país e eu, que xa estaba organizado da man de Lugilde, compañeiro da Laboral e natural de Vigo, puxen o meu grao de area para que o paro tamén se producira na Escola Técnica. As consignas da organización

«Realmente preocupante era a incomunicación, o interrogatorio e a dúbida de se poderías ou non resistir a presión sen delatar os outros compañeiros»

transmitíaaas Manolo Reboiras (irmán do Moncho), que era o contacto da célula formada polos tres. Alí asistín á primeira manifestación, que con gran contundencia disolvían as forzas policiais. Era o meu bautismo de fogo. Acompañoume a sorte aquel día e neste aspecto tamén a tiven despois: librei da malleira no último segundo porque mandaron retirar as columnas de grises especiais que nos tiñan emparedados na rúa do Príncipe.

No verán do 72 volvo a Lugo e alí entro de cheo na parafernalia que se utilizaba na clandestinidade: contactos en lugar público, con revista predefinida en lugar visíbel para recoñecerse etc. Intriga, emoción e... desencanto: Quen serían os meus compañeiros na miña cidade? Onde poderíamos traballar politicamente? Cantos seríamos? Os meus compañeiros eran Pedro Luaces e a súa compañeira sentimental, Marisa (á que non coñecía nin de vista), e que, coma min, tampouco nunca traballaran no mundo laboral. En toda a cidade eramos tres! O traballo político sería proselitismo e introdución social, tarefa nada doada xa que, ademais de non estar en ningunha plataforma social, as relacións, despois de levar anos estudando fóra, non pasaban de contados amigos e familiares. Puxémoslle ganas e, a partir daquel minúsculo grupo, e con todo en contra, o nacionalismo non parou de medrar até hoxe.

Pero non é un milagre. Ao contrario do que lle pasou ao PCG, obediente aos mandatos de Madrid, que a súa vez seguía as recomendacións de Moscú, a UPG, autodidacta, logrou globalmente avanzar superando as dificultades esóxenas e endóxenas. Teoría adecuada, correcta interpretación da realidade, praxe sempre combativa (que fuxía das solucións

fáciles, tentando sempre agudizar as contradicións) xunto coa entrega dos e das militantes até o duro sacrificio persoal: velaí as chaves.

No mesmo ano 72, marchamos a Madrid, primeiro eu e logo tamén Pedro Luaces, e alí, nunha pequena célula composta por Bautista Álvarez e outro compañeiro, danme a ler o daquela ilegal *Sempre en Galiza*. Que gran descubrimento! Aquel libro poñía por escrito o que eu sentía. E non houbera, en 20 anos, quen mo mencionara nin de forma aproximada!

No curso 73-74 volvo a Lugo para estudar Peritos. Aquelo cambiara: xa estaba Lois Diéguez, que viñera traballar ao Concello; xa se creara ERGA; e tamén estaba Martín, outro estudante de Peritos do que gardo un bo recordo: era destemido, moi bo rapaz, relacionábase con moita xente e conseguiu axiña máis compañeiros e compañeiras para a causa. Tiña o defecto da falla de disciplina (unha alma indómita) e non conseguimos «facer bo del». Nun momento abandonou, e, lamentabelmente non o volví ver; segundo contaban, enredárase en non sei que historias pouco convencionais.

Coma noutras cidades, os referentes antisistema foran até aquel momento militantes do PCE. En Lugo, Alonso Montero era o histórico co que nos batemos nunhas eleccións á directiva da Asociación Cultural Valle Inclán. Vencemos, e aquilo representou unha gran vitoria contra o españolismo de esquerdas, que era moi belixerante contra nós, contra o galeguismo e contra o galego. Tachábannos de burgueses e non sei que outros argumentos tan estúpidos como o que de que non facían os panfletos en galego porque ocupaban máis espazo e era unha rémora para a

«A vietnamita era un aparello que con tinta de multicopista das antigas, un bastidor, papel calcante, un pequeno rulo e pouco máis sacaba copias de folio en folio»

propaganda na clandestinidade. Recordo que esta foi a escusa que utilizou xente de ccoo á hora de redactar un panfleto conxunto; houbera que demostrarlles na práctica que estaban errados Sirva esta pequena anécdota como exemplo para imaxinar as loitas que tivemos que dar, nomeadamente os compañeiros que facían o seu labor militante no mundo sindical, para dar pasos na normalización do galego. (Para confirmar a animadversión que nos tiña o PCE e o tempo que tardaron en utilizar o galego, obrigados polo noso avance, están as hemerotecas).

Movéndonos no submundo da clandestinidade, necesariamente tiñamos que bater en moitas ocasións con xente do Partido Comunista. A única lembranza agradábel que teño do PCE é a de ter coñecido a un antigo militante: Siro Montesinos, de Baralla. Por aqueles anos xa tiña abandonada a súa militancia e falar con el era unha delicia. Tanto che contaba un golpe de man da guerrilla, na que el colaborara, como, con tranquilidade, che detallaba como librería de varias penas de morte o que o condenaran (recordo que contaba que lle dera 7000 pesetas –el era de «casa grande»– á querida dun alto mando militar que conseguira que lle conmutaran as penas). Noutro momento, se o encontrabas polo verán, podía pórse a entoar con nostalgia a cantiga que os segadores cantaban cando facían a seitura. Sempre tiña algunha anécdota incríbel da súa intensa vida. Sendo de Baralla, odiaba os Rosón por ser os que dirixiran a represión durante a guerra na zona de Becerreá. Non podía entender aquilo da Autonomía e menos ter un presidente de familia de asasininos. Sentín moito a morte de Siro porque, ou moito me

engano ou aquel era, en moitos aspectos, o mellor home que coñecín na miña vida; era un bo home, loitador e do pobo.

A militancia

A primeira acción que recordo foi con Margarita Ledo, que tamén asistía ás xuntas de célula. O que tiñamos que facer era colocar uns adhesivos estreitos e horizontais con fondo azul que levaban impreso «Viva Galicia Ceibe». Lembro o adhesivo, o barrio da Milagrosa, a emoción mesturada coa precaución de estar a facer algo clandestino e o medo as perigosas consecuencias que podería ter. Todo saíu ben.

Despois viñeron moitas accións máis, algunhas nas datas sinaladas do Día da Patria Galega ou no 1.º de Maio, outras por motivos puntuais. Daquelas accións, outra que recordo, por ser diferente, foi en Vilalba, nas festas. Desprazarámonos un comando desde Lugo. No medio do baile, abarrotado de xente e cheo de luz, en plena praza Maior, collemos o feixe de follas voandeiras do bolso da parella de baile e arrebolámolos cara a arriba, varios ao mesmo tempo, o que provocou un gran rebumbio. (O que non entendo é porqué non bailábamos coa parella sentimental, que sería o máis lóxico, e nos colocábamos por parellas escollidas segundo non sei que criterio; a min puxéranme a bailar con Marisa). Eran accións bastante seguras porque a xente miraba cara aos panfletos voando e non se fixaba de onde saíran. Despois, retirámonos, cumpríamos coa cita de seguridade (obrigada despois de cada operación), e voltabamos para as casas respectivas, orgullosos de nós mesmos e soñando con que aqueles textos espertarían as masas.

!! BOICOT AS PROBAS DE ACCESO !!

Xa todos temos claro que non existe a "masificación" da que nos falan, senón que o Estado Imperialista Hespáñol tan solo necesita unhas cantas persoas pra seguir mantendo a opresión colonial da nosa nación.

Prao que nos impón unhas probas, coas que tan solo accederán os que toñan milloros padriños mentras que aos demais non nos quedará outro remedio que emigrar ou meter--nos nos corpos represivos (BPS, Po

Panfleto distribuído por Estudiantes Revolucionarios Galegos (ERGA) en xuño de 1975

licía Armada, Garda Civil,...) pra reprimir as reivindicacións do pobo galego.

!! TODO O POBO TEN DEREITO A IR A UNIVERSIDADE !!

Pra conquistar isto NON DEBEMOS PRESENTARNOS AOS EXAMES E LOGRAR QUE OS RETIREN.

!! NON FAGAMOS AS PROBAS !!

!! POR UN ENSINO POPULAR !!

ERGA estudantes revolucionarios galegos

xuño - 75

Socializábanse pisos, cartos... e coches; e isto dos coches si que era un problema. Quen o tiña conseguírao cun esforzo económico importante e reiteradamente pedíase para ir facer as xuntas: xuntas dos sindicatos, das plataformas ou do mesmo Partido. Era un problema para o propietario (que non sabía en que condicións volvería) e para quen o tiña que pedir, que as máis das veces debía recorrer a diferentes compañeiros e compañeiras para atopar un auto desocupado no momento en que o precisaba; e, ademais, quen non tiña carné, tiña que pedilo con chofer. Un problema, pero que, cos seus máis e os seus menos –sempre hai aproveitadiños– se solucionaba cun exercicio de solidariedade cos compañeiros e compañeiras e coa causa (o capitalismo arranxou o problema facilitando coches a moitos cidadáns e cidadás e fomentando o individualismo).

Desde o momento en que entrabas na organización, estábamos moi avisados do risco que suponía, tanto a nivel individual como colectivo, que te colleran con propaganda clandestina na man. Asumido o risco, asumido que incluso poderías dar a vida pola patria asoballada, o medo e as reservas que eu tiña (que tiñamos) non eran pola condena que podían impoñer (iso era o de menos), non era polos golpes que che podían dar (e iso podía doer algo máis); o realmente preocupante era a incomunicación, o interrogatorio e a dúbida de se poderías ou non resistir a presión sen delatar os outros compañeiros, comprometéndoos tanto a eles como a organización.

A min e a María responsabilizáranos, ademais doutras cousas, da propaganda. Durante varios anos traballamos na elaboración de panfletos coas famosas vietnamitas, que moitas copias fixeron na casa de Xosé Lois Ledo. A vietnamita era un aparello moi elemental que con tinta de multicopista das antigas, un bastidor, papel calcante, un pequeno rulo e pouco máis sacaba copias de folio en folio. Tirábase miles de copias que se espallaban por Lugo e comarca. Logo trouxeron de Santiago unha multicopista mecánica que funcionaba manualmente. Aquilo era un adianto técnico importante: as copias saían moito mellor e máis rápido, pero producía un ruído do demo. Acordaron alugar unha pequena casa que quedaba no medio da estrada, xa preto de Vilalba, e alí a instalamos; tiramos con ela algunhas copias, pero aquilo non durou moito: ao pouco tempo caía a organización

Canto máis medraba a organización máis dura era a militancia; máis incómodas e afastadas eran as reunións, máis fronte que atender, infinidade de asuntos de que ocuparse, máis gastos, máis disciplina... Estabamos tentando crear un exército, segundo o postulado por Lenin de que, fronte a un inimigo poderoso como o capitalismo, había que ter un exército ben organizado, disciplinado e disposto ao enfrontamento duro en calquera momento.



© Fundación Terra e Tempo

militar, co cal houbo que repregarse e paralizar a actividade en tanto non se sabía até onde chegaban no desmantelamento da organización. O aparello retirouse a un muíño da familia de Pepa que estaba abandonado no medio duns prados e ao que se chegaba por unhas correoiras enlamadas; cargamos coa pesada máquina ao lombo e alí a deixamos para esperar tempos mellores.

Non podó falar dos anos 70 sen facer mención dun personaxe transcendente: Pedro Luaces. El foi quen marcou a organización desde o ano 72 até

xa iniciados os 80. Pedro Luaces era un individuo culto, cunha memoria envexábel, refinado e moi intelixente. Avogado de carreira. A primeira vista un pouco raro, inquietante. No momento de pórse o nome de guerra escolleu Raul, que, como el mesmo aclaraba, fora o do garda civil que se infiltrara na guerrilla e que acabara coa partida do sur de Lugo. Algo sospeitoso. Tampouco ocultou nunca o seu pasado dentro dunha organización de extrema dereita. Sen comentarios. A nivel político estivo á fronte da UPG en Lugo até que deixou a

◀ Cartaz do pintor Virxilio Fernández (1925-2011) para o Día das Letras Galegas de 1976

«Estou certo de que un día, superados prexuízos e sectarismos, o pobo galego reconecerá a gran figura que foi o noso compañeiro Moncho Reboiras»

organización. Coñecía á perfección a liña política, a historia e os estatutos do Partido. Nunca fixo ningunha actuación que non cumprira coa ortodoxia, pero a súa maneira de ser de neno caprichoso, malcriado e maniático, levábo a cometer excesos contra algúns compañeiros e compañeiras. Resultaba imposible demostralo, xa que sempre xustificaba as súas actuacións baseándose nos principios políticos coa labia propia dun *picapleitos* intelixente (hai algunha compañeira que non pode esquecer, despois de tantos anos, o despotismo co que a tratou). Utilizaba tamén Raul con destreza dúas varas de medir, unha para si e os seus protexidos e outra para o resto: esta tamén era outra característica súa. Tiña sempre un protexido noviño (xeralmente facíalle de chofer) que ía cambiando co tempo.

A el debemos as situacións violentas que tivemos que padecer na zona de Lugo porque en vez de corrixir os defectos dos compañeiros e compañeiras no momento de cometer o erro e previa autocrítica, el facía xuízos sumarísimos nos que exercía de fiscal. Na montaxe acusábase o camarada de todos os defectos xuntos, o que o deixaba indefenso. A min tamén me tocou pasar por semellante esperpento e xusto cando tiña unha situación familiar moi complicada. Non se lle poden negar dotes de mando, de estratega, de facer análises correctas e de dar solucións acaídas aos problemas, o cal o levou a ser secretario xeral do Partido. Desde este posto organizaría a desertión dun número importante de compañeiros e compañeiras; posteriormente serviu ao maior cacique que tivo a provincia de Lugo nos últimos tempos. Un psiquiatra podería facer un estudo inacabábel coa biografía de quen propiciou o avance do

Partido en Lugo a costa de facernos á militancia unha vida bastante máis desagradábel do que as condicións requirían.

A loita armada

Mentres que na base traballabamos organizando o noso pobo (que é o gran logro do Partido), a dirección estaba dando un paso máis coa formación dunha fronte armada. Marchaba a Fronte Militar de modo independente (como debía ser) pero nós, aínda sen datos, algo sospeitabamos. Por exemplo, un día aconselláranos que fixésemos vida normal e que pola noite nos retiráramos prudentemente; ao día seguinte lemos a gran noticia de que foran roubados nas dependencias da policía non sei cantos miles de carnés. Un golpe, e á policía, sensacional! Unha grande inxección de moral. Aledámonos pensando que aquilo levaba o camiño adecuado. Ilusos.

No mes de agosto do ano 75 sucedéronse as malas noticias: en Guntín caera o comando con base en Lugo, en Ferrol mataran un militante e outros fuxiran. Empezan as detencións; en Lugo, caen Lois, Marisa e Pedro. Calquera de nós podería ser o seguinte, así que, entre outras medidas, movemos a propaganda para lugares máis seguros. Pero os compañeiros resisten os interrogatorios e cesan as detencións. Pasado un tempo, soubemos que o compañeiro asasinado fora Moncho Reboiras. A partir de entón, reivindicamos o noso mártir e coñecemos a súa entrega total e os seus pasos clarividentes na formación de organizacións propias, principalmente a nivel obreiro; a el debemos en gran medida ser hoxe quen somos e dispormos de ferramentas imprescindíbeis na defensa do noso pobo. Estou certo de que un día, superados prexuízos e sectarismos, o

Na década dos 70 escribimos un pequeno parágrafo da historia da Galiza no que figura con letras de ouro Moncho Reboiras»

► Cartaz da mobilización convocada pola AN-PG o 20 de maio de 1979. Milleiros de persoas marcharon sobre Xove para amosar o seu rexeitamento ao proxecto da central nuclear. O 10 de abril de 1977 tivera lugar a outra grande marcha

pobo galego reconecerá a gran figura que foi o noso compañeiro Moncho Reboiras.

Pasados os primeiros momentos tras o golpe recibido, retomamos os contactos con precaución. A min tocoume establecelos coa organización a nivel nacional, que estaba bastante desbaratada. O que me indican é que vaia á Universidade falar cun profesor que, ademais, é fillo de militar, polo que estaría fóra de sospeita. Achégome a Compostela e diríxome ao despacho dun tal López Suevos.

Os últimos anos da década

A xusta loita que hai escasos anos encetáramos, o tempo vai confirmando como moi atinada, dado o número crecente de militantes e simpatizantes. Na metade da década hai acontecementos que nos van dar novos pulos: o poderosísimo exército norteamericano ten que retirarse humillado e derrotado de Vietnam pola resistencia heroica do pobo vietnamita liderada polo partido comunista; as colonias portuguesas libéranse do xugo da metrópole e ármase a Revolución dos cravos en Portugal... Pero xusto no 75 morre o ditador. Un gran contratempo. Un revés: non nos deixou tempo suficiente para organizarnos, non nos deixou tempo para ter a forza suficiente para facer valer, para conquistar, os dereitos democráticos do noso pobo; unha década máis e o conto sería diferente, sen lugar a dúbidas. Eles, os listos, os de sempre, prepararon a transición e fixéronnos un regalo político envelenado, que aínda estamos padecendo.

Cando acababa a década, marchei para Carballo, pero antes aínda tiven tempo de vivir un acontecemento de moita importancia que condicionou os anos seguintes e aínda o presente.

O suceso daría para unha gran película xa que ten os ingredientes suficientes que se poden pedir a un filme: esperanza, dignidade, intriga, represión, medo, conspiración, negociación, indignación, impotencia, manipulación... Os feitos, tal como os recordo, sucederon da seguinte maneira: eu non tiña traballo fixo, polo que me pediron que me liberara para facer as primeiras eleccións sindicais. Aceptei sabendo que o de liberado era un eufemismo, xa que non pensaba que me puideran pagar dada a situación precaria do sindicato. Así foi, pero serviu para clarificarme aínda máis sobre o mundo totalmente manipulado no que nos fan vivir como parvos.

Levaba o sindicato Chori (Xosé M. Díaz) e con el preparámonos para tal evento. Para a CEOE, a organización empresarial, tamén tiña moita importancia, polo que destacan desde Madrid un avogado sicario para intervir nas eleccións. A UGT que, xunto co PSOE, desapareceran literalmente durante a ditadura, aparecen en escena. A patronal aposta por eles: queren que gañen. E empeza o xogo sucio.

O sicario, xunto cos patróns, van amañando as eleccións en cada empresa e van sacando os delegados postos polos empresarios; o sindicato no que figuran é a UGT. Nos tamén nos movemos e comezamos a ir polas empresas a falar cos afiliados ou xente disposta a presentarse para delegados sindical. En varias empresas despíden os traballadores que tentaban presentarse polo noso sindicato. Había que seguir pelexando e, medio ás agachadas, presentabamos as listas porque daban certa cobertura para que non os despedisen inmediatamente. Con razón hai medo e en moitas empresas non conseguimos xente disposta a enfrontarse co



patrón e perder o posto de traballo. Nos seguíamos insistindo, ao tempo que, con doses elevadas de cinismo, tentabamos negociar con aquel mercenario posto pola patronal para conseguir sacar algunha representación.

Como non podía ser doutra maneira, as eleccións gáñanas UGT e a patronal, para a partir dese momento construír o movemento sindical. Non esquecerei a figura do sicario que montaba as candidaturas dos obreiros a gusto da patronal. Non esquecerei un sindicato vendido facendo o xogo ao sindicato mafioso de empresarios. Non podo esquecer as mostras de dignidade dalgúns traballadores que, expostos á perda de traballo, sen outro medio de vida, arriscaban canto tiñan por representar os seus compañeiros e reivindicar os seus dereitos. Cantos heroes anónimos posibilitaron a construción dun sindicato galego e de clase! (no terreo político pasou algo parecido e así nos montaron esta linda democracia).

Non podo entender que xente que coñece estes mecanismos de manipulación sobre os que está montada esta sociedade poidan vivir

tranquilamente sen facer nada por cambiar esta situación. Que valores transmitirán aos fillos?

Na década dos 70 escribimos un pequeno párrafo da historia da Galiza no que figura con letras de ouro Moncho Reboiras. Abrimos camiño, empezamos a forxar ferramentas, pero aínda hoxe queda moito por facer; ben se sabe: os dereitos da nosa nación, o idioma, a xustiza social. Temos que reivindicar a verdade, como sempre fixemos; porque a verdade é revolucionaria (Lenin *dixit*), a verdade fronte a mentira continua nos medios de comunicación, nos políticos sen escrúpulos. Temos que loitar contra a corrupción, contra o imperialismo globalizador que destrúe o país e mais o planeta, contra o capital financeiro sempre sedento de riqueza a calquera prezo; temos que arrombar definitivamente a dereita rancia que gobernou nos anos 70 e que agora coloca os seus fillos para perpetuarse no poder. Non parece que sexa tempo de militancias sacrificadas pero o inimigo é poderoso e só se estamos preparados poderemos avanzar na consecución dunha patria liberada e xusta como soñaron os que nos precederon. ●



XOSÉ MOA CERDEIRA

- ▶ Pintada da UPG contra o Proxecto de Lei para a Reforma política que decorreu en decembro de 1976. A UPG defendeu a abstención na votación do referendo como forma de expresar a oposición a un réxime antigalego e antidemocrático, con presos políticos nas cadeas, e defendendo abertamente a alternativa da ruptura democrática na Galiza

As miñas lembranzas de Moncho Reboiras*

Corría abril de 1973 cando me fixen socio da Asociación Cultural de Vigo. Aínda non había un mes que rematara o servizo militar. Alí foi onde coñecín Moncho Reboiras Noia. Non tardou moito tempo para que nos fixésemos camaradas do Partido.

XOSÉ MOA CERDEIRA (Forcarei, Terra de Montes, 1949). Entrou na UPG a finais de 1973. Tras o golpe represivo de agosto de 1975 pasa á clandestinidade durante dous meses e posteriormente exiliase en Portugal. Pertenceu ao Comité Central e ao Comité Executivo da UPG. O seu traballo político teno realizado sobre todo no campo cultural e no ensino. Foi presidente da Asociación Cultural de Vigo.

No exilio en Portugal estiveron con el os seguintes membros da UPG: Carme Graña, Margarida Ledo, Ramón Muñiz, Elvira Souto, Xosé María G.^a Crego, Elsa Costas, Xoán Carlos Martínez, Fernando Souto e Concha Fernández.

* Texto orixinal do artigo publicado no libro *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70* en agosto de 2009.



© Fundación Terra e Tempo

Eu xa sabía da AC de Vigo desde o curso 1968/1969 e xa asistira a varias conferencias organizadas por esta Asociación, tanto no seu local social, como no doutras sociedades.

Cando tomei a decisión de entrar na Asociación Cultural de Vigo, eu xa tiña consciencia nacionalista desde bastantes anos atrás, por distintas lecturas, a influencia dalgún profesor e, sobre todo, polas miñas descubertas do País. Xosé María González Salgado, o meu amigo desde anos atrás, foi quen me propuxo que me asociase, como el mesmo fixera.

En pouco tempo, entramos en contacto con outros socios, algúns deles militantes ou simpatizantes da UPG. Para min, estes foron os primeiros contactos oficiais co nacionalismo, levando a que os meus sentimentos se fosen racionalizando e así, facéndome nacionalista plenamente consciente.

Rapidamente formamos un pequeno grupo e empezamos a colaborar, escribindo pequenos artigos e novas de interese nos boletíns internos. Deste modo, entrei en contacto con Moncho Reboiras e tamén con Manolo, o seu irmán. Aproveitando que non tiñan que levar Depósito Legal, escribíamos moitas cousas

que doutro xeito non era posíbel. Alí publicamos o himno galego, manifestando que só se cantan as catro primeiras estrofas, contas de libros e comentarios dos mesmos, pequenas entrevistas, noticias sobre o idioma, literatura, historia, poesías. Era o que chamábamos «facer política nacionalista». Todo estaba sen asinar, a non ser algo que se facía cun pseudónimo.

Alí publicou Moncho, en xullo de 1973, un poema titulado «Berra non», co pseudónimo de Ken Sabe, reproducido no caderno *Moncho, compañeiro*, que foi editado pola UPG en 1977 con motivo do

«O Moncho só aparecía polo noso local social de cando en vez, a facer traballo político, e nunca en actos públicos, por suposto»



Portada do primeiro número de *Irmandiño*, Voceiro do Frente Cultural Galego, xullo de 1973

II aniversario do seu asasinato e repartido no acto político de Imo arredor da súa tumba.

O certo é que o Moncho non paraba moito pola Asociación Cultural, pois estaba xa moi vixiado polas forzas represivas. A Asociación era, sen dúbida, unha referencia clara non só pola súa oposición á Ditadura, senón sobre todo pola súa posición nacionalista. O Moncho só aparecía polo noso local social de cando en vez, a facer traballo político, e nunca en actos públicos, por suposto.


Os contactos que eu tiña con el eran sobre todo polo traballo cultural. Ademais de vernos no local da AC na rúa López de Neira, quedabamos en distintos sitios, e tamén en reunións informais polas tabernas dos arredores de Vigo con outros compañeiros. En poucos meses foi inxente o traballo realizado, pois entramos en contacto con outras persoas coñecidas en centros culturais, xuvenís etc., que, ou ben pasaron a formar parte da Fronte Cultural Galego, que estaba xermolando, ou que se fixeron simpatizantes da mesma.

Comezouse a editar os boletíns en decembro de 1972. En xullo 1973 publicáronse dous. Nun destes

anunciábase a conferencia de Francisco Rodríguez baixo o título *Argumentos a favor das linguas non normalizadas*, relatorio ao que tratamos de dar a máxima publicidade posíbel. Este acto viña precedido da publicación do libro de Alonso Montero, unha das persoas máis coñecidas na Galiza do campo cultural do ‘españolismo’ do PCE, *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*, editado por Akal, nunha colección que el mesmo dirixía. O poeta nacional Manuel María, que militaba na UPG (como tamén Paco Rodríguez), fixo unha crítica do libro con todo o respecto, mais dura en *La Región* de Ourense, coido que nunha entrevista. Alonso Montero respondeu a esta crítica de Manuel María de maneira despectiva. O libro leva practicamente o mesmo título que o editado en Catalunya un ano antes, tamén en español, do que é autor Josep Melià, *Informe sobre la Lengua Catalana*, engadíndolle o de «dramático».

Como resposta, Francisco Rodríguez escribe unha crítica en *La Región* cunha análise na que, partindo de presupostos científicos, resulta moi novidosa e clarificadora sobre a problemática da nosa lingua. Con este ambiente creado, a conferencia vai

«A creación da Fronte Cultural Galega, decorrerá un domingo do verán de 1973, na vila de Noia, entre as que estaban Lois Diéguez e Moncho Reboiras»



ser un éxito rotundo. Acode moito público, tanto da vida cultural como política, entre eles o propio Alonso Montero. O conferenciante tratou temas importantes: «A Lingua e as linguas en xeral», «Necesidade de Normalización», e «Normalización ou morte?», entre outras, formando un discurso moi ben construído que desmonta totalmente as teses do autor do *Informe* sobre a «morte do galego». O coloquio foi polémico, mais clarificador polas intervencións. Tanto o exposto na conferencia como o artigo de *La Región* pasaría a formar a base do libro *Conflicto Lingüístico e Ideoloxía na Galiza*, do que é autor Francisco Rodríguez. O libro tivo unha grande importancia, tanto polo seu esclarecemento sobre a situación lingüística, como polas súas propostas. Transcorridos xa tantos anos, con todas as mudanzas políticas e sociais que se produciron, aínda segue a ser un libro moi útil –hoxe na súa cuarta edición, corrixida ortograficamente e con importantes engadidos, publicado na editorial Laiovento– porque o conflito lingüístico existe na nosa nación.

Durante os meses de xuño e xullo de 1973 leváronse a cabo en toda a nación discusións, debates


Portada da primeira edición de *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*, de Francisco Rodríguez, Edicións Xistral, 1976. Libro dedicado a Xosé María Brañas, Xan López Álvarez, Marisa Vázquez e Manolo Fernández, presos naquela altura na Coruña

e propostas sobre a cultura galega, que remataron coa creación da Fronte Cultural Galega, un domingo do verán do mesmo ano 1973, na vila de Noia á que acudiron persoas de toda a nación, entre as que estaban Lois Diéguez e Moncho Reboiras, que foi o impulsor. Eu non acudín por motivos persoais, mais participei en todo o proceso directamente. En Noia o que se fixo foi referendar practicamente a introdución e o programa, acordándose publicalo no *Irmandiño*, voceiro da Fronte Cultural Galega. Nel analízase a situación da Galiza: «como nación oprimida, asoballada e colonizada» e propónse: «unha cultura, científica, nacional e popular», facendo un chamamento para levalo a cabo. Por suposto, todo clandestinamente.

Publicouse outro número do *Irmandiño* no outono e leváronse pequenas accións de axitación e propaganda cultural. Mais a súa grande importancia foi a coordinación das Asociacións Culturais existentes na Galiza e a programación coordinada de actividades culturais, mantendo cada unha a súa autonomía. Como en tantas outras ocasións, foi Paco Rodríguez quen o promoveu e se encargou da súa dinamización.

Ao fundarse a AN-PG, pasou a ser a Fronte Cultural da AN-PG e, como tal, actuando practicamente mentres esta existiu.

A importancia que tivo a Asociación Cultural de Vigo durante toda a súa existencia para o nacionalismo en xeral, e para o Partido en particular, foi moi grande. Foi tan grande que posibelmente sexa difícil atopar algo que non se fixese nela, tanto no aspecto cultural como en calquera outra fronte do nacionalismo. Para dicilo brevemente, serviu para todo e de todo. Desde os primeiros tempos,



Cartaz –e autocolante– que se editaron de xeito masivo no ano 1976

organizáronse actos e actividades culturais moi diversas, que valeron para que a nosa cultura non só resistise, senón que fose avanzando paseniñamente en toda a cidade e a súa contorna, sempre adaptándose ás circunstancias de cada momento concreto.

Todos os seus presidentes, elixidos directamente nas Asembleas, militaron no nacionalismo popular e a maioría segue aínda a militar. De alí saíron cadros políticos e militantes para todos os sectores do nacionalismo. Desde 1972, cando se rompeu totalmente cos sectores do PCE, e durante toda a longa transición política no Estado español, foi cando tivo maior actividade cultural e eficacia política. De todos é sabido que a cultura galega desempeñou e segue a desempeñar un papel fundamental na loita do noso pobo pola súa liberación nacional e social. A AC de Vigo foi, sen lugar a dúbidas, das máis destacadas da nación.

Sería de grande interese que alguén estudase o papel das asociacións culturais, tanto da nación como da emigración, desde os anos 60 do século pasado, no desenvolvemento cultural e político do noso país, sobre todo con proxección de cara ao presente e ao futuro.

Foi despois das folgas de 1972 cando o nacionalismo galego, cun corpo teórico importante xa, comezou unha grande expansión nas clases populares galegas, coa creación de xermolos de organizacións dos diversos sectores sociais. O Partido empeza a incorporar militantes e cadros novos, sen desbotar aqueles que seguen a ser válidos para todo o traballo e necesidades a realizar.

Así, comezouse un traballo sindical nas distintas zonas do país, agrupando aqueles traballadores nacionalistas e simpatizantes, ao tempo que se editan órganos de expresión alí onde era posíbel para que servisen de catalizadores das súas inquedanzas e cun espallamento importante. Deste xeito, formáronse os xermes sindicais que deron lugar ao Sindicato Obreiro Galego (sog), do que Moncho foi o artífice principal. No agro creáronse as Comisións Labregas e así nos demais sectores: estudiantil; profesorado; mar; cultural etc.

Cando chegou o ano 1975 xa houbo un avance moi grande. Dadas as condicións políticas que se observan en todo o Estado español, e na Galiza en particular, a UPG promove a creación da AN-PG a

«Foi despois das folgas de 1972 cando o nacionalismo galego, cun corpo teórico importante xa, comezou unha grande expansión nas clases populares»

principios de 1975: o primeiro intento serio dunha fronte política nacionalista e con grande éxito durante os seguintes anos. A AN-PG vai acoller no seu seo todos os nacionalistas que, cuns principios mínimos, claramente antiimperialistas, o dereito de autodeterminación, o anticolonialismo etc., e organizativamente asemblaría están dispostos a militar nela. Máis tarde adheríronse todas as organizacións de base, sindicais, culturais, estudantis etc. O seu medre e actividade non tiveron parangón naqueles anos. Foi esta a forza política que case en exclusiva fixo fronte a todo o españolismo, cun programa e actuación rupturista. Os militantes do Partido estaban integrados nela a título individual, ao igual que os demais militantes.

Coincidindo coa transición política, déronse as loitas e mobilizacións máis importantes promovidas pola AN-PG en contra do sistema que nos impuxeron. Durante todo este tempo seguise elaborando polo nacionalismo popular galego unha gran parte da súa teoría política, contrastada e verificada coa práctica social e política.

Moncho Reboiras, coa súa corta vida, tronzada pola represión cando só tiña 25 anos, aínda foi quen de ver como o nacionalismo popular galego se dotou dos instrumentos necesarios, e coa súa inestimábel axuda para facer fronte ao imperialismo de toda caste para conseguir a liberación do pobo ao que entregou todo o seu esforzo.

Quixera resaltar que a última vez que vin Moncho foi nos primeiros meses de 1975 de xeito casual en Vigo, pois ambos os dous realizábamnos o noso traballo político en sectores diferentes.

Á raíz da súa morte, os corpos represivos lanzaron as súas gadoupas sobre o nacionalismo durante

varios meses que deron como resultado que moitos militantes se tivesen que agochar durante un tempo, bastantes levados ás comisarias e torturados, encarcerando un grupo deles na prisión da Coruña, pasando a Portugal, e outros ficando na Galiza na clandestinidade.

Coincidindo cos meses finais do franquismo, a represión estendeuse a todo o Estado, levándose a cabo varias sentenzas de morte o 27 de setembro.

No momento de empezar a baixar algo a represión na Galiza, mais aínda cunha grande intensidade no resto do Estado, tivo lugar un feito moi significativo que di moito dos seus protagonistas. O Padroado da Cultura Galega en Montevideo, que se destacou sempre pola súa axuda á nosa cultura, acordou realizar un busto de Castelao e doalo ao Concello de Rianxo. A realización do acto foi programada para o mes de setembro. Como neses días a represión na Galiza continuaba e cos sucesos acontecidos xa comentados, Bautista Álvarez, un dos fundadores da UPG e despois presidente, xunto con outros militantes sabedores pola prensa de que o acto ía levarse a cabo o día seguinte, tomaron a decisión de iren a Rianxo para trataren de que o representante do Padroado, militante nacionalista en Uruguai, suspendese o evento despois de pronunciar unhas palabras dando conta do que estaba sucedendo. Bautista, como dando exemplo do seu compromiso, prestouse voluntariamente para ir alí, co ánimo de falar co representante do Padroado, coñecido del, negándose este rotundamente a suspendelo ou a pospolarlo.

Continuando coa política que se iniciara a mediados dos anos 60 e que toma un grande impulso a partir dos anos 72-73, durante toda a transición, o nacionalismo representado, fundamentalmente



© Fundación Terra e Tempo

polas forzas políticas do Bloque Nacional Popular Galego (AN-PG e UPG) e as demais organizacións nacionalistas de base, desenvolveu na Galiza a loita pola ruptura política, defendendo o dereito de autodeterminación e as liberdades realmente democráticas do noso pobo, sen pactos de ningún tipo como fixeron as forzas españolistas, que foron as que levaron a cabo mediante a reforma pactada a actual constitución do Estado, que nega os dereitos do noso Pobo como tal. Enfrontouse a unha Autonomía emanada da propia Constitución que non

é máis que unha concesión para coutar a loita das clases populares galegas no seu camiño para conseguir a autodeterminación da Galiza.

Foi creando organizacións nacionalistas nos diferentes sectores, partindo do principio esencial da autoorganización. Así foron xurdindo a INC, primeira central sindical nacionalista galega, e que coas lóxicas adaptacións representa hoxe a CIG, o SLG e ERGA, entre outros.

No campo propiamente político, creouse en setembro de 1982 o BNG, tras conversas con colectivos

- ◀ As homenaxes diante do portal da rúa da Terra, en Ferrol, onde morreu asasinado Moncho Reboiras continuaron celebrándose de xeito ininterrompido convocadas pola Unión do Povo Galego e mantendo viva a chama da memoria. Bautista Álvarez, xusto diante do portal na foto, acudiu sempre que puido. Fotografía de mediados da década dos noventa

e persoas nacionalistas a partir da AN-PG e da UPG. Unha vez realizados os contactos e cos principios políticos, ideolóxicos e organizativos mínimos nos que se concordaba, fíxose unha autoconvocatoria para que acudisen todas as organizacións nacionalistas e colectivos que así o quixesen.

Así se foi desenvolvendo todo o proceso, desembocando coa Asemblea de Riazor na creación da fronte nacionalista.

A AN-PG, que até ese momento foi a fronte, realizou un plenario (Asemblea Nacional) na que se acordaron uns puntos mínimos que debería ter a nova Fronte. O mesmo día en que se fundou o BNG, disolveuse a AN-PG.

O BNG, que acolleu a maior parte do nacionalismo, desenvolveu desde entón un gran labor político, converténdose nunha forza con grande introdución social, facendo fronte a todas as políticas antinacionalistas, tanto económicas, como sociais que nos tratan de impor as forzas españolas, para que a nosa nación non desenvolva todas as potencialidades que ten e os dereitos que lle corresponden. Citemos como exemplos clarificadores a entrada no Mercado

«Visto con perspectiva o nacionalismo contemporáneo, desde os distintos ángulos posíbeis, é o froito recollido de todo o sementado antes»

Común, Maastricht, e por conseguinte a Unión Europea etc., que elas nos venden como un gran logro e progreso, cando é xusto todo o contrario.

É de resaltar por ilustrativo que, nun libro escrito conxuntamente por Francisco Rodríguez e Ramón L. Suevos, publicado en Edicións Xistral en 1978, antes de ser aprobada a Constitución Española, se escriben cousas como as seguintes: «Nós estamos en contra da integración no Mercado Común, xa que aumentaría a nosa dependencia e, por tanto, reforzaría a función colonial da Galiza. O Mercado Común é un produto dos monopolios. Politicamente é, pois, unha alternativa imperialista. Económica-mente, vai reforzar o desenvolvemento industrial do cuadrante nordeste da Península (incluído Madrid) fronte ao resto». Como se pode comprobar, estes feitos foron confirmados co percorrer dos anos.

Esta foi a postura que mantivo e mantén a UPG durante toda a súa historia e que coincide coa do BNG con certos matices.


Visto con perspectiva o nacionalismo contemporáneo desde os distintos ángulos posíbeis é o froito recollido de todo o sementado antes, con moito esforzo e traballo, de todos os que participaron e participan para alcanzar os obxectivos que nos fomos marcando nas distintas etapas e, en concreto, nos principios políticos e ideolóxicos do BNG.

É grande o labor realizado, mais temos que seguir facendo fronte a todos os atrancos que temos e que nos van seguir a pór, con todas as forzas das que dispoñamos.

Avanzar organizativamente, fortalecernos ideoloxicamente e pórnos como reto principal o avance dos movementos sociais, sobre todo os nacionalistas, como fixemos case sempre. ●

Fotografías cedidas
por Manuel Reboiras Noia

Moncho Reboiras. Unha fotobiografía



Moncho Reboiras
en 1967. Foto
de instituto

Moncho e Manuel Reboiras
en Vilagarcía, 1952



Generosa Noia, Moncho e Manuel
Reboiras en Vilagarcía, 1954



Moncho Reboiras en Imo (Dodro), no curso 1955-56

Moncho Reboiras na Coruña, 1955



Moncho e Manuel Reboiras coa nai, Generosa Noia, na rúa do Príncipe (Vigo), en 1963



Moncho e Manuel Reboiras en Imo (Dodro), en 1955



Manuel Reboiras (xogando) e Moncho, á súa dereita, no bar Noia da familia, en Vigo, en decembro de 1963

Manuel e Moncho Reboiras coa nai, Generosa Noia, no bar Noia no barrio de Teis (Vigo), en 1963



Moncho e Manuel Reboiras, con compañeiros da academia, no faro de Domaio (Moaña), en 1964

Manuel e Moncho Reboiras na Guía (Vigo), en 1965



Moncho Reboiras na casa da familia en Teis (Vigo), 1966



Manuel e Moncho Reboiras na casa familiar en Teis (Vigo), en 1970





Manuel e Moncho Reboiras
no Monte da Guía (Vigo) en 1970



Moncho Reboiras co Pai Seixas en Vigo, en 1970

Moncho Reboiras en
Herbón (Padrón) en 1970

Moncho (segundo pola esquerda na fila superior) e Manuel Reboiras nas festas de Santo Outel, no Piñeiro, na parroquia de Buxán (Rois), en 1970



Manuel e Moncho Reboiras en Buxán (Rois), en 1970

Moncho Reboiras no xardín botánico de Padrón, aos pés da estatua de Macías o Namorado, en 1970



Ovidio Álvarez e Moncho Reboiras no xardín botánico de Padrón en 1970



Moncho Reboiras, Xosé Ramón Lema, Ovidio Álvarez e Darío Xohán Cabana, diante da casa de Rosalía de Castro, en Padrón, no ano 1970

Foto da mili no 2.º campamento en Talarn (Lleida), no verán de 1971. Moncho, aniñado, 2.º pola esquerda



Moncho Reboiras con Jei Noguero e Toño García na Praza de Abastos de Compostela, en 1971



Moncho Reboiras en Fufelo, na parroquia de Buxán (Rois), en 1970. Fotografía realizada por Manuel Reboiras



DARÍO XOHÁN CABANA

Ferrol 75: Xosé Ramón Reboiras Noia

[1976]



© Xan Carballa

Dario Xoán Cabana recitando no cemiterio de Imo (Dodro), no ano 1978, na homenaxe organizada pola UPG a Moncho Reboiras

A nosa herdanza foi unha patria en silencio
e un camiño espantoso de emigración e pranto.
Nós non víramos nada do que secara os ollos
dos nosos pais de terra forzosamente mansos.

Pero si sabiamos que houbera altas moreas
de mortos axexando no comezo da historia,
e chegamos tamén a saber da esperanza
por algunhas palabras ditas en voz moi baixa.

E algúns de nós osmamos un camiño difícil,
e houbo renunciamentos e traizóns, porque o medo
foi parte non vencida da nosa triste herdanza.

Pero Moncho Reboiras e outros máis que non digo
afrontaron a morte con impávida fronte
pra que nós coñecésemos o sabor da vergonza.

II

Altas horas da noite a conspiración acendíase
coma un verme de luz clandestina agachado
no corazón ardente de Xosé Ramón Reboiras,
no corazón ardente das persoas ergueitas
coma carballo e xungo estremecidos ó vento
revolucionario de Galicia. A delación era
unha noxenta alimacha, un esgarro verdoso
na faciana da patria colonizada e vendida.
Altas horas da noite chegou a xeadada,
a devastación, a praga grisalla, o andazo mortal.
E Moncho Reboiras Noia, corazón de carballo e de xungo,
apreixou a pistola coa man e dispúxose á morte.
E caeu Moncho Reboiras Noia, camarada sen tacha,
e sobreviviu e medrou a conspiración,
e medra e leveda sobre o sangue vermello,
sangue da unión do pobo galego,
semente froital da alborada que ha vir.

III

A luz dos irmandiños nos teus ollos,
nos teus puños a ira secular,
a semente da patria nos teus pasos
e no teu peito o lume do vulcán.

IV

Porque Galicia era unha tarefa de todos,
urxentísima e leda e necesariamente mortal,
caeu Moncho Reboiras.

Porque o capital invasor e os sicarios do medo
expulsaban o pobo das súas posicións ancestrais,
e porque o corvo da emigración arrincaba os ollos da patria,
caeu Moncho Reboiras.

Porque os avoitres do imperialismo voaban sobre o moribundo corpo de Galicia,
case cadáver, golem estigmatizado,
porque a guerra nunca remata mentres o pobo non é vencido totalmente,
caeu Moncho Reboiras.

Porque era preciso erguer unha bandeira en cada corazón
de cada home e de cada muller dos traballadores de Galicia,
porque había que facer florear rosas vermellas en todas as mans traballadoras de Galicia,
caeu Moncho Reboiras.

Porque era xusto e necesario acender unha cacharela vermella
en cada picato e en cada outeiro e en cada penedo da patria
para avisar a hora da liberación,
caeu Moncho Reboiras.

Caeu Moncho Reboiras
e foi a sementeira
de espirais e de fouces
sobre os campos da terra,
e de estrelas no ceo,
cintilantes, vermellas.
Toda a nosa esperanza
ten nome de assemblea,
e non virán de fóra
outros nomes ou letras
de nova escravitude
pra esta patria galega.
Ergueremos os puños
callados de bandeiras,
e o sangue de Reboiras
é unha estrela vermella.
Compañeiro caído,
faremos desta terra
unha patria soñada,
popular, libre, ergueita
sobre os anos do espanto,
sobre as vidas tolleitas.

Botaremos pra fóra
as bestas carniceiras.
Virán as anduriñas
na nova primavera,
e ondearán ó vento
ceibe as nosas bandeiras.
Será a nosa nación
unha ledisma festa
de traballo común
nas nosas propias leiras.
E ha de chegar o día
de escribir nas estrelas
o teu nome lembrado
que fala de colleitas,
camarada Reboiras,
soldado desta terra.

VI

Quen outra vez escoitara
a túa palabra clara,
meu amigo.

Quen outra vez contemplara
a túa mirada clara,
meu amigo.

Paso a paso marchando
 nos camiños da patria,
 levamos na memoria
 as alegres palabras
 que Reboiras dicía
 cando entre nós andaba.
 Polos campos labrados,
 polos peiraos e as fábricas,
 sementamos as verbas
 do noso camarada.
 Ouh aquela canción
 de vida e de esperanza,
 ouh aquelas sorrisas
 amigosas e cálidas,
 ouh aquelas mans duras
 no traballo forxadas,
 afeitadas a colleren
 ferramentas e armas.
 Terras do Val de Lemos
 humildes e onduladas
 que o mirastes pasar
 ó noso camarada,
 rúas pinas de Vigo,
 de Cangas, de Moaña,
 casas traballadoras
 que lle destes pousada,
 dicídeme se non
 queda a sombra cravada
 nos carballos, nas lousas,

nas paredes das casas,
 se non queda a súa vida
 inmóbil na lembranza
 dos barcos, dos peiraos,
 das palleiras, das fábricas.
 Anchos campos da terra,
 común e doce patria,
 dicídeme que a morte
 do noso camarada
 é pedra de futuro,
 cemento de alborada,
 roxa estrela, martelo,
 fouce, bandeira, cántiga,
 dicídeme que o vento
 trae as súas palabras,
 que o seu corpo baril
 pervive nas montañas,
 que non morreu Reboiras,
 que está sempre na patria
 contido na conciencia
 do pobo que levanta
 formacións de combate,
 razóns de barricadas.
 Dicídeme, congostras,
 vales, chairas, montañas,
 que está con nós pra sempre
 cravado na lembranza
 o capitán do pobo,
 o altivo camarada.



LOIS DIÉGUEZ

Compañeiro Moncho

12 de agosto de 1977



© Xan Carballa

Lois Diéguez recitando no cemiterio de Imo (Dodro), no ano 1977, na homenaxe organizada pola UPG a Moncho Reboiras

Que palabras poden explicar a túa ausencia,
compañeiro.

Que palabras, meu capitán,
poden chorar o asasinato
que nos deixou espidos fronte
ás mans ensanguentadas
dos fillos do Tío Sam.

As paisaxes silenciosas
quéimanse hoxe na luz esmorecida
deste agosto ardente.

Aldeas tristes
tecen flores murchas cando a túa chamada
percorre as corredoiras
nas pombas-octavilla
que as mans dos que te choran
deixaron pola noite.

Que forza vai ter a palabra
despois da noite da metralla
a buscar
o teu sensíbel corazón de auroras
e rostros luminosos.

Como hai que traballar a palabra, agora,
amigo dos sotos e das penas,
a nosa voz de pregos e feridas,
o noso idioma metrallado
que ti erguiches co orgullo
que dá a consciencia do ser,
nunha bandeira.

Como hai que traballar a palabra,
dime, Irmandiño deste novo tempo,
para convocar
os homes e mulleres que deron o sangue
pola Patria,
polo pan,
polo amencer de luz que vence o medo.
Como hai que blindala, compañeiro,
para que non nola envelenen as arañas
ou se bote nas maseiras dos imperialistas
e vendidos.

Na noite violada arderon as ás
das bolboretas traizoadas.
Chegaban urros de labregos
cando as badaladas de lume
calcinaban as súas airas.
As sombras da noite cravaban gadañas frías
nos lousados de Ferrol.
E ti, meu capitán,
corrías
aceirando o xardín madurecido
do teu peito.
Ían os fascistas na procura,
ouveando como os cás
de todos os imperios afrontados.

Mozos galegos ficaban no peirao,
na praza pública, a expoñer o seu corpo
como escravos
ao capital de cada día.
Non te ouvían, atarefados eles
na poxa das súas vidas.
Non podían.

Como un anxo negro
alancaba o silencio polas rúas
e nos teus ollos cerrábase
o pranto dos desposuídos.
O lume de agosto chovía en carambos
como unha despedida de foguetes brancos.
Xa te acollía o portal da casa popular,
a porta feminina que te protexía.
A noite bradou baixo as pistolas asasinas.

Mariñeiros navegaban lonxe
o furacán e a onda.
Non viría o peixe pola amañecida.

A cidade, Xosé Ramón Reboiras,
estremeceuse co eco dos disparos
que alumearon
o tráxico portal
no que caíches.
Ouh, caravel ensanguentado.
Ouh Castelao, ouh Roi Xordo, os de Nebra e Sofán...
encollidos no silencio da ruína.
Ouh Ferrol, Ferrol,
remo e martelo e zafra,
sangue derramado de
Amador e Daniel,
aínda onte,
 aínda onte,
 onte.

Nos campos verdes da Galiza
colleitaremos mañá
os vermellos caraveis
dun novo tempo de fachenda
e valentía.

A estrela roxa garda a túa Galiza,
meu capitán,
capitán dos Irmandiños de hoxe,
e escintila potente e cegadora
espallando o seu lume de
LI-
 BE-
 RA-
 CION
por todos os currunchos
desta Patria Nova e Popular
que seguimos a luír coa convicción.
Pensando en ti.
Pensando en ti.



X. L. MÉNDEZ FERRÍN

Reclamo a libertade pró meu pobo

(Con pólvora e magnolias, 1976)

No vento de mazán que se desfraga
nos cons e pedregullo solar
de cabo de Home e Punta do Cabalo de Fora
reclamo a liberdade pró meu pobo.

No meniño que dorme
no edredón dos teus ollos
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nas vellas mans agrarias,
nas loias amorosas dos estíos
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos bicos acedísimos e tenros
dos meus fillos inmensos
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos sangues artesáns que teño ardendo
en cada dedo meu;
nos finos labradores que aparecen agora no papel
levando chapeos pardos, panos de seda e zocas remontadas
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos crepúsculos de anís
nos que se erixe a familia naval de Manoel Antonio
e pon, de arca e couso, pequeniños
lumes azuis e brancos de San Telmo
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Na anguria de arandela que te cerca,
nos marcos, portas, fechos, nos durísimos e sen luz
arames, non me torzo e
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos tépedos infernos da túa boca, ferida
de comunión ao sol e ao viño máis adentro,
diapasón de verdade de pantrigoe
cumio do cabazo e da alborada boa
reclamo a libertade pró meu pobo.

Na cizaña, composición, feitura, debuxo ruín
de cada cerimonia de convenio colectivo
cegando o noso fogo metalúrxico
reclamo a libertade pró meu pobo.

Nunha nena de seis anos que naceu en Basilea
cantou pra min a Internacional en idioma galego e non
puiden rete-lo pranto e foi en mil novecentos
setenta e catro, e por ela
reclamo a libertade pró meu pobo.

Nas muradellas de couselo e da violeta,
nas fonduras da carriza e dos fentos,
nos castros, calzadas e viviros
(pedra do alén) pra sempre abandonados
reclamo a libertade pró meu pobo.

Nos camiños fechados, nos abertos,
nos que levan ás casas dos homes nosos de cada día,
nos transportes por ferrocarril,
nos irmáns que gobernan as máquinas do mar
e os cameóns na alta noite,
reclamo a libertade pró meu pobo.

Na fogueira de Londonderry, en cada palabra,
en cada palabra do noso tío Ho Chi Minh, coma un ouriol
enchendo a tarde de lus nacionalista e líquidos
reclamo a libertade pró meu pobo.

Na sindical reconstrucción diaria
de cada cousa rompida e volta a endereitar,
na unión mínima dos homes darredor dun problema sórdido,
en cada petición en grupo,
en cada contubernio de mans dadas,
reclamo a libertade pró meu pobo.

Na casa dos meus avós arrecendente
a sí propia, singular no mundo;
nos cabalos da serra e nos mineiros
de Lousame aquil vinte de Santiago,
reclamo a libertade pró meu pobo.

No estremecido urro das marés en guerra,
no arruallo do amor e na rapaza
perdida sen que fora nunca nosa
reclamo a liberdade pró meu pobo.

No comer e no beberen
torno á ola da camaradaxe,
no sagro segredo en torno á pérola de lus clandestina,
no medo e na teimosa retesía en torno ao adverso
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos loitadores de xofre e lume acedo,
nos difuntos endexamais vencidos,
nos que virán e son aínda lene bris e vos de melro
e portarán o ferro e darán a morte crara
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos ríos, nas folgas, nas romaxes,
nas protestas nos muros, nos escritos,
nas gaitas, nas areas de Espasante acaso
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos emigrados, nos perdidos, nos presos, nos esplotados,
nos que contemplan o devalar das augas
sen fín, nos que confían no meu partido (tuba de despertar
ou camiño que nunca se desanda),
nos que combaten e han de se-lo lóstrego
achaiador, neles poño a miña língoa e descanso os meus ollos
e reclamo a liberdade pró meu pobo.
e reclamo a liberdade pró meu pobo.



MANUEL MARÍA

Poema/homenaxe a Xosé Ramón Reboiras Noia

(Do libro Poemas para construír unha Patria, 1977)

XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOIA,
amigo, camarada, estrela
vermella-azul-branca no mencer
prometedor da nosa patria,
heroe en tempo de traizón,
corrupción/covardía,
martelo
proletario,
remo
con saibo a sal e iodo;
fouce labrega/vingadora;
espiral que vén dendes do
fondo do tempo para abrirse
en claridade e futuro.

Ti eres
a pedra=mestra para
re-EDIFICAR a nosa casa.
Puideron segarche a vida,
¡ouh, Moncho, meu irmao!,
a – se – si – nar – te.
O que eles non puideron,
nin poderán endexamaís,
é arrincar/esmagar a
semente que deixache
esparexida no corazón
do pobo,
na vixiante
concencia colectiva
e que
xa está a agromar en
patria-ceibe/socialista.
Esta é, ¡ouh, camarada,
amigo e irmao
i
nes
quen
cí
bel!
a túa vin-gan-za,
a nosa
vinganza i-ne-xo-rá-bel.

Cómic realizado por Tokio (Alfredo López Fernández). Este autor publica humor gráfico e banda deseñada en xornais e revistas desde os anos oitenta. Licenciado en Ciencias Biolóxicas, traballou como investigador e tamén como ilustrador profesional no ámbito científico e naturalista. Entre as súas novelas gráficas destacamos *Cabana de Balieiros* e *A causa do crime*. O traballo sobre Reboiras empregouse para divulgar os actos de homenaxe o 12 de agosto de 2013.

Este cómic sobre Reboiras editouse para divulgar os actos de homenaxe convocados pola UPG o 12 de agosto de 2013.



NACÍN EN IWO, DODRO, NO MESMO MES DO ANO EN QUE MORREU CASTELAO. CON 9 ANOS FUN COS MEUS PAIS, JOSÉ E GENEROSA E O MEU IRMÁN MANUEL PARA TEIS, EN VIGO, ONDE ABRIRON O BAR NOIA, COÑECÍANME COMO "PEPE".



O 25 DE XULLO DE 1964 FÚNDASE A UNIÓN DO POVO GALEGO (UPG), NA ROCHA, EN COMPOSTELA.

A MEDIADOS DOS SESENTA COÑECÍN PADRE SEIXAS, QUE DINAMIZABA A ASOCIACIÓN O CASTRO DO BARRIO E CON QUEN VIAXEI POR GALIZA EN ENCONTROS PARROQUIAIS



NESAS XUNTANZAS TOMA CONSCIENCIA DA SITUACIÓN SOCIOPOLÍTICA DA GALIZA. XUNTO CO SEU IRMÁN INTÉGRASE NA UPG NO ANO 1969.

LOGO COMEZO A COLABORAR COA ASOCIACIÓN CULTURAL DE VIGO, ENTIDADE QUE SE CONVERTERÁ EN PUNTO DE ENCONTRO DO NACIONALISMO NA CIDADE



O OBXECTIVO DA UPG NOS COMEZOS DOS SETENTA ERA PROMOVER A AUTO-ORGANIZACIÓN DO POVO GALEGO....

ESTUDO NA ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL DE VIGO E DESPOIS ENTRO EN BARRERAS GRAZAS A LINHA BOLSA



...TANTO A NIVEL POLÍTICO, SINDICAL, CULTURAL, VECINAL COMO NO AGRO, NOS CENTROS DE ENSINO OU NAS FÁBRICAS...

ALÍ ERA PROFESOR XAIME ILLA COUTO, QUE FOI EXPEDIENTADO, POLO QUE ORGANIZAMOS ACTOS DE SOLIDARIEDADE NO CENTRO



...LOGRANDO INCIDIR PARTICULARMENTE NO SEO DA CLASE OBREIRA GALEGA.

GOSTABA DE LER, APROVEITABA CADA MOMENTO PARA DEVORAR LIBROS



O ESPÍRITO QUE MOVÍA MOZOS E MOZAS COMO REBOIRAS SIGNIFICABA A ECLOSIÓN PRÁCTICA, CONTRA A REPRÉSIN E A CENSURA SOPORTADA POLO POVO GALEGO, SIGNIFICABA



....A CONSCIENCIA DE SERMOS GALEGOS DE NACIÓN.....



SEMPRE SENTÍN O PERIGO, COMA LINHA AMEAZA, SENDO CONSCIENTE DA SÚA DIMENSION REAL....



NESTES ANOS TRATAMOS DE ARTELLAR TODO TIPO DE ORGANIZACIÓNS DE MASAS PARA O NACIONALISMO GALEGO

REBOIRAS PREPARA A REUNIÓN DO FRENTE CULTURAL, VERÁN DE 1973, NA IGREXA DE SAN MARTIÑO DE NOIA, Á QUE ASISTEN REPRESENTANTES DAS ENTIDADES CULTURAS DO PAÍS.



TRAS SER EXPEDIENTADO EN BARRERAS, ENTRO EN ÁLVAREZ, LOGO EN INTELSA E ISOLUX... SEMPRE CO OBJECTIVO DE CREAR XERMES SINDICAIS NO SEO DAS EMPRESAS

1972, LOITAS OBRERAS EN FERROL E VIGO. REBOIRAS ESTABECE EN VIGO RELACIÓNS SÓLIDAS COS REFERENTES SINDICAIS PARA ACHEGALOS AO PARTIDO.



ENCOMÉNDANME O TRABALLO DE LIBERADO NA CLANDESTINIDADE

ERA LINHA PERSOA SERIA, OBSERVADORA MÁIS QUE FALADORA, SEMPRE CUN MEDIO SORRISO NOS BEIZOS. CABELO CRECHO, OLLAR INTENSO, VESTIR MODESTO.



OS DISFRACES E O MELI 600 FORON FERRAMENTAS ESENCIAIS NO LABOR POLÍTICO E ORGANIZATIVO

NAS CÉLULAS CREADAS NAS EMPRESAS DÁBASE INFORMACIÓ, FORMACIÓ E PRESTÁBASE ATENCIÓ AO TRABALLO PROSELITISTA.



A EXPANSIÓ DO PARTIDO E DO NACIONALISMO COLLÍA FORZA, AS NECESIDADES DE TERMO UN SÓLIDO APARATO DE PROPAGANDA MEDRAN. A POLICÍA XA NOS TEN NO SEU PUNTO DE MIRA

INTÉGRASE NO COMITÉ CENTRAL E NO COMITÉ EXECUTIVO DA LIPG. DEL DEPENDERÁ UN GRUPO DE MILITANTES QUE ATENDERÁ AS NECESIDADES DE FINANCIAMENTO E INFRAESTRUTURA.



DEPOIS DUNHA ACCIÓ EN ESCAIRÓN FLUXIN CARA A PORTUGAL CRUZANDO O MIÑO A FINAIS DE 1974

CHEGOU AO PORTO GRAZAS AO TRABALLO DESPREGADO POLA DELEGACIÓ LUSA DO PARTIDO E COA AXUDA DO NOVO GOBERNO REVOLUCIONARIO SAÍDO DO 25 DE ABRIL.



ASISTÍN A XUNTANZAS CON MEMBROS DE ORGANIZACIÓNS VASCAS E CATALÁS PARA CONTRASTAR A NOSA ANÁLISE SOBRE A FIN DA DITADURA E O FUTURO QUE SE ABRÍA

A LIPG PROPUNHA LINHA DE ACTUACIÓ FRONTE AO RÉXIME FASCISTA: AXITACIÓ, MOBILIZACIÓ ORGANIZACIÓ E ENFRONTAMENTO.

E A FRENTE OBREIRA DA LIPGG?, POIS TODOS OS CONTACTOS E XERMES SINDICAIS DERON PÉ Á RELIÑIÓN CONSTITUINTE NA PRIMAVERA DE 1973 EN PONTEVEA, AO PÉ DO ULLA.



FOI COALITOR DUN TEXTO PARA A ORGANIZACIÓN DOS TRABALLADORES, BASE TEÓRICA PARA A CREACIÓN NO 1975, DO SINDICATO OBREIRO GALEGO (SOG), ANTECEDENTE DA INTERSINDICAL NACIONAL GALEGA (ING).

NO CURSO 1974/1975, ORGANIZAMOS LINHA CÉLULA NO INSTITUTO AGRA DO ORZÁN DA CORUÑA. ERGA COMEZABA A COLLER FORZA NOS CENTROS DE ENSINO!



A DETERMINACIÓN QUE PONÍA EN TODO O SEU FACER ERA O QUE MÁIS ENGAIOLABA AOS SEUS ACHEGADOS. NON ERA UN DESTEMIDO, MAIS ERA UN HOME DE CORAXE, DE VONTADE, DE MAGNIMIDADE.

VOCES E UNIFORMES, FOI O CLARO INDICIO DE QUE ESTABAMOS RODEADOS. TRATAMOS DE SAÍR COMO PUIDEMOS E SEPARARNOS, SÓ SABÍAN DE MIN, ASÍ QUE CENTREI A ATENCIÓN POLICIAL.



A FRUSTRACIÓN DA POLICÍA FOI PATENTE AO REXISTRAR O PISO E COMPROBAR QUE O OBTXETIVO FUXIRA DIANTE DOS SEUS FOCIÑOS A PESAR DO FERREO CERCO ESTABLECIDO. TIÑAN QUE ATOPAR ALGO!



MEUS PAIS,
...MANUEL.....
OS CAMARADAS...
GALIZA....

A VIDA
VAISEME.....
MAIS.....

....A LOITA DEBE
CONTINUAR.....

10/10 013

Daniel Celester
Lidia Veiga
Daniel Prieto
Carlota Mosquera
Sergio Alfonso

Interveñen

Nemésio Barxa
Maribel Boubeta
Xosé María Brañas
Darío Xohán Cabana
Marisa Canto
Xesús Chaves
Manuel Fernández
Saleta Goi
Xosé González
Inácio Hernando
Margarita Ledo
Xosé Lois Ledo
Xoán López
Álex Martínez
Lita Martínez
Xaquín Méndez
Xosé Luis M. Ferrín
Manuel Mera
Xosé Moa
Xosé Manuel Pavón
Luís P. Rivas
Manuel Reboiras
Luz Rei
Lois Ríos
Francisco Rodríguez
Xesús Sanxuás
Xesús Seixo
Elvira Souto
Marisa Vázquez

Guión e dirección **Alberte Mera**
Dirección de fotografía **Jose Aragunde**
Dirección de produción **Irene Pin**
Produción executiva **Roberto Vilameá**
Son **Adrián Porima**
Dirección de arte **Samuel Lema**
Axudante de dirección **Irene Pin**
Edición **Alberte Mera e Jose Aragunde**
Vestuario **Antía Insua**
Produción **Tamara Andrés**
Música **Álex Salgueiro e Marcos Paino**
Cámara **Juan Barcia**
Maquillaxe **Sonia Balado**
Etalonaxe **Laboratorio Numax**

Unha produción da

Fundación

**TERRA E
TEMPO**

de Estudos Nacionalistas



Filme cofinanciado por:





Un filme de Alberte Mera

REBOIRAS

ACCIÓN E CORAZÓN

O filme



1



2



3

- 1 Imo, o lugar natal de Moncho Reboiras, acolleu a preestrea do filme a 8 de agosto de 2020, nun acto especial organizado en colaboración co Concello de Dodro e ao que acudiu veciñanza e a familia Reboiras PAULA CERMEÑO
- 2 O filme estreouse en Duplex Cinema (Ferrol) a 12 de agosto de 2020. Na primeira fila, de esquerda a dereita: Daniel Celester e Daniel Prieto (intérpretes), Jose Aragunde (director de fotografía), Alberte Mera (director e guonista), Antía Insua (xefa de vestiario) e Néstor Rego (secretario xeral da UPG) ARXINA

- 3 Daniel Celester, Alberte Mera e Manuel Reboiras na exhibición do filme no IX Festival Primavera do Cine en Vigo, o 18 de setembro de 2020 PAULA CERMEÑO
- 4 Fotograma 1: Lois Ríos (Daniel Prieto), Moncho Reboiras (Daniel Celester) e Elvira Souto (Lidia Veiga), no piso de Ferrol
- 5 Fotograma 2: Maribel Boubeta (Carlota Mosquera) axuda Moncho Reboiras (Daniel Celester) a mudar a aparencia física
- 6 Fotograma 3: Elvira Souto (Lidia Veiga) olla a chegada da policía





7 Xornada de traballo en Teo. De esquerda a dereita: Ramón López-Suevos, Roberto Vilameá (produtor executivo), Elvira Souto (protagonista e entrevistada), Marcos Paino (compositor), Alberte Mera (director e guionista), Lois Ríos (protagonista e entrevistado), Irene Pin (axudante de dirección e directora de produción), Jose Aragunde (director de fotografía)

8 Entrevista a Luís Pérez Rivas en Moaña
 9 A actriz Carlota Mosquera e os actores Daniel Celester e Sergio Alfonso, na rodaxe
 10 O actor Sergio Alfonso, na rodaxe
 11 Adrián Porima e Juan Barcia (son e cámara)
 12 Recreación do piso de Ferrol en que se atopaban Moncho Reboiras, Elvira Souto e Lois Ríos en agosto de 1975





13



14



15

- 13 A script, Soraya Vilela, e Alberte Mera
- 14 A xefa de maquillaxe, Sonia Balado, con Daniel Celester
- 15 O actor Daniel Prieto, Alberte Mera, o director de arte, Samuel Lema, e Daniel Celester na rodaxe
- 16 Os voceiros Xerme, Alento e Galego!
- 17 A actriz Lidia Veiga, na rodaxe
- 18 Publicación *Terra e Tempo* de agosto de 1975
- 19 Jose Aragunde, Alberte Mera, Soraya Vilela e Irene Pin
- 20 Carlota Mosquera e Daniel Celester
- 21 Daniel Celester, segundos antes de comezar a rodaxe dunha secuencia



16





22



23



24

- 22 A coordinadora de produción, Tamara Andrés
- 23 Vehículos dos anos 70 na rodaxe
- 24 Jose Aragunde, André Abal (axudante de produción), Juan Barcia (cámara), Alberte Mera e Irene Pin
- 25 Alberte Mera e Juan Barcia, na secuencia da fuxida
- 26 Irene Pin, directora de produción e axudante de dirección
- 27 O actor Daniel Celester na filmación dunha secuencia
- 28 Adrián Porima (son), Juan Barcia e Daniel Celester
- 29 Ensaio das secuencias finais
- 30 Preparación dunha secuencia inspirada nunha foto de Moncho Reboiras tomada na Praza de Abastos de Santiago, en 1971



25



26



27



28



29



30

Entrevistas



Manuel Reboiras



Nemésio Barxa



Maribel Boubeta



Xosé María Brañas



Darío Xohán Cabana



Marisa Canto



Xesús Chaves



Manuel Fernández



Saleta Goi



Xosé González



Inácio Hernando



Margarita Ledo



Xosé Lois Ledo



Xoán López



Álex Martínez



Lita Martínez



Xaquín Méndez



Xosé Luis M. Ferrín



Manuel Mera



Xosé Moa



Xosé Manuel Pavón



Luís P. Rivas



Luz Rei



Lois Ríos



Francisco Rodríguez



Xesús Sanxuás



Xesús Seixo



Elvira Souto



Marisa Vázquez

EFECTO

PONTEVEDRA POLO FUTURO DO PLANETA

PQ₂

**10.000
PASOS**

USA A TÚA PROPIA ENERXÍA, MÓVETE

-CO₂ +PO₂



Peonalización e calmado do tráfico
Redución e compostaxe dos residuos
Saúde pública



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

#Ti tes a chave



**BUSCAMOS FAMILIAS
E PERSOAS CONCIENCIADAS**

para participar neste
novidoso programa
de reciclaxe de
residuos orgánicos.
Se che preocupa
o futuro do planeta.

Súmate ao 
VOLUNTARIADO MARRÓN

APÚNTATE!
981 75 49 17
www.carballolimpo.com
 @carballolimpo

MOVIMENTO POPULAR DA CANCIÓN GALEGA



Cartaz deseñado por Fiz Valcárcel. 1975

CANTIGA DO AMOR FENDIDO

Meu amor, o vento da noite,
meu amor, un laio no ar,
meu amor, o sangue nos beizos,
meu amor, un corpo no chan.

Meu amor, a morte nos ollos,
meu amor, a rabea nas mans,
meu amor, o pobo desperta,
meu amor o abrente virá.

Texto e música: Antón Seoane*

* «Cantiga do amor fendido» é unha daquelas cancións, dos tempos de soños e de símbolos. Seguímolos precisando. Moncho Reboiras, inspiración dunha canción, estrañamente de amor. Pilocha, Rodrigo mais eu, cantámola Galicia adiante. Cómpre rematar o camiño.



Na memoria de
Bautista Álvarez

